En un lapso de tiempo, no mayor de quince días, habilitó mi padre, tres amplios departamentos; y, a ellos, fuimos a vivir, todos los miembros de la familia. Y, a finales de enero, del siguiente año, cinco peones de nuestra aldea y otros cinco, de parroquias aledañas, comenzaron el derrumbe, desde los techos a los cimientos, de la centenaria residencia, de piedra y barro.

La infancia

En el entorno y los quehaceres, de mi empobrecida aldea, transcurrieron los primeros siete años, de mi existencia. Yo no era un niño bueno y, mucho menos, un modelo de buena conducta o de buen comportamiento. Sencillamente, era un chicuelo, sensible a las injusticias; inquieto, sentimental.

Cuando tenía los cinco años, consideré que era más óptimo, cabalgar sobre carneros padreadores, que sobre los costillares de nuestra yegua castaña. Una vecina de mi aldea, testigo de esos hechos, me acusó ante mi madre y, ésta, me propinó tremenda tunda, de manotazos.

A sabiendas de que doña Generosa, había sido la delatora, vacié todos mis bolsillos, llenos de piedras, sobre el tejado, de su residencia humilde. Y, enterada mi madre, de mi actitud aviesa, de nuevo, molió mis caderas, a manotazos. A raíz de esa tremenda monda, perdí el conocimiento; volví en mí, observando a mi abuela y a su sobrina, mi madre, llorando por mí, clamando así: “¡ay Manueliño, Manueliño, non te morras, Manueliño, volve en ti, corazonciño...!”

En el entorno de mis pocos años, yo actuaba así, reaccionaba de ese modo, ante lo que creía injusto y... abusivo.

Malamente, recuerdo una triste escena, cuando tenía, los cuatro años. Una niña, muy pobre, hija de madre soltera y abandonada por ésta, quedó al cuidado de dos ancianos, que la atendían. En un descuido de éstos, cayó al pozo, pereciendo ahogada, entre sus aguas profundas. El anciano desvalido, creyéndola con vida, se deslizó por la roldana; mas, era ya tarde. Imposibilitado de subir, el pobre viejo, clamando, desde lo profundo, pedía auxilio. Agarrado de la soga trajeron al octogenario, trayendo entre sus brazos el cadáver de la niña. El rostro inerte de aquella desventurada criatura, las exclamaciones del anciano pidiendo ayuda, desde lo hondo... conmovieron mis sentimientos, mi ego, mi vida interna.

La escuela de mi aldea

El edificio donde la escuela se hallaba situada, conocíase en la aldea, por el nombre de la casa de Piñeiro. Era una vistosa casona, construída, toda, de cantería labrada; estaba situada en la parte noroeste de nuestra aldea y, frente a la misma, existía una plazuela, en el medio de la cual, una fuente, manaba agua.

Tres generaciones habían recibido las savias de las enseñanzas, los conocimientos y el saber de la persona patriarcal, de el maestro González Rego, en la comarca, conocido por El Barbas don Francisco.

Este había contraído matrimonio con una vistosa moza de la Abragán, hija de un adinerado labrador y, por nexos familiares, tía política de la autora de mis días. Heredero, el anciano monitor, de una regular fortuna de tierras y numerario, desde muy joven comenzó a prestar dinero a réditos, exigiendo, como garantía; prados, pastizales y pinares. En los finales, regularmente, todos esos bienes garantes, pasaban, de manera irremediable, a la administración y propiedad del maestro nacional, "El Barbas".

Si bien sus fundamentos didácticos eran: la bofetada, la palmatoria y la vara de castaño, preciso era reconocer que, los resultados de tales procedimientos, eran, definidamente óptimos y... positivos. Una espaciosa aula, para no menos de cien alumnos, había sido construída en las secciones del norte, de la casa de Piñeiro. Tres sesiones cada día: en la mañana, en la tarde y en la noche, eran las normas, de "El Barbas don Francisco". Un promedio de cincuenta alumnos, de ambos sexos, en cada una de las tres sesiones, concurría a las aulas del eficiente mentor. De las aldeas de Carballeal, de las de Souto y Abragán, eran oriundos esos grupos juveniles.

Concurrían, además, a la escuela de Terrebored, alumnos, hijos de labradores acomodados, de la aldea de Escaris, de Parafita, de Filgueiras. Para todos éstos, que no eran naturales de Terrebored, la cuota de pagos, fijada por "El Barbas", en los finales de cada mes, era la de un duro español, plateado... isabelino.

Era, por lo tanto, don Francisco González Rego, el hombre más preponderante de mi aldea natal. Fruto del matrimonio, con la tía de mi madre, existían: tres varones y una hembra. Esta casó, también con un hermano de mi madre, primo de ella. Era mi tía Elisa de Piñeiro, una guapetona moza, quizás la mujer más bella, de todas las aldeas y las parroquias, a la redonda. Los tres hijos varones de "El Barbas", emigraron a La Habana, en cuya gran ciudad, desempeñábanse, como agentes de grandes casas, editoriales.

Y, ante la circunstancia dramática, de que el tenaz monitor de la aldea, sobrepasaba, ya, los ochenta, los rumores de jubilación y el retiro inmediato, no demoraron, en circular.

El derrumbe de nuestra antigua casona y la construcción de la nueva residencia, sobrepasaron, en tiempo, a los dos años. La presencia de mi hermana Herminia, era necesaria en los aros y en los pastoreos de los rebaños; en cuanto a mí, no obstante mi corta edad, por decisión de mi padre, fuiretenido, como auxiliar de peón bajo la jurisdicción de un mocetón de la aldea, que amasaba barro, abajo, en una fosa profunda, debajo de los parrales. Sin embargo, en las clases de la noche, mi hermana Herminia y yo, concurríamos a la escuela, por un lapso de dos horas.

Cinco canteros, especializados en las artes y las mañas de cantería, en el manejo del cincel, de la escuadra y la maceta, trabajaron en las obras, dirigidos por mi padre. Desde la fosa de barro, yo halaba los cubos de mezcla y los vaciaba en un recipiente de madera, de tablas finas de roble. En un trípode de plataforma, estaba situado, el recipiente. Sobre mi cabeza, yo cargaba la mezcla, ascendiendo a los andamios de los canteros. Yo era un niño, juguetón, travieso, no era malo; quizás un tanto bellaco; en un tablón del segundo piso, de pino tea, con nudos, aprovechando la circunstancia del peso del cajón y de la mezcla, sobre él me detenía y... sobre el tabón, comenzaba a subir y a bajar; esas leyes de la gravedad, me producían placer interno; sólo con el peso de mi cuerpo, con el peso del recipiente y de la mezcla; sólo con eso, yo subía y descendía; así lo hacía, día, tras día. El tablón quebró en dos y, a través de su dimensión, impulsado por el peso del recipiente y la mezcla, descendí al primer piso y, de éste, al sótano. Caí sentado sobre un montón de piedras, de cantos y aristas variadas; sobre mi cabeza, hizo blanco el recipiente, saturándome de arcilla y barro. Perdí el conocimiento. De los agros, regresaron: mi madre, mis hermanas, las jornaleras y Maripepa. Un cuarzo puntiagudo penetró profundamente, en mi cadera derecha. Cuando volví en mí, abrazada a mi estructura superior, lloraba mi madre; simulaba una tigresa, enfurecida, ante el cuerpo inerte, de su cachorro. Luego, ese día, los canteros de la obra, dejaron de trabajar. Tampoco las jornaleras y Maripepa, regresaron a los agros. Con dosis de aguardiente de uvas y paños limpios, en el curso de quince días, logré rebasar, los efectos de la caída.

Luego, supe que mis dos progenitores, habían discutido, a solas, acerca de mis destinos, de mi carácter innato y sobre mis características sentimentales. Yo vivía siempre impresionado, ante el misterioso mundo que mi padre llevaba adentro. En mis pocos años, llegué a pensar que, en la encrucijada de dos mundos contradictorios, entre nosotros los dos, jamás existiría, la forma de comprendernos. En la presencia de él, lejos de observar, armonía y comprensión, un temor inexplicable, batía mi ego interno.

Durante la convalecencia de mis heridas era la noble de mi abuela, mi compañera de lecho, quien me atendía y preparaba, mis alimentos. Por ella supe que, ya, "El Barbas" había dejado de ser, al cabo de cincuenta años,

maestro de nuestra aldea. Y, no existiendo el relevo, para su cargo, Terreboredo, desde entonces, carecía de maestro.

Un colectivo de estradenses emigrados, residentes en Buenos Aires, concibieron el proyecto de construir una escuela, en los montes del Arnado, al sur de Terreboredo; casi en las márgenes, del Río Umia.

La situaron en un lugar, tan debidamente seleccionado, que, a ese centro de enseñanza, bien podrían afluir: alumnos de las tres parroquias que pueblan el Valle del Río Umia; es decir, de las aldeas de Arca, de Souto y de Codeseda.

Un seminarista de mi aldea, que había renunciado a la carrera del sacerdocio, optando por la de magisterio, fue el primer maestro de esa escuela; era ésta, un centro de enseñanza laica, patrocinado por estradenses emigrados y residentes en La Argentina.

Menos de seis meses perduró el ensayo de ese infortunado centro educativo, construido en los montes del Arnado, al sur de Terreboredo. Elementos reacionarios de la provincia; intereses religiosos de La Estrada, de Santiago, de Galicia, de toda España, bloquearon el gran proyecto, el noble empeño.

Carente, ese centro educacional, de bedeles y adecuadas vigilancias, sobre todo en las horas de la noche, los esquirols cristeros, residentes en la misma zona, saquearon, robaron y destrozaron, todos los bienes, implementos escolares e insumos, de la infortunada escuela laica, al sur de Terreboredo, casi en las márgenes, del silente Río Umia.

De la flamante escuela de los montes del Arnado, sólo quedaron las paredes de ladrillos. Lentamente, bien robados o destruídos, fueron llevando las puestas, las ventanas; las tejas y el maderaje que integraban el techo; los servicios sanitarios, los pupitres, las maderas de los pisos. Cuando sólo quedaron, las paredes de ladrillo, fueron llevándose éstos... con los cimientos.

Ante la circunstancia del retiro de “El Barbas” don Francisco; ante los despojos consumados, de la escuela laica de El Arnado, al final de medio siglo, nuestra aldea carecía de maestro.

Las obras de construcción, en nuestra casa paterna, al final de los dos años y cinco meses, finalizaron, desde luego, en lo más elemental; referente a detalles de repellos, pisos de las barbacoas, cielo raso: cimentación de la cocina, alacenas comedor y las despensas, eran tareas que mi padre iría venciendo, de acuerdo a los recursos limitados que, de la costosa obra, fueron quedando.

Ya recuperado de mis heridas y hematomas, en un lapso de tiempo, no mayor de treinta días, permanecí a su lado, en tareas de limpieza, escombreos y ordenamiento de materiales, residuales, tejas, ladrillos y piedras, excedentes apilados, bajo el techo de la nueva residencia construida.

En Souto de Abajo, había un maestro, pero sin aula

Un elegante mozo, graduado en magisterio, hijo primogénito de una familia rica de Souto de Abajo, era el maestro de esa aldea. En un amplio salón, de su casona paterna, abrió la escuela y unos cincuenta alumnos de lugares diferentes, de parroquias aledañas, concurrimos al lugar.

A la salida, en camino de regreso a nuestras aldeas, los chicos de Carballeal, de Terrebored y de Abragán competíamos en natación, en los embalses del río Umia y jugábamos balompié en los montes abiertos, del Arnado Sur. Luego sudorosos y cansados regresábamos, ya muy tarde, a nuestras casas, de cada cual.

Más tarde, muchos de nosotros, partíamos con los rebaños, rumbo a los motes abiertos del Trasnobás, a través de los cuales surcaban las aguas, del río Umia.

Al final de los seis meses, cesaron nuestros viajes a la aldea pintoresca de Souto de Abajo, porque, del lugar de Currelos, parroquia de Codeseda, venía un nuevo maestro, como relevo de “El Barbas”, en Terrebored.

Debe saber el lector que a nuestra pobre, pero muy querida aldea, se le conocía por el sobrenombre, de: La Miñoca. Durante esos días y esas noches, hubo fiestas y “ruadas” en el lugar, debido a que, le habían asignado un mentor... a la Miñoca.

Un cantero autodidacta, ultramontano, releva a “El Barbas”

El nuevo profesor de la Miñoca, era un cantero de Currelos, que, en La Graña del Ferrol, había trabajado en obras, parte de ellas, contratadas y dirigidas, por el primo de mi madre, es decir, por mi padre. No sólo eran conocidos, sino amigos del alma; ambos, católicos militantes; hombres de escapularios, procesiones y letanías.

Don Manuel Basteiro del Riego, exégeta del cristianismo, es amigo de mi padre

Siendo propiedad de “El Barbas”, el antiguo local de la escuela, el gobierno de la provincia, en otra casa de La Miñoca, habilitó nuevo espacio, con ese fin. Don Manuel Basteiro del Riego, eran el nombre y los apellidos del instructor, de la aldea de Currelos.

Mientras los canteros, albañiles y carpinteros, adaptaban la nueva escuela, era don Manuel, un asiduo visitante, de La Miñoca. Tenía cincuenta años y usaba una barba espesa, color rojiza, recortada con tijera, al estilo de Sagasta, de Cánovas y Amadeo. Lo mismo que en primavera, en verano, en otoño y en invierno, el nuevo mentor usaba un traje cruzado, de tela

gruesa y de confección inglesa; y, circundando su garganta, era visible: una chalina de invierno, de paño espeso, de lana, color castaño.

No obstante, su alta estatura y una recia apariencia de su estructura física, el aspecto de su rostro era cetrino, magro, escuálido; usaba un grueso bastón, de puño, color de oro, de madera de castaño y barnizado en negro.

Producto de sus exacciones, en préstamos a interés, con garantía de tierras y propiedades, el instructor de Currelos, era dueño de grandes parcelas de tierras negra de numerosos tojales y, también, propietario de “cerradas”, de robledales y castañares.

A todas horas, en verano y en invierno, el avaro monitor tosía y tosía, desgarrando de continuo; y, puesto que, alrededor de su cuello usaba una chalina, de paño grueso, color castaño, era conocido, en la comarca, por el mote o sobrenombre, de “El Bufandas”. Desde hacía veinte años, era viudo y sin hijos. Vivía en su propia casa, con dos hermanas solteras. Y desde diez años acá, sufría de el mal de tisis conocido comúnmente, por la enfermedad de Pott.

Con sus prédicas, “El Bufandas” señala el camino que conduce a los altares

Antes de comenzar las clases, en la nueva escuela de Terreboredo, estuvo numerosas veces el “Bufandas”, en nuestra casa, donde almorcaba; y, después de las comidas, con mis dos progenitores, dialoga, por largas horas.

En una de esas ocasiones, fue invitado a la mesa, el párroco de Taberíos, don Manuel Costa Caramés, eminente profesor de estudiantes de latín, los cuales concurrían a sus clases, en la parroquia, del mismo nombre.

Por esos días, Carmen y Herminia, mis dos hermanas, de formas muy reservadas, me dijeron que yo estudiaría la carrera de sacerdocio; que sería cura de una parroquia e, inmediatamente, canónigo; luego... llegaría a ser obispo, arzobispo, cardenal y... primado de la Santa Sede, en España.

Carmen, mi hermana mayor, linda muchacha y moza jodedora, sentenció en los finales: “Y... no lo pongas en dudas, hermanito, de nuncio de la Santa Sede en España, al pontificado de Roma, sólo te queda un pasito; por lo que más quieras, anímate, Manuelito, pues, con el tiempo puedes ser el jefe de todas las iglesias que existen, sobre la tierra”.

El “Bufandas”, era, realmente, un eficiente maestro, de acuerdo a las normas pedagógicas de aquellos tiempos. Hombre piadoso y de cultos, poseía extensos conocimientos sobre: la historia del cristianismo, la vida, los hechos de los apóstoles; de éstos, enfatizaba, sobre la vida y la obra de los cuatro evangelistas: Marcos, Juan, Lucas, Mateo, exégetas idealistas de la cuestionada vida de un hombre, denominado, el Mesías o el Cristo.

Detrás de él, en lo más alto del aula, un crucifijo gigante, junto con el retrato de el rey Alfonso XIII, presidían el amplio salón de la escuela de La Miñoca.

Durante los tres años que fui alumno de “El Bufandas”, capté de él todos los conocimientos esenciales, que ese mentor pudiere impartir a sus alumnos, incluso a aquellos de inteligencia o de mente más aventajada, por las leyes de Natura.

Desde luego, si “El Barbas” de Terreboredo, en sus normas disciplinarias, apelaba a la vara de castaño, asimismo, “El Bufandas” de Currelos, también la usaba.

Era don Manuel Basteiro, un apologista de la clase sacerdotal, afirmando que todo ser humano tenía el deber sagrado de besar las manos de un sacerdote, por la circunstancia simple de que era, un representante, de Cristo Nuestro Señor, sobre la tierra. Y, ante la creencia idealizada de que él era escuchado por los jerarcas sacrosantos, en las cumbres celestiales, desde la plataforma de su escuela, “El Bufandas” sentenciaba:

“Dichosos y bienaventurados aquellos, que abrazan la carrera veneranda del Sacerdocio, porque, de ellos serán y, sólo ellos, estarán predestinados a ocupar los sitiales más elevados, en el trono de los reinos de los cielos”.

Mi destino, el sacerdocio

Yo no había cumplido aún, los once años; mi hermana Carmen era, por esos tiempos, una chusca, vigorosa y elegante moza, aún menor de veinte primaveras; unos meses más de los catorce, tenía Herminia, la menor....

El día veintinueve de noviembre, fiesta parroquial de San Andrés de Souto, en horas de la mañana, falleció mi inolvidable abuela. Para siempre partía, aquella anciana venerable, paño de lágrimas en mis infortunios y tristezas; compañera de lecho mía, por espacio de diez años.

Meses después, mi padre regresó a sus labores de contratas, en los sectores de La Graña de El Ferrol. Y, convencido yo mismo, de que estaba destinado a ser hombre elegido en las viñas del señor, al finalizar el curso en la escuela de “El Bufandas”, una mañana de junio, partí, rumbo a las tierras empobrecidas, de la parroquia de Tabeirós.



Desde la otra orilla

Marga Fraga
margafraga@gmail.com
Worldrone
info@worldrone.es

La otra orilla

Los Enemigos

A lo lejos
se ve
la otra orilla man.
No me haré viejo
sin ver la otra orilla

Veo las fieras
correr por allí
se que me esperan
a mí.
“Cuando tú quieras
cuando tú quieras”
Parecen decir.

Allí todo brilla,
allí todo encaja bien.
En la otra orilla
yo no bajo pie.

¿Y si me arrepiento
una vez allí?
¿Y si todo son cuentos?
¿Y si?

“No seas tan lento”
parecen decir.
“Hoy sopla el viento
sólo para ti”

Y aquí todo brilla
aquí todo encaja bien
en la otra orilla
no hacía pie.





A lo lejos
se ve
la otra orilla man.





No me haré viejo
sin ver la otra orilla





Veo las fieras
correr por allí
se que me esperan
a mí.





“Cuando tú quieras
cuando tú quieras”
Parecen decir.





Allí todo brilla,
allí todo encaja bien.





En la otra orilla
yo no bajo pie.





¿Y si me arrepiento
una vez allí?





¿Y si todo son cuentos?
¿Y si?





“No seas tan lento”
parecen decir.





“Hoy sopla el viento
sólo para ti”





Y aquí todo brilla
aquí todo encaja bien
en la otra orilla
no hacía pie.





Padriños, madriñas, afillados e compadres en Terra de Tabeirós, 1635-1850

Juan Andrés Fernández Castro
juanandresfc@yahoo.es

Resumo. O sacramento bautismal borraba o pecado orixinal do neófito integrándoo na comunidade de crentes; pero a cerimonia encerraba tamén un contido profano pois era a porta de entrada á sociedade na que o meniño había vivir deica o final dos seus días. Os padriños contraían un parentesco espiritual cos afillados (*paternitas spiritualis*) e con seus pais (*compaternitas spiritualis*): padriños e compadres. Velaquí os elementos cos que se tecían, despois das alianzas matrimoniais, as más sólidas e duradeiras redes de solidariedade da Galicia tradicional.

Abstract. The sacrament of baptism erased the original sin of the neophyte by integrating him into the community of believers, but the ceremony also had a profane content because it was the gateway to the society in which the child would live until the end of his days. Godparents had a spiritual relationship with their godchildren (*paternitas spiritualis*) and their parents (*compaternitas spiritualis*). Here are the elements that, after the holy matrimony, built the most solid and lasting networks of solidarity in traditional Galicia.

Introdución

A vida cotiá no rural galego da Idade Moderna viña inexorablemente determinado polo ritmo das estacións, o calendario agrícola, os tempos litúrxicos, as festividades relixiosas e a recepción dos sacramentos, sobre todo o matrimonio, por canto as alianzas matrimoniais servían de instrumento de promoción social e consolidación das estruturas familiares.

A familia, veterana institución posta a proba ao longo dos séculos, era o ámbito onde as dificultades podían superarse máis doadamente e o seu éxito e supervivencia derivaban, precisamente, da súa capacidade para adaptarse aos tempos, cos seus desafíos e sempre novas necesidades; tratábase de explotar, coa mínima desvantaxe, o sistema que a cada xeración lle tocara vivir. A unidade familiar tendía sempre a optimizar o seu propio funcionamento preservando a súa base económica e produtiva, regulando a súa función como unidade demográfica e preservando a integridade do patrimonio

pois na Galicia da Idade Moderna, onde o traballo agrícola constituía o modo de vida da mayoría da poboación, unha explotación viable aseguraba a supervivencia da unidade familiar. Sen embargo o sistema podía entrar en crise no momento de efectuarse o relevo xeracional, cando entraban en conflito dous conceptos contradictorios: manter unido o patrimonio ao tempo que se facilitaba a cada fillo un medio de vida o máis cómodo e decente posible. Do propio matrimonio e disposicións sucesorias a el ligadas e das alianzas que se establecen trala súa celebración dependían tantas cousas que é perfectamente comprensible o intenso control a que estaba sometido por parte da sociedade coetánea. Se casar culminaba as aspiracións da inmensa mayoría dos homes e mulleres do Antigo Réxime e constituía por si mesmo un sinal de éxito social, casar ben introduce un matiz valorativo suplementario: conservar unido o patrimonio e establecer alianzas con outras familias.

En menor medida, indubidablemente, o nacemento dun fillo, o seu bautizo e apadriñamento, constituían tamén un momento relevante porque significaba a culminación do matrimonio, que depositaba no novo membro as súas esperanzas de futuro, aseguraba a descendencia e esperaba del que, xa aos poucos anos, aportase a súa forza de traballo á unidade familiar. O bautizo en canto sacramento borraba o pecado orixinal do neófito integrándoo na comunidade de crentes; pero a cerimonia encerraba tamén un contido social e profano porque o recién bautizado ingresaba tamén na comunidade de persoas coas que había convivir deica o final dos seus días, e iso sabían moi ben seus pais, que aproveitaban aquela oportunidade para establecer ou ampliar a rede de solidariedade que ofrecía o acto do apadriñado. A Igrexa depositaba nos padriños a tutela espiritual dos seus afillados pero os pais esperaban deles algo máis: protección, asesoramento, oportunidade laborais ou de realizar estudos, agasallos, diñeiro en ocasións ou certas mandas testamentarias. Por iso *apadriñar ben* suporía un auxilio suplementario e a garantía de integrar ao neonato nunha ampla rede solidario-clientelar que contribuiría a facer –a el e a seus pais– máis levadeira a vida superando as dificultades e desgrazas que sen dúbida ían chegar algúin día. Non

coñecemos con exactitude as normas, usos e costumes que rexían na elección de padriños e madriñas; sequera podemos explicar satisfactoriamente o motivo de optar por un ou por dous deles, pero habemos supor, conforme á razón e á lóxica, que se elixiría entre as persoas dispoñibles atendendo a dous criterios: os que por proximidade familiar ou afectiva ofrecerían o seu incondicional apoio ao nacido e á súa familia e aqueles outros aos que se acudiría en razón do seu poder, influenza e prestixio. No caso de familias da fidalguía rural, como habemos ver, optábase sempre por un igual en clase e condición social e non era infrecuente o recurso a sacerdotes –moitos deles segundóns de familias fidalgas– escribáns, patriciado urbano ou membros da xudicatura.

As obrigas inherentes aos padriños eran as que o propio sacerdote consignaba ao final da partida: ensinar a doctrina cristiana e respectar os impedimentos ao matrimonio resultantes do parentesco espiritual –imprescriptible áinda no caso de falecemento do bautizado, o que ocorría frecuentemente– que contraían os padriños co afillado (*paternitas spiritualis* ou *padriñado*) e con seus pais (*com-paternitas spiritualis*) que afectaba aos compadres, parentesco este de moi fonda raigame popular áinda hoxe vixente. No bautismo xerábanse pois varios vínculos de índole espiritual que as constitucións sinodais postrentinas suavizaron coa clara intención de manter un número máis reducido de impedimentos matrimoniais. Pero a recepción da ortodoxia teridentina no rural galego foi lenta e irregular, e así nunha data tan serodia coma 1631 o párroco de Santo André de Vea, Juan de Sanxiao Reimóndez, advirte en varias ocasións como entre padriños non podía haber matrimonio lexítimo, circunstancia non contemplada nas resolucións de Trento. Áinda reconecendo que aquela restrición aplicada no estreito ámbito rural podería frustrar multitud de matrimonios, tamén é certo que na práctica non era difícil obter a correspondente dispensa, ou ser simplemente ignorada por párrocos pouco meticolosos. En todo caso non temos advertido nas parroquias obxecto deste estudio reacción de tipo ningún tendente a evitar a concorrencia como padriños de parellas de solteiros: a taxa media de parentesco entre eles no 1635

e 1650 é moi baixa, dun 11% e un 12% respectivamente, ao tempo que os bautismos de padriño único é praticamente inexistente deixa ben rebasada aquela derradeira data.

Quedarían por dilucidar os factores polos que un home ou unha muller aceptaba a petición de exercer como padriños. Cabería citar en primeiro lugar motivacións inducidas desde o púlpito encomiando o alto concepto que a Igrexa tiña do sacramento bautismal e a eminente función dos padriños, a quien se chega a equiparar cos propios pais como reconoce José de Santa María no seu “*Sacros Ritos y Ceremonias Bautismales*” (Sevilla 1637): *porque da maneira que aqueles [os pais] os enxendran naturalmente, así estes [os padriños] espiritualmente*. De modo que xa desde pouco despois da recepción da doctrina de Trento estaba meridianamente clara a misión de cada quen: criar unha numerosa prole destinada a engrosar a comunidade de fieis cristianos, e facerse cargo da súa tutela espiritual, respectivamente. Deste xeito ter numerosos fillos e apadrinxar moitos rapaciños considerábanse virtudes cristianas ao tempo que conferían un eminent prestixio social. Nun nivel máis mundano cumpriría colocar outras motivacións como o interese en integrarse na gran rede solidaria conformada por pais, padriños e compadres; ter sometidos á súa patronal autoridade a numerosos afillados-clientes ou gozar da distinción que confería a certas damas da fidalguía a posesión de múltiples fillos espirituais cos que mostrar un xeneroso desprendimento a medio camiño entre a caridade e a ostentación.

II. Padriños ou madriñas

O canon tridentino adxudica a titularidade do padriñado a homes e mulleres, indistintamente, en perfecta igualdade de condicións, de modo que a elección varón/muller no caso de padriños únicos é totalmente discrecional e estaría suxeita a unha serie de factores de índole coxuntural e estructural. Deica 1750 a inmensa maioría dos bautizados dispoñían de dous padriños, mantendo por tanto unha armónica concorrencia dos dous sexos, con cifras de participación que en todo momento oscilaron en torno ao 50%. Pero a partir daquela data ven a crevar o equilibrio precedente e redúcese de

maneira considerable non só o número de padriños (termo co que designamos a ambos os dous sexos) que participan nas ceremonias senón tamén o número de mulleres que sosteñen na pía ao neonato, chamativa circunstancia por canto estas non haberían sufrido co mesmo rigor cós varóns os efectos da emigración.

Propoñemos como caso paradigmático do exposto os 100 bautismos de Remesar-Riobó correspondentes ao periodo que comeza no 1750. En canto ao número de padriños implicados, dos 200 teoricamente posibles concorren soamente 158 –cifra sensiblemente inferior aos 197 que como media recollemos das sete parroquias nas anteriores etapas– dos que 100 son varós e 58 mulleres: aquí evidénciase aquel chamativo desequilibrio. Observamos unha situación moi similar en Rubín-Lamas, onde se contabilizan 161 padriños nunha proporción claramente favorable tamén aos varóns: 100 a 61. En Orazo-Loimil, no mesmo periodo, participan 174 padriños, a razón de 100 varóns e 74 mulleres.

No 1800 o número de persoas que apadriñan –sempre dun número de 100 bautismos– mantense dentro dos parámetros da anterior cincuentena, cun lixeiro repunte quizás da participación feminina. En Remesar-Riobó de 155 padriños 91 son varóns e só 64 mulleres; en Rubín-Lamas de 164 padriños temos 88 homes e 76 mulleres e en Orazo-Loimil participan 162 padriños en idéntica proporción: 81 por cada sexo.

No seguinte periodo –1850– enxérgase xa unha certa recuperación do madriñado así como do número de padriños que se achegan á pía: 169 en Remesar-Riobó, dos que 91 son mulleres e 78 homes; en Rubín-Lamas 186 padriños nunha proporción home-muler de 90 e 96 respectivamente e por último en Orazo-Loimil de 163 padriños 75 son varóns e 88 mulleres. Equilíbranse un tanto as porcentaxes e en todas as parroquias o número de madriñas supera, en maior ou menor medida, o de padriños achegándose á media histórica, situada no noso estudio entre 90 e 100. Por contraste, a análise da parroquia de Santo André de Vea ofrece un chamativo panorama de estabilidade constituindo un modelo rexional con personalidade propia ao manter praticamente inalterados todos aqueles parámetros na longa duración.

Todo o anterior permítenos recoñecer: a) un longo periodo de estabilidade na proporción home/muller no padriñado; b) unha ruptura daquel equilibrio, que empeza a amosar signos premonitorios contra 1700 e que se manifesta plenamente no periodo 1750-1800; c) unha permanente maioría de varóns fronte ás mulleres que acada o seu momento crítico en Remesar-Riobó 1750-1800 e e) unha lixeira superioridade de madriñas no periodo álxido da emigración. Procede aclarar neste sentido que no concepto de emigración e a efectos de padriñado habemos incluír a temporal ou estacional pois a inmediatez nacemento-bautizo non permite ao ausente levar á pía ao neonato.

Confírmase en toda a serie histórica a permanente teima de preservar a figura do varón-padriño –trasunto simbólico e teolóxico do propio pai– así como certa despreocupación no que atinxo ao lado feminino; isto vén sucedendo desde o século XVII e mantense deixa o momento en que os efectivos masculinos, xa ben entrado o século XIX, minguaron moi sensiblemente por mor da emigración e a balanza se inclina do lado das madriñas. Aínda así o saldo a favor destas é bastante minguado: 1 en Vea; 13 en Remesar-Riobó e Orazo-Loimil e 6 en Rubín-Lamas. Os padriños únicos evolucionan en perfecta armonía con este modelo: todos eles son varóns no periodo de 1700; no seguinte, 1800, interveñen xa mulleres pero sempre en número menor ao de varóns, agás Orazo-Loimil con 19 de cada e, xa no ecuador do século XIX as mulleres en solitario superan aos homes nas catro parroquias.

Xa mencionamos a capacidade das sociedades antigas para resolver no seu propio seo mediante os recursos ao seu dispoñer todas as disfuncións, eivas e carencias que padecían. Neste sentido cabe mencionar agora o fenómeno da emigración, de longa ou curta duración e eminentemente masculina, que irrompe no periodo final do noso estudo. Este feito migratorio marca indeleblemente a sociedade da época ao privar ás colectividades rurais de moitos efectivos humanos xoves. Tamén alterou sustancialmente os usos e costumes bautismais, no referente ao padriñado, ao producirse un déficit de candidatos. O recurso ao padriñado único, como xa vimos, contribuí a paliar esta alteración, pero simultaneamente impulsouse outro mecanismo

de probada eficacia: o padriñado dos avós, vivos aínda na maioria dos butizos dos matrimonios xoves e fonte inesgotable de recursos humanos para levar aos seus netiños á pía, ata o punto de que en Galicia as voces *padriño* e *madriña* se asimilan, respectivamente a avó e avoa. O notable e progresivo aumento destes familiares, xunto cos tíos, nas ceremonias bautismais confirmaría no noso territorio aquilo que deu en chamarse *familiarización das relacións sociais*, fenómeno xa descrito e suficientemente contrastado. Sabemos que nas nosas parroquias de referencia (Santo André de Vea, Orazo, Loimil, Rubín, Lamas, Remesar e Riobó) este padriñados intrafamiliares foron moi numerosos (superando en ocasións o 25% do total) e parecen estar relacionado co fenómeno migratorio.

Avós padriños, porcentaxe de participación

Ano	S. André Vea	Remesar-Riobó	Rubín-Lamas	Orazo-Loimil
1800	13	13	10	16
1850	27	27	15	22

Número de padriños por 100 bautizados e proporción varón-muller

Ano	S. A. de Vea	Remesar-Riobó	Rubín-Lamas	Orazo-Loimil
1635	199	99/100	-	200
1650	200	100/100	199	100/99
1700	197	100/97	180	100/80
1750	191	100/91	158	100/58
1800	194	98/96	155	91/64
1850	193	96/97	169	78/91


III. O número de padriños

Nunca falta nos correspondentes asentos bautismais –a diferenza doutras observacións como o parentesco ou a orixe– o nome dos padriños, de modo que este é un dato que pode ser referenciado desde a orixe mesma dos rexistros parroquiais. En 1635, data inicial


desta investigación, encontrábase xa vixente a nova ortodoxia tridentina, que era meridianamente clara no número de padriños que podían concorrer a un bautizo: un ou dous; no segundo caso serían sempre home e muller, padriño e madriña: *Unus tantus sive vir, sive mulier, vel ad summus unus et una.* Nin un só caso encontramos de máis de dous padriños por bautizo, se ben se localizaron bautismos de urxencia sen padriño ningún ao falecer o bautizado antes da cerimonia solemne onde o sacerdote, conforme ao ritul romano, impuña ao neonato os santos óleos, a crisma e polo menos un nome e un padriño.

Sen embargo os libros parroquiais, que ofrecen xa series fiable para toda Galicia a partir do século XVII evidencian oscilacións ben patentes na longa duración conforme ao marxe de discrecionalidade –ben pequeno, é certo– que a norma tridentina toleraba. Os pais elixían un ou dous padriños en virtude dunha serie de circunstancias como a disponibilidade deles, a proximidade á casa, sexo e posición social; intereses particulares, estratexias familiares, costumes e incluso modas; sen esquecer que era o padriño quen, en última instancia, decidía. Algunhas destas circunstancias poden ser detectadas (quizás non sempre explicadas) mediante os datos contidos nas fontes parroquiais, que denotan un predominio case absoluto do padriñado doble deica 1700, para despois minguar paulatinamente, cun repunte no período que empeza contra 1850.


Padriño único. S.A. de Vea




Padriño único. Orazo-Loimil



Padriño único. Remesar-Riobó



Padriño único. Rubín-Lamas



Dentro daquela tendencia xeral descubrimos modelos locais que mostran unha evolución propia na longa duración; é o caso de Santo André de Vea, parroquia situada nun fértil val agrícola e aberta á influencia compostelana, en contraste con todas as outras, ubicadas en áreas máis alonxadas do río Ulla, máis agrestes e cunha economía menos diversificada. En Vea acredítase a hexemonía dos padriñados dobles, que manteñen a súa primacía durante máis de 200 anos sen baixar en ningún momento do 90%, mentres que nas demais parroquias o padriñado único acada valores moi relevantes chegando a sobrepassar en Remesar-Riobó o 40% en 1750 e 1800. De 1750 en diante e coincidindo co inicio e posterior desenvolvemento do feito migratorio detéctase un considerable descenso do número de padriños e un paralelo incremento do padriñado único, mecanismo destinado a paliar o déficit de efectivos humanos producidos pola mortalidade epidémica e a emigración. Trátase, en fin, de optimizar os medios dispoñibles, áinda a costa de renunciar ao modelo considerado ideal: un padriño e unha madriña.

Número de padriños

Ano	S. André de Vea		Remesar-Riobó		Rubín-Lamas		Orazo-Loimil	
	1	2	1	2	1	2	1	2
1635	1	99	-	-	0	100	0	100
1650	0	100	1	99	0	100	0	100
1700	3	97	20	80	2	98	8	92
1750	11	89	42	58	39	61	26	74
1800	6	94	48	52	36	64	38	62
1850	7	93	31	69	14	86	37	63

Padriñado único e sexo

Ano	S. A. de Vea		Remesar-Riobó		Rubín-Lamas		Orazo-Loimil	
	V	M	V	M	V	M	V	M
1635	0	1	-	-	0	0	0	0
1650	0	0	1	0	0	0	0	0
1700	3	0	20	0	2	0	8	0
1750	10	0	42	0	39	0	26	0
1800	4	2	36	9	24	12	19	19
1850	3	4	9	22	4	10	12	25

Nos padriñados únicos de fillos lexítimos queda patente a tardía presenza de mulleres, que non detectamos nas parroquias de referencia deica o periodo de 1800. É a partir de entónces, coincidindo co pulo da emigación masculina, que pasan estas a compartir cos homes moitas das funcións que anteriormente lles estaban reservadas a eles, como participar como madriñas nesta modalidade bautismal. Ademais, aquel déficit de varóns rompeu o equilibrio de sexos e produciu un excedente de mulleres solteiras, circunstancia que explica o repentino e considerable aumento da ilexitimidade e incluso do adulterio. Así, no periodo 1850 a ilexitimidade acada nas nosas sete parroquias taxas considerables: 16% en Orazo-Loimil; 8% en Santo André de Vea; 14% en Rubín-Lamas e un 12% en Remesar-Riobó. En relación aos fillos de nais solteiras o padriñado doble é a opción preferente, acadando nestes casos a muller unha certa primacía sobre o varón. O doble padriñado era considerado o modelo ideal e

disfrutaba de máis prestixio có simple porque implicaba unha maior participación social duplicando a capacidade de auxilio e protección ao recién nado e á súa familia. Podría interpretarse tamén como un signo de aceptación cara a nai solteira probando o baixo nivel de exclusión que as afectaba, sabendo que moitos dos fillos extramatrimoniais, ocasionais froitos da “humana debilidade” e da “estreitura de lugar” como xustifican benevolamente os libros parroquiais da época, eran lexitimados trala chegada do pai do seu periplo migratorio ou unha vez solventados definitivamente os seus problemas sucesorios.

Ilexitimidade e padriñado; nº de ilexítimos, padriñado doble e simple; padriños únicos

Ano	S. A. de Vea	Remesar-Riobó	Rubín-Lamas	Orazo-Loimil
1635	1. 1	-	3. 3	0
1650	0.	5. 5	2. 2	0
1700	2. 2	1. 0+1 1v	7. 7	1. 1
1750	8. 6+2 2v	2. 1+1 1v	5. 2+3 3v	0
1800	4. 3+1 1v	0	6. 3+3 1v, 2m	6. 2+4 2v, 2m
1850	8. 6+2 1v, 1m	12. 8+4 4m	14. 14	16. 8+8 3v, 5m

Con respecto ao sexo, ata 1750 o padriñado único de ilexítimos recae exclusivamente en varóns; no periodo de 1800 home e mulleres reparten ex aequo aquela función e xa na derradeira cincuenta, 1850, acádase unha maioría feminina: 10 mulleres fronte a 4 varóns, cifras todas elas de escasa relevancia pero que veñen confirmar aquela progresiva asunción por parte das mulleres de certas funcións e espazos onde os varóns constituían maioría.

III. a. Os padriñados múltiples

Do cotexo entre o padrón de habitantes dunha localidade e o seu correspondente rexistro de bautizados despréndese que algunas persoas acababan os seus días sen teren apadriñado xamais un solo

meniño; a maioría podía levar á pía un ou dous deles mentres que certo número de veciños acumulaban unha cantidade inusual de affillados. Disto despréndese que o padriñado era unha institución selectiva e que a responsabilidade da súa asunción recaía nunha ou outra persoa en función dunha serie de premisas que a sociedade da época coñecía perfectamente e asumía con toda naturalidade. En cada ceremonia bautismal consumábase un pacto –tácito e fiado tan só ás normas consuetudinarias– entre os pais da criatura, detentadores da *patria potestas*, por unha parte, e o padriño ou padriños por outra. O padriñado *inter pares*, o máis frecuente, establecíase entre individuos dun mesmo rango social e económico ligados ou non con vínculos de amizade previa: trataríase, no primeiro caso, de consolidar relacions xa existentes e, no segundo, de establecer unhas novas contribuíndo deste xeito a integrarse nunha rede de axuda mutua o máis ampla e eficiente posible. O recurso á familia, sempre fiable e seguro, busca a proximidade e o apoio inherentes aos vínculos de sangue. Nestes casos a débeda contraída cos novos compadres podía satisfacerse apadriñando no seu momento algún fillo daqueles. E a rede relational, pasenxadamente, íase facendo cada vez más ampla e tupida. Velaquí a maneira en que aquel parentesco espiritual contraído no bautismo xeraba tamén amplas, potentes e estables alianzas de carácter terreal. Cómpre sinalar que este pactos entre iguais son aplicabes tanto a familias campesiñas humildes coma ás fidalgas ou burguesas.

Uns pais responsables tentaban por todos os medios ao seu alcance colocar o seu novo fillo –e por extensión a eles mesmos e a súa familia– baixo o patrocinio de alguén rico, poderoso, prestixioso ou influínte; preferían o varón á muller, por canto esta era considerada inferior ao home, se ben aceptaban de bo grao á esposa dun fidalgo. A maior honra, non obstante, residía no feito de ser apadriñado por un matrimonio de notables. Neste modelo desaparece a paridade, é un acordo entre distintos; un pacto, polo tanto, de índole clientelar que asegura aos padriños a fidelidade inmediata dos seus compadres e tamén a futura, en canto medre, do seu novo affillado.

Un exemplo paradigmático de padriñados múltiples encarnados en membros de familias fidalgas encontrámolo nos Mondragón, fa-

milia de orixe vasca asentada na parroquia de Remesar no século XVI. Un dos membros daquela estirpe, o lienciado Andrés Mondragón, contrae nupcias con Juana Bermúdez de la Maza, fixando o novo matrimonio a súa residencia en Vilasusán. Alí nacen, entre outros fillos, Luisa e Gerónima Mondragón, que casan a troco en Remesar con Antonio e Gregorio Regueira Freixomil, respectivamente, o día 28 de xuño de 1655. Luisa e Antonio posiblemente pasaron a vivir na casa petrucial do marido, fóra da arroquia, mentres que Gerónima e Gregorio establécense con seus pais na casa familiar da Vilasusán, hoxe desaparecida, onde conviven con tíos maternos e irmáns de Gerónima. Intégranse na vida da parroquia apadriñando numerosos meniños e traen ao mundo a Rafael, Isabela e Antonia.

Fillos e pais Mondragón	Padriños
3.1656 Rafael, de D. Gregorio Regueira Freixomil ye Dª. Gerónima Mondragón	Ldo. D. Antonio Carreira, Rector de Curantes
9.1657 Isabela, de D. Gregorio Regueira Freixomil e Dª. Gerónima Mondragón	Ldo. D. Juan Posse de Leis, Rector de Rubín e Dª. María Mondragón, súa tía
11.1658 Antonia, de D. Gregorio Regueira Freixomil e Dª. Gerónima Mondragón	D. Andrés Mondragón e Dª. Juana Bermúdez de la Maza, seus avós

Padriños Mondragón	Fillos e pais
12.1654 D. Andrés Mondragón e Catalina Rebola	Andrés, de Alberte Bernal e Margarita Ribadulla
12.1654 D. Andrés Mondragón e a súa filla Dª Gerónima Mondragón	Agustina, de Juan Gómez e Inés Besteira
6.1656 D. Gregorio Regueira Freixomil e a súa cuñada Dª Antonia Mondragón	Antonio, de Domingo Fernández e Esteba Batallán
7.1656 D. Gregorio Regueira Freixomil a súa cuñada Dª Antonia Mondragón	Luisa, de Domingo Bernal e Juana Batallán
2.2.1657 D. Andrés Mondragón e Alberta Loisa	Andrés, de Gabriel Rodríguez e María Riamonde
7.4.1657 Alberte Barcala e Dª Antonia Bermúdez de Mondragón	Silvestre, de Domingo Ares e Gregoria Mouríño
9.1657 Ldo. D. Juan Posse de Leis e Dª. María Mondragón	Isabela, de D. Gregorio Regueira Freixomil e Dª Gerónima Mondragón

Padriños Mondragón	Fillos e pais
1.1658 D. Gregorio Regueira Freixomil e súa cuñada Dª. Benita Mondragón	Alonso, de Catalina Batallán
9.1658 D. Gregorio Regueira y Freixomil e a súa esposa Dª. Gerónima Mondragón	María, de Gabriel Vilar e María Pazos
11.1658 D. Andrés Mondragón e a súa esposa Dª. Juana Bermúdez de la Maza	Mariña, de D. Gregorio Regueira y Freixomil e Dª. Gerónima Mondragón
5.1659 D. Gregorio Regueira y Freixomil e a súa esposa Dª. Gerónima Mondragón	Gregorio, de Jorge Porto e María Remesar
7.1659 D. Benito Mondragón e súa irmá Dª. Francisca Mondragón	Benito, de Juana Batallán
8.1659 D. Gregorio Regueira y Freixomil e súa sogra Dª. Juana Bermúdez da Somoza	María, de Domingo Ares e Gregoria Mouraña
2.1660 D. Andrés Mondragón e súa filla Dª. Benita Mondragón	Andrés, de Andrés Bascoas ye Dominga Besteira
4.1660 D. Benito Mondragón e súa nai Dª. Juana Bermúdez de la Maza	Bernarda, de Amaro Mariño e Antonia Bascoas
11.1660 Juan Gómez e Dª. Gerónima Mondragón	Catalina, de Domingo Baloira e Dominga Regueiro
4.1661 D. Andrés Mondragón e súa filla Dª. Francisca Mondragón	Felipa, de Domingo Fernández e Esteba Batallán
11.1661 D. Juan Antonio Mondragón e súa irmá Dª. Benita Mondragón	Tomé, de Andrés Bascoas e Dominga Besteira
3.1663 D. Gregorio Regueira y Freixomil e Dª. Gerónima Mondragón	Helena, de Antonio Remesar e María Brey
3.1663 Cristobo Vilar e Dª. Gerónima Mondragón	Dominga, de Bm. Gorís e Dominga Porto
3.1663 D. Antonio Romero e Dª. Antonia Mondragón	Felipe, de Domingo Fernández e Esteba Batallán

Pola súa parte varios membros da familia Mondragón apadriñan, sempre na modalidade de padriñado doble, outros meniños (ata o 21% dos nacidos no período de 1650); deses casos documentados temos:

- a) Ambos os dous padriños pertencen á familia Mondragón: 14 casos.
- b) Un dos padriños é alleo a ela: 7 casos, dos que 5 son varóns (2 con don) e 2 mulleres.

Cómpre salientar o trato preferente dispensado ao matrimonio formado por Domingo Fernández e Esteba Batallán a quen apadriñan 3 nenos, levando dous deles os nomes de Felipe e Felipa en honra quizás do monarca reinante. Do matrimonio formado por Andrés Bascoas e Dominga Besteira levan á pía bautismal a dous infantes e outros dous a Domingo Ares e Gregoria Mouríña. Os outros 12 bautizados repártense entre 10 matrimonios e 2 mulleres solteiras de apellido Batallán.

A vista dos datos expresados podemos establecer con bastante exactitude a rede de compadrado-padroad o que a familia Mondragón establecera en Remesar entre 1654 e 1663 e salientar tamén os puntos fortes –quizás as fidelidades más probadas ou os mellores servicios prestados– que revelan os números e as frecuencias. Vemos dúas nais solteiras que se acollen á protección daqueles notables para subsanar en certo modo a situación de manifesta inferioridade en que se encontraban porque elas mesmas e todos os demais pais eran perfectamente conscientes de que as obrigas consustanciais ao padroad o que se sometían –e que máis tarde deberían asumir os apadriñados– serían convenientemente compensadas de diversas maneiras. Debemos supoñer que todos eles gozarían, no estreito ámbito das relacións sociais rurais, dun estatus de certo privilexio, relacionándose fluídamente compadres, padriños e afillados; entrando na casa grande por Pascua e Nadal, sendo obxecto preferente da caridade dos notables padriños e recibindo agasallos e favores. Pero cabe sinalar que a ceremonia do bautismo brindaba a aqueles a oportunidade excepcional de distinguir a certas persoas cunha honra aínda maior que apadriñar aos seus fillos, e esta consistía en admitilos na súa compañía a modo de padriños ou madriñas. Este favor especial, como pode advertirse na correspondente taboa foile concedido a cinco persoas do común e a outros dous significados co don, un deles sacerdote.

Frecuencia dos apelidos dos afillados dos Mondragón

Apellidos	Frecuencia	Persoas
Ares	2	1
Baloira	1	1
Bascoas	3	2
Batallán	6	3
Bernal	2	2
Besteira	3	2
Brey	1	1
Fernández	3	1
Gómez	1	1
Gorís	1	1
Mariño	1	1
Mouriña	2	1
Pazos	1	1
Porto	2	1
Regueira	1	1
Remesar	2	2
Riamonde	1	1
Ribadulla	1	1
Rodríguez	1	1
Vilar	1	1

Na sociedade galega dos séculos XVII e XVIII certos apelidos denotaban a pertenza á fidalguía ou nobleza, daquela moi vinculada á vida rural e rendas da terra; así nesta nosa zona viviron os Gil Taboada, Valenzuela, Bermúdez de la Maza, Mondragón e Rodríguez de Figueroa, entre outros. Todos eles, sen excepción desfrutaban dodereito a empregar o *don* ou o *dona*, atributo distintivo da súa pertenza a unha caste superior e que o sacerdote consignaba escrupulosamente nas correspondentes partidas. Co paso do tempo este uso foise democratizando, deixou de ser exclusivo da nobreza e estendeuse a outros estamentos como xuíces, maxistrados, bacheleiros, licenciados, escribáns ou sacerdotes; tamén a negociantes, mercadores e diversos profesionais. Como xa temos visto estes notables estaban moi solicitados como padriños e estes, pola súa parte, vían

recompensada a súa boa disposición incorporando con cada bautizo novos elementos á súa rede de padroado.

Na nosa área de traballo os apelativos *don* e *dona* vincúlanse case exclusivamente a fidalgos e clérigos. Da análise cuantitativa das parroquias de San Cristobo de Remesar e Santo André de Vea (1650-1850) extraemos as seguintes consideracións:

1. As persoas con apelativo *don/dona* son maioritariamente padriños varóns; consideramos excepcional a numerosa presenza de madriñas en Remesar no periodo de 1650, resultado da numerosa prole feminina da familia Mondragón-Bermúdez de la Maza. 2. Os padriños con *don/dona* superan amplamente aos pais. 3. O número de pais con aquela partícula supera ao de nais. 4. En Remesar predomina o elemento fidalgo nos apadriñamento; en Santo André de Vea, o clerical. 5. A partícula prakticamente desaparece a partir de 1850.

Remesar, 50 bautizos por periodo. Pais e padriños con don/dona

Ano	Pai	Nai	Padriño	Madriña
1650	3	3	17/2 clérigos	19
1700	3	4	8/1 clér.	3
1750	0	0	7/2 clér.	2
1800	4	1	4/2 clér.	0
1850	0	0	0	0

Santo André de Vea, 50 bautizos por periodo. Pais e padriños con don/dona

Ano	Pai	Nai	Padriño	Madriña
1650	1	0	5/3 clérigos	0
1700	0	0	9/5 clér.	3
1750	1	1	12/8 clér.	1
1800	1	0	10/6 clér.	2
1850	1	0	0	0

Cómpre salientar o enorme repertorio de posibilidades de socialización que prometía a cerimonia bautismal; á súa sombra téncense complexas redes de solidariedade, lógrase favor e axuda, asegúranse

fidelidades e fráguanse amizades. Cada bautizo ofrece unha oportunidade na que participan de diversos modos persoas de diferente calidade e procedencia.

Xa vimos que en Remesar é único o padroado bautismal, establecido arredor do indiscutible liderado dos Mondragón de Vilasusán. Sen embargo detectamos na anexa parroquia de Riobó outra trama solidaria baseada no compadrado, establecida entre xentes do común e encabezada por unha serie de *veciños de referencia* arredor dos que se concentra unha importante porción de padriñado sen que cheguemos a coñecer con exactitude a orixe do seu éxito social, pois, como xa temos dito, apadriñar moitos meniños era considerado daquela un indiscutible signo de prestixio. Encontramos 38 enlaces relacionais de compadrado establecidos exclusivamente entre os tres últimos padriños da taboa anterior, mostra breve pero significativa pois pon en evidencia o alto grao de implicación social que suscita o bautismo e a perfecta conciencia dos participantes de estaren conformando un corpo solidario de pais, padriños e affillados que os fortalece fronte ás adversidades.

Frecuencia de participación no padriñado en Remesar e Riobó 1654-63.
Excluída familia Mondragón

Nº persoas	66	5	3	2	0	3	4	1	1
Nº bautizos	1	2	3	4	5	6	7	8	9

Cabe preguntar agora polos ausentes, por aquela persoas que nunca gozaron da honra de ter levado á pía a un recén nacido, ben porque non o desexasen ou porque ningúén llo pedise. Urxe pois establecer un reconto de ausencias pois oculta tras delas quizás encontremos a pobreza extrema ou a marxinalidade.

IV. A transmisión e o número de nomes

Cada vez que unha nova persoa viña ao mundo a súa familia debía afrontar de inmediato a urxente tarefa de bautizala. Daquela xa estaría elixido o correspondente padriño, madriña ou ambos os dous, circunstancia que presupón un certo grao de previsión especialmente cando algúns deles, como se verá máis adiante, debía desprazarse

dalgún lugar alonxado. E ademais elixir, conforme ao sexo do neonato e previo consenso cos padriños, o nome ou os nomes que debía levar. A elección de nome, cometido aparentemente simple, comportaba en realidade unha dose bastante alta de complexidade pois o apelativo propio contribuía a singularizar a cada persoa (función individual) entre os demais membros do seu entorno social. Pero o nome posuía tamén unha función representativa ao incorporar a tradición familiar; representaba a continuidade da liñaxe e facía visibles os vínculos que relacionaban ao novo cristiano con certos membros do grupo humano ao que pertencía. En ocasións o apelativo podía adoptar un carácter simbólico; así, os pais –ou os padriños ou o propio sacerdote– podían elixir Natividad, Pascua, Epifanío, Santos ou Encarnación cando o nacemento coincidía con algún daqueles tempos litúrxicos; ou ben optaban por Martiño, Cristobal, Vicente ou Xiao, santos patronos de Riobó, Remesar, Berres ou Guimarei, cando viña ao mundo nalgunha daquelas parroquias. Era múltiple e moi variada a casuística da elección de nome, sen embargo, como demostran os estudos deica agora realizados e confirma a nosa investigación, o máis habitual era asignar ao recién nacido o nome dos padriños ou dos pais. Na seguinte taboa cuantifícase a relación de homonimia establecida entre os bautizados e seus pais, padriños e, a partir de 1800, seus avós. Neste último caso, cando coinciden padriño e avó, contamos un só. Nos nomes múltiples tomamos todas as coincidencias pois, como xa se ten dito, no propio nome vai implícita unha parte da tradición, que se incorpora deste modo ao patrimonio familiar común, advertindo que esta circunstancia pode aumentar a frecuencia de coincidencias.

Homonimia 1635-1850 do bautizado con 1, pais; 2, padriños; 3, avós

	1635			1650			1700			1750			1800			1850		
	1	2	3	1	2	3	1	2	3	1	2	3	1	2	3	1	2	3
S. Andrés	35	65		48	52		11	79		16	84		13	67	20	9	58	33
Remesar-Riobó				13	87		19	81		17	83		14	60	26	17	56	27
Rubín-Lamas	17	83		27	73		24	76		11	89		11	57	32	18	46	36
Orazo-Loimil	41	59		36	64		25	75		16	84		9	63	28	17	51	32

Observamos que o nome dos pais nunca supera o dos padriños, suxeitos principais do acto sacramental ao asumir consciente e responsablemente (pois na súa inmensa maioría eran persoas adultas) a responsabilidade da educación cristiana do neonato, circunstancia que o celebrante se preocupa de lles lembrar durante a ceremonia e plasma escrupulosamente ao final de cada partida. Era pública e notoria a filiación de cada infante aínda que non necesariamente a dos padriños; dábase por suposta a incondicional protección dos pais pero había que conquistar a dos padriños. De modo que levar o nome desta ou daquela persoa era unha maneira de refrendar publicamente a relación formal ratificada no bautizo; de recoñecer a quen se debía obligación e respecto; de manifestar de quen se recibía consideración e favor. A aparición dos nomes dos avós nas actas bautismais ofrece novas perspectivas de análise. Xa vimos como nas épocas de forte emigración decimonónica, especialmente masculina, os avós e ata certo punto tamén os tíos asumían labores de amparo e tutela da familia e socorro da nai soa en sustitución do pai. Deste modo a homonimia consanguínea relacionada cos avós corre paralela á súa progresiva incorporación ao apadriñamento, duplicando incluso a dos propios pais.

Deica principios do século XVIII continuou en vigor a norma de asignar un só nome a cada persoa de modo que era extremadamente raro na antropónimia galega atopar nomes compostos. É a partir de 1700 cando se espalla e consolida esta modalidade, a imitanza quizás dos usos aristocráticos, se ben cabe deducir que o feito de imponer dous, tres ou máis nomes ao bautizado foi cosecuencia da tendencia expansiva dos vínculos e relacións sociais establecidos por mediación do padriñado e compadrado. Os pais do infante, nos seus cálculos prebautismais, do mesmo xeito que haberían facer nos futuros cálculos prenupciais dos seus fillos, estudaban coidadosamente as posibilidades de aproveitaren ao máximo no seu proveito unha ceremonia de moi alto contido simbólico e social procurando para eles o maior número de apoios, explícitos no padriñado pero sen dúbida tamén fóra del pois sería razoable pensar que cando o nome ou nomes do bautizado non coincide con ningún dos consignados na acta sí habería facelo con outras persoas que, á marxe do

sacramento, préstanlle o seu en prenda de amizade, tutela ou axuda. Recoñecemos pois un vínculo ratificado pola autoridade eclesiástica na cerimonia bautismal, pero tamén fóra dela ou por ambas as dúas simultaneamente.

Número de nomes do bautizado, 1635-1850

Ano	S. Andrés Vea				Remesar-Riobó				Rubín-Lamas				Orazo-Loimil			
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
1635	100	0	0	0	-	-	-	-	100	0	0	0	99	1	0	0
1650	99	1	0	0	99	1	0	0	100	0	0	0	100	0	0	0
1700	46	52	2	0	58	40	2	0	74	25	1	0	73	27	0	0
1750	34	51	14	1	40	57	3	0	31	58	11	0	45	53	2	0
1800	76	23	1	0	41	54	4	1	29	66	5	0	75	24	1	0
1850	88	12	0	0	31	61	7	1	49	45	6	0	53	45	1	1

Vexamos o caso de *Juana Micaela Eugenia Riamonde Besteiro*, filla de Benito e María e nacida en Lamas o 15.11.1751. Os seus padriños foron Miguel Novoa e Juana Besteiro. Un Eugenio ou Eugenia, ausente da acta, prestou á meniña o seu nome e quizás tamén a súa tutela e axuda.

Domingo e Rafaela, pais de *Manuela María Josefá*, nacida en Lamas o 27.12.1751 nun caso claro de homonimia simbólica, encomendan a súa filla á Sagrada Familia ao ter nacido en plena festa do Nadal.

José Ignacio Antonio, fillo de Mario e Ana, nado en Lamas o 19.3.1753, é apadriñado por don Ignacio de San José (Pbro.) e Ana Rozados. Un dos seus nomes fai referencia explícita ao padriño; outro deles ao santo do día e o terceiro a unha persoa descoñecida.

Caetano Fructuoso Joaquín veu a luz en Lamas o 20.12.1753, fillo de Francisco e Rosalía; o seu padriño *in solidum* foi don Caetano Andújar (Pbro.) ¿Quen foron Fructuoso e Joaquín? O ascendente relixioso do padriño e o infrecuente dos apelativos nos remiten ao santoral católico e as devocións do padriño.

V. A procedencia xeográfica dos padriños

As relacións de padriñado esixen se non o contacto permanente dos padriños cos afillados de seu sí a proximidade que lles permita cumplir as obrigas que solememente contraíron ao asumir a súa responsabilidade; ou sexa, conducir ao afillado polo camiño da fe e ensinarlle a doutrina cristiana. Aínda sabendo que a Igrexa recoñece que dita tarefa, na práctica, recae sobre os pais e membros do clero, ben seguro que aceptaría de moi mal grado un padriñado absentista xeralizado; de feito, tralo cotexo de miles de partidas bautismais, son escasísimos os casos de padriñado por representación que temos atopado. Algo semellante sucedería coas relacións de compadrado, eminentemente sociais, de percepción e prestación de consello, amizade, solidariedade e apoio para o que é condición indispensable un regular contacto e razoable proximidade entre as persoas.

Orixes dos padriños %. Faltan datos de Rubín-Lamas 1800 por omisión na fonte

Ano	S. Andrés Vea			Remesar-Riobó			Rubín-Lamas			Orazo-Loimil		
	1	2	3	1	2	3	1	2	3	1	2	3
1635	76	22	2				55	21	24	55	25	20
1650	61	22	17	63	20	17	45	42	13	66	25	9
1700	71	16	13	56	35	9	57	34	9	70	23	7
1750	70	21	9	56	30	14	65	26	9	72	20	8
1800	72	23	5	59	29	12				66	20	14
1850	73	20	7	57	29	14	61	29	10	68	11	21

1. Propia parroquia. 2. Parroquias limítrofes. 3. Outras.

A realidade dos feitos confirma o noso apriorismo: entre 1635 e 1850, nas catro áreas xeográficas obxecto deste estudo, a maior parte dos padriños proceden da parroquia onde reciben bautismo os seus afillados (63,36% como media), proporción que acada o 88% se se introducen no cálculo os padriños orixinarios das parroquias colindantes; desde elas pode garantirse de igual modo o contacto e dispoñibilidade dos padriños con respecto aos seus afillados, e dos compadres entre sí, porque sería a distancia física e non a pertenza a unha ou a outra comunidade parroquial o factor determinante. As

cifras referidas á procedencia xeográfica así como a maioritaria elección de padriños achegados manteñen a través de todos os periodos unha notable estabilidade, o que vén demostrar o éxito daquel criterio de “razoable proximidade”.

VI. O parentesco bautismal

O estudo do parentesco bautismal na súa doble acepción (padriños co bautizado e entre sí) mediante as correspondentes partidas hase abordar con prudencia pois non sempre o párroco consignaba explicitamente aquela información, de modo que, na súa ausencia, aceptamos os parentescos deducidos dos apelidos. Habemos considerar tamén o feito de que o incremento do padriñado único, especialmente de 1750 en adiante, reduce á mitade as posibilidades de vinculación parental; pero aínda así é constatabel o importante e progresivo aumento da participación das familias no padriñado (especialmente avós e tíos) a partir daquela data, circunstancia que confirma a magnitude do fenómeno que podemos denominar “proceso de familiarización do parentesco espiritual” onde o parentesco espiritual consanguíneo e non consanguíneo acadan taxas similares; así no periodo 1850 obtemos para aquel un 49,69% en Orazo-Loimil, un 54,30% en Rubín-Lamas, un 48,52% en Remesar-Riobó e un 63,73% en Santo André de Vea. Con todo as cifras deberon ser más altas en épocas temperás, para as que carecemos dos datos dos avós se ben se constata na evolución secular o progresivo incremento do padriñado familiar, do que ofrecemos unha mostra resume na seguinte taboa.

Parentesco dos padriños co bautizado, %

Ano	S. Andrés Vea	Remesar-Riobó	Rubín-Lamas	Orazo-Loimil
1635	14'57		8	14'5
1650	18	10'55	12'5	15'5
1700	19, 28	33'8	20'2	19'27
1750	28'79	38'6	29'8	30'45
1800	43'81	40'69	42'68	43'8
1850	63'73	48'52	54'30	49'69

Aquel proceso de familiarización do parentesco espiritual orixinado no bautismo afecta tamén, evidentemente, á relación de compadrado de modo que no reducido ámbito da familia producíase unha conxunción sinérxica de vínculos parentais consanguíneos e espirituais. Unha mesma persoa podía ser nai e comadre dun dos proxenitores e avoa do seu afillado á par que madriña. Casos semeillantes de acumulación de vínculos darfase no caso de tíos e irmáns do bautizado, acadando o grao extremo da endogamia bautismal a concorrenza como padriños dos irmáns do pai, da nai ou do propio neonato.

VI.1. O parentesco dos padriños entre sí

Xa vimos como podían potenciarse os vínculos consanguíneos e espirituais recorriendo ao padriñado intrafamiliar, e o modo en que aqueles podían reforzarse aínda máis se cabe recorriendo a familiares do neonato que tamén o fosen entre sí, de modo que no seo da propia familia atopábase satisfacción ás necesidades físicas (nutrición, vestido, etc) e espirituais do novo cristiano aínda que é certo que a Igrexa prefería para eses cometidos persoas distintas, do mesmo modo que os párrocos non vían con bos ollos, aínda sendo perfectamente lícito facelo tendo acadado o uso de razón, o padriñado único infantil, de modo que vemos case sempre aos meniños padriños a carón dun adulto, xeralmente un dos seus pais.

Parentesco dos padriños entre sí, %

Ano	S. Andrés Vea	Remesar-Riobó	Rubín-Lamas	Orazo-Loimil
1635	8		14	12
1650	10	17	14	7
1700	7	42	16	24
1750	14	30	17	53
1800	13	12	24	54
1850	38	31	44	51

O cálculo limitouse, evidentemente, aos padriñados dobles. Á hora de cuantificar este aspecto reiteramos a frecuente omisión por parte do párroco dos datos referentes ao parentesco entre padriños;

así mesmo hase ter en conta o factor restrictivo que supón a incidencia dos padriñados únicos, de modo que, como se recoñecía no apartado anterior, os casos reais han superar abondo os casos rexistrados.

Na evolución secular apréciase unha tendencia ao aumento do parentesco entre padriños, especialmente perceptible nas parroquias de Orazo e Loimil; algo menos notorio nas outras debido quizás a defecto rexistral. O parentesco máis frecuente é o matrimonial (43% do total en Vea, 61% en Remesar e Riobó, 66% en Rubín e Lamas e 73% en Orazo e Loimil para 1850) circunstancia que demostra con claridade ata que punto a experiencia dos séculos, a valoración da estabilidade e a elemental prudencia aconsellaba fiar a tutela do recién nacido a persoas unidas por vínculos moi estables. O máis habitual nestes casos era recurrir ao matrimonio de tíos ou avós do nenoxo; a opción pais-fillos e irmáns elixíanse como terceira e cuarta opción, respectivamente. Quedarían sen especificar algúns poucos casos incorporados a este apartado específico en virtude da razoable deducción do parentesco mediante os apelidos.

Consideraremos agora algunas outras circunstancias referentes ao padriñado que, áinda de índole secundaria, non carecen de interés. A primeira ela sería a idade dos padriños, referencia que podemos deducir de forma indirecta mediante a escasa información que o párroco inclúa na partida pois en ningún caso se expresa a idade; así a referencia ao estado “solteiro” ou “solteira” faría mención a persoas xoves, do mesmo xeito que “casado” ou “viuva” faino a persoas plenamente adultas. Os padriños máis novos, case sempre en compañía dun dos seus pais, serían os irmáns do bautizado que tivesen acadado o uso de razón, arredor dos sete anos. No segundo chanzo de idade –aproximadamente a mesma cós pais por pertencer á mesma xeración– encontraríanse os tíos e xa no terceiro encontrariamos os avós, ou, en moi contadas ocasións os bisavós. Certas notas aclaratorias que acompañan a identificación dos padriños permítennos, do mesmo xeito, deducir que pertencen á idade adulta; así “párroco de tal lugar”, “marido de tal persoa”, “de oficio carpinteiro”, entre outros. Evidentemente esta escala de idades afecta tamén ás relacións de compadrado, de modo que os pais, en cada caso, buscarían

nos padriños dos seus fillos persoas que acompañasen a estes no seu crecemento (no caso de nenos e adolescentes), xente da súa mesma idade coa que compartir amizade e axuda solidaria e, nas persoas de maior idade encontrarían protección e experiencia. Sen esquencer que o recurso ao padriñado dos avós, en certas circunstancias, podería interpretarse como táctica para inclinalos ao seu favor nas súas disposicións testamentarias.

En segundo lugar referímonos ao lento pero progresivo proceso de familiarización que experimentaron as relacións de padriñado e compadrado. En canto ao número de padriños, no período pretridentino a Igrexa chegou a aceptar un multipadriñado extremo no que podían participar tres, cinco ou máis persoas. Trala recepción das normas de Trento o número reduciuse a dúas como máximo, opción maioritaria deica o ecuador do século XVII cando aquela modalidade perde o seu monopolio case absoluto e o padriñado único comeza a gañar adeptos. Por aquelas mesmas datas consolídase o que demos en denominar “proceso de familiarización” das relacións de padriñado e compadrado, que fomos seguindo no seu crecemento deica a decimonovena centuria. Poderíamos referirnos pois –no ámbito cronolóxico deste noso estudo e observando como punto de inflexión a mitade do século XVIII– a unha época de padriñado e compadrado exofamiliar, de carácter dúplice e cun patente carácter patronal-clientelar e outra posterior de marcada presencia de padriñado e compadrado únicos e forte compoñente familiar e consanguíneo.

O parentesco dos padriños co afillado e entre sí é así mesmo susceptible de gradación. No punto cero da escala situariamos ao padriño alleo á familia, e seguiríamos:

1. Un familiar, xeralmente irmán.
2. Un familiar, xeralmente tío.
3. Un familiar, xeralmente avó.
4. Dous familiares sen parentesco mutuo.
5. Dous familiares parentes entre sí.
6. Dous familiares unidos por matrimonio.
7. Os avós paternos ou maternos con domicilio fóra da parroquia.

8. Os avós paternos ou maternos con domicilio na mesma parroquia.
9. Os avós paternos ou maternos que vivían no domicilio familiar.

VII. Consideracións finais

Os dous sacramentos máis intimamente relacionados coa función reproductora da familia, o bautismo e o matrimonio, estiveron en todo momento sometidos ao estrito control das autoridades eclesiásticas. Aínda así quedaban certos espazos de liberdade nos que as persoas podían intervir libremente ata o punto –no caso do matrimonio– de que da adecuada xestión dos enlaces podía depender nada menos que a propia supervivencia da familia. Algo parecido sucedía, aínda que en menor grao, co bautismo. Tras cada un dos nacementos os pais debían renovar o secular rito da elección de padriños (uestión moi presente no refraneiro popular) conforme aos usos e costumes de cada lugar e as posibilidades propias. É certo que nas nosas parroquias de referencia nacían ao ano moitos meniños; a todos se lles administraba solemnemente o sacramento bautismal e todos recibían un nome e polo menos un padriño, pero tamén o é que moitos deles falecían antes de cumplir sequera o primeiro ano de vida e bastantes non chegaban aos dez anos. Pero os vínculos de compadradado e solidariedade seguían vixentes, sobrevivían ao falecemento do afillado de maneira que aqueles vínculos de amizade e solidariedade infiltraba a sociedade xerando unha tupidísima rede de interrelacións das que poucas persoas estaban ausentes e constituíndo, ao noso xuízo, a máis completa trama de socialización da Galicia rural durante moitos séculos.

Hai razóns para pensar que a institución do compadradado tivo a súa etapa de florecemento na época tridentina, na súa función más laica e materialista de relación patronal e clientelar. Daquilo quedarían como testemuños as partidas más antigas que conservamos, do século XVI, donde frecuentemente se designa aos padriños baixo a súa acepción de parentes espirituais dos pais do bautizado: fueron compadres...: fórmula que desaparece a medida que se vai avanzan-

do no tempo, ata desaparecer completamente nos primeiros anos do XVII. Por outra banda as disposicións conciliares de Trento prestaron unha extraordinaria importancia ao sacramento bautismal suprimindo os elementos máis frívolos e profanos a fin de destacar a súa dimensión espiritual e teolóxica.



Breve e familiar historia do apelido Castro

Manuel Cabada Castro

m.cabada@res.upcomillas.es

Resumo. Neste breve artigo faise un percorrido cronolóxico e xenealóxico, case sempre só indicativo máis que contextual ou explicativo, sobre os portadores do apelido Castro que se van sucedendo desde aproximadamente mediados do século XVII ata o século XX e que se manteñen en liña directa co propio e segundo apelido Castro. Nesta sucesión humana das xeracións, non deíxan de xurdir aquí e alá pequenos feitos ou noticias que aprenden a ver a riqueza e a diversidade dos acontecementos existentes nun limitado e concreto espazo humano, identificado fundamentalmente coa parroquia estradense de Sabucedo.

Abstract. This brief article makes a chronological and genealogical study, almost always indicative rather than contextual or explanatory, about the bearers of Castro surname from the middle of the 17th century to the 20th century and along the lines of the own and second surname of the author, Castro. In this human succession of generations, there are small facts and news that teach to see the richness and wide variety of events in a limited and specific human space, mainly identified with Sabucedo parish, in A Estrada city council.

Ser Castro en sangre
y de Galicia, si no es
lo más, es lo más grande

LOPE DE VEGA

Estas sucintas notas non foron concibidas en principio para seren publicadas. Hai uns trinta anos que fixen un primeiro esbozo e durmían desde entón no fondo dun caixón despois de llas dar a coñecer a algúns familiares más próximos e a algún outro amigo. Coa idea, porén, de que puidera haber algún outro interesado en lelas, velaquí van agora en forma impresa.

A razón de me limitar, dentro da súa obvia cativeza, ó meu segundo apelido Castro ten unha decisiva razón sentimental. Daquela á miña nai, enferma de cancro, da que recibo inmediatamente o meu segundo apelido Castro, quedáballe pouco tempo de vida e

quería recibir información dela sobre parentes e familiares. Tiña moi boa memoria e axudábame así moito a completar informacóns que acadara xa eu en certa medida consultando outras fontes de maneira especial os libros vellos pertencentes á igrexa da parroquia de San Lourenzo de Sabucedo (A Estrada). Da súa nai (e avoa miña) non puidera ela recibir noticias e informacóns dado que aquela morrera cando a súa filla (e nai miña) non chegara sequera a cumplir os cinco anos. En troques, podía eu agora recibir dela o que non puidera obter da súa nai.

Os esquemáticos apuntes ou informacóns que seguen veñen sendo algo así como cativas pedras fitas no devir xenealóxico e biográfico dunha parte dos Castro de Sabucedo. Sería ese o seu único e pequeno valor. Non pretenden máis.

Benito de Castro (nado en ¿1660?), tataravó do meu tataravó

Benito de Castro vén sendo o tataravó do meu tataravó Felipe de Castro Cabada. Non piden saber quen eran os seus pais, aínda que quizais o pai de Benito de Castro se chamase tamén, coma el, Benito de Castro, porque no libro da Cofradía do Santísimo Sacramento da parroquia de Sabucedo figura como pertencente a ela, en 1645, un “Benito de Castro”. Tampouco sei cando nacería, mais coido que sería sobre o ano 1660 (máis ou menos), tendo en conta que o seu primeiro fillo nace en 1692.

Coñecemos o nome da súa muller e dos catro fillos. Ela chamábase *Magdalena Fernández*. Os fillos (semella que nesta orde) foron: *Salvador* (do que logo falamos, *Ángela*, *Rufina* e *Michaela*). Dos libros parroquiais tomamos algúns datos sobre as tres fillas:

Ángela casou en 1718 (noutro lugar parece que en 1722) con *Manuel Gosende*. Tiveron dúas fillas: *Jacinta* e *Isabel*. *Ángela* morre en 1768.

Rufina: casou en 1727 con *Bartolomé Gossende*. Teñen douceños fillos (*Juana Francisca*, bautizada en 1728, e *José Pablo*, bautizado en 1734). *Rufina* morre en 1777. *Antonio Rodríguez Fraiz* dános algunhas informacóns sobre *Rufina* e o seu home: “*Bartolomeu*

Gosende, mestre de cantería, nado en Ceredo nos derradeiros do século XVII, irmán de Antonio de Gosende, casou en Sabucedo con Rufina de Castro, tivo o pasamento no xaneiro do 1735, en Xuvencos –Carballiño– cando se achaba traballando naquela eirexa e casas dos campesiños. Consta que a súa viúva en San Lourenzo de Sabucedo –Coto de Codeseda– deulle poder a Íñigo Obelleiro, de Sabucedo: ‘para que pueda reclamar ante la Justicia de Sabiñao y cualquiera tribunales … a la persona o personas que fuesen vecinos de la fra. de Santiago de Juvencos de dicha Jurisdicción y que estuviesen debiendo a la otorgante partidas de maravedís procedidas de jornales que quedaron debiendo a su marido difunto que trabajaba en el oficio de cantero’ ...”¹.

Michaela: semella que esta é tamén filla de Benito de Castro e MAGDALENA Fernández. Digo isto porque no Libro de Casados da parroquia de Sabucedo cando se di que Michaela casou en 1731 con Gonzalo Ginarte, dise alí que é filla de Benito de Castro e M. FELIPA Fernández (supoño que a M. é abreviatura de Magdalena e que *Felipa* sería o seu segundo nome).

Salvador de Castro Fernández (1692-1758), bisavó do meu tataravó

Salvador debeu de ser o primoxénito dos catro fillos de Benito de Castro e Magdalena Fernández porque contrae tamén matrimonio antes que as súas tres irmás. Das fillas de Benito e Magdalena descoñezo as datas de nacemento; pero o ano de nacemento de Salvador debeu de ser o 1692, porque cando se fai o 16 de setembro de 1752 o Catastro da parroquia de Sabucedo, Salvador aparece nel coa idade de 60 anos e de oficio carpinteiro².

Salvador casa en 1715 (ou 1722) con Josefa Monteagudo (que morre antes ca el). Salvador morreu en 1758 fóra de Sabucedo e foi enterrado no interior da igrexa parroquial de San Martín de Fontecada (pertencente ó concello de Santa Comba, na provincia da

1 Luis Fernández de Rivas, fo. 18. Nro. 1784. Arq. Hist. Pontevedra. Cf. Antonio Rodríguez Fraiz, *Canteiros e Artistas da Terra de Montes e Ribeiras do Lérez*, 1982, p. 212.

2 Ver o Cat. Marqués de Ensenada, *Libro Personal de Legos (parroquia de Sabucedo)*, Arq. Hist. de Pontevedra. Cf. Antonio Rodríguez Fraiz, o. c., p. 495-496.

Coruña), a medio camiño entre Negreira e Baíñas. Velaquí un interesante documento sobre o pasamento de Salvador que me proporcionou o párroco de Fontecada, Juan-Ventura Vázquez Camino, ó lle solicitar eu posíbeis datos sobre o falecemento de Salvador, pois sabía eu polos libros parroquiais de Sabucedo que morrera en San Martín de Fontecada. En carta do 16 de marzo de 1987 escrébeme o seguinte:

Efectivamente en este archivo y en un libro de 'Bautizados, Muertos y Casados' figura una partida de defunción y enterramiento que le transcribo: Al margen *Forastero*. Salvador de Castro. En el cuerpo de la partida: 'En veinte de Noviembre del año mil sete cientos cinquenta y ocho, murió en esta f^a [feligresía] de San Martín de Fontecada, Salvador de Castro, viudo que fue de Josepha Monteagudo, y vezino de la f^a de Sⁿ Lorenzo de Sabucedo, recibió los S^{tos} Sacramentos de Penitencia, Eucaristía y Extremaunción, hizo una memoria simple de testamento por ante testigos, por no averla querido hazer auténtica, en la que dispuso su entierro, declaró lo que se le debía en este paraje, y en el suyo, y mandó sus bienes a sus cuatro hijos por aguales partes. Asistieron a su entierro siete Sres. Sacerdotes incluso mí [yo?] se dio sepultura a su cadáver, en el día v^{te} y uno, en una [sepultura] de seis r^s [reales] dentro de la Igl^a Parroquial de esta dha f^a de Sⁿ Martín de Fontecada, y como cura que soy de ella lo firmo en el día v^{te} y uno del mes y año referido arriba'. fdo. Diego de Fuentes Carrera.

Dos catro fillos (dos que fala a partida de defunción) de Salvador de Castro só coñezo o nome de tres:

Antonio (ver despois).

Manuela: casa en 1746 (no mesmo ano có seu irmán Antonio) con Juan Ribas Monteagudo e morre en 1769.

Alberta: debeu de nacer no ano 1730, porque en 1752 figura no Catastro da parroquia (arriba mencionado) con 22 anos e de oficio "costureira". Tivo un fillo natural, que casou en 1783 con Gabriela Vidal, e morreu solteira no ano 1790.

Antonio de Castro Monteagudo (+1764), avó do meu tataravó

Antonio de Castro casa en 1746 con *Estefanía Gosende* e morre en 1764. Pola data do casamento dos fillos pódese supoñer que estes naceron nesta orde:

Francisco: casa en 1771 con *Juliana Obelleiro* e teñen os tres fillos seguintes:

Isabel: ten un fillo de solteira, chamado Felipe (o padriño deste é, o 18 de xullo de 1821, precisamente o meu tataravó Felipe de Castro Cabada, curmán de Isabel, do mesmo nome que o seu afillado e recentemente casado).

Antonio: bautizado en 1790. En 1838 figura como “mayordomo fabriquero” no Libro de Fábrica da parroquia.

Josefa: bautizada en 1792. En 1806 ten, tamén de solteira, con Cristóbal Obelleiro un fillo chamado Pedro Bentura.

Margarita: casa en 1780 con Felipe Cabada Monteagudo (que morre en 1791 ós 34 anos de idade). Felipe era o máis novo (nado en 1757) dos cinco fillos de Ambrosio Cabada e Josefa Monteagudo.

Facunda: casa en 1786 con Alonso Obelleiro; teñen dous fillos: *Josef Torcuato* (nado en 1789) e *Manuel Antonio* (nado en 1794).

José (ó que nos referimos seguidamente).

Jose de Castro Gosende (+1839), pai do meu tataravó

Parece que é o máis novo dos catro fillos de Antonio de Castro (ó que acabamos de aludir). Casa en 1788 con *Lorenza Cabada Obelleiro* e morre en 1839, un ano despois do pasamento da súa muller Lorenza.

Antes de falar dos fillos, velaquí algúns datos sobre a muller de José de Castro, en parte porque con ela aparece por primeira vez nos nosos predecesores o apellido Cabada, apellido que puiden perseguir ata case mediados do século XVII. Lorenza Cabada Obelleiro nace en 1767 e morre en 1838 (ós 71 anos de idade); poucos días despois dela morrerá tamén a súa filla Felipa (máis abaixo falaremos áinda dela). Lorenza é a segunda das tres fillas (a maior era Susana, bautizada en 1763; a máis nova –nace en 1771 e morre moza con só 17 anos– chamábase Sinforosa) de *Domingo Antonio Cavada y Ferrón* (bautizado en 1738, casa en 1760 con Susana Obelleiro Bouzas e morre ós 34 anos de idade). Segundo para atrás no tempo, este Domingo Antonio Cavada [o apellido aparece con “uve” nos libros] é fillo de *Juan Cabada Quintillán* e *Isabel Ferrón* (casados en 1735).

Juan Cabada é fillo de *Francisco Cabada* (de Cabanelas) e *Isabel Quintillán* (de Liripio), casados en 1705. Francisco Cabada, finalmente (nos libros parroquiais de Sabucedo non puiden seguir profundando máis no pasado), é fillo de *Juan de Cabada* (de San Xurxo de Codeseda), que debeu de nacer entre os anos 1650 e 1660.

Polos libros de Sabucedo (nos da parroquia de Codeseda quizais conste algo máis) non teño máis datos sobre este último Juan de Cabada. ¿Terá algo que ver este Juan de Cabada co Juan de la Cavada, do que falan Alberto e Arturo García Carrafa nun dos moitos tomos do seu imponente *Diccionario Heráldico y Genealógico de apellidos españoles y americanos?* Sobre “Cavada” (ou “La Cavada”) –con “be” ou con “uve”– dise no antedito Diccionario:

Linaje montañés, con casa solar en el lugar de La Cavada, del Ayuntamiento de Riotuerto y partido judicial de Santoña. Pasaron a Galicia y fundaron dos lugares en la provincia de Pontevedra, a los que dieron su nombre [Na Enciclopedia “Espasa” dise que hai dúas entidades de poboación chamadas “Cavada” nos concellos de Lama e Meis na provincia de Pontevedra]. Antonio de La Cavada se distinguió en el sitio de Tarragona en 1641. Juan de La Cavada siguió el partido de los Borbones en la Guerra de Sucesión y Felipe V le premió otorgándole privilegio perpetuo de hidalgía para sí y para sus sucesores.

Se este Juan de La Cavada fose o mesmo que o “noso” Juan de Cabada (que no comezo, en 1701, da Guerra de Sucesión tería arredor de corenta e pico anos), ó mellor estariamos preto de sermos “fidalgos”...

Mais pasemos xa ós fillos de José de Castro e Lorenza Cabada, que foron sete, segundo esta orde de nacemento:

María Josefa del Carmen Sinforosa: nace en 1789.

Felipa: nace en 1792 e morre solteira en 1838.

Teresa Dominga: nace en 1795.

Felipe: nace en 1799: tataravó de quen isto escribe (falaremos del seguidamente).

Eliseo: nado en 1804, morre ós sete meses.

Josefa: nace en 1805 e casa o 4 de febreiro de 1826 con Carlos Ribas Alonso (este e maila súa dona Josefa eran parentes en 3º e 4º grado de consanguinidade).

Luísa Juana: nace en 1810.

Felipe de Castro Cabada (1798-1885), tataravó

Polo que acabamos de ver, Felipe é o cuarto de sete irmáns e ademais o único home que queda entre os irmáns despois de que Eliseo morrese pouco despois de cumprir o medio ano. Felipe foi bautizado en 1799, aínda que debeu de nacer en 1798 porque tiña 87 anos cando morreu en 1885. Casa o 3 de febreiro de 1821 (bastante mozo, polo tanto) –asistindo ó casamento o Cura Ecónomo Benito Troitiño– con Josefa Cavada Bouzas.

Falemos agora algo desta última, porque volve outra vez mesturarse aquí o apelido Castro co de Cavada (ou Cabada, xa que unhas veces vén escrito dun xeito e outras doutro). Josefa Cavada Bouzas é a filla maior (nada en 1801) de Benito Cavada Obelleiro (que nace en 1775 e morre o 23 de setembro de 1819) e María de Bouzas, coa que Benito casa en 1798. Pola súa parte, o pai, Benito Cavada, é fillo de Toribio Cavada Ferrón e María Obelleiro (coa que Toribio casa en 1763). Toribio é fillo de Juan Cabada Quintillán e Isabel Ferrón. Sobre estes dous últimos e mais sobre o pai e avó de Juan Cabada Quintillán cómpre lembrar o dito no capítulo precedente, ó facer referencia á xenealoxía da muller de José de Castro, Lorenza Cabada. Segundo isto, Josefa Cabada Bouzas é parente do seu home (tataravó meu), Felipe de Castro Cabada, porque ela e mais el son fillos de curmáns (Lorenza Cabada, nai de Felipe, é curmá de Benito Cavada, pai de Josefa).

Josefa Cabada morre o 27 de maio de 1877, ós 76 anos, a consecuencia –tal como se di nun dos libros parroquiais– de “languidez”.

Cómpre engadir aquí que Josefa, muller de Felipe de Castro Cabada, tiña unha única irmá, Juana, que naceu en 1810 e casou o 27 de xullo de 1837 con Estevan Moreira Bustillo en San Juan Bautista de Liripio. Ela, Juana, morreu en 1893, ós 83 anos, e el, Estevan, catro anos máis tarde, en 1897. Segundo as informacíons recibidas da miña nai, Juana e Estevan non tiveron fillos e a herданza da “tía Juana” (como a chamaba ela) pasou a a Jacobo de Castro, sobriño da “tía Juana”, e despois ó seu fillo (e avó meu), Lino Castro Garrido. Procedían da “tía Juana”, por exemplo, segundo as mesmas informacíons, “A Estivada”, “a casa do cruceiro” (na que viviron Juana e

Estevan e onde se construíu despois a casa actual dos meus curmáns Castro Bouzas), etc.

Volvendo a Felipe de Castro, viviu este –segundo as informacións da miña nai– coa súa familia na casa que ata hai pouco facía de “palleira” da nosa casa familiar do “Recanto” (esta chamada “palleira” está agora transformada na nova casa do meu irmán Pablo e familia). Nesa casa naceron, pois, os sete fillos de Felipe de Castro e Josefa Cabada. De oficio era –segundo os libros parroquiais– “labrador e arrieiro”. O de arrieiro está ben claro, porque nos libros de contas da Rapa das Bestas está anotado o que se lle paga polo viño que se lle merca para o día da “Baixa das Bestas”: en 1855 cobra 104 reais por 4 olas de viño; en 1858 cobra 176 reais por outras 4 olas. Algo así aparece tamén no ano 1860. Polo demais, a súa vinculación coa igrexa e coa festa da Rapa das Bestas aparece no seu cargo en 1843 e 1851 de “Depositario de los caudales de la fábrica” e, a continuación e de maneira ininterrompida, de “Depositario” das contas da fábrica desde o ano 1852 ata o 1861 inclusive. De aí que a súa firma aparezca algunas veces nos libros da parroquia. Morreu o 26 de decembro de 1885, ós 87 anos de idade, “de enfermidade natural” (como figura nun dos libros), oito anos despois, polo tanto, do pasamento da súa dona Josefa.

Os fillos, por orde de nacemento, son estes:

Ignacia: nace o 24 de decembro de 1821 e morre o 23 de setembro de 1823 (aínda non cumplira, polo tanto, os dous anos).

Jacobo: nace en 1826 (bisavó meu: del falaremos despois).

José María: nace o 2 de maio de 1829. Sacerdote. Segundo a carta que recibín do párroco de Brión-Santa Minia (Coruña), foi Cura párroco da parroquia de San Félix de Brión (Coruña) desde o 7 de xaneiro de 1879 ata o 28 de xaneiro de 1898 máis ou menos. Morreu repentinamente e foi sepultado alí mesmo, en Brión, o 23 de febreiro de 1898. Tiña 69 anos.

Andrés: nace o 20 de abril de 1834 e é bautizado no día seguinte, actuando de madriña no bautizo Juana Cabada Bouzas (á que antes nos temos referido), tífa materna do neno. Consta nos libros da parroquia que Andrés e outros, ás ordes do Mestre de Obra Esteban Moreira (do que falamos tamén antes e que estaba casa-

do coa madriña de Andrés), fixeron entre 1858 e 1861 dous baldosados na igrexa de Sabucedo: o do coro e o do corpo da igrexa. Andrés cobrou por este traballo 201 reais e 17 marabedís.

Andrés desprazaríase posteriormente a Andalucía, casando cara ó ano 1865 en Málaga con María de la Victoria, filla de Francisco Vázquez y María Padilla. Tiveron varios fillos que –segundo informacóns recibidas da miña nai- viñan visitar de cando en vez o seu tío párroco, José María, a Brión. De feito, o defunto veciño de Sabucedo, Francisco Sanmartín, contárame algunha vez que falara hai moito tempo en Ronda (Málaga) cun fillo ou neto de Andrés, que se lembraba moito de Sabucedo; incluso no verán do 2002, pasaron por Sabucedo –segundo se me informou– unhas persoas de Córdoba que comentaban que un antepasado deles chamado Andrés de Castro Cavada era orixinario de San Lourenzo de Sabucedo.

Ignacia: recibe o mesmo nome cá súa irmá, a primoxénita, que morrera antes de cumprir os dous anos. Esta segunda Ignacia finou aínda máis axiña cá súa irmá, porque naceu en 1837 e morreu só dez meses despois.

Manuela: naceu en 1838 e finou no ano seguinte.

Francisco Antonio: naceu en 1844, morrendo cando só tiña sete anos e medio.

Jacobo de Castro Cabada (1826-1904), bisavó

Hai que ter en conta que Jacobo ten os mesmos dous apelidos có seu pai, Felipe, porque o primeiro apellido da nai (tal como xa indicamos) é tamén Cabada (ou Cavada).

Jacobo nace o 27 de marzo de 1826, o segundo de sete irmáns. É o único que queda en Sabucedo, porque catro deles (entre elas as tres irmás) morren de pequenos, e dos outros dous un (Andrés) foise para Andalucía e o outro (José María) recibiu a orde sacerdotal, finando en Brión, tal como vimos.

Pois ben, Jacobo (ou “Santiago”: no Libro de Bautizados de Sabucedo dise así: “Santiago o Jacobo”) foi bautizado no día seguinte ó nacemento. Casou con Josefa Garrido Couceiro.

Josefa nacera en San Pedro de Quintillán, lugar de A Graña (os seus pais chamábanse José e Teresa), e morreu ós corenta anos de idade, o 14 de maio de 1877, “de tisis” (como consta concretamente nun dos libros da igrexa), deixando orfos a moitos fillos. Asistiron ó seu enterro nada menos que vinte sacerdotes. Jacobo morrerá ós 77 anos de idade, case trinta anos despois do pasamento da súa muller.

Coma o seu pai Felipe, Jacobo ten tamén cargos importantes relacionados coa igrexa e coas bestas de San Lourenzo: aparece concretamente como “fabriquero” (é dicir, encargado de levar as contas, etc. da parroquia en relación sobre todo coas bestas) desde o ano 1870 ata o 1877 (ano no que falece a súa muller Josefa).

En canto ós fillos de Jacobo e Josefa, foron dez:

Tres morreron de pequenos: un deles, chamado *Severo*, nacera o 6 de novembro de 1858 e morría xa o 1 de febreiro de 1860 (cando só tiña un ano de idade); doutro, chamado *Manuel Ramiro*, consta nos libros da parroquia que morreu en 1878 (un ano despois da morte da nai) con só catro anos “a consecuencia de una ‘anjina’” (dise alí textualmente).

Josefa: nada no ano 1868 morreu o 5 de abril de 1902 ós 34 anos de idade, despois de ter casado dúas veces: primeiro con José Ribas, do que –segundo información da miña nai– se separou; José Ribas embarcou para América. Despois de finar este, casou Josefa en 1898 con Ramón Garrido Bugallo (a quen lle morrera a súa muller). Josefa falece catro anos despois de contraer este segundo matrimonio.

Teresa: casa con José Garrido Bustillo (que morre en 1898 con 53 anos). Teñen seis fillos (Manuel, Delfina –madriña miña–, Daniel –padriño meu–, Vicente, Josefa, Jesusa –relixiosa bieita, que tomou o nome de relixión de “Sor Gertrudis” no mosteiro beneditino de Cuntis, onde foi varios anos abadesa–). Teresa (“madriña Teresa”, como a chamabamos familiarmente– morreu en febreiro de 1951 con máis de 90 anos.

Maria Ventura: casa con Francisco Obelleiro. Fillos: Manuel, Marcelino, Aurelia, Benedicto (sacerdote), Celia (que tamén foi abadesa e mestra de novicias no devandito mosteiro de Cuntis co nome de relixión de “Sor Mercedes”).

Lino: avó meu (do que logo falaremos).

Rosa: casa con José Rivas Solla. Fillos: Arturo, Luis, María, Apolinar e Felipe.

Sobre a indiscutíbel relevancia científica e educativa de Arturo Rivas Castro (1898-1974) limítome a remitir o lector a dous amplos artigos que publiquei nesta mesma revista (*A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*) nos números 14 (2011) e 15 (2012). O primeiro leva como título “Arturo Rivas Castro (1898-1974), un sobranceiro físico e químico de Sabucedo (A Estrada)” e o segundo o de “Arturo Rivas Castro, un físico de Sabucedo cortexado e controlado polos intereses bélicos e económicos dos primeiros dirixentes franquistas”.

En canto ó seu irmán Luis só un par de indicacións: Nado en Sabucedo o 5 de agosto de 1900, entra no noviciado da Compañía de Xesús de Carrión de los Condes, provincia de Palencia o 2 de outubro de 1917 e morre con só 19 anos na mesma localidade palentina o 15 de decembro de 1919, poucas semanas despois de ter feito alí mesmo os primeiros votos como xesuítica. Os seus restos atópanse agora no cemiterio da casa xesuítica de Villagarcía de Campos, provincia de Valladolid, aínda que na lápida se di que faleceu en 1918. O irmán coadxutor xesuítica que o atendeu na súa enfermidade comentaba nalgunha ocasión que morrera “coma un santo”.

Juana: tivo un único fillo, Felipe Rey de Castro (xesuítica tamén), e enviuvou ós doce días de nacer este. Mestra, aínda que non exerceu a profesión desde que casou. Morre o 11 de setembro de 1952, medio ano e pico despois da morte repentina do seu fillo en Cuba. Co gallo da morte do fillo publicouse na revista “Esto Vir” (da ACU, sigla da Agrupación Católica Universitaria, fundada e dirixida en Cuba polo seu fillo Felipe) unha carta do 2 de abril de 1952 de Sor Benita Castro (irmá de Juana e relixiosa bieita, sobre a que diremos aínda algo despois), da que copiamos algunas liñas:

En cuanto a Doña Juana, bastaría con decir que es digna madre del P. Rey que Vdes. conocieron, pero añadimos algo concreto. Su vida entera fue de un recogimiento y espíritu de oración semejante a una monja. Practicó varias veces los Ejercicios Espirituales en retiro, antes de estar tan recomendados. Misa y comunión diarias, oración mental, lectura espiritual y otros ejercicios de piedad se alternaban con las ocupaciones del gobierno de su casa y labor de manos, pues nunca estaba ociosa. Ella misma regaba las flores de su jardín para llevarlas

a la Iglesia, ya que corría con el adorno del altar del Santísimo y con el del Sdo. Corazón, de cuya asociación (Apostolado de la Oración) es Presidenta. Para este altar hacía también los manteles a su cuenta y por sus manos y lo mismo flores artificiales en el invierno para los dos altares. Diariamente, verano e invierno, hacía una larga visita al Santísimo al caer de la tarde, no obstante la considerable distancia que la separaba de la Iglesia y tener que subir una cuesta. Sobre todo suponía sacrificio notable en días de invierno, en los que llovía espeso; pero ella no dejaba de ir, a no ser un día excepcional de viento huracanado y de lluvia torrencial. Cuando se iba acercando a la ancianidad quiso el Señor que la autoridad eclesiástica, a petición principalmente del P. Rey, concediese Reservado en el Santuario de Santa Minia, que está frente a su casa, y, después que las fuerzas le han ido faltando, visitaba más de una vez al día allí al Santísimo, sólo alguna que otra vez iba a la Parroquia. El primer Copón para este Santuario lo regaló ella. Y ella arreglaba también este altar mayor; por eso el sacerdote encargado le daba amplias facultades para que arreglase a su voluntad, diciendo que el capellán aquí era ella. Fue siempre muy caritativa con todos los pobres. Visitaba los enfermos y los socorría con limosnas, si lo necesitaban. Hasta llegó a arreglar por sus manos el colchón de alguna impedida, que en su agradecimiento e ignorancia le decía que le quería como al Sagrado Corazón. Otro modo de ejercer la caridad era cuidando de llevar la correspondencia de pobres mujeres que no sabían escribir, entre ellas y sus maridos o hijos ausentes. En fin, su vida entera ha sido, por gracia divina, ejemplar en todos los conceptos y goza de la estimación del pueblo y aun de otros límitrofes, que la consideran de virtud nada vulgar".

Na carta que o entón párroco de Brión-Santa Minia me escribiu o 13 de marzo de 1987 coa información que lle pedía sobre o xa mencionado José María de Castro Cabada, infórmame tamén sobre Juana deste xeito:

Aquí en Brión vivió una sobrina [de José María de Castro], con una casa señorial y algunas tierras, doña Juana Castro Garrido, muy recordada por su religiosidad y apostolado del Sagrado Corazón de Jesús y el Apostolado de la Oración, madre del P. Felipe Rey de Castro, S. J., apóstol grande de la juventud en Cuba. Esta señora falleció también en esta parroquia el día 11 de setiembre de 1952 [...] Doña Juana dejó su casa y bienes a beneficio del Cura de la parroquia de Brión, con la obligación de celebrar una Misa cada primer viernes de mes y predicar una plática, y celebrar una misa el día propio del Corazón de Jesús, con alguna distinción de los demás días, en la Iglesia-Santuario de Santa Minia de Brión.

Felipe Rey de Castro, fillo de Juana, naceu o 8 de novembro de 1889 en Brión (Coruña). Despois dos seus estudos no Colexio xesuítico do Apóstolo Santiago en Camposancos (A Guardia, Pontevedra) desde 1902 ata 1908 entrou o 7 de setembro deste mesmo

ano na Compañía de Xesús. A súa formación académica e relixiosa conclúe cos estudos de teoloxía que realizou en Valkenburg-Limburg (Holanda) entre os anos 1921 e 1924.

Desde o comezo do curso 1925-26 está xa na Habana (Cuba), como educador e prefecto do Colexio dos xesuítas de Belén e dando Exercicios Espirituais a estudiantes. No verán de 1927 volve a España. Exerce o mesmo cargo de Prefecto no Colexio dos xesuítas de Xixón, ata que en abril de 1931 volve definitivamente a Cuba para dirixir ata a súa morte a ACU (Agrupación Católica Universitaria), fundada por el e considerada entón polo P. Xeral dos xesuítas como modelo das Congregacións Marianas. Felipe Rey de Castro (ó que, por certo, segundo me contaba a miña nai, non lle gustaba a supresión do “de” no noso apelido “Castro”, sendo así que deberíamos apelidarnos “de Castro”) finaría repentinamente o 12 de febreiro de 1952, con 62 anos, na Habana e alí foi enterrado no día seguinte. Despois do pasamento de Rey de Castro, foi nomeado director da ACU o xesuíta Amando Llorente (irmán do famoso Segundo Llorente, misioneiro que foi en Alaska). Mais coa entrada de Fidel Castro na escena política de Cuba a ACU tivo que proseguir a súa vida fóra do país en que xurdira, establecéndose en Miami mais tamén noutros países. Desde Miami, no ano 2004, Amando Llorente remitiu un libro en inglés escrito por José M. Hernández co título *THE ACU - AT THE THRESHOLD OF THE THIRD MILLENIUM* (Agrupación Católica Universitaria, Miami, Florida, USA, 1999), que é a historia da ACU e mais do seu fundador. Na carta que acompaña este libro comunicáme Amando Llorente: “Espero puedes leer inglés y por el libro que te mando apreciar en algo lo ‘muchísimo’ que ha significado y significa aún hoy: Felipe Rey de Castro. Fue genial en todo”. Do devandito libro cito só un parágrafo sobre a súa personalidade:

Fr. Rey (as friends and acquaintances called him) was a genial and keen-sighted Galician who had a Loyolan knack for ‘striking the nail on the head’. Thoroughly trained in the intellectual and spiritual tradition of his Order, he excelled as teacher, director of souls, and retreat master. Those who knew him well were aware that he personally worked hard at achieving Ignatius’ ideal of perfection” (p. 2).

Benita: a más nova dos dez irmáns. Relixiosa no mosteiro bieito de Cuntis (como tamén outras dúas sobriñas súas, mencionadas más arriba), foi abadesa do mosteiro en varias ocasións.

Case non é preciso salientar a relixiosidade dos fillos deste matrimonio Jacobo de Castro Cabada-Josefa Garrido Couceiro, pese a quedaren sen nai desde novos, xa que –se deixamos de lado os tres que morreron de pequenos e maila irmá deles Josefa, que morreu ós 34 anos– os seis restantes (incluído Lino, meu avó, do que agora falaremos) ou foron relixiosas ou tiveron algúin fillo sacerdote ou relixiosa.

Lino Castro Garrido (1866-1951), avó

Chamabámoslle na casa do “Recanto” (feita por el sobre o ano 1917) “papá Lino”. Naceu o 1 de abril de 1866 e casou con Concepción Valladares Filloy. Concepción era filla de Bartolomé Valladares Gundín e Vicente Filloy Rozados e finou o 7 de febreiro de 1912, cando os seus catro fillos eran ainda rapaces. A Lino o oficio de arrieiro víñalle por tradición e o mesmo pode case dicirse da súa relación coas bestas de San Lourenzo. Figura como “tesoureiro” da primeira Xunta de Patronato en 1932 e como novo “Depositario-Tesoureiro” da Xunta de Patronato desde o 5 de novembro de 1935 ata o ano 1947 (ou algúin ano antes). Consta nos libros da igrexa que el (Lino) e mailas súas irmás Teresa e M. Ventura doaron a imaxe do Sagrado Corazón do retablo da igrexa de Sabucedo. Dise nos libros que a imaxe é de madeira de cedro, feita polo escultor José Rivas, de Santiago, e que custou 350 pesetas. Lino morreu o 5 de xaneiro de 1951, ós 84 anos de idade, de “endocarditis” (tal como se di nun dos papeis da parroquia).

Os fillos de Lino Castro Garrido e Concepción Valladares Filloy foron estes (por orde de nacemento):

Josefa Sara: naceu o 14 de febreiro de 1899, sendo madriña do seu bautizo a súa tíia M. Ventura. Morreu pouco despois de nacer: o enterro foi o 22 de abril deste mesmo ano 1899.

Felipe: naceu o 11 de agosto de 1900 e morreu o 17 de maio de 1980, á idade de 79 anos.

Josefa: Naceu o 21 de maio de 1903 e morreu o 28 de agosto de 1945 ós 42 anos de idade. De pequenos os seus sobriños chámabámoslle “madrina”, por ser madriña do meu irmán Gerardo, xesuíta residente en Brasil. Reproduzo a continuación o que me escribiu sobre ela a Superiora do mosteiro da Visitación (Salesas) de Lugo (Ronda da Muralla, 71):

Su tía murió religiosa Salesa y el poco tiempo que vivió aquí fue suficiente para que las que han convivido con ella puedan decir que era una santa. Vamos a darle los siguientes datos que constan en el libro del Convento. Copio literalmente: Nuestra H^a M^a Isabel (éste fue el nombre impuesto el día de su toma de Hábito) nació en Sabucedo, de una familia de bendición, pues contaba con varios miembros en distintas Órdenes religiosas. Josefa perdió a su madre siendo aún muy niña, pero sus tías, particularmente la Abadesa benedictina [Sor Benita], tomaron vivo interés por la huferanita; ella supo aprovecharse tan bien de sus consejos que llegó a ser un modelo de jóvenes cristianas. No sabemos a punto fijo a qué edad sintió el divino llamamiento; lo que sí sabemos es que tuvo que sufrir y luchar mucho para realizar su vocación (parece que su padre se oponía rotundamente a separarse de ella). Gracias al apoyo de su tía al fin ingresó en el Monasterio el año 1942. Tomó el hábito el 19 de febrero de 1943, haciendo al año siguiente su Profesión temporal con gran satisfacción de la Comunidad, que veía en ella un sujeto de muchas esperanzas para el porvenir. Siempre recogida y penetrada de nuestro espíritu como si llevara largos años de constante fidelidad a la regla de la religión. Su perfecta fidelidad a la observancia y su sumisión a las oficiales la hacía muy útil en las oficinas, sobre todo en la ropería, pues tenía habilidad particular para los trabajos de aguja, que no dejó mientras su mano pudo sostenerla. Pero Nuestro Señor tenía prisa de recompensar lo mucho que había sufrido para poder llegar a ser toda suya. Poco después de su Profesión temporal su salud, que ya no era muy fuerte, empezó a dar serias inquietudes. El Dr. ordenó un reposo absoluto en vista de la fiebre que no cedía a ningún remedio. El corazón, ya delicado, no pudo resistir. La querida enferma no se lamentaba nunca; sólo sentía el trabajo que proporcionaba a las enfermeras y decía llena de confusión: ¡Oh si se supiera la caridad que hay en la Visitación...! En fin, fue preciso rendirse a la realidad. Nuestra querida H^a estaba pronta para ir a abismarse para siempre en el Corazón de Jesús, a quien había amado tanto. Provista de los Santos Sacramentos y después de haber pronunciado sus votos solemnes, gracia extraordinaria en esta circunstancia, fue el día de la fiesta de S. Agustín que se fue a formar parte de la Visitación triunfante, el día 28 de agosto del año 1945. Firma la Superiora, Sor Ana M^a Moreno”.

M^a Palmira: nace a miña nai o 21 de marzo de 1907. Casa con Perfecto Cabada Vázquez o 16 de xaneiro de 1932 na antiga igrexa da Virxe do Camiño de Pontevedra, finando na mañá do 9 de setembro de 1984 dunha enfermidade cancerosa no pulmón

(adenocarcinoma) e no mesmo día e mes no que morrera (tamén pola mañá) en 1929 o irmán coadxutor xesuíta Francisco Gárate, beatificado polo papa Xoán Pablo II en 1985. Era moi devota del, quizais porque cinco dos seus fillos estudamos no colexio de Camposancos (A Guarda), onde o beato Francisco Gárate exercera de enfermeiro e axudante do sanxristán desde 1877 a 1888, antes de pasar o resto da súa vida como porteiro da universidade xesuítica de Deusto (Bilbao). De Deusto trouxéralle eu precisamente unhas estampiñas, etc. con reliquias do beato vasco, que ela recibiu agradecida só un par de meses antes do seu pasamento.

E remata xa aquí esta rápida, modesta e case telegráfica ollada sobre uns orixes familiares centrados no apellido Castro, que abrange aínda que sexa de maneira parcial e limitada un amplo período de tempo, o que vai desde mediados do século XVII, máis ou menos, ata o século XX.



O camiño da “Geira romana” e dos arrieiros

Luís Manuel Ferro Pego

leonvenera@hotmail.es

Resumo. Versa esta curta pescuda sobre *O camiño da “Geira Romana” e dos Arrieiros* que percorren terras lusitanas, partindo de Braga e percorrendo as provincias de Ourense e Pontevedra, nesta última faremos unha investigación máis exhaustiva, atravesando o concello da Estrada, penetrando na provincia da Coruña, pola Pontevea, Teo. Este camiño ten unha bifurcación na Mámoa-Santa María de Castrelo en Forcarei, entrando no concello estradense por Pardemarín, deixando este concello, pola parroquia de Ribeira, internándose na provincia da Coruña, por Sarandón-Vedra.

Abstract. This short survey is about the road to Santiago, specifically the routes of *Geira Romana* and *Arrieiros*, which go through Portugal, from Braga and across the provinces of Ourense and Pontevedra. We will go into this last province in depth, crossing A Estrada city council and entering in the province of A Coruña through Pontevea, Teo. This road has a fork in Mámoa-Santa María de Castrelo, in Forcarei, entering in A Estrada city council through Pardemarín and leaving through the parish of Ribeira, going to the province of A Coruña through Sarandón-Vedra.

I. Prolegómenos

Ao comezar este traballo de investigación sobre o *Camiño da Geira Romana e dos Arrieiros* (foi bautizado con este nome polo xornalista portugués Carlos Ferreira e membros da *Asociación Codeseda Viva*), fun moi afortunado ao atoparme co apoio incondicional de distintas persoas e asociacións.

A *Asociación Codeseda Viva* brindoume todo o seu apoio, sobre todo douceis membros da mesma, Carlos da Barreira e Jorge Fernández (Coki), que me facilitaron un feixe de documentos e citas publicadas en xornais e libros, e non dubidaron en manter reunións con outros investigadores sobre o camiño a Santiago e percorrer o camiño en busca de pegadas xacobeas.

A *Asociación Entre as Pontes*, formada por veciños de Pontevea, Carcacía, Couso e da Barcala, está a mostrar un interese especial para a recuperación do camiño. Prestan a súa colaboración activa a

través do seu Presidente Pedro Castañeda, e de Isidro Pernas, impulsor incansable para lograr que o camiño sexa unha realidade.

Temos que citar a *Asociación Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro*, co que mantemos contacto a través do seu presidente Abdón Fernández, quen fixo a presentación deste Camiño en Braga (Portugal) o día 1 de abril do ano 2017 no Museo Diego de Sousa. A partir de este momento dá comezo, pingando peregrino a peregrino, a apertura de este camiño de Braga a Santiago de Compostela.

E por último a *Asociación Camiño Miñoto Ribeiro*, de nome moi parecido á asociación antes citada, polo que tamén é coñecida como *Asociación dos Alcaldes*, porque tanto o presidente como os demais membros da mesma desempeñan algúns cargos no concello por onde pasa o camiño.

II. O camiño da *geira* e dos arrieiros

En Portugal falan da "geira romana" para referirse á unha vía romana. Esta palabra ten a súa correspondencia en galego como "xeira". En efecto, deriva da palabra latina "gira", en singular "girum", que fai alusión aos xiros ou revoltas dun camiño ou vía. No concello da Estrada atopamos o topónimo *Revolta* en moitas das súas parroquias, pero tamén atopamos *Xeira* como topónimo de lugar menor na parroquia de Souto. Este topónimo *Xeira* é testemuña da vía romana secundaria que saía desde Vilagarcía, pasaba por Caldas de Reis, Souto, Codeseda, terras de Deza e chegaba ata Chantada.

Co nome de *Camiño da Geira Romana e dos Arrieiros* facemos referencia ao camiño que, partindo de Braga, percorre terras lusitanas e logo polas provincias de Ourense e Pontevedra, atravesando o concello da Estrada, ata penetrar na provincia da Coruña por Pontevedra (Teo). Trátase dun camiño que percorrían viaxeiros, comerciantes, enfermos, estudantes, peregrinos e os arrieiros que portaban o famoso viño do Ribeiro de Avia e chegaban ata a urbe metropolitana de Santiago de Compostela. Pero tamén de peregrinos que viñan dende Portugal, entrando en Galicia pola provincia de Ourense, salvando os riscos xeográficos do sur de Galicia, ata poñerse de xeonllos aos pés do Señor Santiago.

Este camiño ten unha bifurcación na Mámoa en Santa María de Castrelo (Forcarei), entrando no concello estradense por Pardemarín, deixando este concello, pola parroquia de Ribeira, internándose na provincia da Coruña, por Sarandón-Vedra, cruzando o río Ulla nunha barcaza ata o século XX e hoxe por Ponte Sarandón, unha vez rematada a ponte e o camiño no ano 1929.

Gran parte do *Camiño da Geira Romana e dos Arrieiros* coincide co chamado antigamente *Camiño Real*, que dende Compostela pasando por Pontevedra, A Estrada, Consolación, Codeseda, A Mámoa, Cachafeiro, Soutelo de Montes, se internaba en terras da provincia de Ourense para dirixirse principalmente cara Ribadavia, Ourense e Castela. Claro que non se pode identificar exactamente un co outro, xa que ao longo dos tempos o camiño real sufriu diversas modificacións. En primeiro lugar no ano de 1882 estaba a construírse a estrada de Pontevedra a Vilapouca. Esta fíxose nunha gran parte sobre o trazado do camiño real, pero as parcelas sobrantes que quedaron do camiño foron poxadas polo concello, pasando así a mans privadas. Por outra banda o desenvolvemento do campo a principios de 1970 trouxo a concentración parcelaria, que aínda hoxe non rematou no concello estradense, eliminando así o pouco que quedaba do camiño real, ao facer novas pistas e converter o antigo camiño en prados, leiras etc., polo que foi perdéndose no recordo.

Pero aínda hoxe quedan partes do antigo camiño real, como o son os montes nos que non penetrou a concentración parcelaria. Así temos camiño real, por exemplo desde Ponte Gomail ata a Mámoa no concello de Forcarei. No Concello da Estrada, podemos facer referencia ao camiño real polo monte do Arnado, pasando por Paredes-Parada, parte baixa de Nigoi e saíndo á Consolación-Tabeirós, etc. Por todo o exposto non queda outra que variar o trazado en tramos curtos do percorrido.

Revisando os libros de actas do concello da Estrada para comprobar a importancia dos camiños e preferencias á hora de compoñelos, atopamos no ano 1849 que se fala da necesidade de reparar o camiño da Consolación-Tabeirós a Ponte da Pedra (Codeseda), e desde esta ata a Mámoa de Castrelo (Forcarei). E no pleno de 4 de febreiro de 1870:



Mapa cedido polo escultor Cándido Pazos.

La Corporación reanudando los esfuerzos de las anteriores, atendiendo la importancia ya reconocida del Camino que de Puente Bea atravesando por esta villa y por los ayuntamientos de Cerdedo y Forcarey, conduce a la carretera de Orense en la cual empalma en Soutelo de Montes...

Percorramos, pois, o *Camiño da Geira Romana e dos Arrieiros*, que está cargado de pegadas xacobeas, xa desde terras lusitanas, e que comeza partindo desde o centro histórico de Braga. Lembremos que



Catedral de Braga.

Braga, ademais de ter un dos bispados máis antigos, era unha provincia que abarcaba o Miño e Galiza, e no século XI loitaba con Santiago de Compostela por ser o centro da espiritualidade cristiá. En Santiago de Compostela repousaban as reliquias do apóstolo Santiago e en Braga as reliquias dos mártires das persecucións romanas, San Cucufate e San Frutuoso de Montelios entre outras. A Sé de Braga ten un complexo catedralicio composto de diversas edificación que se erguen sobre estrutura románica, engadindo logo diversos estilos, como a fachada barroca do ano 1723. Foi consagrada o 28 de agosto de 1089 en advocación a Santa María de Braga. Dignos de apreciar son as capelas de San Xerardo, da Gloria e dos Reis, e diversos túmulos como o de don Gonzalo Pereira, arcebispo de Braga, -que tivo un fillo chamado Nuno Álvarez Pereira, fundador da liñaxe da Casa de Braganza-. Este túmulo data do ano 1336, asentado sobre unha fila dos doce apóstolos, onde tan só aparece cuberto de chapeu o Apóstolo Santiago.

Despídenos na nosa peregrinación una talla da imaxe de Santiago peregrino que está na capela da Nosa Señora da Piedade sobre



Balneario Cortegada.

unha ménsula. O camiño segue pola Torre de Santiago, deixando á esquerda a Fonte e Seminario de Santiago, e continúa cara á igrexa Hospital de San Marcos, igrexa da Santa Cruz, para saír de Braga tomando a ruta da ermida de San Frutuoso de Montélios, Mosteiro de Rendufe, Santiago de Caldelas, Santa Cruz, e Souto e Lagoa-Chamoim en Terras de Bouro. Logo pasa por São João do Campo, Campo do Gêres e Portela do Home. O camiño como se pode apreciar pasa por Terras de Bouro e Campo do Gerés pola "Geira Romana", Vía Nova XVIII, ata entrar en Galicia por Portela do Home.

Entramos en Galicia por Bubaces, no municipio de Lobios. Preto de alí, na parroquia de San Salvador de Manín en Lobios, de advocación xacobeira, está o lugar de Compostela, topónimo viario xacobeo.

Seguimos cara o concello de Entrime, que ten a igrexa parroquial de Santa María a Real, título que provén por levantarse en terreos da coroa e ter protección real, de estilo barroco, do século XVIII, con título de abadía. Fai o seu percorrido pola Feira Vella.

O camiño retorna de novo a terras portuguesas, por Castro Laboreiro (Melgaço), continuando por Alcobaça (Melgaço), internándose en terras galegas polo concello de Padrenda, pasando polas pa-

rroquias de San Xoán de Monte Redondo e pola de Santa María do Condado.

Chega ao concello de Cortegada, coñecido noutros tempos co nome de Cortegada dos Baños, polas súas augas termais ricas en xofre e ferro, que alcanzan os 38 grados Cº e son recomendadas para enfermidades respiratorias, da pel, gastrointestinais, hepáticas e xenitourinarias. A carón do río Miño levantouse un balneario modernista no ano 1937, na actualidade complementado cun novo centro termal con instalacións de última xeración onde o camiñante pode gozar das súas augas termais. A súa igrexa parroquial en advocación a Santa María.

Concello Arnoia, con San Salvador de advocación xacobea. Atópase nesta parroquia o lugar de San Amaro, onde se ergue unha capela de advocación xacobea e se levanta tamén, na mesma parroquia, un peto das ánimas. Neste concello érguese un dos balnearios termais mais importantes do Ribeiro e onde se pode contemplar unha panorámica excepcional.

Concello de Ribadavia. Na medieval e nobre vila de Ribadavia, houbo varios hospitais para peregrinos, só temos que camiñar polas súas fermosas rúas, para descubrir nomes como Rúa Xerusalén, Rúa de Santiago, a xudería, etc. Repasemos as súas igrexas e capelas: Capela de San Lázaro datada no século XII, única testemuña da antiga leprosería de Ribadavia. Convento-igrexa de Santo Domingos, de estilo gótico con formas románicas, ten tres naves con tres capelas. Igrexa de San Xoán, século XII, cun letreiro a carón da porta principal que nos di: Igrexa de San Xoán, século XII, da orde de



Porta igrexa de Santiago-Ribadavia.



Cruz de Malta no viacrucis de Beade.

Malta. Igrexa de Santiago, estilo románico con transición ao gótico, século XIII, de planta rectangular dunha soa nave, á dereita da fachada érguese a torre campanario e ten unha porta de dúas follas, cada unha con cinco cunchas de vieira. No interior do templo tres imaxes, unha labrada en pedra do apóstolo Santiago sedente do obradoiro do Mestre Mateo, século XIV. As outras dúas son unha de Santiago Matamouros e a outra de Santiago Peregrino. Un letreiro a carón da porta principal dinos: Igrexa de Santiago, museo relixioso, séculos XII ou XIII. Igrexa de Santa María Madalena, do século XVIII. Todas estas igrexas teñen nas súas advocacións un forte carácter xacobeo.

Continúa o camiño por San Cristovo de Regodeigón, onde se ergue a carón da estrada á man esquerda un peto das ánimas, seguindo a estrada cara Beade.

Concello de Beade. Igrexa parroquial en advocación a Santa María, de estilo renacentista e barroco, que noutros tempos pertencía á Orde de San Xoán de Xerusalén. A súa cruz de Malta, que se recolle no escudo heráldico do concello, está presente no remate do cruceiro e nun escudo do portal que da acceso á casa reitoral. Moi preto da igrexa atópase a capela de San Roque, santo de advocación xacobea, onde remata o viacrucis nun fermoso Calvario. A Encomenda de Beade exercía xurisdición sobre as parroquias do concello de Beade, San Amaro de As Regadas (advocación xacobea) e Santa María de Beade, nas parroquias do concello de Carballeda de Avia, Santo André de Abelenda das Penas e San Martiño de Balde, e no concello de Avión na parroquia de Santa María de Abelenda, así

como da bailía de San Xoán de Ribadavia. O camiño segue o seu percorrido por As Regadas e Berán polo camiño real.

Concello de Leiro. O mosteiro de San Clodio, que data do ano 1.151, atópase no lugar homónimo e na actualidade está reconvertido nun hotel. Pasa o camiño pola parroquia de San Breixo de Berán. Diante da súa igrexa parroquial érguese no valo do atrio unha cruz da Orde de San Xoán de Xerusalén. Nesta mesma parroquia levántase un balneario. Continúa o camiño cara Lebosende e Pazos de Arenteiro.

Concello de Boborás. Percorre o camiño as parroquias de San Salvador de Pazos de Arenteiro, San Miguel de Albarellos, lugar de Salón, Distriz e Paredes. En Pazos de Arenteiro atópase unha imaxe do Apóstolo Santiago peregrino, labrada no arco principal da ponte sobre o río Arenteiro. A Encomenda de Pazos de Aredeiro atopábase preto do río Arenteiro, e trala disolución da Orde do Temple integrouse na Orde de San Xoán de Xerusalén. Tiña propiedades nas parroquias de Pazos de Arenteiro, San Miguel de Albarellos e San Xulián de Astureses do concello de Boborás, nas parroquias de San Cosmede de Cusanca, San Pedro de Dadín e San Xulián de Parada de Labiote no concello do Irixo, e na parroquia de San Vicente de Reádegos no concello de Vilamarín.

Continúa o noso camiño cara Feás, (Calvos de Randín) ata Beariz.

Concello de Beariz. Igrexa parroquial de Santa María, que preside o centro do retablo do altar maior, á destra San Bieito e á esquerda San Amaro, na parte superior no centro San Miguel e á súa destra San Roque. No muro do atrio atópanse os restos dun antigo peto de ánimas e ao seu carón esta gravada unha data e inscrición que di; "AÑO DE 1773. PECURAFRCHRSTOBALLOSADA" (PE pode ser, Por Encargo. FRAY CHRISTOBAL LOSADA). Rematando neste concello o camiño na provincia de Ourense e dando paso á provincia de Pontevedra.

Internándose o camiño en terras da provincia de Pontevedra polo concello de Forcarei, fai entrada pola parroquia de Santiago de Pardesoa, que ten como padroeiro o mesmísimo Apóstolo Santiago que preside o altar maior. Santiago Matamouros, montado nun ca-



Porta reitoral de Pardesoa-Forcarei.

tel da porta principal da igrexa parroquial inscrición que di; “*SE IZO EN EL AÑO DE 1822*”. Porta principal de dúas follas en cada unha a cruz do apóstolo Santiago con venera no centro. Casa reitoral con portas fermosísimas de dúas follas, na parte alta atópase tallado a figura de Santiago Apóstolo, semellante á do camerino da Catedral de Compostela, debaixo a inscrición “*SANTIAGO APOSTOL PATRON DE ESPAÑA*”, na parte baixa, cruz de Santiago que no centro ten unha venera e postos en aspa bordón e estandarte. Preto da igrexa érguese un cruceiro do século XVII, agás a cruz e imaxes que son do XX. De plataforma de tres chanzos, con meseta no grao superior, cúbica con entrepanos nos laterais, base cadrada, nunha das caras está tallado un peregrino con capa de camiño, zurrón e bordón con cabazo, fuste cilíndrico estriado ata a metade, o capitel alongado, rematado con catro volutas, cruz circular coa imaxe de Cristo crucificado e por reverso a Virxe das Angustias.

balo branco, empuñando na man destra unha espada, na esquerda un estandarte branco, e aos pés do cabalo dous mouros. O altar lateral da dereita presídeo outra talla do apóstolo Santiago cos atributos de peregrino, a saber: chapeu de aba ancha, con venera ao fronte, esclavina cunha venera en cada costado, túnica azul, con flores de lis, manto vermello con forro rosa, camiñando descalzo e man dereita que se aferra a un bordón, man esquerda caída ao longo do corpo asindo o libro do Novo Testamento. Á súa esquerda a imaxe de San Roque, á dereita a imaxe de San Brais e no altar lateral da esquerda a imaxe de Santa Lucía, todas imaxes de advocación xacobea. Sobre o lintel da porta principal da igrexa parroquial inscrición que di; “*SE IZO EN EL AÑO DE 1822*”.

Continuamos pola parroquia de Santa María Madanela de Montes, pero hai que facer un inciso para comentar que ata o ano 1753 o lugar de Soutelo pertencía a tres parroquias: Aldea de Arriba ou Soutelo de Arriba dependía da parroquia de Santiago de Pardesoa. Soutelo zona do Cruceiro ou Soutelo de Abaixo, pertencía á parroquia da Madanela, e Soutelo do Medio ou zona baixa do campo da feira que dependía de Ventoxo. Actualmente todo o pobo pertence á parroquia de Santa María Madanela.

A igrexa parroquial de Santa María Madanela en Soutelo de Montes ten pintada unha cruz de Santiago (de clara advocación xacobeira) e a carón érguese un cruceiro de granito con fuste octogonal onde está labrada a imaxe de Santiago Apóstolo sedente, semellante á do pórtico da gloria de Santiago de Compostela. Leva no verso da cruz a imaxe de Cristo crucificado e no reverso a da Virxe Peregrina, que ten no colo o neno Xesús e na outra man, bordón, coa cabeza cuberta de chapeu típico de peregrino con cuncha de vieira. As festas que se celebran en Soutelo son a de San Roque, Virxe do Carme e Santa Bárbara. San Roque é xunto o apóstolo Santiago a máxima representación dos peregrinos na igrexa católica. No campo da feira de Soutelo consérvase un peto das ánimas, que data do ano 1832, en moi mal estado, pois a súa imaxe da Virxe desapareceu hai máis de medio século.

Continuando por Vilapouca, que se incorporou á parroquia da Magdalena o 5 de decembro de 1987, seguimos pola parroquia de San Nicolao de Ventoxo ata o lugar de Fontela, continuando polo lugar de Acevedo, pertencente á parroquia de San Amedio de Millarada, entrando na parroquia de San Martiño de Forcarei, (santo de advocación xacobeira) polos lugares de Vilar, Freixeira, Cachafeiro, Gaxín e a Ponte Gomaíl, continuando pola parroquia de Castrelo, que ten por patroa de advocación xacobeira a Santa Mariña, seguindo polo lugar de A Mámoa, (topónimo viario xacobeo).

Entrando no concello da Estrada polo nordeste da parroquia de Sabucedo, no punto en que se xuntan os tres concellos, Forcarei, Cerdedo e A Estrada, é onde se levanta un monólito. Nesta parroquia de Sabucedo existe un albergue municipal onde descansan os peregrinos. Pasando á parroquia de Codeseda polo lugar de Vilaboa,

a Portela, topónimo viario xacobeo, e continuando pola Grela (onde se atopa o Santuario de Nosa Señora de Guadalupe), podemos contemplar neste lugar dúas cruces de Malta nas xambas dunha porta. Desde o Alto da Cruz da Grela baixamos á Sagrada (Codeseda).

O antigo mosteiro feminino baixo medieval de Augas Santas (topónimo viario xacobeo) ou de Codeseda pertencía á orde de San Bieito.

En pergamiños depositados no Arquivo da Catedral de Santiago encontramos: Privilexio de Alfonso VII de data 31 de maio de 1162, por a cal dona o Abade Munio Tacón e frades do mosteiro de San Xurxo de Codeseda, parte dos foros da vila de Felgaria. Por outra banda en abril de 1170 en Santiago de Compostela, Fernando II e a súa muller dona Urraca, doan ás monxas de Codeseda o realengo de Sanín na Lanzada, e outro en terras de Orcelón. En Santiago de Compostela con data 19 de febreiro de 1232, Fernando III e a súa muller dona Beatriz confirman o abade e monxes do mosteiro de Codeseda, antes de Augas Santas, a doazón de foros da vila de Felgaria que doara Alfonso VII.

Por bula do Papa Benedito XIII con data do 24 de marzo de 1411 confírmase a anexión do mosteiro feminino de San Xurxo de Codeseda, para que os seus bens sexan administrados polo deán e capítulo coa obriga de designar un capelán para celebrar misa na igrexa do mosteiro. Isto é debido a que no mosteiro tan só había unha monxa e a abadesa que segundo dito documento dilapidaron os bens monásticos por incuria e negligencia. Este mosteiro tiña posesións entre outras nas parroquias de Cameixa e San Pedro de Brués no concello de Boborás e na freguesía de San Miguel de Lebosende no concello de Leiro.

A igrexa parroquial de Codeseda foi reconstruída por derradeira vez no ano de 1900. Conserva a ábsida románica de cando era mosteiro. No interior do templo, destacan varias imaxes de advocación xacobeas, como o apóstolo Santiago cos atributos de peregrino: representase mirando ao ceo, barbado e con melena, chapeu de aba ancha recostado, esclavina que abrocha no pescozo, con dúas cunchas de vieira en cada costado do peito, túnica longa, cunha faixa rematada no frontal cunha lazada e pés calzados con sandalias. A man destra

terma dun bordón no que está atada unha cabaza, e a zurda caída ao longo do corpo asindo o libro do Novo Testamento. Admiramos a de San Roque, tamén con indumentaria de peregrino, sombreiro de aba ancha con cuncha de vieira no fronte, esclavina con dúas cunchas a cada costado, túnica longa, zurrón, bordón, botas de media cana a carón dun can cun anaco de pan e un anxo co unto. Tamén está a imaxe de San Amaro, que celebra a súa festividáde desde tempo inmemorial o día 15 de xaneiro, festa que noutra época era de moita importancia e hoxe en decadencia. E, por último, outra imaxe de advocación xacobea que se venera nesta igrexa é a de Santa Lucía que ten a súa festividáde o 13 de decembro.

Nesta igrexa parroquial de Codeseda álzase sobre un reloxo o frontispicio, que remata cunha gran concha de vieira, posta do revés, mostrándonos a parte cóncava e ao timbre a inscrición: 1900. Pola Asociación Codeseda Viva foi descuberta no valado do cemiterio, que rodea o adro e dá entrada á eira da casa reitoral, unha pedra que con toda seguridade pertenceu ao mosteiro feminino de San Bieito, na que atopamos labrada unha cruz rodeada dun círculo, acompañada en cada costado dunha venera. E no campanario mirando cara ao nacente hai labrado en pedra o tema da adoración dos reis, cun Agnus Dei no centro, que posiblemente tamén proveña do mosteiro. Tamén no entorno da igrexa se atopou outra pedra de 1,32 x 0,40 m. con epígrafe. A súa transcripción realizouna o historiador e director do Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela” don Juan Andrés Fernández Castro. Di: SIENDO REINANTE NUESTRO SEÑOR JESUCRISTO SANTA MARIA Y SAN JOSE EL. LICENCIADO JUAN RODRÍGUEZ DE APONTE ANDRADE CANÓNIGO. DE LA IGLESIA Y CATEDRAL DEL SEÑOR SANTIAGO Y RECTOR DE CODESEDA.



Lintel do mosteiro de Codeseda-A Estrada.



Santiago peregrino igrexa de Tabeirós-A Estrada.

Preto da igrexa, na carballeira do Campo da Feira, achamos un cruceiro do barroco, transición ao neoclásico, século XVIII. No fuste da columna douus frades mártires, un (arriba) co hábito franciscano que descansa sobre unha cuncha de vieira, e outro (abaixo) co hábito beneditino que descansa sobre unha peñaña.

En Codeseda teñen confluencia douos camiños xacobeos, este primeiro que parte de Braga-Portugal e outro dende Tui, e que discorren como un cara Compostela.

Dende Sagrada (centro de Codeseda), lugar onde se atopaba o antigo mosteiro, continúa a ruta polo Codesal, Ponte da Pedra, ata o Arnado, entrando na parroquia de San Pedro de Parada, Santo de advocación xacobeira,

por os lugares de Os Muros e Paredes, pasando a de Santa María de Nigoi pola parte baixa da parroquia, preto o campo de fútbol, e continuando ata Tabeirós polo lugar da Consolación.

Tabeirós, capital xurisdiccional. Tabeirós na actualidade exerce a xurisdicción do arciprestado. Das 51 parroquias que conforman o Concello da Estrada é a única que ten por patrón ao Apóstolo Santiago. Entrando nesta parroquia polo camiño da Consolación (outro topónimo viario xacobeo), atópase á man dereita un peto das ánimas, que no seu interior ten gravado o letreiro “AL CAMINANTE”. Deixando a Consolación, á saída do pobo érguese unha ermida, construída no ano de 1680, en advocación á Nai de Deus. Levántase esta ermida co gallo de atopar os veciños unha imaxe da Virxe, posiblemente esquecida por peregrinos. Nesta ermida temos unha talla de Santiago Matamouros, cos atributos de peregrino, chapeu de aba ancha, con cuncha ao fronte, esclavina cunha cuncha a cada costado, e man esquerda suxeitando unha bandeira branca coa

cruz de Santiago. No retablo destaca a imaxe de San Roque, sombreiro de aba ancha, que no seu fronte leva dúas chaves de ouro, postas en aspa, en vez da cuncha de vieira, en recordo do seu peregrinar a Roma. Esclavina con dúas cunchas, túnica curta, botas de media cana, bordón e can.

Seguimos o camiño ata a igrexa parroquial, que tan só conserva da feitura primitiva parte dos muros e a ábsida románica que data do século XIII. No interior da nave, na cabeceira, pinturas do século XVI que representan tres pasaxes, a Última Cea, Lavatorio dos Pés e a Oración na Horta das Oliveiras. O altar está presidido por unha imaxe sedente de Santiago Apóstolo, destacando no peito unha espada flordelisada amarela, que debería ser vermella, e unha cartela na man dereita. Outra imaxe de advocación xacobea atopámola sobre unha ménsula no muro da dereita onde descansa San Xiao.

Na mesma igrexa hai unha vidreira coa cruz de Santiago, así como outra en ferro na tribuna, mentres que a cada lado do sagrario hai unha venera de ouro. E no muro exterior da dereita, unha fornela rematada dunha cuncha de vieira, onde se ergue unha talla labrada en pedra coa figura do apóstolo cos atributos habituais de peregrino. A imaxe mira ao norte, sinalando ó peregrino a vía que terían que seguir cara a Santiago.

Continuando o camiño por Sandán, en dirección á parroquia de Guimarei, entrando pola ponte de Xerliz en dirección da igrexa e preto da mesma, hai un cruceiro sen a parte superior da cruz, (re-



Cruceiro da Estrada.



Retablo da igrexa de Toedo.

parado no ano 2016) cun fuste coa figura do apóstolo Santiago. A igrexa parroquial ten presidindo o altar como padroeiro a San Xiao (outra advocación xacobeira).

Segundo o camiño á Torre de Guimarei, outro cruceiro ten labrada a imaxe do apóstolo no seu fuste.

Entrando na vila da Estrada (topónimo viario xacobeo) polo camiño real, (topónimo viario xacobeo) pola Costa da Caña, hoxe Caño Sifón, e seguindo polo Camiño da Consolación, na actualidade rúa Serafín Pazos, pásase por diante do edificio do concello feito no ano 1912, que ten sobre a porta que dá acceso ao balcón da praza principal, un escudo coa cruz de Santiago.

Seguimos pola rúa da Peregrina (advocación xacobeira) xirando pola rúa do Cruceiro (topónimo viario xacobeo), onde se acha un cruceiro que ten labrado no fuste as imaxes do San Roque e Santiago.

Deixando a vila, tomamos o camiño en dirección á parroquia de San Pedro de Toedo, onde se ergue preto da igrexa un fermoso cruceiro coas imaxes de San Roque e o Apóstolo. No interior do templo preside o retablo do altar maior un medallón, onde apare-

Peto de ánimas. Cacheiras-Teo.

ce a crucifixión de San Pedro cabeza abaxio, e sobre unha peña no muro lateral esquierdo érguese unha imaxe de San Roque, ambos santos de advocación xacobea.

Tomamos o camiño en dirección á parroquia de San Salvador de Baloira de notable advocación xacobea. Na igrexa parroquial venérase a Santa Lucía, (santa de advocación xacobea) continuando polo Camiño Vello de Montoiro, entrando na parroquia de Santa Cristina de Vea polo lugar do Rollo, (topónimo viario xacobeo). Continúa o camiño en dirección á ermida de Nosa Señora de Aránzazu, tomando a dirección da parroquia de Cora, polo lugar de Vilacriste. Logo continua o Camiño Xacobeo ata a parroquia de Couso, lugar do Barco, para despedirse da Estrada pola ponte vella de Ponteveda, abandonando a provincia de Pontevedra para penetrar na de A Coruña polo conceello de Teo, parroquia de San Cristovo de Reis, lugares de Ponteveda, Vieiro, Freiría (topónimos viarios xacobeos) continuando por Rarís, pasando á parroquia de Santa Mariña de Lucí, de clara advocación xacobea, As Cruces e por Ramallosa, para continuar pola parroquia de San Simón de Ons de Cacheiras, Montouto e Outeiro.

Na rotonda de Cacheiras dirección á igrexa parroquial, érguese un fermoso peto das ánimas. No lugar de Raxó, moi preto da capela de Nosa Señora da Consolación un ben labrado cruceiro ten cargado no varal un peregrino, con capa de camiño, zurrón e bordón con cabaza. A carón deste cruceiro atópase un peto das ánimas.

Despedíndose desta derradeira parroquia de Teo, continua o camiño para facer a súa entrada en Santiago pola porta de Mazarelos.



III. Bifurcación do camiño

O “Camiño da Geira Romana e dos Arrieiros”, do que estamos a falar, ten unha bifurcación na Mámoa. Como xa queda dito o camiño no concello de Forcarei segue deste xeito: Pardesoa, Soutelo, Vilapouca, Cachafeiro, Gaxín, Ponte Gomail, A Mámoa (Castrelo), tomando aquí un ramal para a Ponte de Sarandón, continuando por A Baiuca topónimo viario xacobeo, Meavía, outro topónimo viario xacobeo, que ademais ten por patrón a San Xoán, de advocación xacobea. Nesta parroquia que eclesiasticamente é anexa á de Santa Mariña de Ribela, temos unha vella ermida de San Amaro, santo de advocación xacobea, por onde pasaba o Camiño Real.

Continúa este ramal entrando no concello estradense pola parroquias de Santa Baia de Pardemarín, San Breixo de Lamas, Santa María de Rubín, San Martiño de Callobre (o seu patrón San Martiño é tamén de advocación xacobea), San Miguel de Moreira e Santa Mariña de Ribeira (de advocación xacobea). Dentro da igrexa parroquial de Santa Mariña de Ribeira unha imaxe en pedra do Apóstolo Santiago protexe o paso dos peregrinos e diante da igrexa un peto de ánimas fai de pedestal, sobre o que se ergue o fuste dun cruceiro.

Este camiño penetra hoxe na provincia da Coruña pola Ponte Sarandón, pertencente o concello de Vedra, xa moi preto de Santiago.

O camiño desta bifurcación está documentado en diversas épocas. Así vemos:

1. Concello de Ribadavia. Libro de Acordos. Caixa 314. Folios 39v - 40 r¹: Solicitud ante o Capitán Xeral do Reino de Galicia.

Don Jorge Cisneros, Canónigo de la Santa Metropolitana Iglesia del señor Santiago, hace presente a V.E., que con el motivo de pasar a los Baños de Cortegada ha transitado por los Caminos que hay de esta Ciudad al Ríero, los que se hallan tan deteriorados que se conoce que en muchos años no fueron reparados; habiendo algunos pasos intransitables en donde el Comercio padece mucho por perder en ellos la hacienda, como acaeció a un pobre arriero, que viendo reparar provisionalmente el que hay desde esta Ciudad a la Barca de Sarandón, ofreció que como se reparase de la misma suerte los demás, y en particular la Cuesta de Ribeira, que está pasada dicha Barca, donde había perdido el mejor

1 Arquivo histórico provincial de Ourense.

ganado que tenía, daría quinientos reales para Herramientas de los Caminos referidos: y siendo el de la expresada Cuesta que pasa por Montes al Ribero, y el otro que va por Deza fáciles de componer, por ser lo mas de ello Monte abierto, y de gran utilidad al Público, no solo por el Comercio de dicho Ribero, sino también por el de Castilla: Suplica a V.E. se digne mandar se reparen dichos Caminos de la propia suerte que lo están haciendo desde las Barcas de Ulla, y Sarandón a esta Ciudad, pues con ello podrán transitar con menos incomodidad los Peregrinos, Pasajeros y Gente de Comercio.

2. Actas do concello da Estrada sobre a reparacións de camiños.

Na acta do pleno do 31 de xaneiro de 1849, ao tratar da reparacións de camiños, dise:

De Sarandón segue polas parroquias de Ribeira, Moreira, Callobre, Rubín, Lamas, Pardemarín, Meavía onde se xunta co camiño que segue a Soutelo.

No pleno celebrado o día 16 de xullo de 1850, cita como camiños de primeiro orde, entre outros

o da Barca de Sarandón a Soutelo de Montes.

Pleno de 4 de xullo 1877:

O camiño que desde Sarandón a Soutelo por Ribeira, Moreira, Callobre, Rubín, Lamas e Pardemarín.

Este mesmo itinerario repítese no pleno do 14 de decembro de 1888.

3. Nesta mesma revista, *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, hai abundantes artigos que fan referencia ao camiño xacobeo. Na *Miscelánea* número 5, o crego da Estrada, o reverendo Manuel Castiñeiras Rodríguez, fálanos dabondo sobre os peregrinos e o camiño de Santiago, no seu artigo “Novas matinacións encol do topónimo A Estrada”. E o crego de Ceredo, reverendo Luís Manuel Caxide Diéguez, na *Miscelánea* nº 11, publica o artigo “Os derradeiros arrieiros de Tabeiros-Terra de Montes”, onde mostra abundantes datos sobre os camiños a Santiago.

IV. A heráldica dos concellos por onde pasa o camiño

Interesa o estudo da heráldica municipal dos concellos das provincias de Ourense, Pontevedra e A Coruña por onde pasa o *Camiño da Geira Romana e dos Arrieiros*, por ser esta unha ciencia auxiliar da historia e porque moitos dos seus escudos teñen significación xacobea.

Percorremos, pois, os concellos do camiño e os seus escudos municipais:

- *Concello de Lobios (Ourense)*. Escudo partido e cortado; primeiro cuartel; de prata, unha fonte de pedra ao natural. Segundo cuartel, de azur (azul) un corzo de prata. Terceiro cuartel; de gules (vermello) unha ponte de prata. Timbrado de coroa real pechada. A fonte alude ao río Caldo que nace en Portugal e penetra en Ourense por Portela do Home. Neste río localízanse augas quentes e sulfurosas, que hoxe forman parte da vila termal de Lobios. O corzo fai referencia a Serra do Xurés, co Parque Natural do mesmo nome, onde se acubilla fauna salvaxe. A ponte fai alusión á vía Romana XVIII do Itinerario de Antonino, que procede de Astorga e se dirixe a Braga, cruzando por Portela do Home.
- *Concello de Entrimo (Ourense)*. Escudo cortado, primeiro, de gules trece roeis de ouro; segundo, de prata, unha faixa ondeada de azur. Ao timbre coroa condal. Carece este concello na súa heráldica municipal de simboloxía xacobea.
- *Concello de Padrenda (Ourense)*. De azur dous montes de prata, surmontados dunha venera de prata. Timbrado de coroa real pechada. Escudo de sobre simboloxía; este concello limita ao sur con terras de Portugal e cara ao norte con montes que pasan dos 1.000 metros de altitude, como Pena Rubia, Monte Covelo ou a Serra de Leboreiro, cuxa orografía está representada polas dúas montañas. A venera alude á antiga vía romana, transversal á vía XVIII, que foi utilizada na Idade Media como camiño xacobeo, quedando constancia dun hospital de peregrinos na parroquia do Condado. Esta vía intercalábase entre a Serra da Peneda en Portugal e a Serra de Leboreiro en Galicia.

- *Concello de Cortegada (Ourense)*. De gules unha fonte de prata de dous canos e pía de auga sobre ondas de azur e prata, superposta dunha árbore da súa cor, con cinco cruces planas de ouro, postas dúas a cada costado e unha en xefe. Timbrado de coroa real. A fonte coa súa pía de auga fai alusión aos baños existentes no concello, que conta con balneario. A árbore é símbolo da riqueza forestal. As ondas aluden ao río Miño, que delimita o concello coa fronteira portuguesa, e ao río Deva. As cruces fan referencia ás primitivas cinco parroquias. Fonte e río aluden ao nome completo do municipio: Cortegada de Miño ou Cortegada de Baños.
- *Concello de Arnoia (Ourense)*. De gules, e sobre ondas de prata e azur unha ponte de prata, mazonada de sable (negro) de cinco arcos. Sumado das armas do mosteiro beneditino de Arnoia, cruz, espello e compás; e báculo e espada de San Ronsendo. Timbrado de coroa real. A ponte alude á utilizada no selo antigo do concello (con dous arcos) e resalta a importancia desta obra levantada sobre o río Arnoia, que comunica coa marxe esquerda do Miño. O outro motivo é a vinculación destas terras co mosteiro de San Salvador de Celanova na Idade Media e Moderna.
- *Concello de Ribadavia (Ourense)*. De azur, unha ponte de tres arcos de ouro, sostida por ondas de azur e prata, e sumada dunha torre de prata aclarada de gules e acompañada na destra dun sol radiante e na esquerda dunha lúa tornado de prata. A ponte fai referencia á que subsiste sobre o río Avia, que pasa peggado á vila á que lle da nome: Riba de Avia (Ribadavia). O castelo representa ao señor feudal, o conde de Ribadavia, de quen áinda hoxe se conservan os restos da fortaleza. O sol e a lúa, aluden a defensa da fortaleza na que tan só podían entrar estes dous astros.
- *Concello de Beade (Ourense)*. Escudo medio partido e cortado; primeiro cuartel, de gules, cruz da orde de San Xoán de Xerusalén de prata. Segundo cuartel, de ouro unha cepa afroitada de sinople. Terceiro cuartel, en campo de prata, tres faixas ondadas de azur. A Cruz de Malta, fai referencia á Encomen-

da da Orde de San Xoán de Xerusalén de Beade, sendo unha das más importantes que tivo a Orde en Galicia. O segundo cuartel fálanos da riqueza vinícola do Ribeiro. O terceiro cuartel, móstranos o río Avia que limita a zona oriental do concello.

- *Concello de Leiro (Ourense)*. Escudo que leva por armas a tiara pontificia, posiblemente por ser o patrón o Apóstolo San Pedro. Ten unha Entidade Local Menor na división administrativa da provincia de Ourense, constituída no ano 1925, pola parroquia de Berán. Son de interese as augas medicinais e o propio balneario.
- *Concello de Boborás (Ourense)*. Partido, de sinople e ouro cunha cabeza de xovenca, surmontada dunha cruz, acompañada de dúas follas de viña. Ó timbre coroa real pechada. A súa simboloxía de colores verde e ouro, serve para representar as zonas orográficas do concello: os viticultores da ribeira dos ríos Cardelle e Avia e os vaqueiros das terras altas de Feás, Moreiras, Xendive e O regueiro. A Cruz representa o Cruceiro do Bispo, que se atopa na parroquia de Xuvencos.
- *Concello de Beariz (Ourense)*. Escudo mantelado en punta. Primeiro, de sinople cinco lapas de gules en aspa. Segundo de azur, brazo de monxe empuñando un báculo de ouro, acompañado de dúas flores de lis de ouro e dunha mitra abacial; brochante sobre o brazo e báculo, banda axadrezada de prata e gules. Terceiro de gules, media lúa de escaques de ouro e sable, surmontada de dúas vieiras de prata. Ó timbre coroa real pechada. O primeiro cuartel coas lapas, fan referencia ás fraguas e fundición para aproveitar os minerais de estaño. O segundo cuartel fai referencia ao priorato de Beariz, vinculado co mosteiro cisterciense de Aciveiro, a quen os veciños pagaban os tributos. En punta están as armas do cabido da catedral compostelá. Foi doado polo rei Fernando II en 1176 ata que en 1812 foron suprimido os señoríos. En 1954 o cardeal Quiroga Palacios cedeu as parroquias do concello a diócese de Ourense.

- *Concello de Forcarei (Pontevedra)*. En campo de azur, unha montaña de ouro de tres picos, terrasada de sinople, con dúas faixas ondeadas de prata; superada de dúas espigas de centeo de ouro en aspa e unha roca alta de prata no centro, acompañadas dun fuso alto a cada lado; bordura de sinople cargada de trece abellas de ouro. Ó timbre coroa real cerrada. Carece a súa heráldica municipal de simboloxía xacobea.
- *Concello da Estrada (Pontevedra)*. De sinople e sobre ondas de prata, unha ponte de cinco ollos de ouro, surmontada dunha torre oca tamén de ouro, e nos flancos dúas vieiras de prata, surmontadas de cadansúa estrela de ouro. Ao timbre, coroa real pechada. A estrela e venera fan referencia á igrexa e ao Camiño de Santiago. A ponte sobre ondas alude á ponte chamada de Vea sobre o Ulla, de orixe romana, e a torre, que serve para recordar o pasado señorrial destas terras como as torres de Guimarei e Oca, así como a desaparecida da Barreira.
- *Concello de Teo (A Coruña)*. En campo de azur, e sobre ondas de prata e azur unha ponte de prata acompañada no alto de dous sables do mesmo, encabados de ouro e dispuestos en aspa; bordura de gules con trece veneras de prata. Timbrado de coroa real pechada. As ondas representan o río Ulla, que fai división entre as provincias de A Coruña e Pontevedra. A ponte fai referencia a Pontevea, que limita co concello da Estrada. Os sables son símbolo da loita que tivo lugar nestas terras o 23 de abril de 1846 entre as tropas do xeneral De la Concha e o coronel Miguel Solís, derrotado na batalla de Montouto (Cacheiras). A bordura coas trece veneras aluden ás trece parroquias que componen o concello e ás rutas xacobinas que nos conducen a Santiago.
- *Concello de Vedra (A Coruña)* En campo de ouro, un pau de sinople, cargado de doce veneras de ouro, e flanqueado de dous dragóns de sinople, afrontados, linguados e uñados de gules. Timbrado de coroa real pechada. O pau fai unha alusión ao topónimo da súa denominación: *Via vetera* ou camiño antigo. As doce veneras están en vinculación coa ruta xacobea e en alusión ás doce parroquias que conforman o concello. Os

dragóns fan alusión á Torre de Ortigueira, hoxe Pazo de Santa Cruz de Ribadulla da liñaxe Ibáñez de Mondragón, á que o rei Carlos II lle concedeu o título de marqués no ano 1683.

V. Documentos

1. Testamento do veciño da parroquia de Figueroa (A Estrada), chamado Juan González Figueroa, do ano 1589,

Cargo y condición que sica obligado el que ahí sucediere a decir dos misas cada semana por mi ánima y de mis ascendientes en la germita de Sant. Espíritus da Estrada y que llevanten y agan llebantar ai en la germita y capilla ditta[des-saciendo] la que a presente hasta hecha y agan junto a ella una casa donde se acojan los pobres peregrinos que viniesen en romería al SSenor Santiago.

2. O Capitán Alonso Gosende, señor do pazo da Raposeiras de Ceredo, argumenta ante o escribán de Montes don Benito Dogando o 21 de agosto de 1604 con motivo de sinalar un lugar para a celebración dunha feira.

...además que los lugares de Sotelo es paso y camino real de Castilla, Orense y Ribadavia y Santiago y todos los puertos del mar por donde ordinariamente pasan los caminantes, recuas y otras cosas que llevan y traen para la provisión de dichos lugares².

3. O libro da fundación da confraría de San Roque de Toedo, que data do ano 1632, establece nos seus estatutos:

Y si algún pobre o peregrino se muriere en la dicha feligresía de San Pedro de Toedo, aunque no mande cosa alguna, a la dicha cofradía siendo avisados los vicarios le vayan a buscar para enterrarle y se entierre con los cofrades y cera de la dicha cofradía y se le diga una misa por su ánima.

4. Libros de finados de San Paio de Figueroa (A Estrada) do ano 1784. Un pobre peregrino, veciño de Pontecaldelas, finou na Estrada cando viña de gañar o ano xubilar compostelán:

En veinte de octubre de ochenta y cuatro, murió Ignacio Taverneiro marido de Alberta Portela vecinos de Santa Eulalia de Caldelas, recibió todos los Santos Sacramentos, y su cadáver se enterró de caridad con asistencia mía y de mi capellán en la iglesia de San Pelaio de Figueroa, no hizo disposición alguna por ser pobre de solemnidad, que venía de ganar el Jubileo del Año Santo, y para que conste lo firmo.

2 Arquivo Reino de Galicia. Real Audiencia, 21189/19.

5. Libro de finados San Paio de Figueroa, ano de 1839. Morte dun comerciante enfermo que viña de consultarse de Santiago e retornaba a súa casa do Carballiño.

Dn. Agustín Rodríguez. Como cura párroco de Toedo y Sn. Pelaio de Figueroa su unido, en la provincia de Pontevedra Partido Judicial de Tabeiros mandé dar sepultura Eclesiástica en el día de la fecha al cadáver de Dn. Agustín Rodríguez, marido de D^a. Francisca [Baleyras] vecinos de Sn. Ciprián de Señorín oriundo en St^a. María de Arcos Partido Judicial del Carballino Obispado de Orense, edad quarenta y dos años que murió de efecto crónico de la cabeza según certificación de facultativo biniendo de Santiago de consultarse, sin hacer ninguna disposición testamentaria, ni recibir ningún sacramento de la Iglesia por no dar lugar su prematura muerte...

6. Pleno do concello da Estrada, celebrado o día 16 de xullo de 1850, cita como camiños de primeiro orde, entre outros: *da Ponte Bea a Soutelo de Montes*.

7. Pleno do concello da Estrada de 4 de febreiro de 1870:

La Corporación secundando los esfuerzos de los anteriores atendiendo la importancia ya reconocida del Camino que de Puente Bea atraviesa por esta Villa y por los ayuntamientos de Cerdedo y Forcarey, conduce a la carretera de Orense en la cual empalma en Soutelo de Montes.

8. Pleno do concello da Estrada do 8 de outubro de 1892:

Se presentó Manuel Touceda, reclamando la cantidad de trescientas treinta R. importe en que fue subastada la reedificación del Puente Bea...

VI. Publicacíons

1. *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, revista decenal ilustrada, (8 de agosto de 1880) páx. 274:

La Villa de La Estrada. En el año de 1836 el Juez de primera instancia designado á Tabeiros en la provincia de Pontevedra, echaba pié á tierra después de una jornada de cuatro leguas á través de accidentados y pedregosos caminos en un lugar de cuatro o seis casas, no contando por tales otros tantos cobertizos y rediles, sito alrededor de una ermita del Espíritu Santo en medio de secular arboleda denominada Campo da Estrada, donde descansaban los peregrinos que iban a Santiago de Compostela, cuyas torres descubrían en el horizonte del Norte...

2. Libro titulado *La Estrada*, de Pedro Varela Castro, Santiago, 1923:

Ya sabemos que, de antiguo, dos vías importantísimas se cruzaban en La Estrada, haciendo el punto muy concurrido y apropiado para que la población se extendiese: El cruce tenía efecto, aproximadamente, en el centro de la que es hoy Plaza Ramiro Ciorraga. Por la vía de la parte de Montes circulaban con frecuencia nutridas peregrinaciones portuguesas que iban a orar ante la tumba del Apóstol, Patrón de las Españas, y se cobijaban para descansar en unos soportales adyacentes a la Capilla advocación del Espíritu Santo, que a inmediaciones del cruce se levantaba.

A la importancia de las vías cruzadas, mas antiguas que la aldea, y tal vez a los peregrinos procedentes de Portugal, se debe el nombre que lleva nuestra Villa, cuyo significado es calle.

3. Na *Guía de Galicia*, de Ramón Otero Pedrayo, publicada pola editorial Galaxia, 4^a edición, 1965, Vigo:

La Estrada [...] hasta 1840 el centro del concejo era Tabeirós, pero La Estrada, de expresivo nombre literario, con su feria, atraía y centraba los caminos. De ellos, los más ilustres fueron la vía romana secundaria, que pasaba el Ulla en Ponte Bea seguía a Baños de Cuntis, y *el de las peregrinaciones y arriería que desde el alto del Avia y el Paraño por Forcarey cruzaba la tierra de Montes llegaba a La Estrada por Codeseda y seguía a Compostela por el Ponte Bea*.

4. Conde de Aurora (José de Sá Pereira), *Caminho Português para Santiago de Compostela*, Livraria Cruz, 1965, Braga (Portugal):

Velhos caminhos de peregrinação de portugueses a Santiago de Compostela!"(...) "Mencionaremos a saída romana de Braga pelo Gerês e Portela do Homem, tão semeada de marcos milenarios e indo entroncar no caminho da peregrinação castelhana, dentro da Galiza, em Lóvios ou Banhos de Bande, referida pelo padre Martín Sarmiento.

5. Losada Diéguez, *Obra Completa*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1985. A Estrada.

E namentras as estradas que se cruzan no medio da vila siguen sendo as camiños que lembro na miña mocedade. A estrada de Santiago, camiño dos estudantes e das festas, a estrada de Pontevedra, camiño de provincia, camiño de emigrantes, a estrada do Carbaliño, camiño de arrieros e traxinantes, a estrada da ulla de beleza en sonos. En cada unha d-esas estradas, cantas lembranzas y emocions.

6. Libro publicado por Manuel Reimóndez Portela, *A Estrada Rural*, Excma. Deputación de Pontevedra, 1990. Ao falar da parroquia da Estrada, di:

Camiño de romeiros cara á cidade do Apóstolo que pasaba polo mesmo centro da vila de sur a norte polo que hoxe é o lugar do Cruceiro (que aínda se atopa en pé) seguindo pola Casa Grande de Figueroa cara a Ponte Vea e Santiago.

7. Manuel Castiñeiras Rodríguez en “Novas matinacións encollado topónimo A Estrada”, en *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 5. Falando de facer melloras no templo de San Paio de Figueroa: “...Dos cruces nuevas encima de la capilla maior, en donde se hallaban dos veneras”, comenta: “A mención ás dúas cunchas de vieira, que foron sustituídas por dúas cruces, faime pensar nun elemento identificador do Camiño de Santiago”. Logo cita a Xosé Porto Matalobos, cando afirma ao falar da Estrada:

convertida en capitalidad del término, su prosperidad se basó en su pujante economía, en el comercio y la industria, factor al que contribuyó el hecho de hallarse A Estrada en un importante cruce de caminos; por allí pasaban los peregrinos camino de Compostela, los arrieros de O Ribeiro, los viajeros hacia el cercano mar de Arousa, los comerciantes castellanos o las gentes que buscaban la curación en las termas salutíferas de los Baños de Cuntis

8. Susana Pazo Maside en “Reproducción do cruceiro da Estrada” en *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural* núm. 13, dinos:

adheridos ao fuste, Santiago e San Roque. Santiago Peregrino sentado sobre unha especie de stital, porta bordón na man esquerda e un libro na dereita; amosa así mesmo dúas conchas de vieira, unha no sombreiro e outra no centro do peito, sobre a capa. San Roque, situado debaixo de Santiago, leva tamén capa de peregrino con dúas conchas, unha a cada lado do peito e unha terceira no sombreiro; ten báculo na man esquerda e coa outra levanta o saial amosando a súa perna dereita. Cada un deles repousa sobre unha cuncha; a de Santiago ten marcadas as ondulacións características da vieira, mentres que a de San Roque é lisa e leva a inscrpción SROq, en clara alusión a este santo.

9. Fernando Cabeza Quiles, en “As pegadas Xacobeas do concello da Estrada”, en *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 14, dinos:

Despois da parroquia de Toedo, os peregrinos debían seguir, na parroquia San Salvador (outra advocación xacobea) de Valoira, por o chamado Camiño Vello de Montoir para chegaren ao lugar do Rollo, na parroquia de Santa Cristina de Vea, situado nun antigo cruzamento de camiños, un dos cales é a estrada actual da Estrada a Santiago (PO841), seguramente antes un camiño real, que debeu estar sinalizado e balizado polo rollo, contemplando no topónimo O Rollo o cal alude a un rollo medieval, tamén chamado picota, polo que nun principio o topónimo O Rollo, referido a columna cilíndrica de pedra de ese

nome, aludía os lugares, xeralmente situados en cruzamentos de camiños, nos que axusticiaban, os reos condenados a pena de morte, aínda que os rollos, a parte de esta triste función, tamén servían como pedras de termo e como cruces de peregrinos, situados a beira das travesías e dos camiños xacobeos.

10. Outras publicacións:

Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago, de 20 de abril de 1915, Núm. 2.129, pág. 177. Danos conta das devotas peregrinacións diocesanas celebradas nese ano santo 1915, en tempo florido pascual, onde van en Romaría os de Tabeirós a Compostela.

Gaceta de Galicia, diario de Santiago, 5 de febreiro de 1901: *La Estrada*.

Díario de Galicia, Santiago, 31 marzo 1909: *La peregrinación de Tabeirós*.

La Correspondencia Gallega, diario de Pontevedra, 1 de abril de 1909: *Peregrinaciones a Compostela- La de Tabeirós*.

El Emigrado. La Estrada, 16 de noviembre 1931: *La Estrada y su servicio Postal*, por Manuel Castro.

El Compostelano. Santiago, 10 de setiembre de 1937: *El Arciprestazgo de Tabeirós*.

La Noche..Galicia, 24 de junio 1949: *La Estrada de Hoy*, de Julio Sierra.

La Noche, Galicia, 23 de junio 1951: *En la Tierra de Tabeirós surgió La Estrada*, de ASELA.

El Pueblo Gallego, Vigo, 18 noviembre; *Terra de Tabeirós, ledo camino, A Estrada doce acougo*, de Ramón Otero Pedrayo.

La Noche, Santiago, 24 de junio de 1955. *La Estrada de Compostela. Nació como un milagro más de Sant-Iacobo- La Estrada en "la Guía de Galicia"* de R. Otero Pedrayo.

La Noche, Santiago, 23 de junio de 1956. *En la Encrucijada de cinco caminos*, de J. Porto Matalobos.

Hoja del Lunes, 22 de junio de 1964: *Así es la Estrada*, por José Docampo Vázquez.

El Pueblo Gallego, 22 de junio de 1972: *El Partido Judicial de La Estrada no hace un siglo que tiene este Nombre*, por Baldomero Louro Laro.

VII. Camiño antigo para tempos novos

Cando estamos preto a rematar este artigo, xa podemos confirmar que pasaron os primeiros peregrinos portugueses por este *Camiño Geira Romana e dos Arrieiros* a Santiago: María João Batista, João Filipe e Luís Sobreiro, que saíron de Braga o día 6 de maio de 2017 e chegaron a Codeseda o día 15 do mesmo mes, sendo recibidos por Carlos da Barreira, que camiñou con eles pola Portela, levounos á Cruz da Grela e mostroulles a igrexa de Codeseda. Ao chegar a Codeseda, foron convidados polos membros de *Codeseda Viva* a tomar unhas cervexas no Bar *O Panadeiro*. Deseguido compareceu Jorge Fernández que non dubidou en cederlle gratuitamente a súa casa de turismo rural denominada *Eira Moura*, sita no lugar de Fontenlo en Codeseda, onde descansaron. Ao día seguinte, ao chegar á Estrada, foron recibidos polas autoridades, alcalde José López, director e vicedirector da Academia Xacobeia, Xesús Palmou e Enrique Otero, o presidente do Centro de Iniciativas e Turismo, Luís Reimóndez, e a presidenta do Seminario de Estudos Locais da Estrada, Chus Fernández Bascuas. Continuando o Camiño, xantaron en Souto de Vea no establecemento *O Quinteiro*, que os agasallou co menú do peregrino, e durmiron na Ramallosa (Teo) no *Hostal Pazos Méndez*, erguéndose cedo para facer a súa entrada en Santiago pola Porta de Mazarelos. Desde Santiago non dubidaron en percorrer e rematar o Camiño en Fisterra a onde chegaron o sábado día 20.

Uns días despois, o 14 de maio, comezaba o camiño desde Braga o xornalista do *Jornal de Batalha* e de *Região de Leiria* Carlos Ferreira, sendo o primeiro xornalista en facer este camiño, ademais de ser o primeiro peregrino en facelo en solitario. Entrou na parroquia de Codeseda sobre as 17,00 horas do sábado día 20 de maio do ano 2017, polo lugar da Portela, sendo recibido polos membros da Asociación *Codeseda Viva* Carlos da Barreira e Jorge Fernández, continuando ata o Santuario de Nosa Señora de Guadalupe da Grela, a de alí ata o alto da Cruz, baixando a Codeseda onde chegou sobre as 18,30 horas. Despois dun curto descanso e unha cervexa no Bar *O Panadeiro* de Codeseda, chegou a recibilo o señor alcalde do Concello da Estrada, José Carlos López Campos, o director da Aca-

demia Xacobea, Xesús Palmou, vicedirector da Academia Xacobea Enrique Otero e o reitor parroquial Rubén Diéguez Gutiérrez, quen o convidou a visitar o templo parroquial en compañía das autoridades. Pasou a noite na casa de turismo rural *Eira Moura*, sita no lugar de Fontenlo en Codeseda, cedida de forma altruista polo seu propietario, Jorge Fernández. O alcalde de A Estrada convidouno a participar ao día seguinte domingo na celebración e exaltación da *Festa do Salmón da Estrada*, se ben o xornalista Carlos Ferreira non puido aceptar, afirmando que lle quedaba pouco tempo e que tiña que retornar a Portugal para publicar os seus artigos nos xornais para os que traballa. *Codeseda Viva* fixo as xestións pertinentes para ofrecerlle xantar ao día seguinte e cama onde durmir, e unha vez máis o restaurante *O Quinteiro* de Souto de Vea brindouse a darlle o xantar de forma gratuíta, acompañado na degustación dos manxares por Jorge Fernández, destacado membro da Asociación *Codeseda Viva*. Ese día, domingo 21 de maio de 2017, despois de xantar mantiveron unha importante xuntanza na casa do destacado escultor Cándido Pazos en Pontevedra, acompañados de Isidro Pernas e dos membros de *Codeseda Viva*, Carlos da Barreira e Coki. E para pasar a noite ofreceuse ao periodista o hotel de turismo rural *Albeitería* de Ponte Vea e ao mesmo tempo a *Casa Pernas* da mesma localidade ofreceuse para atender ao peregrino no que precisase.

O sábado día 17 de xuño as 10,00 horas estaban a tomar unha consumición no *Bar O Panadeiro* de Codeseda dez ciclistas portugueses, do club BTAINAS de Oporto, que foron convidados pola Asociación *Codeseda Viva*.

Pola tarde dese mesmo día foron recibidos por *Codeseda Viva* dezasete ciclistas lusos de Espesende (Portugal) en Ponte Gomail-Gaxín (Forcarei), que viñan acompañados por membros do club Bikestrada. En Codeseda recibiuños o tenente alcalde e concelleiro de cultura Juan Constenla en compañía de *Codeseda Viva*, onde se intercambiaron agasallos, sendo convidados polo concello a uns refrescos. Emprenderon camiño cara á Estrada, onde cenaron e durmiron no *Hostal Don Juan* da vila estradense. O domingo, acompañados ata o límite do concello polo Club Bikestrada, foron recibidos en Pontevedra por Isidro Pernas, quen os convidou e agasallou facén-

dolle entrega dun Códice Calixtino aos peregrinos lusos e outro a Bikestrada.

Domingo 18 de xuño pola tarde chegaron a Codeseda catro peregrinos que facían o camiño a pé desde Braga. Foron recibidos por *Codeseda Viva*, visitando a igrexa parroquial e a Cruz da Grela. Durmiron en Codeseda. O luns continuaron o camiño e xantaron en *Casa Pernas* de Pontevedra, onde celebraron o aniversario dun deles, e pasaron a noite. O martes chegaron a Santiago.

O 8 de setembro de 2017 Xesús Palmou, director da Academia Xacobea, dou unha conferencia sobre o Camiño de Braga a Santiago, dedicándolle interese especial ao seu paso polo concello estradense.

Segue o paso de peregrinos por estas terras, camiño de Santiago de Compostela. Estas noticias de peregrinos portugueses foron recollidas polos xornais *Faro de Vigo*, de forma moi completa, e de maneira mais cativa o xornal *La Voz de Galicia*, así como os xornais portugueses *Coreio do Minho*. *Diario do Minho*. *Jornal das Caldas*, *Jornal Presente*, *Leiria-Fátima*, e a revista “*Fátima Missionaria*”.

Como derradeiro documento axuntamos o percorrido feito polo peregrino e xornalista Carlos Ferreira polo *Camiño Geira Romana e dos Arrieiros*. Publicámolo por ser o primeiro peregrino que fai unha narración do “*Camiño da Geira Romana e dos Arrieiros*” aportando datos de grande interese, en canto ao percorrido, etapas e onde xantar e durmir.

- 1^a Etapa. 14 maio. Braga – Caldelas – Terras de Bouro: 31 Km.
- 2^a Etapa. 15 maio. Terra de Bouro – Portela do Home – Lóbios/Os Baños: 35 Km.
- 3^a Etapa. 16 maio. Termas de Lóbios/Os Baños – Entrimo – Castro Laboreiro: 34 Km.
- 4^a Etapa. 17 maio. Castro Laboreiro – Monterredondo – Cortegada: 30 Km.
- 5^a Etapa. 18 maio. Cortegada – Ribadavia – Berán: 25 Km.
- 6^a Etapa. 19 maio. Berán – Boborás – Beariz: 32 Km.

- 7^a Etapa. 20 maio. Beariz – Codeseda: 31 Km.
- 8^a Etapa. 21 maio. Codeseda – Ponteveda : 22 Km.
- 9^a Etapa. 22 maio. Ponteveda – Santiago: 21 Km.

En total 261 km. cunha media diaria de 29 km.

Braga. Albergue do Peregrino *Casa da Roda*, estaba cheo (dixéronme que ata finais do mes de maio, pareceume estranxo). Xantar: Restaurante *Flôr do Vouga*, Plaza do Conde de Agrolongo 142, 4700-314 Braga. Telf. 253273016. Menú do Peregrino: *Taberna do Migaias*, Rúa don Gonzalo Pereira, nº 39 Telf. 253 613 113; *Confeitaría Lusitana*, Rúa Dr. Justino Cruz, 127, Telf. 253 614 791; *Café Santa Cruz*, Rúa de San Marcos, 128, Telf. 253 262 980. Durmida Hotel residencial *Avenida* (Braga Shopping) avenida Central, 27 a 37 Bloque Traseras, 4710-228 Braga. Telf: 742718972-253275722.- 21.

1^a Etapa. Xantar feito polo peregrino.

Durmida Residencial *Lúa de Mel* N 205-3 30 Terras de Bouro.
Telf. 253351322.- 20.

2^a Etapa. Xantar feito polo peregrino.

Durmida: *Pensión Residencia As Termas*- Os Baños, 9 Riocaldo, Lobios.

Telf. 34 988 44 82 84, 25 sen almorzo.

3^a Etapa. Xantar *Bar San Bartolomeu*, Estrada de Portugal, 65, Lobios. Non é caro (xantei ben por 10 €).

Durmida: *Hotel Miracastro*, Vila, Castro Laboreiro, Melgaco,
Telf. 251 460 020; 35 con almorzo (nota: ao lado está *Al Castelo*, que custa 20 €).

4^a Etapa. Xantar *Bar Vilar de Padrenda*, OU-411, 10 Padrenda;
(bocadillos e sándwishes).

Durmida *Pensión Buena Vista*, Av. Reis Católicos, 38 Corteada. Ourense;

Telf. 988 483 141; 20, sen almorzo.

5^a Etapa. Xantar, apoio dos amigos da Asociación do Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro.

Durmida, *Café-Bar Lucita Hospedaxe*, Berán

Telf. 988 480 618. 15 con almorzo.

- 6^a Etapa. Xantar. Restaurante Bar Portela de Lamas, Serra do Candán, Rua Portela de Lamas, 23, Telf. 603 85 47 67 (a 7 Km. de Beariz). Nota: en Beariz hai onde xantar, claro.
 Durmida, *Residencial Portela de Lamas* (7 Km. de Beariz).
- 7^a Etapa. Xantar, feito polo peregrino.
 Durmida *Casa Rural Eira Moura* de Codeseda (A Estrada).
 Apoio dos amigos da Asociación Codeseda Viva.
- 8^a Etapa. Xantar, O Quinteiro de Souto de Vea, A Estrada. *Casa Pernas* en Pontevedra-Teo, co apoio dos amigos da Asociación Codeseda Viva.
 Durmida *Hotel Rural Albeitería*, en Pontevedra, Teo, co apoio da Asociación Codeseda Viva.

Fontes e bibliografía

- Arquivo Histórico Nacional.
- Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.
- Arquivo Histórico Provincial Ourense.
- Arquivo Catedral de Santiago.
- Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela.
- Arquivo Parroquial da Estrada (libros de finados de Figueroa. Libro da fundación Confraría de San Roque de Toedo).
- Arquivo do Reino de Galicia.
- Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela.
- Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago*, 1915.
- Diario Oficial de Galicia*.
- La Ilustración Gallega y Asturiana*, 1880.
- Libro de Actas do Concello da Estrada.
- Nomenclátor de Galicia, Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares. Edita Xunta de Galicia 2003.
- XORNAIS: *Diario de Galicia, El Compostelano, El Emigrado, El Pueblo Gallego, Faro de Vigo, Gaceta de Galicia, Hoja del Lunes, La Correspondencia Gallega, La Noche, La Voz de Galicia*.
- BÉRTOLO BALLESTEROS, J. M., *Parroquia de Santa María Magdalena de Montes 1964-2014*.
- CABEZA QUILES, F, *As pegadas xacobeanas no concello da Estrada*. Miscelánea Histórica e Cultural da Estrada, nº14.
- CASTIÑEIRA RODRÍGUEZ, M., *Novas matinacións encol do topónimo A Estrada*. Miscelánea Histórica e Cultural da Estrada, nº5.

- CONDE D'AURORA *Caminho Português para Santiago de Compostela*. Livraria Cruz-Braga 1965.
- DOMINGUEZ BARBERA., M., *Caminos de Portugal*. Madrid 1944.
- ESPIÑO MATOS., J., REIMONDEZ PORTELA., M., SINDE LEMA., M., *El Camino a Santiago por el Sudeste*. Ourense, Santiago Compostela. Xunta de Galicia 1993.
- FERNÁNDEZ DIAZ., X. C., e FERRO PEGO L., *Heráldica Municipal, por Provincias*. "Proxecto Galicia, Heráldica, Xenealoxía e Nobiliaria, tomo LIX, Editorial Hércules de Edicións. A Coruña 2008.
- FERRO PEGO, L., *Tres camiños xacobeos atravesan o concello da Estrada*. Rev. Nal-gures, publicación da Asociación de Estudios Históricos de Galicia, nº 12.
- LOSADA DIÉGUEZ, *Obra Completa*, Vigo 1985.
- OTERO PEDRAYO, R., *Guía de Galicia*. 4^a edición Vigo 1965.
- EXPOSICIÓN DE DOCUMENTOS REALES DE LA CATEDRAL DE SAN-TIAGO DE COMPOSTELA, *Los Reyes y Santiago*. Xunta de Galicia 1987.
- PAZO MASIDE, S., "Reproducción do cruceiro da Estrada". *Miscelánea Histórica e Cultural da Estrada*, nº13
- PAZOS LÓPEZ., C., *Códice Calixtino en los Caminos a Santiago*. Santiago Compostela 2014.
- PENSADO., J. L., *Viaje a Galicia (1745)* Fray Martín Sarmiento.
- REIMÓNDEZ PORTELA, M. *La Estrada Rural*. 1990.
- SANMARTÍN SOBRINO., J., *A Estrada en el Camino de Santiago*. Concello A Estrada 1993.
- TORRES LUNA DE., M. P., *Los Caminos de Santiago y la Geografía de Galicia*. Xunta de Galicia 1995.
- VARELA CASTRO, P. *La Estrada*., Santiago 1923.

NOTA: Todas as reproducións fotográficas foron cedidas pola Asociación Codeseda Viva.



Sanjurjo Badía na Estrada

Isabel Edreira Armesto
isaedreira@hotmail.com

Resumo. Antonio Sanjurjo Badía, famoso empresario vigués e inventor dun submarino lanzatorpedos en 1898, casou no concello da Estrada e tivo relacóns comerciais con algúns veciños e sobre todo co concello da Estrada.

Abstract. Antonio Sanjurjo Badía, a famous entrepreneur from Vigo and inventor of a torpedo launcher submarine in 1898, was married in the region of A Estrada and had commercial relations with some neighbors and, overall, with the town hall of A Estrada.

Antonio Pablo Sanjurjo Badía naceu en Sada (A Coruña) onde foi bautizado o 8 de xuño de 1837, fillo de Antonio, natural de Paleo, e de Manuela Badía. Os seus avós paternos foron Manuel Sanjurjo, natural de Cañas, e Marfa Álvarez Becerra, natural de Cerceda, pero veciños de Paleo. Os avós maternos chamábanse Victoria López, veciña de Sada, e Pablo Badía, que foi o padriño do bautizo e era natural de Santiago de Franza.

Seu pai era o dono dun taller e unha reloxería en Sada onde xa desde os 9 anos traballaba Antonio co seu pai, primeiro na reloxería e logo nun pequeno taller de fundición. Con 17 anos, quizais escapando de ter que facer o servizo militar, emigrou a Cuba, onde montou cun socio un taller de ferrería e fundición, ata que sobre 1860 volveu para España e se instalou en Vigo, onde fundou a su primeira empresa chamada “La Fundidora”, onde se construían caldeiras e máquinas de vapor.

Casou en Riobó o 22 de febreiro de 1875 con Blandina Concepción Otero García, nacida o 20 de decembro de 1846 e bautizada ao día seguinte en Breixa, filla de Juana García Centeno, veciña de

Merza, e de Pío Otero, pero que foi adoptada, xunto co seu irmán Gumersindo, por Ramón Otero Estévez e Ramona Arén Seoane¹, donos do *pazo de A Mota*² en Riobó. Blandina finou en Vigo o 6 de marzo de 1923.

Antonio e Blandina tiveron cinco fillos:

1. Antonio Sanjurjo Otero, estudou enxeñería naval en Inglaterra. Fíxose cargo do estaleiro e da empresa *La Industriosa*. Casou con Paz Cantero Villamil e finou en marzo de 1918.

2. Carmen Sanjurjo Otero, casada con Francisco Lorente Armento, enxeñeiro mecánico e militar, que figurou entre os fundadores da Sociedade Filarmónica viguesa. Logo viviron en Pontevedra áinda que tiñan casa en *Arnois*. Francisco chegou a ser tenente coronel de Artillería.

3. Ramona Sanjurjo Otero, casada con Ramón López Guitián.

4. Manuel Sanjurjo Otero, cursou enxeñería mecánica en Alemania e estivo ao fronte da empresa de autobuses *La Regional*. Casou en 1907 con María Aranaz Elices, con descendencia.

5. Fernando Sanjurjo Otero, estudou enxeñería química, pero finou en 1903 vítima da tuberculose.

Ao ano seguinte de casados, en 1876, ten a súa primeira relación empresarial con xente da Estrada. Fabricou por 2.178,75 pts. a maquinaria completa para os muíños fariñeiros que tiña na ribeira do Ulla don Eliseo Silva, da *casa de Silva* en *Arnois*.

En 1880 creou a gran empresa *La Industriosa* na avenida viguesa que agora se chama García Barbón. O nome fai referencia ás “industriosas” abellas, pois era afeccionado á apicultura. No catálogo de produtos que producía en 1884 figuraban máquinas de vapor, prensas, cocciñas, estufas, balcóns e farois, ademais de maquinaria naval.

É entón cando desde o concello da Estrada recibe diversos encargos. Encargáronsele as cañarías para facer unha fonte publica na praza principal da Estrada, que custaron 500 pesetas. Pero como recompensa de terlle encargado á súa fábrica as cañarías, Antonio

¹ Cfr. A súa xenealoxía: BÉRTOLO, J.M., “Pedro de Arén, arquitecto de Terra de Montes (c. 1635-1699), e a súa descendencia”, *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, nº 19, 2016.

² BÉRTOLO, J.M., “O pazo de A Mota”, *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, nº 15, 2012.



Fonte e bancos da Estrada.

Sanjurjo regalou catro bancos de ferro para a praza, de aí que o 11 de xullo de 1891 o concello decide agradecerlle oficialmente a doazón deses bancos.

Como os catro bancos non son suficientes, o concello encárgalle axiña outros catro, así como unha columna tamén de ferro para o alumeadoo da vila de A Estrada, polo que o Concello de A Estrada deu orde de pago o 11 de decembro dese ano 1891.

Posteriormente, segundo acordo de 18 de novembro de 1893, proverá de máis cañerías para levar a auga sobrante da fonte da Praza polos sumidoiros da rúa do Ulla,

O 4 de febreiro de 1893 e co motivo do

rebaje hecho en la plaza, se estrechó la entrada de las casas de D. Francisco Otero y de D. Francisco Torres, a las que se da acceso por una rampa que termina en una escasa plazoleta; y para evitar la caída de niños aún de adultos en días de concurrencia, y aun para hermosear la entrada o malecón que constituye esta, hay necesidad de colocar una verja, se acuerda que por el Sr. Alcalde se adquiera de la fábrica de D. Antonio Sanjurjo de Vigo, colocando en su centro una inscripción que diga <Por el Ayuntamiento 1893>.



Igrexa da Estrada no século XIX.

1894 o concello da Estrada págalle a Antonio Sanjurjo uns caños de fundición e o 17 de novembro de 1898 oito bancos rústicos que fixo para a praciña do mercado.

En maio de 1906 Antonio Sanjurjo foi autorizado polo goberno para poñer en circulación unha liña de transporte de viaxeiros entre Vigo e A Coruña, para o que transformou a súa propulsión de vapor á bencina. Dispuña de dez automóbiles que facían o traxecto en nove horas. A empresa chamábase *La Regional* e foi seu fillo Manuel Sanjurjo Otero o encargado de dirixila. E un ano máis tarde a Dirección Xeral de Comunicacións adxudicoulle a puxa da condución do correo entre A Coruña e Santiago.

En 1913 a Dirección Xeral de Obras Públicas deulle autorización para establecer un estaleiro destinado á reparación e construcción de vapores pesqueiros, ocupando un terreo da praia do Areal, de Vigo.

Dita reixa colocouna o canteiro José Torres, que necesitou catro pezas de cantería, 10 k. de ferro cilindro e reparar o cume do muro polo que se autoriza o cobro o 18 de novembro de 1893.

Entre a igrexa parroquial da Estrada, que daquela estaba situada na esquina da rúa de San Paio coa rúa 56, e a carreteira de Vilapouca á Pontevedra había un muro pechando o atrio da igrexa, polo que o 22 de abril de 1893 acórdase mercar unha *reixa de fundición* que se encargará aos talleres de Antonio Sanjurjo de Vigo para poñer sobre dito muro.

Nos anos seguintes fixéronse novos encargos. Así por exemplo, o 22 de decembro de

Pero a súa obra máis famosa foi a creación dun submarino lanzatorpedos de 5,20 m. de eslora, deseñada por el, co obxecto de defender a ría de Vigo da Armada estadounidense, que estaba en guerra con España. A primeira inmersión do aparato tivo lugar o 12 de agosto de 1898 diante do seu estaleiro e foi un éxito. Curiosamente ese mesmo día firmouse un armisticio de paz con EEUU, polo que a súa utilización non foi necesaria. Este aparato pode contemplarse agora no Museo do Mar en Vigo.

Tamén destacou pola súa conciencia social creando un sistema de protección para asegurar aos seus obreiros un subsidio de vellez e enfermidade.

Un ano antes da súa morte, o 28 de febreiro de 1921, don Antonio foi honrado polo concello de Lavadores coa inauguración dunha rúa co seu nome. Na súa homenaxe descubriuse unha lápida que puña “Avenida Sanjurjo Badía” na estrada de Pontevedra.

Antonio Sanjurjo Badía finou o 8 xaneiro de 1922.



Botadura do submarino de Sanjurjo Badía.



Pazo A Nugalla en Pousada. Curantes

J.M. Bértolo Ballesteros

joberba4@hotmail.com

Luis Manuel Ferro Pego

leonvenera@hotmail.es

Resumo. O pazo A Nugalla foi levantado a mediados do século XVIII. Quen o mandou facer, a xenealoxía dos seus moradores ata a actualidade, a súa transformación e a descripción do conxunto pacego son o obxecto deste artigo.

Abstract. The manor A Nugalla was built in the middle of the 18th century. The subject of this article deals about who command to built it, the genealogy of its inhabitants until today, its transformation and the description of the whole manor.

1. Pazo A Nugalla

O pazo A Nugalla tamén coñecido como a casa de Recarei ou casa dos Suárez porque estivo en mans da familia Recarei ata finais do século XIX e logo polos Suárez Troitiño, foi levantada no lugar de Pousada (Curantes) polo cóengo compostelán Juan Antonio Valladares Louzao e Somoza, (Curantes, 1704-Santiago, 1768).

En 1751 mandou fabricar unha capela en advocación de N^a. Sra. da Paz, onde tiña *una casa inmediato a ella con su sala, antesala, cocina, bodega, despensa, caballerizas, corral y portadas, todo sito en dicho lugar y feligresía fabricado a cimentis a sus expensas en territorio propio* suyo. Na sanxristía desta capela podemos observar unha ménsula gallonada utilizada para imbricar as vigas de madeira que aguantarán a armazón do tellado. Ditas ménsulas empezaron a empregarse no Císter e durante o barroco tiveron unha gran importancia como sistema de soporte de elementos sobresaíntes, como o balcón do pazo. A capela aínda a cita Madoz no século XIX, pero o 6 de febreiro de 1888 o arcebispado concedeu que se redimise a carga de misas que



Pazo A Nugalla.

había sobre uns bens vinculados, polo que actualmente xa sen retablo e sen uso cultural foi reconvertida na biblioteca da casa.

Moitos dos bens de Juan Antonio Valladares foron incorporados ante o escribán santiagués Domingo Antonio Diéguez a un vínculo, que administraría o patrón de dita capela de N^a Sra. da Paz. Deixou á súa irmá Rosa como usufrutuaría e como beneficiaría á súa sobriña Benita Pazos Valladares, casada en 1762 con José Recarei Bermúdez, cuxo primeiro apelido vai dar nome á casa.

O resto dos bens que tiña en Pousada e na xurisdición de Viso tamén os vincoulou, sen que se puideran agregar á capela, deixando como sucesora a Benita Pazos sempre e cando casara con José Recarei e coa obriga de atender á súa irmá Alexandra, que estaba impossibilitada, mandar dicir unas misas e levar o apelido Valladares.

O pazo, levantado case todo con bos perpiáños, é de planta rectangular con baixo e piso, con ventás rectangulares con doselete e unha solaina que mira cara ao patio interior ou antigo curral. Na banda norte ten un balcón de ferro sobre unha peña suxeitada por unhas ménsulas de granito. Sobre o cumio do tellado unha imaxe en pedra que chama a atención. Trátase do busto dun home barbado con longa cabeleira (que máis ben parece un casco) coas mans sobre

a cabeza, na que esta cravada unha cruz de ferro¹. *Din os veciños que o Sr. Recarei, home podente sentaba alí no balcón os días de forte calor de verán á sombra mentres os veciños ardían e calor todos suados sachando no millo... cousa que a eles lles parecía unha burla. Miraban de esguello para o señor descansando e para a pedra de arriba, sempre alí queda, man sobre man da cabeza... por iso é moi coñecida entre os veciños, que o bautizaron como “A Nugalla de Recarei”*². Por iso a casa é coñecida tamén como *Pazo da Nugalla*.

O pazo xunto coa capela e *outra casa* máis antiga pechan un espazo en forma de trapecio. Nesta casa máis antiga foi onde naceu dito cóengo, pois seu pai Alonso Valladares Somoza foi vivir a Curantes cando casou en 1695 con Inés Louzao, que era veciña desta parroquia. A casa, construída en cachotería, sufriu diversos aditamentos en distintas épocas ata chegar a enlazar coa capela. Destaca pola súa cheminea en cantería e decorada con *placas*³ circulares superpostas e rematada con pequenos pináculos (e sobre un deles, un paxaro), que poderíamos relacionar con Fernández Sarela ou un discípulo. Recorda outras chemineas da contorna e podémola situar a mediados do século XVIII, é dicir, cando se fixo o pazo



Nugalla.



Cheminea.

1 Poderíase pensar que fose un Atlas (como na casa reitoral de Barcia de Mera ou no pazo de Bendaña da praza compostelá do Toural) ao que lle quitaron a esfera terrestre para colocarlle a cruz para deste modo cristianizalo. Porén, vendo de preto a escultura, parece que xa foi concibida así.

2 REIMONDEZ PORTELA, M. *Estrada rural*, S.P. Deputación de Pontevedra, 2007 (2ª ed.)

3 As placas son remates que se utilizan no barroco compostelán do século XVIII, introducidos por Simón Rodríguez, a quen sigue Fernández Sarela.



Vista aérea do Pazo de Nugalla.

e capela máis ou menos. E dado que esta cheminea está claramente levantada sobre unha edificación bastante máis antiga, que xa sufrira aditamentos como se ve claramente ao mirar as paredes, temos que dicir que esta casa foi levantada no século XVII ou antes.

Porén a solaina desta casa adxacente cremos que é da primeira metade do século XX. A columna, que aparece na parte inferior desta solaina xunto a un van, seguramente pertencía á antiga lareira que se fixo cando á citada e sobranceira cheminea, e foi aproveitada para suxeitar e reforzar a solaina, de aí que tiveran que aumentar a súa altura, mediante o pedestal.

Por iso, aínda que se di en dous documentos distintos que o pazo se fixo *a cimentis*, é dicir, que anteriormente non había outra edificación, esta afirmación non rexeita que houbase enfrente unha casa máis antiga.

Hai quen di (aínda que non hai documentación que avale esta teoría pouco probable) que esa casa pertenceu nalgún tempo á Orde de san Xoán de Xerusalén, xa que nunha parede apareceu unha cruz que identifica coa cruz de Malta. A encomenda da Orde de san Xoán tiña o seu centro máis próximo en Pazos de Arenteiro, coidando dos peregrinos que facían o *camiño portugués* cara a Santiago. Este camiño, que agora chaman *Camiño da Geira Romana e dos Arrieiros*, ten unha variante que pasa por Pardemarín, Lamas, Rubín, Callobre, Moreira e Santa Mariña de Ribeira para penetrar na provincia da Coruña pola Ponte Sarandón. De aí que se poida pensar que alí tivesen unha pousada, que co tempo lle daría nome ao lugar.



Cruz de Malta.

Columna de solaina.

A Orde de San Xoán non era algo alleo a estas terras. Vemos outra cruz, tamén identificada coa de Malta, na igrexa de Ouzande e por outra banda don Pedro Mosquera Pimentel Sarmiento e Sotomaior, bautizado en Guimarei o 14 de setembro de 1642, entrou como cabaleiro na Orde de san Xoán en 1667 e chegou a ser o Gran Prior de Castela en dita Orde. Foi el quen en 1716 recibiu o título de Marqués de Guimarei, que deu a seu sobriño Antonio Micael Mosquera Villar e Sanvítores.

En 1995-97 o pazo e construcións anexas foi rehabilitado da man do arquitecto Pedro de Llano Cabado respectando os seus elementos arquitectónicos característicos e pondo en relevo a paisaxe que rodea a casa. Actualmente está destinada a aloxamento de turismo rural, baixo o nome de “Pazo A Nugalla”, dispoñendo de oito habitaciónsdobres e unha individual, ademais de tres salas de estar, biblioteca e fonoteca, comedor, piscina, xardíns, hórreo, etc.

Moi preto do pazo pasa o río Curantes, que forma dúas fervenzas, antigamente aproveitadas para a instalación de muíños, chamadas Picho da Fervenza e Poza de Maimón, onde é posible bañarse. O pazo queda tamén próximo (a unha hora á pé e a uns minutos en



Lagoa Sacra xeada. Foto: Damián Porto.

coche) das Brañas de Xestoso e da Lagoa Sacra, zonas húmidas protexidas de media montaña, que forman parte da Rede Natura, que combinan natureza e biodiversidade, ideal para os amantes da natureza, pois alí poden observar gran diversidade de réptiles, anfibios, plantas, paxaros⁴ e animais como o lobo ou o raposo. As vistas e paisaxes son fermosas e relaxantes. Desde o punto máis alto (700 m.) pode divisarse Santiago, A Estrada e todo o Val de Trasdeza.

2. Apelidos

Varios dos apelidos dos habitantes desta casa teñen a súa orixe na toponimia. O apelido Recarei ten a súa orixe no lugar de Recarei na parroquia de Vilarmaior (Santa Comba), Valladares (ás veces aparece como *Valadares*) no lugar de mesmo nome na parroquia forcaricense de Meabía, Somoza no lugar de Somoza en Olives, mentres que outros como *Pazos*, *Amil* ou *Valmaior*, aínda que teñen orixe topónímica é difícil precisar o lugar de orixe.

3. Xenealoxía

O pazo A Nugalla foi levantado a mediados do século XVIII por Juan Antonio Valladares Louzao e Somoza, fillo de Inés Louzao, de Curantes, e de Alonso Valladares Somoza, do lugar de Somoza (Olives).

4 Entre outras aves, son moi frecuentes as avetardas e sisóns, pero en setembro de 2016 Damián Porto divisou un voitre negro (*Aegypius monachus*), excepcional nestas latitudes.

A familia de Alonso Valladares podémola retrotraer ata finais do XVI en que viven no lugar de Somoza (Olives) Alonso da Somoza que estaba casado con Isabel da Somoza. Esta deixoulle a mellora a seu fillo Esteban ante o escribán Diego de Castro. Foron os pais de Juan, Fernando da Somoza (*que segue*), Esteban cura reitor de San Pedro de Quintillán, Gonzalo, Juana e Bartolomé.

Fernando Somoza casou con Eufemia Resemil. Veciños do lugar de Somoza, fixeron testamento ante Pedro Rodríguez Daleira o 4 de febreiro de 1653 mellorando a seus fillos Inés e Pedro e deixando como cumpridores a seu fillo Pedro e a Alonso da Reigosa, cura de san Bartolomeu da Pereira e de san Pedro de Quintillán o seu anexo. Aos demais irmáns deixáronllles seis cargas de pan anuais, ademais de vinte e catro anos atrasados a cobrar en Santa María de Grava de Dominga da Somoza e de Juan de Filloy por ter levado estes un gran dote e apropiarse do lugar de Fontefría.

Os seus fillos foron: Dominga, Juan, Alonso, Domingo, María, Eulalia Isabel, Lucía (que casou con Juan Valladares “a troco” coa súa irmá Inés), Pedro e Inés (*que segue*).

Inés Somoza casou con Jácome Valladares, fillo de Andrés Valladares, natural de Meabía. Jácome casou “a troco”, é dicir, quedaba coa lexítima do seu irmán Juan e a cambio renunciaba á lexítima que lle podía corresponder á súa muller. Porén esperaba recibir do seu cuñado Pedro certa compensación por vía de legado, pois este fora mellorado e o importe superaba os 500 áureos. De aí que finalmente chegaron a unha concordia en 1653. Seus fillos:

1. Pablo Valladares Somoza obtivo a tonsura en 1698 e fixo unha fundación a 9 de marzo de 1699 dunha capelanía na parroquia de Grava cos bens dos seus pais situados no lugar de Fontefría (Grava) sendo el o primeiro capelán. O primeiro patrón foi o seu irmán Fernando e logo os seus sucesores, que son os encargados de nomear capelán.

Vivía en Santiago na rúa de Villar, esquina con Rega da Auga. Como tiña a tenencia de Arines, en 1723 permutouna⁵ por outra de Santiago co racioneiro compostelán Andrés de Porras Figueroa Gayoso (fillo de Antonia María Gayoso, do pazo de Oca, e de Juan

⁵ Protocolos de Simón Rodríguez, AHUS

de Porras, do pazo de Raíndo), sendo ambas tenencias propiedade do cabido de Santiago.

En 1725 mercoulle unhas rendas en Pousada (Curantes) a Santiago Paseiro e a súa muller Ignacia Cortés, a quen seus pais Lope Cortes e Catalina Fernández de Senra lle deran o 12 de xaneiro de 1700 como dote⁶.

2. Isabel Valladares, quen, casada con Francisco Louzao, tiveron por fillos a María Rosa (9/9/1699), Antonia (2/5/1701), Fernando, (14/6/1704) e outro Fernando (Curantes, 28/5/1706). Isabel Valladares morreu pouco despois deste parto, o 5 de xuño de 1706.

3. Alonso Valladares Somoza (*que segue*)

4. Fernando Valladares, uniuse en matrimonio con Froilana del Río e Rozas, filla de Pedro de Rozas del Río e de Inés Fernández Sanjurjo, e neta de Bartolomé de Rozas e de Inés del Rio, pertencentes á casa de Cela e Tirabá en terras de Lugo. Froilana tiña un tío cura, chamado Juan, que exercía en Graba, unha tía casou en Cascaxide e unha irmá, Águeda, que casou en San Tirso de Deza. Eles vivían en Olives.

Fernando finou en Olives o 19 de xuño de 1709 ofrecendo no seu enterro seis ferrados de pan, un canado de viño e un carneiro. Foron pais de:

- a) Alejandra Valladares, que casou co escribán Peñalta.
- b) Constantino Micael, bautizado en Olives o 21 de xullo de 1698, tendo por padriños a Alonso Valladares e Inés Louzao, veciños de Curantes. Foi presbítero.
- c) Juan Valladares, presbítero.
- d) Pascual Valladares, que casou en Olives o 24 de novembro de 1732 con Manuela Gómez, filla de Baltasar Gómez de Castro e de Teresa Jacinta Torrente e Torres, donos do pazo de Xerliz⁷. Manuela estando xa viúva vendeu unha casa en Mollarrobo a seu irmán Manuel por tan só 130 ducados, polo que os seus fillos puxeron preito contra o seu posesor José Otero, ata que o 5 de setembro de 1788 ante Gonzalo Arén o señor

⁶ Protocolos de Simón Rodríguez, AHUS.

Ver a xenealoxía de Ignacia Cortés en: <https://www.xenealoxia.org/historia/18-novas/pontevedra/2130-casas-fidalgas-forcarei-v-casa-senra-escudero>.

⁷ FERRO,L.M.- BÉRTOLO, J.M. "Pazo de Xerliz y Casa Badía en Guimarei" en *Boletín de Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*, nº 10, 2012

José Otero deixou libres ese bens, sendo compensado polos gastos con 2.000 reais por Bernardo e irmáns.

Foron os pais de Pascual que casou con Micaela Fernández, de Alonso que foi presbítero, de Antonio, de Josefa, casada con Andrés González, de Rosa e de Bernardo Valladares Gómez.

Bernardo Valladares casou con María Gómez Fernández, filla de José e Dominga con raíces en Deza e en Trasdeza e foron os pais de Benita, Josefa, Ángela e José Dionisio Valladares Gómez que foi o pai do escritor Marcial Valladares Núñez.

Alonso Valladares Somoza casou en Curantes o 26 de xaneiro de 1695 con Inés Louzao, filla de Gregorio Louzao (finado 20/4/1687) e de Clara de Sanlouzans, labregos e veciños de San Miguel de Curantes. Inés tiña dous irmáns Antonio, bautizado o 15 de setembro de 1653, e Francisco o 14 de xaneiro de 1656, o que nos suxire que Inés xa debía ter vinte e tantos anos cando casou, pois ademais Inés aparece como madriña nun bautizo en 1687.

En 1704 Alonso era alférez e en 1716 era xuíz ordinario de Tabeiros. En 1716 estando a sede arcebispal vacante, reclamou⁸ xudicialmente ante autoridades que se fixera o cárcere á costa do arcebispo.

Alonso, que fixo testamento, finou o 11 de abril de 1728 sendo enterrado no coro maior da parroquia coa asistencia de 18 sacerdotes. Faleceu Inés o 2 de marzo de 1740. Os seus bens foron repartidos en 1757 entre os seus fillos Juan Antonio e Rosa, participando tamén as fillas de Rosa como herdeiras do seu tío Bernardo.

Os seus fillos naceron en Curantes:

1. Beatriz Valladares Louzao, que foi bautizada na igrexa parroquial o 22 de novembro de 1695 tendo por padriños a seus tíos Fernando Valladares e a súa muller Froilana del Río e Rozas, veciños de Olives. Morreu o 3 de setembro de 1700.



Marcial Valladares.

⁸ Protocolos de Francisco Nodar Blanco, AHUS.

2. Rosa Valladares Louzao e Somoza (que segue).
3. Bernardo Valladares Louzao, nacido o 2 de setembro de 1701 tendo por padriños a Francisco de la Vega Cruu e a súa filla Bernarda de la Vega e Cortés, veciños de San Breixo de Lamas.

O 22 de setembro de 1729, sendo presbítero, subscribiu unha obriga⁹ para co seu tío Pablo por valor de 90.000 reais por unhas bulas que se fixo traer de Roma, hipotecando a súa lexítima paterna e materna, pois di que lle pagará se chega a cóengo. Pola súa banda, Pablo deulle a Bernardo a coadxutoría do seu canonicato. En efecto, en 1740, cando faleceu a súa nai, xa era cóengo en Santiago. En Santiago tiña dúas casas na rúa de Villar, alugando unha a un racioneiro da catedral. Deixou as súas lexítimas ás fillas da súa irmá Rosa.

A el se debe o cruceiro que está diante do pazo e levantado en 1749, segundo a inscrición: *Este crucero lo mandó hacer D. Bernardo Balladares...* Trátase dun cruceiro excepcional pois ademais de representar a crucifixión, no reverso preséntase ao mesmo tempo a Asunción e a Coroación da Virxe María. Foi a escola de Romay quen unificou ambos temas, aparecendo como aquí a Virxe cos anxiños aos pés que a ascenden e dous máis de corpo enteiro na parte superior que a coroan.

O cruceiro, con fuste octogonal se ben comeza cuadrangular, de fermoso capitel cun anxo entre voluta e voluta, ten esnaquizada a man dereita do Cristo e a esquina da cruz.

4. Juan Antonio Valladares Louzao e Somoza, nacido o 2 de maio de 1704. Cando morreu seu pai aínda era estudiante, despois estivo de cura en Santa Cruz de Lebozán (Beariz, pertencente daquela á diocese de Santiago) e logo foi cóengo de Santiago. En efecto, o 19 de febreiro de 1745 obrigouse a pagar os gastos das bulas que lle habían de traer o seu irmán Bernardo e o racioneiro Antonio Ponte e Andrade para conseguir a coenxía¹⁰.

Mercou moitos bens na bisbarra, así por exemplo mercou en puxa os que deixou en Ribeira e en Curantes o seu tío Pablo, pois este deixara a súa herданza para os pobres.

⁹ Protocolos de Simón Rodríguez, AHUS

¹⁰ Protocolos de Domingo Antonio Sánchez. AHUS.



Inscrição do cruceiro.



Ascensión e Coroación da Virxe.

Como Manuel Gómez de Castro e Quiñones, dono do pazo de Xerliz, tivo moitos problemas económicos –entre outras causas por ser avalista do seu criado–, Juan Antonio Valladares, que xa tiña en Curantes o pazo, comproulle ao longo do ano 1757, de 1758 e mesmo en 1760 distintas propiedades e rendas. Con todo don Manuel veuse obrigado a facer concurso de acredores o 4 de febreiro de 1758, ano en que tamén o fixo Baltasar de Leira e Castro, dono da casa de Os Muros en Parada. Entre os acredores estaba Juan Antonio Valladares, a quen debía 18.000 reais.

O 15 de xaneiro de 1751 solicitou permiso ao arcebispo para facer en Pousada unha capela en advocación de N^a. Sra. da Paz. Con este fin o 16 de febreiro ante o escribán Antonio Cornejo fixo unha escritura na que *dota, dona, cede y consigna la tercia parte enteramente de la legítima porción y herencia de D. Alonso Valladares su padre que le toca y corresponde en el lugar de Somoza... da parroquia de Olives.* Dous días máis tarde recibiu a licenza arcebispal para a súa construcción e en agosto xa estaba rematada polo que pediu licenza para ser consagrada e poder dicir misa, cousa que se lle concede o 15 de agosto, se ben como era día de festa a bendición ten lugar o día




Capela de Nosa Señora da Paz.

16, como así certifica o notario D. José Jacinto Álvarez de Neira e Reimóndez.

O 2 de outubro de 1764 ante o escribán Domingo Sánchez de la Vega deulle á súa sobriña Benita, casada con José Recarei Bermúdez, o seguinte¹¹: todos os bens raíces e rendas que tiña na parroquia de San Miguel de Sarandón e de San Mamede de Ribadulla, a excepción dos mobles e semoventes da casa e granxa da Costa, que tiña como tenencieiro. Todo iso o incorporou ao vínculo que fixera ante o escribán santiagués Domingo Antonio Sánchez e que administraría o patrón da capela de N^a Sra. da Paz desta freguesía. Dito patrón había de levar o apellido Valladares e manter en bo estado ditas casa e capela. Pero deixa como usufrutuaria mentres viva a Rosa Valladares, a súa irmá e nai de Benita. Entre as alfaias que lle deixa a Benita cítanse unha bandexa de prata con flores, unhas “mazarinas” para tomar chocolate tamén en prata, 12 cubertos en prata, doux cálices

11 ARG.RA. 26041/27



Sinatura de Juan Antonio Valladares.

e patenas de prata, dous candeeiros en prata, o que supón un total de máis de 200 onzas en prata. Tamén deixaba os ornamentos sagrados para dicir misa e os bens semoventes que tiña *na súa casa nova*, que fixo “*a cimentis*” entre os que se destaca uns bufetes, un cadre coa Dolorosa, dúas camas de madeira torneada, manteis, cobertores, cortinas, etc.

Sen embargo, o 4 de novembro de 1767 con cartos obtidos como cura deulle¹² ás súas sobriñas, fillas de Rosa Valladares, 36.684,20 reais, que quedara debendo a Rosa á conta da herdanza de seu irmán Bernardo.

Outorgou testamento o 20 de decembro de 1767 e un codicilo o 26 do mes seguinte. No testamento deixou cartos para a fábrica das parroquias de Curantes, Olives e Lamas, e tamén para o hospicio, pobres, etc. Aos dous testamentarios deixoulles cincuenta libras de chocolate a cada un e alfaias, e para a catedral de Santiago os bens mobles. Déuselle sepultura en Santiago o 14 de marzo de 1768.

Rosa Micaela Valladares Louzao foi bautizada cos nomes de Rosa Micaela Alejandra o 18 de xullo de 1697. Casou o 3 de marzo de 1710 con Pedro de Pazos Bibián, fillo de Sebastián e Antonia, veciños de Santa María de Grava, e neto por parte paterna de Benito Pazos e Antonia García. Testemuña da ceremonia foi Juan Antonio Gómez de Castro cura de Olives e da familia do pazo de Xerliz.

O 13 de outubro de 1755 pediu a partilla dos bens dos seus pais que se habían de repartir en tres partes, unha para seu irmán Juan Antonio, outra para súas fillas por ser as herdeiras de Bernardo e outra para ela, por ser tres os herdeiros dos seus pais.

12 Protocolos de Domingo Antonio Sánchez. AHUS.

Pedro Pazos foi sepultado o 13 de abril de 1958. Rosa outorgou testamento ante Jorge Antonio Nogueira escribán de Rubín o 15 de decembro de 1765 no lugar de Pousada, no que deixa mellorada á súa filla Benita que vivía na súa compañía. Morreu poucos días despois sendo enterrada o día 22. Deixaron como descendencia a:

1. Alexandra Pazos Valladares, a maior das irmás, pero como estaba solteira e imposibilitada “*sin siquiera poder comer por su mano*”, seu tío non a nomea como herdeira. Morreu o 22 de novembro de 1764.

2. María Juana Micaela Pazos Valladares, bautizada o 11 de xullo de 1731, casou nos primeiros meses de 1756 con José Bernardo de Valmaior, veciños de San Martín de Cameixa. Seu tío Juan Antonio Valladares deulle en dote¹³ 22.000 reais o 4 de xaneiro de 1756 e, unha vez casados, José Bernardo deulle carta de pago do primeiro prazo (8.000 reais) o 18 de abril dese ano e ante o mesmo escribán. M^a Juana en 1767 xa estaba viúva.

3. Benita Pazos Valladares (*que segue*).

4. Juana Paula Pazos Valladares, que para casar con Juan Antonio de Amil e España, veciño de Santiago de Compostela, foi dotada o 2 de xuño de 1762 polo seu tío o cóengo Juan A. Valladares con 3.000 ducados ante o escribán Gregorio Salgado, veciño de Santiago, debendo entregar 1.500 ao casar e o resto en tres prazos, 500 ducados cada ano. Juan Antonio de Amil asinou a carta de pago o 22 de xullo de 1765 ante Manuel Antonio Colmelo. Pero tanto Juana Paula como M^a Juana ao recibir o dote renunciaban á lexitima que podía corresponderlles pola herdanza de seu tío-avó Pablo e de seu tío Bernardo, e por outra banda en caso de non ter lexítimos descendentes o dote tornaría á familia dos Valladares.

Juan Antonio de Amil outorgou testamento¹⁴ o 11 de outubro onde declara herdeiros ao seus sete fillos: Benito, Juan, Ramón, María, Juana, Antonia e Manuela de Amil Pazos.

Benita Pazos Valladares, nacida o dia 12 de outubro de 1733 recibiu as augas bautismais ao día seguinte co nome de Benita Anto-

¹³ Protocolos de Domingo Antonio Sánchez. AHUS.

¹⁴ Protocolos de Antonio Domingo Sánchez Vaamonde. AHUS.

nia e tendo por padriño a Benito Antonio Louzao, presbítero de Santa Mariña de Ribela.

Uniuse en matrimonio o 24 de marzo de 1762, con dispensa das tres proclamas, con José Recarei Bermúdez, veciño de Santa María de Beán, fillo lexítimo de don Pedro Pablo Recarei e dona Ánxela Bermúdez, defuntos e veciños que foron de San Vicenzo de Mercurín (Ordes), onde fora bautizado dito José o 21 de xuño de 1729. José Recarei aparece nos padróns do ano 1762 e de 1775 como nobre fidalgo.

(Ver *ascendencia de José Recarei en Apéndice I*)

Andrés Gómez de Castro, dono do pazo e Xerliz, sendo moi novo, iniciou un preito¹⁵ en

1771 contra José Recarei, como marido de Benita de Pazos sobriña e herdeira do citado cóengo Juan Antonio Valladares. Este, que xa morrera tres anos antes, mercara moitos bens ao pai de Andrés e mesmo a seu avó en Santa María de Olives, en Xerliz, en Pardemarín, etc., pero que como bens vinculares non eran susceptibles de venta. E gañou o preito Andrés.

José foi enterrado en Curantes o 22 de xuño de 1797. Os fillos de Benita e José foron:

1. Andrés José Recarei Pazos (*que segue*)
2. Juan Antonio nacido o 1 de xullo de 1765 e bautizado doutras días despois, sendo o padriño o seu tío o cóengo Juan Antonio Valladares. Faleceu pouco despois.
3. Juana Francisca, bautizada o 28 de xuño de 1767.



Solaina da casa adxacente.

¹⁵ ARG. RA. 2169/1.

4. Francisco Miguel, bautizado o 1 de xuño de 1769. Finou de neno.

5. e 6. Vicente e Alonso Recarei Pazos, bautizados o 22 de xaneiro de 1771, faleceron de nenos.

7. Jorge Marcos Recarei Pazos, bautizado o 25 de abril de 1773. Foi sacerdote recibindo todas as ordes entre 1789 e 1807.

8. Andrea Juliana, bautizada o 7 de xaneiro de 1775. Morreu de nena.

Andrés José Recarei Pazos e Ortiz, foi bautizado o 5 de agosto de 1763, levando como madriña á súa avoa Rosa Valladares. Celebrou o seu matrimonio con M^a Josefa Salgado González, coñecida como Maripepa e que foi dotada o 18 novembro de 1792 con 17.000 reais en cartos e grande cantidade de bens ante José Antonio do Campo de San Martín de Lalín.

María Josefa¹⁶ era filla de José Antonio Salgado Guntín e de María González López, veciños de Soutolongo, e polo tanto irmá de Benito Antonio Salgado, que estaba de cura en Curantes onde finou o 2 de maio de 1802.

Andrés adquiriu uns bens en Riobó de Juan Neira Infanzón¹⁷, veciño de Castrotián (Oca), que pouco despois trocou con Jacobo

¹⁶ A ascendencia da nai de María Josefa Salgado González podémola retrotraer ata *Inés Pasaro Bustos*, irmá de *Andrés Mosquera Bustos* quen fundou un vínculo e morgado en San Facundo de Bustos, a favor dun fillo de Inés, chamado *Froilán López Douteiro*, veciño de San Martiño de Lalín.

Froilán casou con *Bárbara Portela* e tiveron tres fillos: **Alberto, Antonio e Pedro**.

Alberto López Douteiro, sucesor do morgado, casou con *Juana Gutiérrez* e foron os pais de *Gertrudis López Gutiérrez*.

Gertrudis López Gutiérrez casou primeiro con *José Núñez*, tendo a *Josefa Núñez*, que casou con *Miguel José Saco*, veciño de Bendoiro de Abaixo, e outorgou testamento o 14 de maio de 1797 ante *Fernando González Taboada* (ARG.RA 26304/18) falecendo o 27 de decembro dese ano. Segundo o seu testamento o lugar de Outeiro pasaría á súa media-irmá *María González* e a M^a *Josefa*, filla desta, mentres que o morgado pasaría a *José Feijó*. Logo houbo moitas disputas xudiciais entre ambos por mor do lugar de Outeiro que chegaron a 1828 (AHN. Chanc. Valladolid, Executorias, 3736-22).

Gertrudis casou de segundas con *Pedro González Cacheda*, sendo pais de *María González López* e de *Francisca*.

María González López casou con *José Salgado Guntín*, de Soutolongo, e foron donos do coto de San Vicenzo. Tiveron por filla a M^a *Josefa Salgado* (obxecto desta digresión), a *Benito Antonio Salgado*, que estaba de cura en Curantes, a *Teresa*, veciña de Soutolongo e a *Benito Salgado* que casou con *Juana Vaamonde*, que tiveron por filla a M^a *Benita Salgado* que casou con *Benito Espinosa Varela*, dando lugar aos numerosos irmáns *Espinosa Salgado*, que casaron en Arnois, Riobó, etc.

¹⁷ BÉRTOLO BALLESTEROS, J. M., Os “Reimóndez Figueira” de Castrotián. Oca, *A Estrada Miscelánea Histórica e Cultural*, 2014, nº 17.



Pazo A Nugalla.

Otero, do *pazo de A Mota*¹⁸, por outros en Curantes. As escrituras fixéronse como se cada un lle fixera un foro ao outro. Pero en 1834 os sucesores do Neira Infanzón reclamaron as terras por ser vinculadas, o que motivou un preito¹⁹ entre os sucesores de ambas familias. En Taboirós déronlle a razón aos Recarei, pero a Real Audiencia fallou a favor dos Otero.

Andrés tamén vendeu o 9 de marzo de 1816 varias herdades chamadas “Fonte Sollán” e “Rigueira de Abaixo” no lugar de Pousada, a Juan Otero da casa de A Mota en Riobó por 10.000 reais. Non debreu gustar isto á súa nai, que estaba viúva, pois esta o 13 de marzo de 1816 e ante o escribán Felipe Pena retiroulle a seu fillo Andrés o poder que lle outorgara ante o escribán Caetano Vidal para administrar os bens libres e do morgado da casa de Pousada, reservando para ela a administración de ditos bens.

Entre as moitas propiedades que tiña Andrés están os muíños xunto ao río de Pousada, en Curantes, entre eles o “muíño da Carballeira”.

¹⁸ BÉRTOLO BALLESTEROS, J. M., O pazo da Mota, *A Estrada Miscelánea Histórica e Cultural*, 2012, nº 15.

¹⁹ ARG.RA 24018/22.

Andrés outorgou testamento²⁰ o 26 de outubro de 1822 e morreu en 1823. A súa muller xa falecera en 1813. Tiveron por fillos en Pousada:

1. Benito José Andrés Recarei Pazos, naceu o 27 de abril e bautizado o 2 de maio de 1795 en Soutolongo, sendo os padriños os seus tíos maternos Benito, cura de Curantes, e Teresa veciña de Soutolongo.

Como seu pai levaba enfermo moitos anos e incapaz de atender á súa facenda pois non podía andar nin a pé nin a cabalo, foi nomeado pola Xustiza –era menor– como sucesor de seu pai o 25 de setembro de 1816 coa obriga de atender a seu pai e demás membros da familia, mesmo de dotar a seus irmáns se querían casar, así como darlle a seu pai tabaco de hoja e un real diario para *recreacións honestas*. Outra condición era que se Benito casase e Andrés non estivese ben tratado, entón este podería escoller unha das dúas casas que tiña no pobo para ir vivir a ela dándoselle unha suma para cubrir os gastos. Todo isto foi subscrito ante o escribán Felipe Pena.

Durante varios anos foi o arrendador dos dezmos e primicias do Estado en diversas parroquias da entorna, igual que seu irmán Manuel o fará na súa parroquia de Curantes. Morreu solteiro o 10 de xullo de 1836, facéndose ese mesmo día inventario dos bens que deixaba a fin de repartilos entre seus irmáns Manuela, Manuel e Vicenta, excepto os do morgado que pasarían a seu irmán Manuel, como sucesor.

2. María Benita Teresa de Jesús Recarei Salgado, bautizada o 10 de xaneiro de 1799 tendo por padriños a seu tío Jorge Recarei e a Benita Pazos a súa avoa. Foi monxa franciscana descalza de Santa Clara en Monforte, que cambiou de nome ao profesar chamándose sor María de la Esclavitud. O 10 de maio de 1820 renunciou á súa lexitima en favor dos seus catro irmáns a cambio de 200 reais anuais.

3. M^a Manuela Recarei Salgado, bautizada en Curantes o 2 de febreiro de 1809, tendo por madriña a María González, muller de José Salgado, avós da bautizada e veciños de Soutolongo. Casou en Curantes o 29 de marzo de 1841 con Diego Pena Germade, fillo de Felipe de la Peña Leira e Belén, veciños de Rubín.

20 Protocolos de Felipe Pena Leira. AHPPo.

Diego de viúvo casou en Curantes o 13 de agosto de 1859 con Socorro Villaverde Guntín, viúva de Manuel Recarei Salgado, o irmán de Manuela, a quen conferiu amplo poder para mellorar en terzo e quinto dos seus bens, polo que mellorou á súa filla Felisa coa casa onde vivían co seu hórreo e terreos próximos.

Diego Pena finou na rúa do Hórreo de Santiago o 9 de outubro de 1865, tendo outorgado testamento o 28 de novembro 1864 ante o notario de A Estrada don Manuel Santamarina, no que deixaba á viúva un quinto de todos os seus bens e dereitos. Pero ela en 1869 renunciou a ese quinto e a cambio pediu aos fillos de Diego que lle pagaran todos os gastos que tivo coidando durante meses a seu mariado (medicamentos, traslado a Santiago, leite dunha burra, etc.) e os gastos de enterro e honras.

M^a Manuela e Diego tiveron por fillos a:

- a) Manuel, Antonino María Pena Recarei bautizado en Rubín o 9 de maio de 1841, emigrou a Habana onde morreu de “febre comatosa”, solteiro, o 27 de abril de 1878 *en la parroquia de la Trinidad en Santiago de Cuba, haciendo el entierro de cruz alta, capa, clamor y cuatro sacerdotes.*
- b) Antonio María Pena Recarei, bautizado en Callobre o 2 de novembro de 1845, tendo de madriña á súa tía M^a Socorro. *Freidor de pescado* en Cádiz e logo encadrado nas filas do exército de Ultramar, faleceu solteiro o 24 de setembro 1874 na parroquia do Cristo en Santiago de Cuba.
- c) Felisa Pena Recarei, que naceu en Callobre o 11 de setembro de 1843²¹.

Recibiu a 3 de febreiro de 1881 por orde do fiscal a herданza dos seus irmáns Manuel e Antonio, que morreron ab intestato sen descendencia nin ascendencia, pois seus pais xa morreran tamén. En 1888 recaía sobre ela e sobre os seus curmáns Suárez Recarei a obriga de ter as misas tanto na capela do pazo de A Nugalla como nunha capela da igrexa parroquial, polo que o 6 de febreiro dese ano conseguiron autorización do arcebispado para redimir esa carga, pre-

²¹ Nos libros parroquiais de Callobre, Rubín e Curantes non aparece rexistrado o seu bautizo. Segundo o certificado do xuíz municipal de Santiago da súa voda con Manuel Torres Agrelo en 1903, naceu en Callobre o 11 de setembro de 1843. A data de 1843 confírmanna outros documentos. A. 264(1), 298(1).



Solaina do pazo.

vio pago de 875'50 reais. As misas estaban cargadas sobre uns bens vinculados, pero as leis desvinculadoras facían ilóxica esta carga.

Casou con Andrés Pereiras Fernández, fillo de Juan e María Antonia, veciños de Curantes. Vivían en Rubín, onde Andrés morreu o 14 de abril de 1887 sen descendencia, polo que deixou os seus bens en usufruto a seus irmáns Francisco, Manuela e Manuel Pereiras.

Logo o 10 de outubro de 1904 con 61 anos (aínda que confesa ter nese momento 50 anos) Felisa uniuse en matrimonio na capela do Pilar da catedral con Manuel Torres Agrelo, natural de Rubín, que entón tiña 44 anos e que será o seu herdeiro. Manuel estaba viúvo (a súa muller Dora Emmons Plat morrera en Nova Iork o 24 de maio de 1903) e era fillo de André Torres González veciño de Callobre e de Manuela Agrelo Porto, veciña de Rubín.

Manuel fixo moitos trocos e compravendas, para ter unhas leiras más grandes e axeitadas, e camiños que desen servizo ás súas propiedades tanto en Rubín como en Callobre. Tamén fixo en 1907 unha presa no río Fervenza xunto a uns muíños.

En 1908 Manuel, que formaba parte do grupo de emigrados chamados americanos, sumouse á sociedade agraria Solidaridad Gallega como lugartenente de Losada Diéguez, desempeñando a través do periódico *El Estradense* un importante papel na modernización do sindicalismo agrario de inspiración social católica na zona. E en decembro dese ano e baixo a súa presidencia constituíuse unha potente federación de sindicatos agrarios estradenses que logo se estendeu ata formar en 1913 a Federación Agrícola de Estrada, Silleda, Forcarei e Ceredo.

En 1924 Manuel uniuse ao proxecto de Mancomunidade Galega aceptando a oferta do director xeral da Administración Local o tudense José Calvo Sotelo. Manuel e os seus pediron a supresión das Deputacións provinciais e a súa substitución por unha Deputación rexional única, dotada de plena autonomía administrativa. Torres seguirá estando a favor do réxime de Primo de Rivera e opinando que a autonomía municipal era un bo instrumento para rematar co caciquismo.

Felisa outorgou testamento ante Jesús Fernández Suárez o 10 de abril de 1905, que modificou o 2 de novembro de 1912 ante Miguel Losada na parte en que deixaba un legado á súa sobriña Felisa Brea Porto e deixando a Felisa González Alvela a parte de propiedade que lle podía corresponder en San Mamed de Sarandón.

En 1926 fíxose inventario dos bens de Felisa na que se incluía *una casa sita en el lugar de la Pena de Abajo parroquia citada de Rubín, compuesta de varios departamentos, ocupando su fundo, corral, era de majar y más terreno unido dedicado a huerta con frutales, campo con viñedo. 18 áreas y 86 centiáreas*. Engádese ata 29 leiras ou montes (chamados Outeiro da Pena, Silveira, Nogueira, Cachafonso, Besada, Chopiño, Bemposta, etc) cun valor total de 6.457 pts.

Manuel Torres do primeiro matrimonio tivo unha filla chamada Manuela Torres Emmons, que naceu en Nova Iork o 23 agosto 1895. Aos 18 anos casou na igrexa de Rubín o 23 de xullo de 1914 con Marcelino Maceira Torres, nacido o 17 de agosto de 1887, fillo de Francisco Maceira Fondevila e de Josefa Torres Agrelo, neto por vía paterna de José e Francisca, e por vía materna de Marcos e Manuela, todos veciños de Rubín.

Manuela e Marcelino vivían na súa casa de Rubín, onde tamén residiu María Puentes Bascuas, que en 1940 e con máis de sesenta anos deixounos por herdeiros ante o notario Balbino López a cambio de a coidasen mentres vivise.

Ambos faleceron en Rubín, Marcelino o 27 de setembro de 1962 e Manuela o 12 de maio de 1988.

4. Manuel María Ramón Recarei Salgado, bautizado o 23 de decembro de 1800 e casado o 14 de xuño de 1837 con M^a do Socorro Villaverde Guntín, filla de Juan e Vicenta, veciños de Santiago.

Xunto cos seus irmáns iniciou un preito²² en 1831 contra José Feixoo, coronel do Rexemento Provincial de Lugo, por terse metido nas súas propiedades que tiñan en Deza.

Herdou de seu irmán Benito o vínculo e chegou a alcalde a Estrada: *El día 19 de abril de 1831, don Eduardo Otero, alcalde y justicia ordinaria, nombra a don MANUEL RECAREY SALGADO, para sucederle en el empleo, estando presente el Síndico Procurador General, le puso en sus manos pluma, tintero, papel y una de las llaves de la cárcel*²³.

Tivo tamén un preito²⁴ en 1844 contra os herdeiros de Jacobo Otero, do pazo de A Mota, pois, como xa vimos, este no ano 1800 fixera un troco de terras con José Andrés Recarei, e agora Manuel pedía a evicción e saneamento deses bens. No preito se ben lle deron a razón en Tabeirós, logo na Real Audiencia saíu a favor de Hipólito Otero e demais afectados. No preito tamén se viron involucrados a familia Neira Infanzón, sucesores dos Reimóndez Figueroa.


Morreu antes de 1859. A viúva, M^a Socorro, viviu despois en Vedra pois casou o 13 de agosto de 1859 con Diego Pena Xermade, viúvo da súa irmá Manuela, tendo que pedir dispensa porque M^a del Socorro fora madriña de dous fillos de Diego.

5. M^a Vicenta Josefa Recarei Salgado, bautizada o 28 de agosto de 1803 tendo por madriña á súa avoa materna María González, veciña de Soutolongo, e casada o 26 de maio de 1825 con José Suárez

22 Protocolos de Mariano Paseiro. AHPPo.

23 Actas do Concello de A Estrada.

24 ARG.RA 24018/22



Sinaturas de Eduardo Otero e de Manuel Recarei Salgado, na toma de posesión como alcalde de Manuel.

Paseiro, nacido en Rubin o 22 de marzo de 1797, fillo de Bernardo Suárez de la Iglesia e de Rosa Paseiro Gañete, veciños de Rubín.

José finou aos 78 anos en Rubin o 3 de marzo de 1876, tendo feito testamento ante Manuel Santamarina e M^a Vicenta morreu en Rubín aos 84 anos o 19 de novembro de 1887 tendo outorgado testamento ante o notario don José Ribadavía.

Tiveron dez fillos en Rubín, dos que catro foron lonxevos:

- a) Francisco María Suárez Recarei, bautizado o 4 de marzo de 1826. Finou o 18 de abril dese ano.
- b) Benita Suárez Recarei, bautizada o 14 de xuño de 1827.
- c) M^a del Carmen Suárez Recarei, bautizada o 14 de xuño de 1829.
- d) M^a Manuela Suárez Recarei, bautizada o 28 de febreiro de 1831 tendo por madriña á súa tía Manuela Recarei.
- e) Vicenta Suárez Recarei, bautizada o 19 de xullo de 1832.
- f) Manuel Suárez Recarei, bautizado o 10 de xaneiro de 1835 e finou o 9 de decembro de 1847.
- g) José María Suárez Recarei, bautizado o 24 de febreiro de 1837.
Foi cura.
- h) M^a Socorro Suárez Recarei, bautizada o 22 de maio de 1839 tendo por padriños a Manuel e Recarei e Socorro Villaverde. Vivía no lugar de Pena de Arriba, parroquia de Rubín e faleceu o 23 de xullo de 1928 aos 89 anos, sendo viúva de Juan



Ménsula da sancristía.

Moreira, deixando catro fillos: José, Manuel, María e Teresa Moreira Suárez.


- i) Juan Francisco María Suárez Recarei, nacido o 4 de outubro de 1841, recibiu as sagradas ordes entre 1856 e 1865 a título de patrimonio e foi cura de Rubín, onde faleceu no lugar de Pena de Arriba o 30 de marzo 1933 aos case 92 anos de idade.
- j) José Ricardo Suárez Recarei (*que segue*).

José Ricardo Suárez Recarei, bautizado en Rubín o 2 de decembro de 1847. Vivía en Pousada, onde casou con Josefa Troitiño Souto, filla de Francisco Troitiño Paz e María Souto Souto, naturais de Rubín.

Ao morrer seu tío Manuel Recarei Salgado sen sucesión e por outra banda ao desaparecer por lei os morgados, o pazo da Nugalla seguramente pasou a José Ricardo, pois os seus irmán maiores ou ben morreran ou eran curas. E como a partir de agora os donos do pazo de A Nugalla se apelidan Suárez, tamén vai ser coñecido como casa dos Suárez.

Josefa finou en Pousada o 18 de novembro de 1914 e el aos 90 anos o 14 de abril 1937, deixando sete fillos, pois dous xa morreran: Socorro, Vicenta, Josefa, Dorinda, Florentina, Juan Antonio e Manuel.

1. María Suárez Troitiño, que casou aos 22 anos o 22 de setembro de 1898 con José María Abades Calveiro, de 28 anos, fillo de Bernardo e Josefa, veciños de San Miguel de Lamas.



Labor realizado por Josefa Suárez aos 14 anos.

2. Dolores Florinda Suárez Troitiño, confirmada o 21 de agosto de 1898.
3. Vicenta Suárez Troitiño, confirmada o 21 de agosto de 1898.
4. María Socorro Suárez Troitiño, bautizada o 21 de outubro de 1880. Casou o 29 de setembro de 1904 con José Álvarez Bascuas, fillo de Benito e Rosa, e tiveron dous fillos xemelgos o 15 de xuño de 1905 aos que chamaron José María e Manuel Álvarez Suárez.
5. Manuel María Suárez Troitiño, bautizado o 12 de setembro de 1883.
6. Juan Antonio Suárez Troitiño, bautizado o 22 de marzo de 1886. En 1940 foi testemuña no matrimonio de Daniel Louzao Gorís e de Leonilda Suárez, os sogros de Paco García, que como vemos más adiante, herdou o pazo da Nugalla.
7. Josefa Suárez Troitiño, bautizada o 18 de febreiro de 1889. Vivía no pazo da Nugalla ata que finou solteira en Pousada o 26 de outubro de 1952 de colapso cardíaco, aínda parece que antes tivera un accidente xunto a unha ponte. A herданza deixoulla a un veciño de Pousada.
8. Pura Florentina Suárez Troitiño (*que segue*).

9. Dorinda María Suárez Troitiño, bautizada o 25 de outubro de 1991.

Pura Florentina Suárez Troitiño, bautizada o 11 de maio de 1894. Casou o 25 de marzo de 1933 con Jesús María García Ares, nacido o 7 de xullo de 1903, fillo de José García Salgado e de dona Ramona Ares Otero, naturais de Dormeá (Boimorto) e veciños de Vinseiro. Tiña, pois, Jesús 29 anos de idade e Pura 38, quizais por iso xa non tiveron descendencia.

Vivían no pazo da Nugalla xunto coa súa irmá Josefa que estaba solteira.

Jesús finou o 16 de abril de 1967 e Pura Florentina faleceu o 14 de outubro de 1970. Como non tiveron descendencia, o pazo pasou a un sobriño de Jesús chamado Francisco (Paco) García Quesada. (que segue).

Francisco (Paco) García Quesada, naceu en Lamas o 7 de setembro de 1936, fillo de José e Carmen. Sendo de profesión canteiro, casou en Curantes o 11 de febreiro de 1965 con Carmen Louzao Suárez, nacida en Curantes o 24 de xullo de 1942, filla de Daniel Louzao Gorís e de Leonilda Suárez.

Viviron en Pamplona, onde Carme finou o 16 de xaneiro de 1993. Precisamente foi Francisco quen, estando viúvo, vendeu en 1994, xunto coa súa filla Milagros, o pazo, que levaba abandonado moitos anos, a Antón Rozas Caeiro e Marisa Gil Nieto, a súa muller.

Antón Rozas Caeiro e Marisa Gil Nieto, mestres de profesión, sempre estiveron moi comprometidos coa cultura galega. Antón en 1978 foi cofundador da empresa cultural *Escola aberta* e é autor ou coautor de numerosas publicacións, como *Galicia en imáxenes*, (4 vol.), *Galicia a Nosa Terra*, *Galicia en mapas*, *O patrimonio arqueolóxico e artístico*, *A pesca en Galicia*, etc., etc. En 1986 foi candidato ao Senado polo Partido Socialista de Galicia-Esquerra Galega e en 1991 foi representante dos socios da provincia de Pontevedra no padroado do Museo de Pobo Galego. Pola súa parte, Marisa tamén ten publicacións didácticas sobre etnografía galega e sobre Luís Seoane.



Pura Florentina, Jesús García e Josefa Suárez Troitiño?

Tras mercar o pazo da Nugalla en 1994, levaron a cabo obras de restauración que duraron dous anos, para ofrecelo ao público como casa de turismo rural. Foi mester investir uns 70 millóns de pesetas na súa rehabilitación, para o que contaron coa axuda dunha subvención. Foi inaugurada o 2 de xullo de 1997 polo director xeral

de turismo, contando coa presencia do arquitecto Pedro de Llano²⁵, autor do proxecto de rehabilitación.

Desde o primeiro momento o pazo estivo a servir de centro e motor de actividades culturais, deportivas, científicas e gastronómicas, como mostras de escultura e pintura contemporánea (as dos escultores Francisco Pazos e José Francisco López Noia «Francés», e pintores como Beatriz Graña, Miguel Docampo, Sebas Anxo, Suso Noya, etc.), xornadas de Alta Decoración, rutas de sendeirismo, pesca de salmón, etc. Tamén algúin ano tivo lugar no pazo da Nugalla o fallo do xurado do *Pedrón de Ouro*, que ten como obxectivo sobrancear aquela personalidade ou entidade, residente en Galicia, que máis se teña destacado na defensa e promoción das diversas facetas da cultura nacional, así como o da *Fundación San Martiño de A Estrada*, que outorga os seus galardóns para recoñecer a obra de persoas ou entidades no seu labor de defensa e uso da lingua galega.

Porén tiveron que loitar para que os granxeiros de Silleda non anegasen de zurros as Brañas de Xestoso, ou de que fixesen unhas macro-granxas de porcos na Rocha ou para que Minas de Riotinto non colocasen un almacén de explosivos en Pardemarín. Grazas aos veciños de Curantes, Olives e demais parroquias próximas conseguiuse parar esas actuacións e que as Brañas de Xestoso fosen incluídas dentro da Rede Natura 2001 como zona de especial conservación.

De todos modos Antón e Marisa seguiron a sufrir outros moitos atrancos que lle puxeron as distintas administracións, como unha auditoría que os levou a un contencioso administrativo no que catro anos máis tarde o xuíz declarou que a actuación da Administración só se explicaba como unha actuación desde a mala fe, pois aúa xestión dos fondos públicos e o posterior desempeño do seu traballo era impecable.

Por iso, aínda que estaban encantados de vivir en Pousada, que consideran un auténtico *paraíso*, acabaron por vender o pazo en 2004 moi a seu pesar, pois segundo din *levan no corazón a toda a*

²⁵ Pedro del Llano é profesor da Escola de Arquitectura de A Coruña e autor de diversas publicacións.



Brañas de Xestoso en inverno. Foto Damián Porto.

xente que coñeceron en Curantes en especial aos de Pousada, e máis especialmente a Lidia Criado e Pepe da Silva.

Os novos e actuais donos do pazo A Nugalla son Fernando Varela e María Sol Lorenzo, orixinarios de Ourense e ámbolos dous economistas, que o mercaron en 2004. María Sol Lorenzo continuou as actividades de turismo rural e promoción cultural no pazo e foi presidenta de Fegatur (Federación Galega de Turismo Rural) e secretaria da Asociación de Turismo Rural da comarca de Tabeiros-Terra de Montes. A casa está recomendada por numerosas guías e libros de turismo rural, como Gourmetour, Tryp Advisor e a Guía Campsa.

Apéndice

Os Recarei

No arquivo desta casa (colección Ramos Vázquez) depositado no Museo Reimóndez Portela, existe unha árbore xenealóxica da familia de José Recarei pero que está anegada de erros, polo que non imos a expoñela aquí.

Segundo a Proba de limpeza de sangue de Cayetano Recarei (AHUS), diversos preitos (ARG) e os libros sacramentais do Arquivo Diocesano de Santiago, os Recarei descenden de García Recarei e María de Recarei, da casa de Frieiro en Xallas. País de:

Bernardo de Recarei, que casou con María García, descendente da casa de Estévez e veciña de San Pedro de Xallas. País de:

Juan Recarei, veciño de Seavia, que casou con outra María García. País entre outros de Sebastián Recarei:

Sebastián Recarei casou con María de Pastoriza Riobó e Casas, descendente da casa de Carracedo, Cotaro e outras, veciños da parroquia de Seavia (Coristanco) moi preto de Recarei. Corenta anos despois da morte de Sebastián e vinte e catro do pasamento de María, o seu fillo Pedro, cessionario dos seus irmáns falecidos Juan, Susana e Dominga, pediu facer as partillas²⁶, que se fixeron o 8 de xuño de 1678 ante Paio Rodríguez Figueroa²⁷.

Sebastián e María de Pastoriza foron pais de sete fillos, entre eles Alberte:

Alberte de Recarei, que casou tres veces. A primeira con Inés Cancela, a segunda con Ines de Abelenda e a terceira con María Pérez. Tanto Inés como Alberte consta que morreran antes de 1675. Tiveron polo menos seis fillos, sendo o maior Domingo:

Domingo de Recarei Dabelenda foi bautizado en novembro de 1647, tendo por padriños a Pedro Cancela e a María da Grela, segundo unha certificación que se fixo en 1675 a petición súa.

Domingo Recarei, que foi inquisidor, notario e familiar do Santo Oficio, casou en Santiago, onde vivía desde había 22 anos, na parroquia de san Miguel dos Agros o 10 de agosto de 1679 con Antonia María López de Marco e de Cancio y Villar, nacida en 1657, filla do prateiro compostelán Francisco López de Marcos (con bens en Beán) e de Teresa de Cancio y Villar, veciños da parroquia compostelá de Salomé, sendo dotada polo racioneiro Andrés de Cancio e por D. Carlos Luaces Montenegro²⁸.

²⁶ ARG.RA 21381/35.

²⁷ ARG.RA 18223/85.

²⁸ ARG.RA 16331/37, 27283/50.



Sinatura de Domingo Recarey.

Domingo de Recarei en 1696 pagou ao arcebispoado 7.050 reais e 4.000 da terza polas rendas da meirindade de A Barreira e mordomía de Taberíos. (*Protocolos de Domingo Caamaño*).

O 3 de xaneiro de 1676, estando en Ourense como residente, o cóengo desta cidade don Jorge Arias Gayoso nomeouno o seu representante ante a Chancelería de Valladolid onde tiña un preito a causa dos cotos de San Pedro de Meixide e de San Andrés de Oroso, que tiña en foro do bispo de Lugo, onde os pais de don Jorge, don Juan Gayoso Noguerol e Prado e a súa espouse Catalina de Mendoza, fixeran unha casa. Uns meses máis tarde saíu a executoria no seu favor. E así pouco despois, en 1681, era *mayordomo y factor de don Juan de Gaioso Neira y Mendoza, residente en los palacios de Oca*, irmán de don Jorge. E o 13 de xuño de 1682, aínda que aparece como veciño de Santiago, apontouse el e a súa muller como socios da confraría de san Antonio, que catro días antes fundou en Oca don Juan Gayoso.

Anos máis tarde a relación co pazo de Oca seguía. Andrés Gaioso, uns días antes da morte do seu cuñado Pedro Arias, fixo un poder ante Simón Rodríguez (AHUS) o 22 de xuño de 1718 para que Domingo fose a Coruña co fin de, se era o caso, facer o enterro de Pedro “marqués de San Miguel”, asistir a abertura do testamento e aceptar a herданza con beneficio de inventario e mandar se fixese falta o inventario xudicial dos seus bens.

Domingo Recarei e Antonia Marfa bautizaron a seus fillos na parroquia compostelá de san Miguel dos Agros: María Josefa Rosa (1/3/1682), Pedro Pablo (que segue), José Alfonso (14/9/1685), Domingo Antonio Benito (20/10/1686), Jacobo Antonio (26/11/1687, tendo por padriño ao racioneiro Andrés Cancio), Francisco Antonio (27/1/1689), M^a Juana (28/7/1690, e como madriña a súa tía Juana de Cancio) e Juan Antonio (31/3/1693). Herdou o vínculo o seu fillo primoxénito Pedro Pablo.

Pedro Pablo Recarei, bautizado en San Miguel dos Agros (Santiago) o 3 de xullo de 1684, casou con Ángela Bermúdez de Castro e Figueroa, e foron veciños de Santiago e logo de San Clemente de Mercurín. Ángela era filla de Francisco Bermúdez de Castro e de Juana Bermúdez de Figueroa, veciños de Mercurín, os cales tiveron por fillos tamén a Pedro, Josefa e Jacoba, casada co escultor Tomás Villarino.

Cando Ángela fá casar con Pedro Pablo Recarei, o cura de Coiro e tío de Ángela, Antonio Bermúdez de Castro –que era fillo de Francisco Bérnudez de Castro e de Dominga Fernández, veciños de Paderne–, prometeulle²⁹ deixar a súa herданza para ela, se ben non chegou a facelo en debida forma, polo que cando morreu a finais de abril de 1728 houbo un preito, xa que os irmáns de Ángela así como un medio irmán do cura pretendían herdalo.

Pedro e Ángela bautizaron en Mercurín ao seus fillos:

1. Antonia Vicenta, bautizada o 6 de agosto de 1723, casou con José Bobiller. Antonia recibiu de seu pai unha casa na rúa Algalia de Arriba, que era de vínculo³⁰.
2. Andrés Melchor Baltasar, recibiu as augas bautismais o 9 de xaneiro de 1725, recibiu a tonsura en 1749 e foi cura de Grou.
3. Ángela Antonia Vicenta, bautizada o 9 de abril de 1727 (foi seu padriño o señor de Londoño, don Juan Bermúdez Figueroa e Soutomaior).
4. José Recarei (obxecto da digresión)
5. Pedro Ventura Xiao, bautizado o 30 de xuño de 1734.
6. Juan, cura de Mercurín.
7. Salvador, que casou con María Romero.

Fontes documentais

ARQUIVO CATEDRALICIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (ACS)

ARQUIVO DIOCESANO DE SANTIAGO

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. REAL AUDIENCIA (ARG.RA)

COLECCION RAMOS VAZQUEZ. MUSEO DO POBO ESTRADENSE “MANUEL REIMÓNDEZ PORTELA”.

PORTO RICO, D. *Catálogo da colección Ramos Vázquez, I. 1538-1743.* A Estrada.
Miscelánea Histórica e cultural, nº 11 (2008)

PORTO RICO, D. *Catálogo da colección Ramos Vázquez, II.1785-1956.* A Estrada.
Miscelánea Histórica e cultural, nº 12 (2009)

²⁹ ARG. RA 22435/23, 3014/61.

³⁰ ACS. 213/4.



O mosteiro de Aciveiro e o exercicio da xustiza

J. M. Bértolo Ballesteros
joberba4@hotmail.com

Resumo. Desde a súa fundación, o mosteiro de Aciveiro dispuxa da xurisdición civil e criminal nas súas encomendas, pero o arcebispado de Santiago pretendeu ao longo dos séculos quitarlle esa xurisdición no seu propio beneficio. Este artigo conta esos conflitos e como se resolvieron.

Abstract. Since its foundation, Aciveiro's monastery was in charge of civil and criminal forms of justice but Santiago's archbishopric tried to take off that charge to their own interest over centuries. This article explores those conflicts and how they were solved.

No comezo da Idade Moderna o territorio e a poboación de Taberós-Montes estaban repartidos entre numerosas xurisdicións, tanto de señores nobres como do arcebispo, así como dalgúns mosteiros, sobre todo do de Aciveiro.

Os donos das xurisdicións civil e criminal, como os señores do pazo de Oca ou da torre de Guimarei, o arcebispo de Santiago e o abade de Aciveiro, nomeaban cada un os seus propios xuíces ou meiriños, escribáns e outros cargos que desempeñaban o goberno local.

Por exemplo, o arcebispo Cristóbal Fernández de Baltodano o 10 de setembro de 1570 nomea a Juan de Valdivieso xuíz de residencia para que se encargue de comprobar a actuación do meiriño Gregorio Suárez de Deza e os escribáns Fernando de Ogando e Gregorio Ferrón que foran postos polo arcebispo anterior¹.

E no Catastro de Ensenada, falando da parroquia de Guimarei, dise:

los Ilustrísimos Arzobispos de santiago elijen estos prelados un juez que administra Justicia en ella y en las demás de la jurisdiccion de Taberós que actual-

1 ARG.RA. 875/47

mente lo es, Dn Antonio Mallo vecino de la ciudad de Santiago el que tiene por su theniente a D. Ricardo de Castro vecino desta feligresia de Guimarei y que el dicho juez o theniente actuan con sus escribanos de número que hai en esta jurisdicion y actualmente son Balthasar de Leira vecino de san Pedro de Parada, y Domingo Antonio de Fraga vecino de san Andrés de la Somoza los que tienen estos empleos de por vida con facultad de renunciarlos, enajenarlos y arrendarlos [...] Asimismo ay en esta feligresia el empleo de mayordomo pedaneo que elixe a su voluntad Dn Jose Mosquera marqués de Guimarei y vecino de esta expresada feligresía.²

Estas xurisdiccionis mesmo podían cambiar facilmente de mans. Así, por exemplo, o 7 de decembro de 1543 ante o escribán compostelán Macías Vázquez o conde de Altamira don Lope Osorio de Moscoso vendeulle a Simón Rodríguez, dono da torre de Guimarei, o coto de O Viso con su señorío y vasallaje, jurisdicción civil y criminal, mero, misto imperio, servicios, pechos, derechos, montazgos, luctuosas..., sito nas freguesías de Santo Estevo de Lagartóns, San Lourenzo de Ouzande, Santo André da Somoza e Santiago de Taberirós.

As facultades dos xuíces ou meiriños estendíanse ás causas criminais e civís pero tamén a asuntos de goberno local: abastos, prezos, camiños, moralidade pública, etc. Os xuíces normalmente fallaban a favor de quen os nomeara e mesmo había moitos abusos por parte destes meiriños e dos escribáns. Por iso o citado Juan de Valdivieso multou ao xuíz de Montes Gregorio Suárez de Deza con 2.900 marabedís por ausentarse e deixar no cargo a seu tenente, que era unha persoa de pouco entendemento e aos seus axudantes e escribáns polas abusos que viñan facendo, como cobrar demais, non ter ao día as escrituras, abusar de mulleres, etc.

Tamén o meiriño de Montes Francisco de Alarcón e Sarasa foi acusado de obrigar aos veciños traballar gratis para el, de castigar sen facer causas ou de chantaxear aos comerciantes³.

Afortunadamente a partir de mediados do XVI todos os habitantes do Reino de Galicia tiñan o dereito de apelación ante a **Real Audiencia**, constituída por un presidente (o Capitán Xeral), oito alcaldes maiores do civil, tres do criminal, dous fiscais e un alguacil maior.

² AHN. Catastro de Ensenada.

³ ARG.RA. 4417/18.

Existía ademais a figura do procurador xeneral, para defender aos veciños e que entre outros asuntos se ocupaba do sorteo de quintas. Así Juan Otero Pesqueiras, (Riobó, 1716-1799), o fundador do morgado de A Mota, en 1764 era procurador xeral da xurisdición de Taboirós *electo e aclamado polos seus vasallos*, e como tal denunciou⁴ ao xuíz José Araúxo e Pedrosa, natural de Taboirós pero que vivía en Viveiro. A razón da denuncia foi que o xuíz nomeara como seu suplente a un tenente administrador chamado Gregorio Arias Mariño de Soutomaior⁵, que actuaba *cega e atrapalladamente*, excedéndose nos cobros polos seus servizos sen axustarse aos aranceis estipulados.

Había pois una proliferación de autoridades de diversos tipos con funcións non delimitadas á usanza actual. E unha multitudine de xuíces ordinarios, correxedores e alcaldes ordinarios, señores con propia xurisdición, un capitán xeneral, un intendente denominado do exército que se encargaba da Facenda pública, etc., e por outra banda unhas divisións territoriais imprecisas e sobrepostas, debido a que os territorios reguengos se mesturaban cos señorais, como resultado das doazóns reais e as subseguientes uniões ou divisións dos territorios.

O mosteiro de Aciveiro tiña *jurisdicción civil e criminal de los dhos cotos, y encomiendas de Acebeiro, que estaba todo ello limitado e demarcado por sus límites e marcos del jusgado de Montes e de otros juzgados e cotos alderredor hera propio del dho monasterio de Acebeiro*, mero misto *ymporio frutos e rentas pechos y derechos e vassalaxe lutuosas e montasgos e todo lo demás*⁶ grazas ao rei Afonso IX que favoreceu ao mosteiro con esa doazón. Pero o mosteiro de Aciveiro tamén recibiu de grandes señores outros dereitos, como de Afonso Gómez Gallinato, casado con Maior Pérez, que outorgou testamento o 26 de xullo de 1365 na Graña do Mato no que efectúa unha manda a favor do convento de Aciveiro de *quantos herdamentos e casas e coutarias e dereitos eu aio em toda terra de Taveiroos e no couto de San Xiao de Guimarei*⁷.

4 ARG.RA. 18783/51.

5 FERRO, L., "Casa dos Mariño. A Estrada" *MisCELánea histórica e cultural de A Estrada*. 2013.

6 ARG. RA 254/21.

7 FERNANDEZ CASTRO, J.J., A Estrada nos seus documentos antigos, Boletín *MisCELánea Histórica e cultural de A Estrada*, nº 1.

Así pois, os abades do mosteiro nomeaban aos seus meiriños, aos escribáns, así como aos seus axudantes. Vemos así os nomes dalgúns deles:

Ano	Abade	Meiriño do mosteiro
Anteriores a 1557	Frei Martín García del Pueyo e frei Alonso de Chantada.	Alonso Gato, Juan Fernández e Antonio Castellano.
1557	Frei Alonso de Córdoba	Pedro López de Cangas
1565, 1571	Frei Dionisio Martínez	
1574	Frei Ambrosio de Acuña	
1592-3	Frei Fulgencio Gutiérrez	
1596	Frei Agustín de la Herrera	Rodrigo Fontela
1598	Frei Alonso Muñoz	
1601	Frei Miguel Jiménez	Gregorio López Salgado
1600	Frei Basilio Corriero	
1605	Frei Luis Pérez	
1613	Frei Plácido del Corral	
1616	Frei Pablo Guerrero	
1620, 1625	Frei Isidoro García	
1622	Frei Baptista de Villalba	
1628	Frei Simón de Salas	Bartolomé Fernández vº Duasigrexas
1631	Frei Juan de Arguello	
1632	Frei Plácido López	
1635	Frei Felipe de Valdemoro	Bartolomé Fernández e Juan Villaverde
1663	Frei Gaspar de Campo	
1685-6	Frei Esteban Cañas	Benito Janeiro, de Beariz
1698	Frei Lucas de Elvira	Gregorio Suárez, de Beariz
Pouco antes de 1715		Antonio Vázquez de Antelo, vº Soutelo; Domingo Álvarez Jacinto Fernández, de Laro
1704	Frei Miguel Sarmentera	Gregorio Suárez
1717	Frei Alonso Ferrer	Gregorio Suárez e Francisco Estévez
1721	Frei Baltasar Pinto	Gregorio Suárez
1726	Frei Juan Manuel Martínez	
1803	Frei Atilano Martín	Benito González, de Beariz
1804	Frei Manuel González	Carlos Rivas ⁸ , de Beariz
1835	Frei Joaquín Serrano	

Pero o arcebispado de Santiago tamén fora favorecido por varios reis, como Afonso II o Casto, Ordoño I, Ordoño II, Fruela II e Ramiro II. Isto foi o que produciu diversos conflitos entre os meiriños nomeados polo mosteiro de Aciveiro e os do arcebispo de Santiago,


⁸ BÉRTOLO, J.M., Os “Reimóndez Figueroa” de Castrotián. Oca, Boletín *MisCELánea histórica e cultural de A Estrada*, nº 17 (2014).

unhas veces por conflito de competencias, outras simplemente porque os meiriños do arcebispo non admitían que os do mosteiro se titulasen meiriños, pois dicían que eran só uns mordomos ou criados.

Xa en 1566 temos constancia de conflitos⁹ cando o abade Ambrosio de Acuña nomea a Juan Rodríguez de Losada como escribán, non só para atender os casos do mosteiro, senón tamén para actuar en toda a xurisdición de Montes. Por iso o xuíz meiriño de Montes meteuno no cárcere pois dicía que non tiña título que o acreditase como escribán.

En 1557 cando o abade Frei Alonso de Córdoba nomeou xuíz e meiriño das encomendas do mosteiro de Aciveiro a Pedro López de Cangas¹⁰, este con vara de xustiza, acompañado de corenta homes armados de lanzas e espadas, arcabuces e bestas, e outras armas ofensivas e defensivas, foi ata o mosteiro, onde había festa e congregado más de trescentas persoas, e intentou facer actos de xurisdición. Opúxose Juan Suárez o meiriño do arcebispo e pediualles que entregaran as armas, pero grazas a que había moita xente, non lle fixeron mal e todo quedou en ameazas verbais de morte e na promesa de que volverían o día de san Bartolomeu para facer actos de xurisdición.

É por iso que o meiriño pide ao gobernador e alcaldes maiores que interveñan para impedir tais actos. O abade de Aciveiro alegaba que:



Tumbo para la Granja de Veariz (cubierta).

⁹ ARG.RA. 884/84.

¹⁰ Os seus antecesores foron Alonso Gato, Juan Fernández e Antonio Castellano.

de tiempo inmemorial aquella parte havia estado en posesion sus partes por si e por sus merinos e justicias de usar la dha jurisdicion civil e criminal prendiendo y soltando y castigando, y aciendo otros autos de jurisdicion teniendo orca y picota carcel prisiones y tronco y otras insinias de jurisdicion y lo susodho privativamente sinque el juez de tierra de montes, ni otro juez ni justicia del dho arzobispo se obiesen entrometido”¹¹.

Acudiron á Xustiza da Real Audiencia do Reino de Galicia e o mosteiro presentou como proba un privilexio¹²,

que su tenor es como sigue:

Conocida cossa sea a todos los homes que esta carta bieren como yo don Alonso por la gracia de Dios rei de Castilla de Toledo del conde de Galicia de Ce-villa de Cordova de Murcia [...] prebilegia del rrei don Alonso mio abuelo e conformado del rrei don Fernando mio padre fecho en esta guisa=

Notum sit omnibus tam presentibus quam futuris per presensis scritura quod ego Fernandus Dei gratia rex castellae et tolleti legionis et galitiae inveni cartam patris mei factam in hunc modum.... (segue)

Que en galego di:

Coñecido é de todos tanto presentes como futuros polas presentes escrituras que Eu Fernando pola grazia de Deus rei de Castela e Toledo, León e Galicia atopei unha carta de meu pai feita de este xeito:

11 ARG.RA. 298/13

12 Un monxe de Aciveiro dános información destes privilexios no “Tumbo para la granja de Veariz” (AHN), despóis de comentar as inscricións que hai no claustro sobre a súa fundación:

“De don Alonso el nono es el primer privilegio, y escritura más antigua que hay en esta casa, y esta prueba la antigüedad de ella, pues en el tiempo de este rey, ya había abad, monjes y convento; fue la primer data en la era de mil doscientas y treinta y una, que es el año mil ciento y noventa y tres, en el cual privilegio hace donación a este monasterio de la villa e iglesia de Piñeiro; su fecha en Santiago, y adelante en la era de mil doscientos y sesenta y seis, que es el año de mil doscientos y veinte y ocho confirma la misma donación, refiere haberla dado la primera con sello de cera y que ahora da su privilegio con sello de plomo, su fecha en el padrón; pero ninguno de los privilegios originales esta en casa, sino sólo un tanto autorizado. Otro privilegio concedió este rey en la era de mil doscientos y cuarenta, que según el computo ya dicho, fue en el año de mil doscientos y dos, en el cual da al monasterio de Nª Sra de Aciveiro, y a su abad Juan, y de nuevo confirma todas las posesiones, y vasallos que este monasterio tenía en su reino, y los exime cualesquier tributos, alcabalas, portazgos y pechos, y que todos sus colonos vasallos y renteros no estén obligados a acudir al llamamiento de algún señor, sino sólo del abad; concede otras cosas el privilegio, que ya en estos reinos no son necesarias. Este privilegio original pereció con los demás, pero hay otro muy autorizado del rey don Alonso el décimo con su sello real y muchas firmas de sus hijos y mujer, y de los hijos del emperador de Constantinopla, y muchos caballeros, y obispos de España, en el cual refiere la concesión de su abuelo el rey don Alonso el nono, y la pone de verbo ad verbum, y así mismo la confirmación que el rey don Fernando llamado el santo hizo en la misma forma que su padre el rey don Alonso el nono, de suerte que en este privilegio están el padre, el hijo y el nieto concediendo y confirmando una misma cosa.”

En nome do Noso Señor Jesucristo Amén. É propio do rei católico honrar os santos lugares e as persoas relixiosas e venerar e protexer e manter os seus beneficios e ampliar os seus edificios para que, ampliando os bens temporais, mereza conseguir o premio do rei eterno. Polo cal eu Afonso pola grazia de Deus rei de León e Galicia xunto coa miña muller a raíña dona Berenguela e o meu fillo don Fernando, por esta carta de xeito moi firme a todos presentes e futuros, libero e eximo a Deus e ao mosteiro de Santa María de Aviceiro e a vos don Xoán, abade deste lugar, e a voso capítulo e a vosos sucesores para sempre a todos vosos homes e herdades de todo o meu reino onde queira que as teñades, de peitos e tributos, de contribuír ao mantemento dos fosos e castelos, das multas por violación, homicidio, de xeito que todos os homes que vivan nas vosa terra non respondan a ningúen que non sexa o abade e o seu capítulo..."etc.

Por parte do arcebispo presentáronse ante a Real Audiencia do Reino de Galicia dous privilexios, un da raíña Urraca e outro do rei Fernando. O de dona Urraca comeza así:


Sicut ea quae rata esse nolumus nec literis nec virorum testimonio affirmamus sic ea quae firma esse volumus, ut succedenti a euo clarescant, tam virorum testimonio qua nostrarum literarum authoritate firmamus...¹³ (segue)

E o privilexio dado polo rei Fernando II¹⁴ comeza así:

In nomine Domini JhXri, Amen. Catholicorum regum est sancta loca et reliquias personas largis ampliare beneficiis et pro meritis amplis ditare muneribus. Quapropter ego dominus Rex ferdinandus una cum filio meo rege domino Adefonso... (segue)

Que en galego di así:

En nome do Señor Jesucristo, amén. É propio dos reis católicos engrandecer os santos lugares e as persoas relixiosas con grandes privilexios e enriquecelos



Relato da fundación do mosteiro. Tumbo de Beariz.

de sas loca nobilitat que ipsa tenet centum
ses monachos sub Regula Sancti Benedicti.
Sa potest desipuez qd probitatem que va raíña no
de qd puder terer aq en es leturas qd se
dixeron són carateres qd se en figura
qd talas en la tradición qd antiguas, y aunque
estas otras pronunciadas digan alguma alianza

C

¹³ Pode lerse tamén en: RECUERO, M.-ROMERO, P.-RDEZ, M.A. Documentos medievales del Reino de Galicia: Fernando II (1155-1188), Xunta de Galicia, 2000 (Páx. 181).

¹⁴ Pode lerse tamén en: RECUERO, M.-ROMERO, P.-RDEZ, M.A. Documentos medievales del Reino de Galicia: Fernando II (1155-1188), Xunta de Galicia, 2000 (Páx. 254).

á vista dos seus merecementos eu con amplos regalos. Polo cal eu o rei don Fernando xunto co meu fillo don Afonso, uníndome ao que fixeron os meus predecesores, que traballaron sempre con empeño en exaltar a igrexa do gloriosísimo apóstolo Santiago tanto con doazóns como con dignidades, dispuxen ofrecer algo polo que recoñezan ao patrón nas terras, cuxo patrocinio desexo merecer no ceo. Así pois isto que tanto por mí como polos meus predecesores foi dispensado e confirmado á dita igrexa, dou e concedo perpetuamente á igrexa compostelá e a vos Pedro, queridísimo arcebispo de dita igrexa, e a vosos sucesores a metade de toda a terra, chamada Montes, da que xa tiñades a outra metade, para que finalmente a teñades toda ela, con todas as súas pertenzas....
[...]

Feita en Salamanca a día X das kalendas de novembro, da era MCCXIII”

Acabado o preito ditouse sentenza en 1579 a favor do arcebispado, polo que o mosteiro apela ante a Chancelería que o 23 de xuño de 1595 falla a favor do mosteiro:

Fallamos que el regente y alcaldes mayores del reino de Galicia que de este pleito conocieron en la sentencia definitiva que en el dieron y pronunciaron de que por parte de dicho monasterio de Santa María de Aciveiro fue apelado, juzgaron y pronunciaron mal, por ende debemos revocar y revocamos su juicio y sentencia del dicho regente y alcaldes mayores y le damos por ninguna de ningún valor y efecto y haciendo justicia debemos amparar y amparamos al dicho presidente, monjes y convento del monasterio de santa María de Aciveiro en la posesión de usar y ejercer la jurisdicción civil y criminal por si sus jueces merinos y ministros en los Cotos y encomiendas de Nuestra Señora de Aciveiro y este pleito acumulativo y a prevención perpetuamente para siempre jamás con el dicho arzobispo del Señor Santiago y sus merinos y jueces

Pero o arcebispó volveu a apelar e finalmente deuse sentencia en Medina del Campo, onde estaba entón a Chancelería de Valladolid, o 8 de xullo de 1603. A sentenza dicía:

Fallamos atentos los autos que la parte del Arzobispo de Santiago probo su petición y demanda según, y como probarle convino, damosla é pronunciamosla por bien probada= y que la parte de dho monasterio de Azebeyro probo sus exenciones y defensiones en lo que suso se hara mención damoslas é pronunciamoslas quanto á ello por bien probadas: por ende devemos declarar y declaramos pertenecer al dho monasterio de Azebeyro la Jurisdiccion acumulativa en los cotos y encomiendas de Azebeyro sobre q á sido y es este dho pleyto para q la usen y exerçan por sus Alcaldes, y Merinos, *lo qual se entienda tan solamente para efecto de cobrar de sus Renteros, y Colonos el pan de renta, y maravedises, y demás cosas que se le devieren al dho monasterio y no mas; y en todos los demás casos, y casos que se ofrezieren en los dos cotos, y encomiendas, declaramos pertenecer la jurisdiccion civil, y criminal privativa a los jueces y merinos puestos*

por el dho Arzobispo, y los subcesores en la dignidad arzobispal; y no hazemos condenación de costas y por esta nuestra sentencia definitiva ansi lo pronunciamos, y mandamos= El Ldo. D. Juan de Otalora y Suazo, el Doctor Antonio Corrionero= El Ldo. Diego Lopez Bueno.

Foi suplicado por ambas partes e alegado de nulidade contra dita sentencia en dita causa, e en revista entre o mosteiro e Dn. Maximiliano de Austria, o novo arcebispo de Santiago, e así o 23 de abril de 1613 o xuíz de Terra de Montes Jerónimo de la Rúa toma posesión dos diversos lugares nesta xurisdición, e no lugar de Soutelo de Montes entrégaselle a dito xuíz *un rollo y picota de madera, que es una trabe alta, que parece tuvo el dicho monasterio por insignia de jurisdición en dicho lugar*¹⁵. Confirmouse a sentenza definitiva o 23 de novembro de 1613 e a executoria gardouse no caixón das executorias co sinal (A) e no foral 9, fol. 497 había un traslado autorizado.


Como o tribunal lle quitou ao mosteiro de Aciveiro a xurisdición civil e criminal en Terra de Montes deixándolle a xurisdición *tan solamente para efecto de cobrar de sus Renteros*, os xuíces meiriños entenderon que tamén se lle quitaba o señorío desas terras. O xuíz meiriño Melchor de Figueroa Cienfuegos en 1614 multou aos veciños que se aproveitaban dos montes da encomenda de Aciveiro para cortar leña, facer carbón ou estivadas, polo que o mosteiro denuncioouno¹⁶ a el e aos seus tenentes e escribáns, xa que dese xeito estaban a quitarlle a súa posesión. O preito continuou logo co novo meiriño Juan de Salceda.

En 1632 comezou un novo preito¹⁷ pois o arcebispado intentaba eliminar completamente a xurisdición civil que se permitiu na primeira executoria. En efecto, D. Diego Pérez Vaamonde, xuíz da xurisdición de Montes, impidiu a Bartolomé Fernández, meiriño do mosteiro nas encomendas, cobrase nelas e que trouxese vara levantada de xustiza, polo que o condenou a una multa de 6.000 reais, acabando por embargarlle dous bois, una vaca, dúas mantas, un touciño, una bolsa con cartos, etc. Por iso o mosteiro apelou o 24 de agosto de 1632 e logrou auto en 1640 no que se manda ao xuíz obedecer a executoria. E tras recibir a notificación obedeceu tanto

¹⁵ ARG. RA 254/21.

¹⁶ ARG.RA 298/13.

¹⁷ ARG.RA. 241/21 e 254/21.



Libro de Apeos 6. AHN.

el como o Gobernador do Arcebispado. Esta executoria gardouna o mosteiro no segundo caixón de executorias.

En 1673 houbo outro preito¹⁸ que en orixe tiña a mesma problemática. O abade mandou a seu meiriño Domingo Álvarez de Carvajales, veciño de Graba, e ao escribán Andrés Casal Vaamonde, veciño de Lerce, a cobrar as rendas que lle debían na xurisdición de Tabeirós. Cando o xuíz de Tabeirós Andrés Díaz de Gutián, posto polo arcebispo Andrés Girón, se enterou que lle estaban collendo diversas prendas a seus vasalos, meteunos no cárcere que daquela estaba en Pernaviva, freguesía de

Cereixo. A cousa complicouse porque o abade apelou a Santiago e o xuíz apelou a Real Audiencia de A Coruña.

Pasaron uns anos e de novo xurdiu o problema. En 1717 o xuíz de Montes Diego Pérez de Vaamonde impidiu ao meiriño do mosteiro, Francisco Estévez, que cobrase as rendas, alegando que era necesario a súa licenza tanto para cobrar como para levar as causas que resultasen da cobranza. Neste preito o arcebispado presentou diversos privilexios reais nos que se concedía a xurisdición das terras que estaban arredor da tumba de Santiago apóstolo. Os privilexios eran¹⁹:

1. Afonso II concede ao bispo Teodomiro tres millas arredor do locus sanctus.
2. Ordoño I confirma as tres millas e amplíaaas a seis.
3. Ordoño II e a súa esposa Elvira confirman as seis millas e amplíaaas a doce.

¹⁸ ARG.RA 26672/33.

¹⁹ Os privilexios podémolos ler tamén en: LUCAS ALVAREZ, L., *Tumbo A de la catedral de Santiago*, ed. Cabildo de la SAMI Catedral e Seminario de Estudos Galegos, Santiago, 1998 . Números 1. 2. 28. 37 e 39, respectivamente.

4. Fruela II confirma a sé de Iria e as millas concedidas anteriormente.
5. Ramiro II confirma as posesións que tiña o arcebispo do.

A sentenza²⁰ foi de novo a favor do mosteiro, pero para evitar estes problemas permanentes o mosteiro mandou que se sacasen dúas copias do auto e da súa confirmación e se puxesen nos oficios da xurisdición de Montes para que en adiante non alegasen ignorancia, como alegaron entón, do dereito do mosteiro.

Finalmente, no ano 1804 volvuse de novo a cuestionar os meiriños e xuíces nomeados polo mosteiro²¹. O mosteiro de Aciveiro nomeou como xuíz para Beariz a Benito González para executar as cobranzas das rendas do mosteiro. Pero o xuíz ordinario da xurisdición de Montes, don Manuel Ogando Ribera²², veciño de Pardesoa, xunto co seu escribán Jacobo Rodríguez del Corral, natural de san Xiao de Cumbraos pero veciño de Folgoso, impedíronlle baixo multa de 100 ducados. Tralo recurso xudicial, en 1805 déuselle a razón ao mosteiro.

Máis adiante o 22 de setembro de 1835 fíxose o inventario²³ do mosteiro como paso previo á desamortización, á liquidación do mosteiro e cos anos á ruína do mosteiro. O paso dos franceses durante a Guerra da Independencia foi a principal causa de ruína do arquivo do mosteiro, polo que cando se fai o inventario en 1835 non se rexistra ningún privilexio, aínda que si unha executoria de 56 follas útiles, así como 17 libros de foros, encadernados en pergamiño, que



Apeo de Laro, 1698, lib. 9. AHN.

²⁰ ARG.RA 241/21 e AHN Clero secular, L.9920.

²¹ ARG.RA 321/4.

²² A súa vida e xenealoxía: <https://www.xenealoxia.org/linaxes/pontevedra/2123-casas-fidalgas-forcarei>.

²³ ARG. 45707/8.

oscilaban entre 200 e 622 páxinas, 5 libros de arrendos, 3 de apeos, 68 de cobradores, así como outros libros de caixa, provisións, contas correntes e diversos documentos soltos. Trala desamortización tan só se conservan algúns destes documentos, uns no Arquivo Histórico Nacional²⁴ como por exemplo o *Tumbo para la granja de Veariz Foral 7, Libro de Banga, Apeo de Laro del año 1698* e diversas executorias; no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra o *Tumbo grande de Aciveiro*. Sobre o mosteiro de Aciveiro atopamos numerosos preitos no Arquivo do Reino de Galicia.

²⁴ Os documentos que hai no Arquivo Histórico Nacional son:
CLERO-SECULAR REGULAR, Car. 1541, N.7; Car. 1855,N. 1-3 (anos: 1232-1314);
CLERO-SECULAR REGULAR, 4920, N.10, 5433/5438 (anos: 1232-1825);
CLERO-SECULAR REGULAR; CLERO-SECULAR REGULAR, L. 9899/9923, 19904, 19969, 20025, 20228, 20234/20236, 20259 (anos: 1464-1822).



Guía de recursos faunísticos, extinguidos e por extinguir, das terras da Estrada

Damián Porto Rico

damianportonaturalgalicia@gmail.com

Resumo. Aproximarémonos nas seguintes liñas á presenza, no pasado e no presente, de varias especies animais de interese nas terras do concello da Estrada e analizaremos algunas das posibilidades de futuro que pode ter este patrimonio faunístico para o desenvolvemento sostible da zona se conseguimos preservar a súa (xa moi degradada) biodiversidade.

Abstract. In this article we will come close to the past and present existence of several important animal species in A Estrada city council and we will analyze some of the future possibilities that this fauna heritage can have for the sustainable development in this area if we are able to preserve its biodiversity, already very degraded.

E quedándonos a Terra non nos mataban a posibilidade de revivir, porque a Terra é a fonte da vida. Ela fainos á súa semellanza, con terra, pedra e auga, que son carne, óso e sangue do noso corpo. Ela fainos entristecer no outono, chorar no inverno, sorrir na primavera e gargallar de ledicia no verán.

CASTELAO, Sempre en Galiza

Anotacións xeográficas e bioclimáticas

Estaría ben comenzar este percorrido pola fauna máis singular das nosas terras poñéndonos en situación cunhas breves consideracións e notas xerais sobre conceptos básicos como a fisiografía, a edafoloxía, a xeomorfoloxía e a xeoloxía da zona; consumiríamos nelo uns preciosos recursos de tempo e espazo en detrimento do verdadeiramente interesante e non faríamos senón “refusilar” os datos extractados dos libros de síntese desas materias nos PXOUMs ou nos omnipresentes informes de impacto medioambiental que, dun tempo a esta parte, fan comedia o noso dereito a disfrutar unha natureza digna.

Así que, a modo de apuntamentos, baste decir que o concello da Estrada atópase no denominado Macizo Arcaico, asentado sobre materiais fundamentalmente do Paleozoico. A grandes liñas:

Na parte noroeste, correspondente ao monte Xesteiras, e na parte suroeste cos montes de Arca, Codeseda e Cregos, con rochas tradicionemáticas ácidas. Aínda que no noroeste existe tamén un enclave de rochas hercínicas preosincinemáticas alcalinas. O relevo xeral caracterízase pola súa accidentalidade, destacando nel numerosas serras de baixa cota como as dos montes Xesteiras, San Sebastián, de Zo e Arca e de Souto, de distinta orientación, con vales estreitos nas súas partes iniciais polos que discorren principalmente afluentes do Ulla e do Umia.

O cumio do monte Xesteiras, con 750 metros, e os seus adxacentes marcan o linde noroccidental do concello cos de Cuntis e Pontecesures, en dirección norte-sur.

Na parte más occidental atópanse os montes de Zo e Arca, ca súa máxima elevación no Cabalar, de 610 metros, onde nace o río Liñares. Tamén son de dirección predominante norte-sur.

Na zona sur e sueste están os montes de Souto e Casetas, cas súas cotas más altas no Cregos (777 metros) e Cádavo (806 metros), lindando con Cuntis, Ceredo e Campolameiro. A dirección predominante desta cadea é a nordeste-suroeste.

Na zona nororiental aparecen os montes do San Sebastián e Vinseiro, con cumio no San Sebastián, de 750 metros de altura sobre o nivel do mar e fronteirizo cos concellos de Forcarei e Silleda. A dirección é a norte-sur.

O substrato é de granito hercínico e prehercínico, de orixe Terciaria e con procesos erosivos predominantemente fluviais, que xeneraron chans ácidos, con horizontes pouco evolucionados e, en xeral, de boa drenaxe (ránkers atlánticos, fluvisolos e tamén algunas turbeiras).

A maior parte do territorio está enclavado no denominado piso colino (0-500 metros) da rexión Eurosiberiana, e goza dun ombroclima de tipo oceánico hiperhúmido (máis de 1500 milímetros anuais de precipitación, temperatura media de 12º C, xeadas invernais...). Estas condicións climáticas determinan que as agrupacións vexetais

se correspondan cas fragas ou bosques caducifolios pluriespecíficos, nos que predomina o carballo (*Quercus robur*) acompañado de castiñeiro (Castanea sp.), bidueiros (Betula sp.), acivros (*Ilex aquifolium*)... Así a formación fitoclimática ideal da maioría da zona sería a carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), eminentemente colina, en ombroclima hiperhúmido, cun período de seca estival non pronunciado. Sen detrimento doutras formacións con especies de folla esclerófila como a sobreira (*Quercus suber*) que aparecen en partes do val baixo do Ulla, indicativas dunha influencia do clima mediterráneo e clasificadas como *Rusco-Quercetum roboris subssoc. Quercetum suberis*. Ou os bosques de ribeira ou galería (*Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae* e *Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae subassoc. Betuletosum celtibericae*), actualmente reducidos a estreitas faixas ás beiras dos cauces dos ríos, debido á transformación desas terras en cultivos agrícolas.

Porque chegados aquí, debemos decir que non queda ningún lugar no concello da Estrada nin nas cercanías que deixara de sufrir o impacto ou a influencia do home no seu desenvolvemento. Noutras palabras: non hai ningún sitio virxe, e o que vemos hoxe é un ecosistema fragmentado, deteriorado e trastocado polas accións antrópicas. Esto é algo que convén clarexar desde agora: así, cando contemplamos unha carballeira non estamos diante dunha masa arbórea atlántica primixenia en estado puro, senón ollando unha masa forestal modificada en maior ou menor medida e a conveniencia, ao longo do tempo, polos poboadores do territorio, que son o elemento más poderoso de desequilibrio do ecosistema.

Encontrámonos no epílogo dun proceso de evolución e transformación do medio que comenzou cando os primeiros homes e mulleres da zona deron o paso definitivo cara ao neolítico, cunha nova forma de utilizar os recursos que ofertaba a natureza para obter dela, de forma innovadora, a enerxía precisa para vivir mediante a agricultura e a gandeiría, procedendo a deforestar as masas arbóreas de frondosas que chegaban incluso ás partes máis elevadas: pasen indemne foise configurando un novo hábitat, o do aproveitamento agrosilvopastoril, deixando fóra de combate a capacidade de reacción que tiña o ecosistema primixenio para rexenerarse.

Sobreviñeron usos do chan que –axudados pola ferramenta do lume– orixinaron unha forte erosión, sobre todo nos lugares en que as pendentes eran maiores, como as ladeiras dos montes. Con esto, os bosques atlánticos primitivos deron paso a outras especies que ocupan hoxe o seu lugar, e temos así grandes zonas de uceiras e toxeiras (tamén cultivadas noutrora) nas cotas máis elevadas da comarca: os estudos de climatoloxía histórica califican o período que vai entre o ano 1450 e o 1850 como de consolidación da paisaxe arbustiva en Galicia.

Outra gran mudanza recente chegou ca introdución abusiva de cultivos forestais foráneos, fundamentalmente piñeiro (*Pinus pinaster* e *Pinus radiata*, sobre todo) e eucaliptos (*Eucaliptus sp.*), non asimilables en modo algúin a un bosque ou a unha masa forestal, senón a unha plantación monoespecífica e pirófila (como tal debería ser tratada), que de novo socavou a nosa xa depauperada riqueza ecológica e paisaxística, encarreirando e limitando ademais a economía forestal local a producións de baixo valor como a pasta de papel e a madeira para serra.

Co desenvolvemento das actividades industriais e co uso e integramento de vehículos a motor, o ecosistema voltou a cambiar, a deformarse e a fragmentarse con barreiras artificiais, asentamentos fabriles mal regulamentados, verquidos contaminantes...

Se ao anterior sumamos as mudanzas das últimas décadas na agricultura e na gandeiría, os cambios radicais nos usos do solo, o abandono das formas de produción tradicionais e pouco lesivas co medio a prol doutras más acordes co sistema económico chamado neoliberal (que propugna como mantra medrar indefinidamente a costa duns recursos que son limitados *per se*), as nefastas formas de proceder ás concentracións parcelarias ignorando o patrimonio natural que todos temos dereito a disfrutar... atopámonos cunha paisaxe que pouco ten que ver ca ancestral e orixinal do país: malia que segue a ser a nosa paisaxe, única e irrepetible, ca historia gravada a xeito de cicatrizes, na que agroman, de cando en vez, rexeneradas aquí e aló, zonas de carballeira nalgúns pasteiros alonxados (e abandonados) das aldeas, seguindo a súa evolución natural de matogueira a fraga: este pode ser o único dato positivo para a natureza estradense na entrada do biocida século XXI.

De aí que nos propoñamos a continuación uns obxectivos de índole xeral, que parten da consciencia da necesidade de coñecer (e preservar) a importancia dos recursos faunísticos que quedan na nosa contorna como potencial económico e patrimonial. E pasan por analizar os fenómenos que afectan aos ecosistemas e ás poboacións silvestres destes animais, adquirir nocións básicas sobre a lexislación vixente referida aos mesmos, indagar nalgúns aspectos da súa ecoloxía e bioloxía e buscar a inserción –intelixente e cómplice– de toda a sociedade na problemática da conservación da natureza. Desexando poder aplicar a tecnoloxía disponible e difundir as posibilidades destes recursos como producións alternativas no ámbito agropecuario en base a un desenvolvemento sostible que é, ademais, posible.

Que queda dos nosos ecosistemas?

Como vimos nas anteriores liñas, a paisaxe que ao presente nos rodea non é senón demacrada sombra dun ecosistema atlántico polo que camparon especies que hoxe se nos antollan exóticas.

Que sentido tería erguer alvarizas como as das veciñas parroquias de Forcarei, Aciveiro, Pereira, Presqueiras, Graba, Zobra, Parada, Vilatuxe e Doade ou as que no século XVIII aínda se citaban nos estradenses lugares de Montillón e Rabeáns dos Cabaleiros, senón protexer os trobos e o mel dos ataques dos osos? Eses mesmos osos (*Ursus arctos*) que merodearían nas beiras dos ríos á procura do salmón atlántico (*Salmo salar*), recurso explotado polos nosos devanceiros mediante pesqueiras ao longo do río Ulla desde Vea até Arnois moito antes da exaltación gastronómica de tintes noruegueses e chilenos ca que celebramos agora a súa case-extinción en estado salvaxe. Que sentido terían topónimos próximos como Cer-vaña, ao pé do monte San Sebastián, senón houbese veados (*Cervus elaphus*) pastando alí nalgún lonxano tempo, que foron tamén cazados polos nosos antepasados e dos que só queda a imaxe esvaída nalgún petróglifo? Acaso a nosa memoria conservaría lugares con nomes tan explícitos como Matalobos ou O Foxo de non ser pola caza institucionalizada desde o Medievo até o presente do lobo, que levou aparellada incluso arquitecturas propias?



Alvariza na veciña parroquia de Santa María de Aciveiro

Cómpre lembrar como Taboada Chivite menciona que nas Cortes de Valladolid dos anos 1548 e 1563 se fixeron peticións denunciando que *en el Reino de Galicia hacían grandes estragos osos, lobos, jabalís y venados.* Nas mesmas datas o bacharel Olea afirmaba que en Galicia *Hay tantos osos e puercos bravos, que de noche guardan las viñas porque no se las coman.*

E nos *Libros de Residencias e Penas de Cámara da Xurisdición de Vea* entre os anos 1593 e 1721 rexístranse novas sobre *correr y montear los lobos y venados de los Montes de dicha Jurisdicción a los sábados de cada semana y en especial en tiempo de Cuaresma* como se estila en esta tierra y su contorno [...] juntándose para ello gente de las feligresías.

Vemos pois que non hai nada novo baixo o sol, e que problemas similares aos actuais acometían aos homes daqueles tempos; ca diferencia de que hoxe contamos con medios preventivos e paliativos, e con posibilidades de compensacións rápidas, asumibles e possibles por parte das administracións.

En datas más recentes proseguía o oso na nosa zona: velaí a cita do *Diccionario de Pascoal Madoz* en 1845 no lugar de Portela da laliñense parroquia de Rodeiro; ou a observación do insigne naturalista Vítor López Seoane en 1848 en Santo André de Illobre, *a una legua de Santiago*, no concello de Vedra; ou a nova da morte dun cazador por un destes plantígrados no Seixo, xunto ao río Ulla, en outubro


de 1883: claramente debían abundar até non fai demasiado tempo na serra do Faro e –por descontado– no húmido val de Oseira, desde onde percorrerían os montes da Magdalena, Testeiro, Candán e Suído, explicando así as mencións nos arredores de Compostela no século XIX.

E se a presenza do oso non nos parecese singular, podémoslle engadir a do que na actualidade se considera –de forma tan mediática como errada– o felino máis ameazado (e subvencionado) do planeta. Porque o lince ibérico (*Lynx pardinus*) habitaba Galicia moito antes de que en 2015 Kentaro, un lince “de cortello” criado en catividade e liberado nos Montes de Toledo, completase un percorrido de 2410 kilómetros chegando a Verín e levando consigo un dispositivo GPS que constatou tal fazaña: curiosamente trátase da mesma zona do noso país na que o ubicaban as citas del referidas por frei Martiño Sarmiento no século XVIII baixo os nomes de *lobo cerval*, *gatón* ou *tigre*. Aínda que non está claro se estes termos farían alusión ao seu parente de maior tamaño: o lince boreal ou euroasiático (*Lynx lynx*), que mercé a recentes estudos sabemos que tamén residía en Galicia cando menos até comenzos do século XX. Así pois, contabamos non con unha, senón con dúas das especies de carnívoros más emblemáticas da fauna europea.

Hai que mencionar aquí o avistamento dun lince que en setembro de 1985 fixo o biólogo estadounidense T. Clevenger cando participaba nuns traballos de campo preto do castelo de Doiras, nos Ancares: nun emprazamento cercano ao que en 1967 atopara un exemplar morto. Teñamos presente que até 1980 esta especie chegaba na súa distribución ao norte da provincia de Zamora.

E cinguíndonos á nosa comarca, López Seoane cita a presenza de linceis a mediados do século XIX na serra do Caurel, Vilalba, Lalín e nos montes da parroquia estradense de San Pedro de Orazo.

A competencia polos recursos destes mamíferos con nós propiciou o exterminio ao que foron sometidos moitos deles: cas denominadas *xuntas de extinción*, co emprego de veneno, cepos, lazos, foxos, lumes, alimañeiros profesionais, recompensas, políticas cinexéticas tendentes a defender e promocionar intereses espúreos ou lúdicos de minorías elitistas... Especies que a día de hoxe, paradoxalmente,



O duque de Tarifa cun exemplar de lince ibérico (*Lynx pardinus*) cazado en Doñana en 1920.

son obxecto de proxectos de recuperación millonarios executados con fondos públicos: o caso do lince é paradigmático, aínda que lle deberíamos sumar os do íbice (*Capra pyrenaica*), da pita do monte (*Tetrao urogallus*), da águia imperial (*Aquila adalberti*), da malva-sía (*Oxyura leucocephala*), do visón europeo (*Mustela lutreola*)... até máis de 150, incluíndo a auganeira ou furapresas (*Galemys pyrenaicus*) e o mexilón de río (*Margaritifera margaritifera*), dúas especies que ainda contan con efectivos nas concas estradenses do Ulla e do Umia.

Actualmente só quedan no noso concello unhas migallas de natureza que pola súa vulnerabilidade e fraxilidade mereceron a administrativa (e polo tanto pouco útil) denominación de *áreas de interese ambiental*: a ribeira fluvial do Ulla, a chamada fouce de Gundían, a carballeira insular de Arnois, a fraga mixta de Bumio-Cousío, a fraga de Santeles, o barranco de Pina, o pichón de Curantes, as brañas de Xestoso, os montes abertos de Pardemarín e Vinseiro, as carballeiras e soutos de Cortegada, Golgariz, A Grela, Nigoi, Olives e A Somoza, a ribeira fluvial do Umia e o piornedo de Enviande. Dúas delas (as brañas de Xestoso e o pomposamente denominado sistema fluvial Ulla-Deza) contan con figuras de protección mediante a declaración de ZEPVNs (*Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais*) polo Decreto 72/2004 da Xunta de Galicia e LICs (*Lugares de Importancia Comunitaria*) e a súa inclusión nunha figura europea de *ficción medioambiental* no noso país denominada *Rede Natura 2000*; que non foi obstáculo para a implantación (e ampliación) dun parque eólico na primera e de deshonestas actuacións de acondicionamento de accesos que implicaron talas de frondosas, queimas e desbroces reiterados fóra de tempo e lugar no segundo... Por non mentar as xa históricas instalacións hidroeléctricas cas súas presas e as dificultades que supoñen para o remonte –e a baixada– do salmón, a lamprea (*Petromyzon marinus*), a anguía (*Anguilla anguilla*), a saboga (*Alosa fallax*), o reo (*Salmo trutta subsp. trutta*) e outras especies migratorias ao longo do Ulla.

Sería imperioso dunha vez por todas aplicar plans específicos –e draconianos– para a conservación destes ecosistemas sempre marxinados e dos que estamos a quedar sen sequera mostras.

Recursos faunísticos (aínda non extintos) destacables

Mamíferos

Eliminados os osos das nosas ribeiras, a lontra (*Lutra lutra*) é agora o maior depredador nos cursos fluviais estradenses. Non pola cantidade de peixes detraídós do medio, xa que a diferenza dos pescadores de cana as súas non son capturas deportivas superfluas, senón necesarias en tódolos aspectos: cómpre cavilar no feito de que os tramos de río

nos que vive son precisamente os que melloros troitas e salmóns teñen; e non é por casualidade. O mesmo acontece na zamorana Serra da Culebra, na que contan cos máis excelsos e cobizados exemplares de cervo da península Ibérica xunto ca mellor poboación de lobos, pois os labores selectivos que realizan os depredadores redundan sempre na mellora xenética e numérica das súas presas.

Malia non estar en perigo, na península Ibérica sufriu unha importante regresión desde mediados do século pasado, desaparecendo das zonas industrializadas e das de agricultura intensiva e quedando as principais poboacións circunscritas a Galicia, León e Asturias. Atíñxenos, pois, parte da responsabilidade da súa conservación e da dos seus hábitats, pasando pola correcta xestión dun recurso tan importante como a auga doce que está moi lonxe de producirse.

Xa en terra firme, o outro gran mamífero capacitado para competir con nós é o perseguido lobo (*Canis lupus subsp. signatus*), considerado desde sempre o inimigo a bater pola súa condición de superdepredador e constituindo para a mentalidade galega unha fonte inesgotable de medos atávicos, desde os chamados *lobos da xente* até o caso patolóxico de Manuel Blanco Romasanta.

No que moitos non reparan é en que este deostado animal atópase na mesma problemática –por exemplo– que os gandeiros, formando un binomio máis unido do que poidera parecer: nunha situación eco-biolóxica anormal, sumido no desprezo, imbuído á forza nunha estrutura produtiva antinatural que xera un gran negocio, nun ecosistema que chega a tal extremo de penuria e mala xestión que nos vemos obrigados a seguir competindo con el en pleno século XXI, mentres implantamos razas foráneas de carne e leite, xa que a ordeación do medio ambiente sempre se fai en connivencia cos intereses das clases dominantes. E aínda así, o lobo e o gando complementáronse durante milenios nun proceso de mutua evolución nos montes galegos, cando non existía nada parecido aos procesos compensatorios, nunha economía de subsistencia. A proba está en que en ningún caso o descenso da cabana gandeira pode estar orixinado polos seus ataques: en 1973 contabilizábase a hoxe inalcanzable cifra de 20.000 cabalos en réxime de semiliberdade en Galicia, cando había un número de lobos tamén moito maior do actual.



Lontra (*Lutra lutra*) no río Ulla ao solpor.



Lobo (*Canis lupus subs. signatus*) e frisonas nunha frecuente estampa de convivencia co gando.

Estamos no momento de preguntar en voz alta canto custan os lobos ás arcas públicas. Tanto coma o sostemento de segundas (e até terceiras!) vicepresidencias de deputacións provinciais? Que imaxe ou credibilidade pode ter un país que non sabe preservar e convivir cas súas especies animais máis representativas? Acaso non chegou o día de ser xusto e non xusticieiro con este animal, logo de esquilmar o seu entorno, cazar por simple diversión a súa comida, clausurar os vertedoiros nos que lle obrigamos a procurar lixo para alimentarse nas últimas décadas e meter o noso gando no seu monte para transformalo nunha granxa? Somos más ou menos civilizados que os pastores da tribo masai, que poden compartir cos grandes depredadores africanos as súas terras e o seu gando e áinda obter ingresos mediante un turismo ben plantexado? Veñen aquí a colación de novo poboacións zamoranas como Villardeciervos, nas que a observación de lobos é unha prezada ferramenta de desenvolvemento económico, xerando máis ingresos que a caza: en 2012 foron 450.000 euros os que deixaron os visitantes desa rexión que acodiron co obxectivo específico de ver lobos en liberdade en concepto de pernoitas e gasto gastronómico. Os ingresos derivados da caza en toda a zona da Serra da Culebra foron só duns 50.000 euros no mesmo período de tempo.

O lobo é patrimonio de todos, e todos nos debemos responsabilizar dos danos ocasionados de forma solidaria. Do mesmo xeito que todos subvencionamos o gasóleo agrícola ou as axudas públicas necesarias cando as colleitas fracasan, áinda traballando noutros sectores non deficitarios. Atenta este animal contra os intereses dos ganadeiros, certo... ao igual que moitas disposicións políticas tomadas fóra das nosas fronteiras que son notoriamente más lesivas para a economía (incluso na súa elaboración ou redacción administrativa) que sostener os danos do lobo ca dignidade e celeridade debidas. O seu porvir depende máis da opinión e coñemento que deles se teña que da súa bioloxía: ese é o camiño, e non demonizalo entre os sectores pecuarios e a opinión pública como veñen facendo desde hai anos moitos medios informativos (por certo, tamén deficitarios e sostidos con cartos públicos).

O tamaño da nosa ignorancia é tal que, despois de milenios de loita, en realidade non sabemos moito del, comenzando polo máis



Lebre de piornal (*Lepus castroviejoi*).

básico: cantos hai. Logo dos (poucos) censos efectuados (ou subcontratados) cunha metodoloxía anticauda e cuestionable, temos unha escandalosa situación que impide coñecer a súa dinámica poboacional e, polo tanto, a realización dun plan viable de xestión. En Galicia estímanse en menos de 300 os exemplares que quedan deste cánido, o que nos coloca, xunto á comunidade de Castela-León, nos primeiros postos... en número de lobos e en compromiso na súa conservación. Máxime considerando que co seu declive e o correspondente desequilibrio ecolóxico xenerado córrese o risco de multiplicación dalgunhas especies de forma desmedida, coma o xabarín (*Sus scrofa*), que se encontran sen inimigos naturais especializados.

Outro animal merecedor pola súa singularidade dunhas liñas neste relatorio faunístico estradense é a lebre (*Lepus castroviejoi*), endemismo circunscrito ás chairas e pasteiros de zonas altas da Cordilleira Cantábrica, onde ocupa unha franxa de pouco máis de 200 kilómetros de longo e 40 de ancho. É unha das últimas especies de mamíferos en ser descritas: no 1976, por F. Palacios, quen adicou o achádego ao doutor Xabier Castroviejo, autor da primeira publica-



Morcego de ferradura pequeno (*Rinolophus hipposideros*).

ción que fixo referencia ás características únicas das lebres do norte peninsular.

De xeito inexplicable, malia a carencia de estudos sobre ela e pese a descoñecerse –como non– os seus efectivos e estado poboacional, segue a ser obxecto de caza. Restan escasos grupos de lebres illados nas partes máis elevadas do concello, merecedores de canta protección se lles poida outorgar.

Menos vistosos que os anteriores mamíferos, a pesares de constituir un tesouro para a zona, está o colectivo de morcegos que se



Morcego de ferradura grande (*Rhinolophus ferrumequinum*).

aproveitan do refuxio ofrecido polos –cada vez menos– muíños de río conservados en estado digno na Estrada. Aínda que o elenco destes animais está moi ben representado entre nós con case vinte especies, destacan do conxunto os morcegos de ferradura grande (*Rhinolophus ferrumequinum*) e de ferradura pequeno (*Rhinolophus hipposideros*), moi similares áinda que de distinto tamaño: deste último ameazado quiróptero conta(ba)mos cunha das mellores poboacións europeas. As súas principais ameazas son a perda de refuxios (restauracións e remodelacións inaxeitadas para eles de muíños e vi-

vendas e clausura e derrube de minas que suplen aos seus hábitats cavernícolas naturais) e as molestias, ás que son extremadamente sensibles. Tamén o emprego de pesticidas e herbicidas constitúe acuciante problema para estes animais, que poden consumir a diario unha cuarta parte do seu peso en insectos, facendo mellor labor que calquera produto fitosanitario de síntese.

Encomiables son actuacións locais a prol deles como a levada a cabo polo veciño concello de Silleda en unión ca Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT), establecendo medidas de conservación –e coñecemento– dos morcegos de ferradura pequenos que se refuxian no mosteiro de Carboeiro. ¿Non sería mesmo posible implementar roteiros naturais por ríos e muíños con aplicacións informáticas que ofertasen a posibilidade innovadora de acceder en liña á vida íntima destes mamíferos mediante cámaras colocadas nos seus refuxios sen perturbalos?

Aves

Sorprenderanse moitos da presenza de especies de aves común –e erradamente– denominadas esteparias en terras estradenses. Tal é o caso da avetarda (*Otis tarda*), que procura refuxios de dispersión postnupcial estivais nas brañas e herbeiras das zonas do concello limítrofes cos de Forcarei e Silleda. Trátase da ave voadora máis pesada que existe, chegando algúns exemplares aos 20 kilogramos.

Comparte hábitat co sisón (*Tetrao tetrix*), outra especie da mesma familia e menor tamaño (menos dun kilogramo) que tiña entre nós un dos seus puntos más septentrionais de nidificación, no LIC das brañas de Xestoso. Por desgraza as reiteradas agresións e a deficiente xestión ambiental ca que conta este espazo fixo que desaparecese del fai uns anos, e hoxe só quedan en Galicia algunhas parellas reprodutoras na Limia e na Terra Cha. SEO/Birdlife acaba de designar a este paxaro ave do ano, xa que o seu número reducíuse á metade na última década, achegándose perigosamente á extinción. Declive que afecta a outras aves de similares hábitats coma o paspallás (*Coturnix coturnix*), a escribenta real (*Emberiza citrinella*), a rapiña cincuenta (*Circus pygargus*), a gatafornela (*Circus cyaneus*)



Avetarda (*Otis tarda*).



Sisón (*Tetrax tetrax*).



Rapiña cinagenta (*Circus pygargus*)

ou a curuxa das xunqueiras (*Asio flammeus*) das que aínda contamos con boa representación numérica e nidificante que nos fai albergar esperanzas no retorno do sisón algún día ás terras estradenses.

Tamén crían no concello varias especies senlleiras de aves rapaces europeas incluídas no Libro Vermello das Aves de España: o falcón pelegrín (*Falco pelegrinus*), o miñato abelleiro (*Pernis apivorus*) e a águia cobreira (*Circaetus gallicus*) son algunas delas; ás que se sumaba anos atrás a rapiña arpella ou tartaraña das xunqueiras (*Circus aeruginosus*), que hoxe só aparece de forma esporádica nas derradeiras brañas que quedan sen desecar e transformar en pasteiros.

Á vista destes recursos, bótanse en falta proxectos para os denominados *hábitats prioritarios para a Unión Europea* do noso concello do tipo do LIFE 08 NAT/E/000068 de conservación e xestión de zonas de especial protección para as aves esteparias en Andalucía, dotado con case 9 millóns de euros, sufragado (como non) pola Unión Europea e destinado a mellorar a situación destes animais e dos seus



Curuxa das xunqueiras (*Asio flammeus*)

hábitats, ca implicación dos propietarios de explotacións agrarias, facilitando a creación de iniciativas de turismo da natureza e compatibilizando o manexo dos cultivos ca conservación destas especies dun xeito economicamente rentable para os veciños. Ou iniciativas como as que hai en múltiples zonas das provincias Cáceres, Toledo, Soria... de alugueiro de postos para a observación de aves con prezos que oscilan entre os 100 e 200 euros por día e persoa e que revirten nos donos das parcelas onde se instalan (ademais de redundar en beneficio colateral para a hostelería).



Falcón pelegrín (*Falco peregrinus*).



Miñato abelleiro (*Pernis apivorus*)

Anfibios e réptiles

Contamos na herpetofauna do concello con trece das catorce especies de anfibios de Galicia, dos que prestaremos atención a endemismos como a saramaganta (*Chioglossa lusitanica*), ben representado, xunto aos pintafontes común (*Lissotriton boscai*), palmeado (*Lissotriton helveticus*) e verde (*Triturus marmoratus*). Ademais da estroza ou ra de Santo Antón (*Hyla molleri*), a ra vermella (*Rana temporaria*), a ra patilonga (*Rana iberica*), o sapiño corriqueiro (*Epidalea calamita*), o sapiño raxado (*Discoglossus galganoi*), o sapiño comadrón (*Alytes obstetricans*)... todos eles dotados dun inestimable valor como indicadores medioambientais e cun futuro moi dependente da xestión que se faga dos redutos que habitan.

Do denostado colectivo dos réptiles, hai que ter en conta á víbora galega (*Vipera seoanei*), ben representada na nosa contorna e que, malia a súa potencial perigosidade, constitúe outro endemismo do norte e noroeste da Península Ibérica.



Saramaganta (*Chioglossa lusitanica*).



Pintafontes palmeado (*Lissotriturus helveticus*).



Víbora galega (*Vipera seoanei*).



Ra de Santo Antón (*Hyla molleri*)



Caracol de Quimper (*Elona quimperiana*).

Gasterópodos

De seguro descoñecido para a maioría, o caracol de Quimper (*Elona quimperiana*) é o único representante europeo da súa familia, habitante de zonas caducifolias e húmidas ben conservadas da Cornisa Cantábrica e da Bretaña Francesa, separadas por case 500 kilómetros. O seu nome procede da cidade gala de Quimper, onde foron identificados os primeiros especímenes en 1817 e a separación das súas dúas áreas de distribución poidera deberse á extinción das poboacións intermedias durante algúns dos períodos glaciais.

Considerado en perigo de extinción no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, atópase protexido en España e Francia, formando parte do anexo II do Convenio de Berna e dos anexos II e IV da Directiva Hábitats da Unión Europea. A súa conservación pasa pola protección do seu hábitat e requerimentos ecolóxicos, tendo diminuído os seus efectivos a causa das repoboacións forestais con especies alóctonas e das “postas en valor” de determinadas zonas a prol dun turismo de natureza mal comprendido.

Insectos

A clase dos insectos é o grupo animal máis numeroso do planeta, e presenta importantes diferenzas cos vertebrados no tocante á elaboración de listaxes: a súa diversidade é tan grande que o inventario e descripción de tódalas especies está lonxe de completarse, sendo moitas delas insuficientemente coñecidas. Polo que cada ano aparecen novas especies... ao tempo que desaparecen outras sen que teñamos tempo a coñecelas. E en Galicia o atraso no estudo e conservación da fauna entomolóxica é maior que noutras partes do Estado como Cataluña, Euskadi ou o Levante español. E, por suposto, moi alonxado de iniciativas como a do Parlamento de Baviera de 1835 para protexer a bolboreta *Parnassius apolo*, que até fai pouco conservavamos por completo orfa de toda atención nos Ancares, mentras tomabamos por desvaríos as recomendacións de especialistas europeos que, 180 anos despois, nos falaban de manipular artificialmente os seus biotopos e mesmo de crialas en catividade.

O máis sobranceiro destes animais co que temos a fortuna de convivir é a denominada en galego –con non moierto acerto– esmeralda espléndida (*Macromia splendens*), libélula que remonta a súa xenea ao tempo dos dinosaurios. Varios tramos das riberas estradenses do Ulla sosteñen boas poboacións desta xoia estrictamente protexida en toda Europa e declarada en perigo de extinción nos Catálogos Galego e Español de especies ameazadas.

A ela podemos sumar outras especies de libélulas de menor porte e de libeliñas, como a denominada esmeralda de Curtis (*Oxygastra curtisii*), o candil similar (*Gomphus simillimus*) ou a donceliña de Mercurio (*Coenagrion mercuriale*), que figuran nos anexos II e/ou IV da Directiva Hábitats e na listaxe da UICN ca consideración de case ameazadas.

Máis popular e coñecida seguramente será a vacaloura (*Lucanus cervus*), endemismo ibérico que figura tamén no anexo II da tan carexada Directiva Hábitats. As súas larvas e ninfas viven en troncos vellos e apodrecidos de árbores caducifolias, ao igual que outros coleópteros en regresión como *Cerambyx cerdo*. Todos son animais vencellados ás carballeiras ben conservadas e sen manipular, polo



Exemplar macho de esmeralda espléndida (*Macromia splendens*).



Exemplar femia de esmeralda espléndida (*Macromia splendens*) pendurada dun carbalo.



Cópula de esmeralda de Curtis (*Oxygastra curtisi*).



Exemplar macho de esmeralda de Curtis (*Oxygastra curtisii*)



Exemplar macho de vacaloura (*Lucanus cervus*).

que calquera actuación nelas debería estar supervisada e regulamentada a conciencia.

Do máis de medio cento de bolboretas diurnas contabilizables nas terras do concello, mencionaremos a *Euphydryas aurinia*, incluída nas lexislacións española e europea e no Convenio de Berna (onde é descrita como *unha especie animal de interese comunitario para a preservación da cal é necesario designar zonas especiais de conservación*) e que por fortuna aínda é dodata de ver nos pasteiros primaverais cando anda á procura da súa planta nutricia: a herba salgueira ou chuchamel (*Lonicera periclymenum*). O eido das bolboretas nocturnas aínda é un universo por descubrir...



Bolboreta *Euphydryas aurinia*.

Recursos a aproveitar ou a extinguir?

A razón de que o título deste traballo faga referencia á fauna como a un recurso máis ao noso servizo débese a que a vella aspiración de comer tódolos días deixou paso a desexos máis civilizados e cómodos no home, empeñado agora no moderno “monte de piedade” da civilización occidental, con plataforma de desenvolvemento na publicidade: acadamos por fin a utopía do capitalismo e todo valor de uso posúe o seu correspondente valor de cambio, sen que existan bens libres asequibles; somentes produtos e mercancías. Nuns tempos nos que o expolio que levamos executado sobre os ecosistemas nos sitúa ao límite da catástrofe, sabendo que os grupos humanos están condicionados pola contía e calidade dos bens naturais aos que teñen acceso, consideran moitos que hai fauna que non pode –ou non debe– existir se non é mercantilizable e non xenera ganancias taxables ao prazo máis curto posible.


Até hoxe case a única forma de rentabilizar os recursos faunísticos foi a explotación dos mesmos mediante a domesticación e a caza de certas especies. A elección no paleolítico era doada: cazar ou morrer. Mais o cazador xa non é unha peza do equilibrio ecolóxico, rachado hai moitos anos.

Na tesisura actual, e tendo en conta as posibilidades xeneradas pola anterior escolma de especies e manifestacións culturais relacionadas con elas (foxos, alvarizas, pesqueiras, curros, chouzos ou mesmo unha boa colección de muíños de río), o estado no que están os ecosistemas que nos rodean, as novas formas de alteración medioambiental (o efecto invernadoiro, o cambio climático, o esgotamento de acuíferos e pesquerías, a acidificación das augas mariñas...), o descenso da biodiversidade (atopámonos no medio do maior extermínio animal dos últimos 65 millóns de anos), a crise xeneralizada na que se desenvolven as actividades económicas da maioría da poboación, a necesidade de innovación nas mesmas, a perentoria situación do rural, o aumento do ecoturismo que contempla roteiros pola riqueza faunística, florística, xeomorfolóxica, interpretativa e divulgativa do medio natural, a existencia de proxectos coma os LIFE-NAT e de fondos FEDER, FSE, FEADER e FEMP fornecedores potenciais de recursos económicos até o 2020... é imposible continuar a explotar a fauna con procedementos tan básicos, pauperizadores e contraproducentes como a caza, cas súas consecuencias no tocante á conservación da biodiversidade: éinxustificable que menos do 2% da poboación que a practica condicione as actividades deportivas e lúdicas ao aire libre que demanda máis do 70% do resto dos habitantes (que non sosteñen por diversión accións perigosas no medio nin restrinxen dereitos básicos como a libre circulación e tránsito por terreos públicos).

A caza é unha sinxela actividade económica máis, consentida por un *lobby* imbricado na sociedade e na política, pero que non é ferramenta de conservación nin de xestión de ningunha especie nin ten os rendementos doutras formas de aproveitar os recursos faunísticos. Debemos desbotar a súa imaxe “verde” ou “conservacionista”. Pola súa causa o cadáver dunha das derradeiras pitas do monte galegas esmorece taxidermizado no refuxio de caza de Ancares logo de que fora abatida por un político que –como ela– sobrevivira ao fran-

quismo. A cabra do Xurés pasou ao museo de cera das especies que os nosos descendentes non verán nunca tamén mercé a actividade cinexética. A desaparición dos osos de Cervantes, a pesares dunha sarcástica e tardía veda en 1967, voltou a vestir de loito os montes galegos por causa da caza... E se ás ventas dalgún chegou un fedor molesto a ecoloxismo, cómpre decir que ecoloxistas, "ornitófilos", "paxareiros", ciclistas, buscadores de cogumelos, paseantes hipercolesterolémicos e demais fauna inocua, a diferenza dos cazadores, non saen ao monte ca intención (áinda inconsciente) de privar a ningúen da contemplación dun animal nin a este da vida: as súas protestas e argumentos sempre merecerán maior credibilidade que as de quen pretende sustraer da natureza algúun ben para o seu único lucro e satisfacción. E de considerar necesarios controis poboacionais de especies silvestres, deberían efectualos técnicos medioambientais capacitados das distintas Administracións Públicas.

Obviamente non podemos facer un exercicio de reducionismo e criminalizar á caza culpánboa de tódolos males, incluída a morte de Manolete. A pouco que levantásemos cabeza veríamos a proliferación de aeroxeneradores en canto monte nos rodea (ca aquiescencia da Administración, os aplausos cas orellas de inversores estranxeiros e a inexplicable subida das tarifas enerxéticas para os veciños). E non precisamos viaxar moito para observar que os mesmos perpetradores poderían ser reos de ter transformado o único sistema dulceacuícola do litoral pontevedrés (as Gándaras de Budiño) nun vertedoiro industrial. Logo de que mediante a lei Cambó se desecase a lagoa de Antela e o IRYDA fixese o propio co mar interior de Cospeito nun exercicio de socialización de custos e privatización de beneficios, dando ademais entrada libre en Galicia a procesos industriais contaminantes repudiados polas sociedades opulentas de Europa: papeleiras, plantas regasificadoras, de obtención de aluminio a partir da bauxita, refinerías... Mostra dun auténtico imperialismo ecolóxico ignorante de que toda utilización de recursos naturais debe asegurar o mantemento dos recursos produtivos, ecolóxicos e paisaxísticos da comunidade; e daqueles todos que, a pesares da súa apariencia non produtiva (a priori), contribúan á calidade medioambiental á que temos dereito.



Interior de muíño con exemplares de morcego de ferradura pequeno (*Rinolophus hipposideros*)

Considerando as cada vez más escassas –e potencialmente ricas– zonas do noso concello (as hidromorfas de monte alto e as de frondosas autóctonas: brañas e carballeiras), unido ao valor das fragas como axente dinamizador do turismo, o deseño da estratexia debe levarnos a un obxectivo –a medio ou longo prazo– de poder dispor dunha cuberta forestal capaz de fornecer de madeiras de calidade a un sector industrial diversificado, que non teña como cumio a produción de pasta de papel e que sexa quen de multiplicar o valor inicial da materia prima, ao tempo que constitúa fonte de ingresos

multifuncional no marco dunha nova filosofía forestal (a imitación, por exemplo da preponderante en países como Alemaña, Suíza ou Noruega) que redunde na nosa conciencia e identidade colectivas mediante o valor cultural e emocional do medio natural, da paixaxe e dos animais salvaxes.

A posta en práctica de alternativas ecoturísticas que orbiten arredor da fauna parece unha vía coherente de futuro: máis cando empresas de todo o mundo fixeron a súa enseña de conceptos como ecoeficiencia ou sostibilidade. Vimos de erguer unha economía sobre tendencias que non poden manterse durante outro século: a redución do tamaño, a diversificación e a descentralización poden ser (deben ser) as principais características dos procesos mercantís deste século. Deberemos facer o mesmo ca enerxía: xenerala a pequena escala e de forma descentralizada. Sen preocuparnos polo pequeno tamaño, que superaremos ca vantaxe da enorme singularidade do produto, a optimización do aproveitamento, a salvagarda da paisaxe, o mantemento das bases de vida naturais... debendo restrinxir en certas zonas todo tipo de medidas de explotación.

Fontes arquivísticas

Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela. Fondo Xeral. *Libro primeiro de Residencias e Penas de Cámara dos anos de 1593 e 1721.*

Bibliografía

- ALONSO, J. C.; PALACÍN, C. e MARTÍN, C. A. (eds.). *La Avutarda Común en la Península Ibérica: población actual y método de censo*. Madrid, 2005.
- BÁRCENA, F., DOMÍNGUEZ, J. e VILLARINO, A. *El sisón (Tetrax tetrax) en Galicia*. En: *Actas del I Congreso Internacional de Aves esteparias*. León, 1987.
- BAUER, G. *The status of the Freshwater Pearl Mussel Margaritifera margaritifera L. in the South of its European range*. En: *Biological Conservation*, 38, 1986.
- BELLOT, F., CASASECA, B. e CASTROVIEJO, S. *Vegetación y Mapa de Vegetación de la provincia de la Pontevedra*. En: B. Sánchez (ed.). *Estudio Agrobiológico de la Provincia de la provincia de Pontevedra*. Pontevedra, 1986.
- CASTILLEJO, J. *Caracoles terrestres de Galicia. Familia Helicidae (Gastropoda, Pulmonata)*. Santiago de Compostela, 1986.
- DIJKSTRA, K. D. B. (ed.). *Guía de campo de las libélulas de España y de Europa*. Barcelona, 2014.

- FERNÁNDEZ de CÓRDOBA, F. de P. *Algo sobre el oso, y su presencia en Galicia.* En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XIX, 1964.
- FERNÁNDEZ, R., CARRO, F. e MORAÑA, A. *Inventario de los refugios importantes para los quirópteros en Galicia.* Informe inédito. Santiago de Compostela, 1992.
- FILGUEIRA VALVERDE, J. *El primer Vocabulario Gallego y su colector, el Bachiller Olea.* En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, VIII, 1947.
- GALÁN, P. e FERNÁNDEZ, G. *Anfibios e réptiles de Galicia.* Vigo, 1993.
- GRANDE del BRÍO, R. *El lobo ibérico. Biología y mitología.* Madrid, 1984.
- GUITIÁN RIVERA, L. *La destrucción del bosque en Galicia.* En: *Semata*, 13, 2001.
- IZCO, J. *Galicia.* En: M. Peinado Lorca e S. Rivas Martínez (eds.). *Vegetación de España.* Alcalá de Henares, 1987.
- LÓPEZ FERREIRO, A. *Fueros Municipales de Santiago y de su Tierra.* Santiago de Compostela, 1895.
- LÓPEZ SEOANE, V. *Fauna Mastológica de Galicia ó Historia natural de los Mamíferos de este antiguo reino...* Santiago de Compostela, 1861.
- MADROÑO, A., GONZÁLEZ, C. e ATIENZA, J. C. (eds.). *Libro Rojo de las Aves de España.* Madrid, 2004.
- MADOZ, Pascual. *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar.* Madrid, 1846-1850.
- MARGALEF, R. *Ecología.* Barcelona, 1974.
- PALACIOS, F. *Descripción de una nueva especie de liebre (*Lepus castroviejoi*), endémica de la Cordillera Cantábrica.* En: *Doñana, Acta Vertebrata*, 32(2), 1976.
- PÉREZ MOREIRA, R. *Ecoloxía forestal e ordeación do bosque.* A Coruña, 1992.
- PLEGUEZUELOS, J. M., MÁRQUEZ, R. e LIZANA, M. (eds.). *Atlas y Libro Rojo de los Anfibios y Reptiles de España.* Madrid, 2002.
No 27 marzo 1916 a solicitude de Manuel Otero Otero é requirido Ramón Quintela co fin de que nun acto acalorado que tivo devolva a Otero a súa intachable conduta por certas palabras de calumnia que contra o mesmo pronunciara, e en efecto, Quintela reconécedo que faltara sin darse conta do que facía á saída da misa parroquial fixo ver que non era certo nada de todo canto dixerá contra Otero deixándoo por tanto á altura que se merece un honrado agrario.

Tamén no 20 xullo 1918 deuse fin por medio dun arreglo amistoso a unha querella por inxuria e calumnia presentada por Celestino Rendo contra Obdulia Villanueva, quedando esta en facer público en Orazo e Loimil que para ela Rendo é un home honrado e de intachable conducta posto que todo o que del se falou foi nun acto de acaloramento.

Pago de rendas

En decembro de 2017 o Presidente comunica que a desavenencia que existía entre Manuel Brea e María Fernández Carballeda quedou arranxada da seguinte maneira: María Fernández pagará a Brea toda a renda atrasada que lle adebeda ata a data da última cobranza, e Brea pagará a María Fernández a contribución que por distribución pericial lle corresponda ao prado das Raxeiras de Baldariz que Brea posúe por compra ao marido ou pais do finado esposo de María Fernández.

Tamén se deu curso a unha demanda posta por Jaime Rey contra un veciño de Loimil por derramos ocasionados con gando quedando

nomeado o tribunal para o día... ás catro da tarde unha vez fose posto o depósito regulamentario.

Pastoreo de animais

O gando, un dos principais recursos non só para a subsistencia senón tamén para o transporte e traballo, era fonte de disputas.

O 7 maio 1916, déuselle entrada a unha demanda presentada por Marcelino Brey contra José Bernárdez sobre reclamación por gandos, designándose ao Presidente D. Faustino Otero, e síndico D. Juan Liste para ver a forma de arranxar amistosamente, cousa que conseguiron perdoando o demandado o derramo.

En 2 xullo 1916 foi presentada unha demanda por D. José Liste Villanueva contra varios veciños por andar pastoreando trece animais a renda solta nunha cerrada da súa propiedade, e en efecto atendendendo as súplicas dos demandados perdonoulles o derramo aboando tan só a esta sociedade e para fondos da mesma trece pesetas como tributo que se ten acordado.

En 2 de agosto de 1916 admitiuse unha demanda presentada por D. Juan Rendo Rey contra Carmen Rendo por derramo ocasionado por tres animais nunha finca da súa propiedade sendo chamada ao orde por segunda vez.

En 2 de febreiro de 1919 tamén se acorda:

Tendo en conta unha demanda presentada por D. Manuel Brea contra Manuel Rendo Otero e Francisco Rendo Espiño sobre derramo ocasionado por gando, arranxouse o asunto dunha maneira prudencial pagando estes a multa imposta para fondos sociais e o derramo ao demandante.

Actuacións diversas

En xullo de 1913 nomean para avaliar unha finca procedente de Andrés Gulias ao Síndico, ao Secretario e o Tesoureiro, Antonio Liste Bernárdez e Jacobo Pereiras, a fin de ventilar sin a formación de Tribunal Arbitral un asunto “como tantos de la vida” referente a unha pequena alteración da contribución.

Parece que a preocupación polo lume no monte era moi importante a xulgar pola severidade con que actuaban. No verán de 1917

foi admitida unha querela presentada por María Fernández viúva de Moreira contra os pais dos mozos Faustino Otero Pampín e Antonio Campos por incendio nunha cerrada de toxos propiedade da querelante quedando aplazado o arranxo para próxima sesión a fin de impoñerelles un correctivo aos incendiarios maiores de 12 anos de idade como din son estos, e anque non chegaran a esta, para ben dos mesmos había que facelo.

Conflitos non resoltos

Esta mediación con un índice de éxito altísimo, ás veces fracasaba e entón acudían a vía xudicial como sucedeu o abril 1916 despois de facer os medios posibles para avenir o pago da renta a Antonio Campos a Dna. Juana Villar Ulloa, e non cumplindo o demandado co que está prevenido déuselle paso para ser ventilado no Xulgado da Estrada.

En maio 1917 acerca da demanda presentada por Ramón Campos Espiño contra os consortes do monte de Sobre do Agro demarcación de fincas, esta directiva acordou que o demandante traia un Perito para solucionar con maior acerto sobre o terreo a cuestión obxecto da demanda.

O mesmo sucedeu en decembro de 1917 onde informa o presidente que o litixio promovido por Rafael Fernández e Antonio Liste non puido arranxarse por non chegar a unha avenencia os interesados.

8. Mulleres

Na constitución da sociedade participan un total de 26 mulleres que supoñen o 21% dos integrantes, se ben é certo que a pesares de ter un representación importante nunca participaron en ningún órgano de goberno, e tamén podemos constatar que participaban activamente nas mobilizacións, e incluso o día que recibiron o estandarte realizáronse varias intervencións, entre elas a de Pura Campos, aquela moza que tamén representou aos agrarios de Orazo na festa de Lagartóns.

Dos emigrantes en Arxentina que envían fondos para a sociedade hai 14 mulleres que supoñen en torno ao 17%, e tamén as que aportan cantidades más modestas.

9. Emigrantes

Pronto contacta co gran número de veciños que estaban emigrados en Arxentina e Cuba; así o 21 setembro 1913 dase conta que se dirixiu a Bos Aires unha carta a Manuel Marque Pereiras como presidente e outros en unión deste como vogais pedindo recursos para fondos desta sociedade.

O 20 de decembro de 1913 reciben contestación dirixida ao presidente, D. Faustino Villaverde procedente de D. Manuel Marque residente en Bos Aires, presidente da comisión xestora para recaudar fondos en beneficio de esta sociedade, manifesta ter recibido os estatutos o regulamento de sociedade e unha carta asinada por dez da directiva anterior; indica que nomeou tres comisións de cobranza e cada comisión de tres traballando con grande actividade, a cuio fin consulta a forma máis conveniente de empregar o que recauden, o que se lle contestou que era opinión unánime que xirase o que puidese e que aquí se fará un estandarte e outras melloras facendo constar a procedencia de dita cantidade, sendo moi eloxiado o rasgo de altruismo “de nuestros hermanos residentes en Buenos Aires”. Contamos cos nomes de todos os que cooperaron ao regalo do estandarte, un total de 84 persoas enviaron o importe de 543 pesos arxentinos.

José Calveiro Remesar tamén dirixiu a Cuba unha carta a D. Antonio Fernández residente en dita República, en súplica de que nomee unha comisión a fin de que poida conseguir recaudar fondos para esta sociedade; tamén xiran cartos o presidente desta Sociedade de D. José Villaverde Brea quen a iniciativa do seu irmán Faustino conseguiu recaudar fondos dos residentes na Habana, agrarios de corazón.

10. Educación

Unha preocupación constante dos agraristas era a educación; por suposto esta sociedade non foi allea a este problema e vemos como en xaneiro 1916 requiriron a D. José Mancebo Rendo para que como mestre da parroquia procurase facer dúas escolas ao día, é dicir unha pola maña e outra pola tarde, e despois de ter en conta as súas explicacións acerca deste particular ofreceuse a empezar no mes de marzo seguinte a poñer a dúas clases alternando nunha delas co seu fillo D. Plácido Mancebo.

En abril de 1917 recóllese a preocupación polo absentismo dos nenos á escola e acórdase vixiar “con celo” aos pais que non mandan aos seus fillos facéndolles incumplir con esta importante deber, exercendo a par a mesma vixiancia sobre os mestres que deixan de cumplir tal cual lles está mandado no tocante ao ensino, acondando a Federación se denuncie ao Concello a todos aqueles mestre que a “ciencia cierta” se note non teñen celo pola ensinanza a fin de que o Sr. Alcalde o poña en coñecemento da superiodade dos mesmos.

Están buscando un local adecuado. En maio de 1917, o presidente di que “por non poder ser designado un templo para local da nova escola que se intenta conseguir, designouse a casa chamada da Carnota, sita no lugar da Igrexa de Orazo, propiedade de Dna. Camila e Dna. Amparo Ulloa.

Ante a carencia de locais escolares adecuados para poñer remedio a esta situación nomeouse unha comisión composta polos señores D. Francisco Rendo González, Manuel Balboa Marque, José Calvo Brea, Victoriano Liste Otero, Juan Liste Marque, Manuel Otero Otero, Manuel Brea Carbón, e José Otero Calvo, para ter unha entrevista co alcalde D. Pedro Varela Castro o día 15 de actual ás once da mañá con fin de indagar as causas que motivaron non ter conseguido a Escola de nenas de Orazo-Loimil que con tanto interés hai tempo esta entidade ven solicitando e se lle prometeu conseguila o ano pasado.

En dous de febreiro de 1919 tamén se deixa constancia de que a directiva e o presidente honorario D. Faustino Villaverde Brea, o dia 26 de xaneiro en compañía de Celestino Álvarez Rodríguez en



José Villaverde Brea.

representación dos socios de Loimil, D. Ramiro Ulloa Villar como deputado provincial, e gran número de veciños de Orazo e Loimil transixiron as dificultades e diverxencias que mediaba entre os veciños das dúas parroquias sobre a construcción e situación da casa Escola mixta desempeñada por Maestra solicitada de nova creación para as parroquias de Orazo e Loimil cuio expediente está en Madrid esperando o turno que con seguridade tardará en resolverse favorablemente; a transacción fíxose do seguinte xeito: queda sinalado como punto fixo para a situación do local e casa vivenda da Maestra unha zona de monte situada no Agro de Abaixo chamado Barro unido ao camiño de carro que corre ao longo da muralla da chamada



Entrada lateral da casa de Vilalén.


Granxa de Dna. Camila de Dna. Amparo Ulloa, cuia zona de terreo se atopa no fondo das fincas de labradío dos herdeiros de Andrés Castro, Manuel Otero Espiño e herdeiros de Manuela Otero sendo propiedade destos mesmos con quen hai que entenderse para adquirir o terreo mencionado e se estes puxersen dificultades (que non se espera) entonces construirase dito edificio escolar ao lado oposto deste sinalado, ou sexa no monte que se atopa na cabeza das leiras relatadas contiguas a casa dos Otero.

Dito edificio será satisfeito polos de Orazo e Loimil acordándose que os veciños de Loimil representados por D. Celestino Álvarez, paguen a metade do seu importe, quedando a outra metada a cargo dos de Orazo. Designouse a D. Celestino Álvarez, D. Juan Liste Marque e D. Faustino Villaverde para a realización do plano de obra.

Ó final o terreo foi cedido en 1920 segundo consta nun documento que di así:

Digo yo Manuel Brea Camón vecino de Orzán, que regalo para la casa escuela de niñas que se intenta hacer en esta de Orzán, la calida de cuatro y medio cuartillo detenido en una figura triangular a partir del camil de entrada de la cenada que pongo junto a la cara de Ollaneta Camoto, cuya cuarto cuartillo y medio de terreno están unidos a otro retaro que para tal fin regala D^a Ramila y D^a Tempán Olliva, siendo de cuenta de los individuos que se pongan al frente de la obra hacer de nuevo el pedestal de muro que deshagan en la cenada antes de cementar la obra. Si dicho edificio no fuera para la casa escuela y se dedicase a otro fin entonces abonaría diez reis pero por cada cuartillo pero siendo para la casa escuela como digo dicho lo regalo libre y spontáneamente, y para que así conste firmo el presente en Oza go a once de Enero de 1920.

Manuel Brea



11. O ceremonial (a morte)

O ceremonial da morte foi un tema tocado en varias ocasións; a principios de 1913 designaron unha comisión de cinco persoas da sociedade, da que unha actuara de presidente, para que en caso de defuncion dalgún socio ou persoa da familia destes se encarguen de facer gratuitamente todos os encargos e servizos necesarios para enterrro e

funerais, prohibindo expresamente o disfrute de propina algunha, así como comer, beber ou armar “francachelas” na casa do defunto.

Para as defuncóns e ao obxecto de designar as Comisión que haberán de encargarse dos menesteres de entero e funerais establecéncense as seguintes agrupacións de lugares.

1. Besteiro, Castrovite e a Sobreira.
2. Barro e Igrexa.
3. Vilanova.
4. Currelo e Baldarís.
5. Bendexa e Silva.
6. Pazos, Orosa e San Luís.
7. Loimil, Sobreira, Penaporrián e Loimil do Carballo.
8. Casares de Carballas.
9. Outeiro, Iglesia e Riomao.

En febreiro de 1915 proponse que se lle entregue a cada socio unha medalla coa súa cinta negra como símbolo desta sociedade que deberán usar no acompañamento do cadáver de cada un dos socios ou familia pertenecentes aos mesmos, o que se fai efectivo en maio.

Quedan nomeados delegados colaboradores para circular avisos os seguintes individuos.

- Para o lugar de Castrovite e Besteiros, José Tato.
Para o lugar de Barro, Andrés Fernández.
Para o lugar de Orazo, Germán Gómez.
Para Vilanova, Domingo González.
Para Currelo, Manuel Otero e Otero.
Para San Luís, Orosa e Pazos, Manuel Fins.
Para Bendexa, Francisco Cortes.
Para Loimil, José Quintela.

En marzo de 1916 e a petición de D. Francisco Rendo González faise constar o necesario que é organizar a forma de acompañar ata o cimiterio desde a casa mortuoria os cadáveres, buscando unha forma de saber a hora certa para concurrir con este fin.

A isto D. José Calvo di que a hora deber prefixarse por medio da campá pois ao terminar de dar os sinais pare de tocar un instante, dando despois os campanazos correspondentes á saída do cadáver aproximadamente.

12. As relacións coa Federación

Esta asociación está íntimamente unida á Federación con sede na Estrada; xa en abril de 1913 acordan que queda en turno o vogal Jacobo Pereiras Maceira para comparecer na primeira invitación que se reciba da Federación, como delegado da Sociedade, quen levará o selo da mesma, e na primeira o entregará e dará á directiva conta do acordado.

Na xunta do 2 de agosto do mesmo ano, noméase a Pedro Varela para que como delegado por esta sociedade reprente en todos os actos a mesma nos casos que sexa necesario no local social da Federación situada na Estrada para o que seguidamente dará noticias á Xunta Directiva de todos os acordos que a Federación tome.

A vida municipal e a actividade da Federación están mezcladas; vemos que se deixa constancia do seguinte:

En cumplimento ao ordenado pola directiva da Federación das sociedades agrícolas da Estrada, ponse de manifesto aos futuros concelleiros que representen no Concello a esta sociedade o seguinte programa que deberán cumplir:

1. A formación de un reparto de Consumos en que reine a moralidade, xustiza e equidade, base de todo imposto e sobre todo a desaparición do déficit municipal imposto para a construción da Casa Consistorial.
2. A formación dunha lista en que figuren os pobres de Orazo-Loimil a fin de que poidan disfrutar da asistencia médica e medicinas gratuitamente.
3. As correspondentes reparacións dos camiños que conducen desde a igrexa de Orazo a Remesar e a do outro camiño que conduce de Orazo a Penalobeira.
4. A construción dunha fonte no lugar de Orazo por ser de gran necesidade e darse o caso incrible de que os veciños do dito lugar teñen que facer uso para o seu aproveitamento doméstico do deposito donde bebe todo o gando o que pode dar lugar ao desenvolvemento dunha enfermidade epidémica.
5. A formación de un padrón de cédulas persoais a fin de que exista equidade no pagamento das mesmas.

De todo o cal se librará copia polo secretario enviándolla ao Sr. Presidente da Federación para os efectos conseguientes.

En agosto do 1915 acordouse, segundo prevé o Regulamento da Federación, nomear aos socios D. Pedro Varela e D. Antonio de Valenzuela delegados desta sociedade para que xuntos ou separadamente a representen ante a Directiva da Federación todas as veces que sexa necesario, comunicando seguidamente todos os acordos que sexan tomados.

O reparto de consumos tamén se trataba na Federación pois o delegado en decembro de 1915 dá conta dos acordos tomados acerca do reparto de consumos do ano seguinte.

En febreiro de 1916 o presidente da Federación enviou unha carta

a esta entidade e en cumprimento da mesma nomeouse unha comisión composta polos socios D. Victoriano Liste e D. Antonio Besteiro coa fin de que o día 13 de febreiro comparezan no local da Federación por asuntos que interesan aos Agrarios.

Aos delegados nomeados para asistir ás reunións da Federación José Fernández González e Francisco Rendo González asígnanselle, para axuda das súas molestias por cada vez que teñan que asistir, dúas pesetas.

Pero en febreiro de 1916 explican que co fin de facer as economías posibles en favor desta sociedade acordouse suprimir os dous delegados encargados de recorrer o camiño da Estrada sendo substituídos gratuitamente pola Directiva e por turno segundo a sorte designe, e procedeuse oa sorteo por orde numérico resultou do modo seguinte:

- Nº 1. Manuel Castro Pardo.
- Nº 2. Manuel Pereiras Moreira.
- Nº 3. Juan Liste Marque.
- Nº 4. José Otero Calvo.
- Nº 5. Ramón Pampín Vicente.
- Nº 6. José Fenández.
- Nº 7. Ignacio Calvo.
- Nº 8. Antonio Cortes.
- Nº 9. Manuel Silva.
- Nº 10. Francisco Rendo González.
- Nº 11. José Senín.
- Nº 12. Faustino Otero.
- Nº 13. Victoriano Liste.
- Nº 14. José Calvo Brea.
- Nº 15. Manuel Quinteiro.

En agosto de 1916 nomeouse unha comisión para entrevistarse co Presidente da Federación a fin de facer o necesario que é tomar

as correspondentes medidas para que o millo non sexa vendido a un precio tan elevado.

E en setembro do mesmo ano nomean ao socio D. José Quinteiro de Loimil para desempeñar o cargo na xunta municipal no concello da Estrada, acordando tamén por orde da Federación impoñerlle unha multa segundo o delito que cometan a todos aqueles individuos que cheguen a alterar a orde en toda reunión de diversións públicas, quedando a cargo dos vixiantes establecidos para este caso anotar con certeza o nome dos alteradores do orde para dar conñecemento dos mesmos a esta directiva para o fin establecido.

A Federación tamén intervén na cobranza de consumos pertencente á Sociedade verificándoos no seu local social,

e despois dun gran debate sobre o particular chegouse a un mutuo acordo designando como cobradores ao presidente D. Faustino Otero e ao tesoureiro, D. Francisco Rendo, quen en virtude da aceptación prefixan para realizar o desempeño do seu cometido o día 12 de novembro, dando comezo non só a cota de consumo de cada un, senón tamén a contribución dos mesmos, as sete da maña deica as 4 da tarde do citado día, facéndo saber así aos correspondentes delegados para circular os avisos necesarios advertíndolle a cada contribuínte veñan provistos do últimos recibos.

O síndico Manuel González dá conta dos traballos para os que fora nomeando na anterior acta; tamén dá conta dos asuntos tratados na Federación o día 17 de xaneiro onde recordaron que o consumo debe ser cobrado nas parroquias e que ningún empregado podería desempeñar cargo algúun na Federación.

A Federación tamén se utilizaba como cauce para presentar reivindicacións como a proposta (decembro de 1916) que fixo o Síndico, D. Juan Liste Marque e que despois dun gran debate accordouse por maioria de votos dirixir unha comunicación ao presidente da Federación solicitando as grandes ventaxas que se proporcionarían aos agricultores do distrito obligando aos muiñeiros a dispoñer cada un da súa correspondente “báscola” para desta maneira entrar e sair por peso o gran e a fariña respectivamente, evitando así certos abusos que a rumbo acostuman cometerse.

Esta (abril de 1917) tamén acordou pedirlle ao Concello que se poña de acordo cos demais concellos colindantes para en unión da

Federación, pedir se active canto antes a vía férrea que por esta comarca está trazada hai xa bastante tempo.

A relación coa Federación é constante e, dalguns xeito, exerce control sobre as sociedades, polo menos sobre esta, quizás pola afinidade vemos que en maio de 1918 acordouse que o delegado da Federación acompañado do secretario desta sociedade pasen polo local da Federación o día 9 deste mes co fin de interesar os puntos importantes para ben da masa agraria e boa guía da mesma como igualmente foi nomeado José Quintela para asistir e representar a sociedade na reunión que intentan os compañeiros de Pardemarín sempre e cando a leven a cabo como é de esperar.

E en decembro nomearon aos delegados que han comparecer no local da Federación no día que esta celebre as súas sesións e sexa necesaria representación desta entidade; foron nomeados por turnos entre si D. José Fernández González, sendo elixido este só sen compañero aboándoselle a cada un deles por conta dos fondos desta sociedade dúas pesetas por cada unha das viaxes que fagan.

13. Relacións con outras asociacións

En 1913 (tendo en conta que falta unha folla e os acordos están cortados) podemos deducir que hai un conflicto entre algunha persoa da Sociedade de Oca e a de Orazo-Loimil:

El Secretario como no tiene ni voz ni voto en el Tribunal será de la misma sociedad a la que pertenece el presidente y los fallos que se dicten pasarán a los antecedentes de las Directivas.

Si este procedimiento no fuese aceptado por los compañeros de Oca puede también sujetarse cualquier cuestión al Tribunal arbitral de la Sociedad a que pertenezca el perjudicado o demandante, pero en este caso, además de poder el demando nombrar su vocal de la misma sociedad, tiene el derecho de recusar al Presidente o al Síndico y de concurrir para informar con algún socio de la otra entidad.

Si ninguna de estas proposiciones fuera aceptada y los compañeros de Oca formularen otras mejores y mereciesen aprobación, no se les regateará animados como están los de Orazo-Loimil para mantener con sus compañeros de Oca la más cordial alianza; y bajo esta base la Junta General consigna el mas vehemente saludo a aquellos agrarios deseándoles prosperidad y salud”

En xaneiro de 1914 van en representación da sociedade ao local dos compañeiros de Ancorados D. Francisco Rendo e D. Manuel Silva.

En outubro de 1916 recibiron unha comunicación do presidente honorario, D. Manuel Amigo solicitando unha comisión para tratar de asuntos agrarios no local social dos compañeiros de Oca, sendo designado ao efecto D. José Calvo Brea que manifesta que en dita reunión acordouse celebrar en dito local de Oca unha reunión de todas as sociedades agrarias de zona do Ulla ás dúas da tarde do día 5 de novembro, ordenando se levase a insignia agraria da zona do Ulla e disparando a par como sinal de boa armonía media ducia de bombas cada entidade.

14. Os seguros

Das persoas

Ante a ausencia de cobertura sanitaria da poboación e escaseza de recursos económicos da mayoría da xente das aldeas, en setembro de 1913 decidiron nomear como médico Agrario ao licenciado D. Genaro Otero Ulloa para consultar nas súas infermidades e achaques aos socios que queiran aboar cinco pesetas anualmente por todas as visitas que dentro do ano precisen, prefixándolle a dito médico como día de consulta todos os domingos á saída da misa de Orazo como punto céntrico da parroquia, en cuios días consultará tamén aos pobres de Orazo-Loimil gratuitamente e expedirá todas as certificacións de defuncións que sexan necesarias sen cobrar aos seus clientes cousa algunha por elas, así como que as operaciones serán cobradas a parte das cinco pesetas.

En decembro de 1915 acordaron dar como donativo a unha filla de Coladas da Estrada a cantidade de 5 pesetas.

En marzo de 1916 recordárselle aos arrendados do médico D. Jenaro Otero que entreguen o máis pronto posible ao colector D. Francisco Otero o importe do arrendo.

En outubro de 1916 dase conta dunha carta recibida da Federación, pola que lle reclaman 59 pesetas con 80 céntimos para sufragar os gastos ocasionados cos presos da parroquia de Souto e ordenouse ao Tesoureiro que fixese entrega da devandita cantidade a D. Pedro Varela, encargado de facelas efectivas aos seus destinatarios.

Do gando

En xaneiro de 1914 acordan respectar o Regulamento do gando reducindo o depósito do tres ao un por cento. Así mesmo adicionar ao artigo 52 o seguinte:

1º En el caso de que una res asegurada padeciese una enfermedad que a juicio del veterinario resulte incurable, se procederá a su venta abonando al dueño la diferencia entre lo que produzca y el valor de seguro. 2º adicionar al artículo 58 lo que sigue: Todo socio que tenga asegurada alguna res y se notase que procede de mala fe para burlar este Reglamento la Directiva procederá con todo rigor contra él sin admitir reclamación alguna.

Sin perjuicio de lo dispuesto en el art. 57 y con el fin de procurar la mejor marcha posible, se acuerda designar una Directiva especial para esta sección de seguros, a cuyo efecto se convoca junta general para el día 15 del mes entrante a las 10 de la mañana y con tal fin se empezará por formar una relación de todos aquellos que deseenasegurar sus reses.

En agosto de 1916 acordan enviar unha carta á Directiva da sociedade de “Ganados de Loimil” co fin de atopar unha fórmula de unir a ela a parroquia de Orazo e funcionar ambas parroquias neste asunto como se fose unha soa.

En agosto de 1917 abriuse unha subscrpción para reparar a perdida dunha vaca que lle morreu ao gran loitador agrario D. Benigno Quesadas a proposición da Federación, a cuio efecto o vogal Benito Maceira propuxo que dos fondos sociais se lle dese unha pequena gratificación, e por maioria prefixouse unha cantidade de 10 pesetas.

15. O concello

En novembro de 1914 acordan notificar por escrito ao concelleiro D. Manuel Sanlouzáns a fin de que compareza no local social o día seis do mes de decembro para que dea conta dos acordos tomados no Concello.

Tamén se acorda que José Fernández escriba a D. Pedro Varela pedíndolle datos do que contestou o Excmo. Concello á comisión encargada de velar no tocante ao municipio polos intereses dos habitantes que o componen.

O propio D. José Fernández, D. Faustino Otero, D. Antonio Besteiro e D. Pedro Varela son enviados ao Concello a solicitar a copia do reparto de consumos de parroquia pertencente a 1913.

A construción do edificio do Concello foi motivo de moitas disputas e desavenencias pola inversión que supouxo durante tantos anos. En 1915, cando xa estaba practicamente rematado, nomean unha comision de cinco individuos competentes para revisar desde o principio a construción da nova casa consistorial ata a data da súa terminación.

O imposto de consumo

Cobrar o consumo correspondente aos dous trimestres en cada unha das parroquias sen o déficit, e nos días da súa cobranza entregar respectivamente as cotas ao Recaudador e se este se opuxese ao seu cobro entoncer depositar o importe na Casa Bancaria dando conta ao Concello do ocorrido para os efectos que sexa conveniente.

Este imposto cobrábase na propia parroquia, a través da sociedade. Polo recollido nas actas vemos o desenvolvemento do proceso: primeiro faise o reparto entre os veciños e despois cóbrase. No 1915 sinalaron o día 3 de maio para cobrar durante todo o día no local de Vilalén o consumo correspondente á parroquia, nomeándose como colaboradores a D. Manuel González e D. Faustino Villaverde quen recaudaron a cota pertenecente aos dous trimestres na forma acordada.

Un mes despois, D. Faustino Otero, D. José Liste, D. Manuel Otero e D. Manuel Besteiro como individuos encargados de facer a entrega do diñeiro recaudado pola razón de consumos como na anterior acta quedou mencionado, que ao efecto se personaron ao Recaudador D. Eduardo Ulloa coa fin de entregarlle a cantidade de 1.374,05 pesetas á que alcanzaba o consumo de dous trimestres recadado na parroquia de Orazo e como queira que sexa o recadador non quixo facerse cargo da dita cantidade en tal sentir a depositaron na casa Bancaria de D. Ramiro Ulloa, según comproban co correspondente resgado, facendo constar ao Excmo. Concello o depósito de referencia.

En outubro de 1915 deuse lectura a varias demandas e a un oficio da Alcaldía da Estrada solicitando se faga o reparto de consumos desta parroquia coa maior equidade posible. O delegado tamén deu conta dos asuntos que acordou a Federación nos meses de agosto, setembro e a primeiros de outubro.

En sesión extraordinaria por non ter sido posible celebrala no día prefixado na acta anterior celebrada en xaneiro de 1916 ábrese a sesión presidida por D. Ramiro Ulloa acompañado do Presidente numerario D. Faustino Otero e toda a demais corporación en virtude do cal tomaron os acordos seguintes:

1. O presidente honorario puxo de manifesto a copia do reparto de consumos da parroquia de Orazo pertenecente a 1916 sendo ben acollido e aprobado pola Xunta Directiva, engadindo o presidente honorario que para o ano vindeiro, se é posible, faranse os repartos do municipio tomndo por base a cota de contribución de cada contribuínte.

2. Nomeouse unha comisión composta por D. Francisco Rendo e D. José Senín coa fin de que se personen na casa Consistorial da Estrada para sacar unha copia do padrón de cédulas pertencentes á parroquia de Orazo entregándoa na secretaría social, para os efectos que en xustiza esta directiva teña por conveniente.

Autorizan a D. Plácido Mancebo para cobrar a contribución e consumo de Orazo e Loimil a cuio efecto se lle deu unha carta para D. Pedro Varela a fin de que lle entregue a lista e os correspondentes recibos se podía ser para ver de facer ditos cobros.

En novembro de 1916 tratouse do reparto de consumos para o ano 1917, encargándose con tal motivo ditos recaudadores de traer do Concello a copia do que ven rexendo co fin de que sirva de base para outro que chege a realizarse nesta parroquia de Orazo.

16. Asuntos económicos

En agosto de 1917 o delegado dá conta dos acordos tomados pola Federación da forma seguinte:

A formación dunha Caixa Rural e outra chamada de aforros que prestarán unha grande utilidade ao pobo Agrario debendo por tanto

facer a correspondente propaganda a fin de que canto máis grande sexa o número de accionistas maiores resultados traerá o funcionamento das mesmas.

O mesmo se acordou que o Concello e a Federación pidan directamente a Barcelona mineral en gran escala, para desta maneira con precios más económicos poidan as sociedades do distrito equiparse de abono mineral segundo a cantidade que cada un reclame á Federación, a cuio efecto haberá que notificar con antelación o pedido.

No mes de novembro volven sobre o tema da Caixa Rural e de aforros e por maioría acordouse que a entidade de Orazo-Loimil faga unha suscripción con dez accións de vintecinco pesetas cada unha e ademais D. Faustino Otero Otero manifesta que entrará cunha accion do tipo sinalado.

En xaneiro de 1918 autorízase ao Tesoureiro D. Faustino Otero para que dos fondos sociais dea a interés duacentas cincuenta pesetas a quen as necesite e poida responder delas, e desta maneira sempre aumentarán algo os fondos sociais, que deberán ser a un interés do 5% anual.

Esta sociedade foi capaz de reunir a case totalidade dos veciños en torno a un proxecto que lle abría vías cara o progreso, a educación e a loita contra os impostos. Participou na vida da Federación, nos actos multitudinarios, contou co apoio dos emigrantes, e despois apagouse como os soños de moitos agraristas que acabaron sendo vítimas de políticos hábiles ben afincados no sistema.

Incluso esta sociedade nos seis anos que puiden valorar foi mudando, descoñezo cando se esvaeceu porque faltan moitas follas ao remate do libro, pero foi unha ilusión compartida con outras moitas parroquias que se mobilizaron para mellorar e medrar.

Anexo 1

Os socios

1. D. Antonio Valenzuela Ulloa.
2. D. Pedro Varela Castro.
3. Ignacio Calvo Santos.
4. José Senín Rey.
5. Francisco Carnoto Portela.
6. Dolores Moimenta Rey.
7. Andrés Otero Domínguez.
8. Carmen Saborido.
9. Manuel Saborido Casto.
10. Adolfo Liste Villaverde.
11. Manuel Calveiro Colmeiro.
12. Antonio Cortes Pereiras.
13. Dolores Calveiro Remesar.
- 14.-Adelaida Sanmartín Collazo.
15. Andrés Seijo Puente.
16. María Saborido Amigo.
17. José Calveiro Colmeiro.
18. José Remesar Pereiras.
19. Manuel Campos Saborido.
20. M^a Juana Espiño.
21. Antonio Campos Espiño.
22. José Hermo Carnoto.
23. Justo Campos Pesqueira.
24. José García (caseiro de Brea)
25. Manuela Espiño Martínez.
26. Bernandro Caramés Cortizo.
27. Manuel Rey Espiño.
28. Ramón Quintela Otero.
29. Andrés Otero Otero.
30. Dolores Castro Rendo.
31. Manuel Puga Gómez.
32. Lorenzo Brea Otero.
33. Jesús Rey.
34. Germán Gómez González.
35. Angel García Corral.
36. José Villaverde Brea.
37. José Villaverde González.
38. Juan Gómez Requeijo.
39. Juan Quinteiro Brey.
40. Benito Maceira Besteiro.
41. José Villaverde Pereiras.
42. Manuel Fernández.
43. Juan Liste Villaverde.
44. Balbino Domínguez Framiñán.
45. Juan Fernández Casal.
46. María Pena.
47. Marcelino Cendal Villaverde.
48. José María Louzao.
49. Eulogio Otero Villaverde.
50. Manuel Silva Portas.
51. Andrés Gulías Rendo.
52. Filomena Liste Marque.
53. José Villaverde Otero.
54. Dolores Otero García.
55. Mercedes Rey Pereiras.
56. Carmen Pampín Pereiras.
57. Ramón Moreira Fernández.
58. Juan Salvador García.
59. Domingo Villanueva Otero.
60. Manuel Pena.
61. Antonio Liste Bernárdez.
62. Manuel Orosa Mosquera.
63. José Rendo Espiño.
64. Francisco Rendo Espiño.
65. Manuel Rendo Otero.
66. Domingo González Ferández.
67. Juliana Senín Recioy.
68. Dolores Puga Espiño.
69. Rafael Fernández Torres
70. Carmen Basteiro Villaverde.
71. Jesús Moreira.
72. Manuel Calveiro Carbón.
73. José Calveiro Carbón.
74. Serafín Fernández González.
75. Manuel Castro Pardo.
76. Manuel Gómez González.

77. Manue Novoa.
 78. Benito Otero Otero.
 79. José Pereiras Bernárdez.
 80. José Torres Bernárdez.
 81. Faustino Villaverde Brea.
 82. José Liste Villanueva.
 83. Juan Liste Marque.
 84. Antonio Basteiro Villaverde.
 85. Francisco Rendo González.
 86. Casimiro Otero Otero.
 87. José Calvo Brea.
 88. Antonio Pereiro Muras.
 89. Ramón Andrade Fernández.
 90. Manuel González Fernández.
 91. Antonio Villaverde Pereiras.
 92. Severino Portela Pereiras.
 93. José Bernárdez Montoiro.
 94. Jacobo Pereiras Maceira.
 95. Ramón Fernández Torres.
 96. Manuel Fins Gómez.
 97. María Manuela Vázquez.
 98. Francisco Cortes Gómez.
 99. José Otero Villaverde.
100. Antonia Otero Calvo.
 101. Josefa Otero Otero.
 102. Ramón Pampín Vicente.
 103. Ramón Taboada Vázquez.
 104. José Espiño Caramés.
 105. Manuel Balboa.
 106. Marcelino Brey Louzao.
 107. Carmen Liste.
 108. María Calveiro Quinteiro.
 109. Rosa Orosa Ouzande.
 110. Andrea Carnoto Castro.
 111. Juan Villanueva Otero.
 112. Josefa Rendo Bernárdez.
 113. Manuela Lamas.
 114. Andrés Fernández Torres.
 115. Gervasio Gómez Carballo.
 116. Benito Requeijo Fernández.
 117. José Tato.
 118. José Quinteiro Otero.
 119. Manuel Couto.
 120. Gumersinda Pereiro Muras.
 121. Concepción Mosquera Rendo.
 122. José Fuentes Vázquez.

Admisión de socios

13 de xuño: admítese como socia a Manuela González.

19 de decembro: amén se acordou dar de alta como socio gratuito a José Fernández González en atención aos bos servizos que pode prestar á entidade, non cobrándolle por ser tamén socio o seu pai Ramón Fernández Torres en cuia compañía vive.

21 de xaneiro 1914: solicitaron e foron admitidos como socios D. Manuel Liste Villaverde, D. José Ouzande, D. Ramón Lagos e D. Laureano Cerdeiras.

22 de marzo 1914: tamén foi admitida como socia Teresa Pereiras desde o 1º de abril.

3 de marzo 1915: admítese como socio a D. José Carballedo de Loimil.

27 de abril 1915: tamén foron admitidos como socios:

Antonio Marque Pena.	Manuela González
Joaquín Matos.	José González.
Carmen Pardo de Loimil.	Benita Bernárdez.
Jesús Gómez Fondevila.	María Pereiras Cortes.
Antonia Requeijo.	María Bernárdez Casal.
José Mancebo.	Eugenio Rey Caraballeda.
Juan Rey Porto.	Jesús Blanco.
Ramón Fins.	Pilar Bascuas.
Carmen Lois.	Manuela Cacheiro.
María Lois Neira.	Agustín Bascuas Carricoba.

En xullo de 1915 deciden expoñer ao público unha relación de todos aqueles que non son socios, o que indica a capacidade de

22 de agosto 1915: quedan admitidos como socios desde o 10 de xullo:

Dolores Espiño	Fernando Calveiro.
Vicente Ramos.	Andrea Casal.
Manuela Pardo.	Manuel Bugallo
Manuel Quinteiro.	María Juana Quinteiro.

30 de xaneiro 1916: intentouse proceder á expulsión de varios socios por faltas cometidas por uns, e de cotas atrasadas por outros, pero debido a que aínda non estaban ben enterados dos artigos do regulamento prevenían acerca das expulsión por esta vez quedaron sen efecto. Pero se os morosos no pago dentro de oito días non concurren a poñerse ao corrente como os demais entonces procederase a súa expulsión segundo o que ordena o art. 39 do Regulamento.

5 febreiro 1916: tamén se fai constar que D. Victoriano Liste e D. Plácido Mancebo foron admitidos como socios con data da acta anterior pero por un esquecemento involuntario quedaron sen anotar.

2 agosto 1916: dáselles de prórroga ata o día catorce do mes entrante aos socios morosos para que en todo este lapso de tempo entreguen ao Tesoureiro as cotas que a esta entidade devenguen.

3 decembro 1916: queda admitido como socio Antonio Rey da parroquia de Loimil.

20 xaneiro 1917: quedan expulsados desta sociedade por falta de pago Pilar Bascuas Canicoba, Ramón Taboada e José Rey Gómez.

Danse de alta José Iglesias, Manuel González e Manuel Espiño e de baixa María Pereiras, Benito Requeijo e Felicísima Fernández González.

4 marzo 1917: dase de baixa á socia Josefa Fernández Carballeda e de alta José Fernández González.

3 marzo 1918: acordouse por maioría expulsar aos socios Andrés Casal, Ramón Casal e Elvira Vicente, por falta de pago das súas cotas despois de ter sido requeridos varias veces.

Aportacións económicas

1. Manuel Marque	20 pesos
2. Andrés Liste.....	15
3. Ramón Rendo.....	10
4. José Otero Calvo	10
5. José Besteiro.....	10
6. Ramón Besteiro	10
7. José Requeijo	10
8. Antonio Pereiras.....	10
9. Andrés Villaverde Marque	10
10. Serafín Rendo	10
11. Faustino Otero.....	10
12. Laurentino Liste	10
13. Eladio Pampín.....	10
14. Manuel Gómez Requeijo.....	5
15. José Calvo Brea.....	5
16. Benito Reimóndez	5
17. Manuel Gómez Calveiro	10
18. Manuel Villaverde Liste	10
19. José Marque	5
20. Juan Marque	5
21. Pedro Calvo	5
22. José Pereiras Porto	5
23. José Pereiras Moreira	10
24. Jacobo Senín.....	5
25. Gerardo González	10
26. José Espantoso.....	5
27. Manuel Otero Otero.....	10
28. Maximino González.....	10
29. Francisco Maceira.....	5
30. Hermenegildo Barreiro	5
31. José Collazo.....	5
32. José Carnoto	5
33. Pilar Senín	5
34. Francisco Villaverde Brea.....	10
35. Anuncia Rey.....	3

36. Josefa Villaverde	5
37. José Rendo	10
38. Gumersindo Rendo.....	5
39. María Carnoto	5
40. José Puga	10
41. Elvira Puga	5
42. Serafin González	5
43. Francisco Espiño Otero	10
44. Manuel Fernández	10
45. Carmen Liste	5
46. Domingo Coral.....	5
47. Filomena e Consuelo Gómez.....	5
48. Elvira Liste Carbón	5
49. Manuel Liste Carbón.....	5
50. José Senín	2
51. Balbino Domínguez	5
52. José Fins	5
53. José Pampín	3
54. José Gómez	3
55. Ramón Tato	3
56. Ramón Gómez Calveiro	5
57. Elvira Villanueva	5
58. Manuel Pena.....	5
59. Antonio Pereiras Villar	1
60. Josefa Villaverde Otero.....	5
61. Consuelo Pampín	10
62. Joaquín Sánchez	5
63. Daniel Maceira	5
64. Manuel Carballo.....	5
65. Domingo Lagos	5
66. Francisco Villaverde Pereiras.....	5
67. Pilar Castro	5
68. Antonio Marque.....	3
69. Luis López	5
70. Manuel Bugallo.....	5
71. Manuel Gómez Fernández	5
72. Gumersindo Barreiro	2
73. Manuel Villaverde Pereiras	5
74. Antonio Villaverde Pereiras.....	5
75. Andrés Rendo.....	5
76. Francisco Villaverde Ricardo.....	5
77. José Gómez	5

78. Dionisio Remesar.....	5
79. Perfecto Gómez.....	5
80. Soledad Saborido.....	1
81. Manuel Otero Cortes.....	5
82. José Otero Cortes.....	5
83. Manuel Requeijo	2
84. Eduardo Gómez.....	5

**V Xornadas do Seminario
de Estudos Locais**

Mario Blanco Fuentes
(1917-2017)

29 de setembro e 6 de outubro de 2017

V XORNADAS DO SEMINARIO DE ESTUDOS LOCAIS DA ESTRADA

MARIO BLANCO FUENTES 1917-2017
MOME A ESTRADA



29 DE SETEMBRO DE 2017

- 19,45 h.- Inauguración das Xornadas.
20,00 h.- "Mario Blanco e o seu tempo", a cargo de Juan Luis Blanco Valdés, editor e fillo de Mario Blanco.
20,40 h.- "Mario Blanco Alcalde da Estrada", a cargo de María Jesusa Fernández Bascuas, directora do Seminario de Estudos Locais.

6 DE OUTUBRO DE 2017

- 20,00 h.- "Mario Blanco na súa faceta de xurista", a cargo de Jesús Palmou Lorenzo, xurista estradense.
20,20 h.- "As fotos de Mario Blanco na Guerra Civil Española", a cargo de Juan Andrés Fernández Castro, director do Museo Reimóndez Portela.
21,00 h.- Clausura das Xornadas por José C. López Campos, Alcalde da Estrada.

Colaboran:





Mario Blanco Fuentes e o seu tempo

Juan L. Blanco Valdés
juanblv82@gmail.com

Teño para min que se existe un labor no que a obxectividade se ve seriamente comprometida é o de facer o retrato dun ser querido. A mediación do amor é o camiño seguro tanto para enmascarar os defectos como para esaxerar as virtudes, razón eterna e intemporal pola cal a mitoloxía clásica pintaba o xenio do amor como un pícaro ao que unha venda nos ollos impide ver a realidade crasa e tal como é.

Intentarei, con todo, e feita esta importante prevención, axustarme no posible aos trazos para min imprescindibles do ser humano que foi Mario Blanco Fuentes e trasladar así, cando menos, un retrato coherente, xa que imposiblemente limpo de interferencias emocionais.

En primeiro lugar, as circunstancias.

Os trinta primeiros anos da vida de Mario Blanco transcorren na época más convulsa da España e da Europa do século XX. Mario veu ao mundo no fragor da primeira Guerra Mundial. Cando se funda o partido nazi, é un meniño de tres anos. Conta seis cando Miguel Primo de Rivera instaura a ditadura e é un adolescente de catorce cando se proclama a II República Española. Con apenas vinte é mobilizado e marcha á fronte na nosa guerra Civil. Dezasete días do inicio da Segunda Guerra Mundial, Mario fará o seu vinte dous aniversario e a fin da guerra cólleo con vinte oito anos. A dura posguerra española e a ditadura franquista, aquela «longa noite de pedra» que tan lírica e terriblemente invocou Celso Emilio, desenvólvense no segmento vital de Mario que vai dos seus vinte tres aos cincuenta e oito anos.

En que medida esta cadea de acontecementos, e as súas consecuencias, modelaron a personalidade do meu biografado e de toda a súa xeración é algo que deixo á competencia dos historiadores.

Déixenme, apenas, apuntar aquí que o pouso de tanta dor, de tanto sufrimento, persoal e colectivo, é algo do que papá nunca puido, nin probablemente quixo, desfacerse. Non quero de ningunha forma entrar a ponderacións éticas nin xuízos de valor acerca de se a dureza, a adversidade e as privacións son mellores pedagoxías vitais que a riqueza, a prosperidade e a hiperabundancia. Pero sinto tamén que, comparando a capacidade de privación e sufrimento da sociedade contemporánea coa que tiveron que poñer en práctica os nosos devanceiros inmediatos, somos ananos en ombreiros de xigantes. A xeración de meu pai houbo de debuxar o seu mapa do mundo nun universo feo, hostil, en permanente reconstrucción, no que a mera supervivencia era para moita xente a absoluta prioridade. Vendo unha foto de Madrid en 1939 ou de Berlín en 1945 deixo, sinceramente, de entender o significado da palabra *crise* cando se aplica ás falcatrudas dos mercados financeiros contemporáneos. É difícil tender pontes entre o consumismo compulsivo contemporáneo e a cartilla de racionamento, que áínda conservo, coa que meu pai conseguía tabaco malo e peor café.

Viremos agora o rumbo cara ao contexto familiar de Mario Blanco, tamén en boa medida paradigmático da época. Naceu en Santa María dos Baños de Cuntis, ou o Baño como a vila era popularmente coñecida, a 18 de setembro de 1917. Dende terras do Deza, de onde era orixinario o seu avó, é dicir o meu bisavó, don Pedro Blanco de Crespo, nacido na freguesía lalinense de Donramiro en 1847, coñece en Troáns a Carmen Torres Fuentes, mestra nacional. Don Pedro, que fixera a carreira eclesiástica no seminario compostelán, aforca a sotana a piques de cantar misa para casar con dona Carmen.

Do casal, xa establecido en Cuntis, naceron cinco varóns e cinco mulleres, orixe, como ben se pode imaxinar, dunha extensísima familia. Un dos varóns, Mario Blanco Torres, meu avó, casado coa cuntiense Edelmira Fuentes Mesego, a familiar *abuela Miritas*, acadou por permuta a secretaría do xulgado de primeira instancia e instrución da Estrada e á Estrada trasládase a familia en 1926, de xeito que os dous fillos menores, dos seis que o matrimonio, tivo, Pepe e Pedro, naceron xa nesta vila.



A presidenta do Seminario de Estudos Locais da Estrada, M^a Jesusa Fernández Bascuas, e, facendo uso da palabra, Juan L. Blanco Valdés.

Por vía parental, papá e seus irmáns reciben un herdo nomeadamente marcado pola cultura en tanto elemento de dignificación social. O seu avó, Pedro Blanco de Crespo de talante abertamente republicano e liberal, tivo inquedanzas políticas e foi colaborador nos xornais liberais da época. Ademais, ensinou o latín, que el aprendera no seminario, aos fillos. De entre estes, o menor dos varóns, Roberto Blanco Torres, tío carnal de papá e meu tío avó, fixo bo o herdo recibido pois, partindo do máis estrito autodidactismo, destacou como un dos máis vibrantes xornalistas e opinadores republicanos nos anos vinte e ata o estalido da Guerra. O seu compromiso civil e a súa valentía, o que eu denominei nun libro a súa *hipertensión cívica*, valéronlle dous tiros na caluga nun *paseo* en terras arraiás de Entrimo o 2 de outubro de 1936, tras botar dous meses no cárcere de Ourense. Poeta, ademais, de inspiración metafísica e expresión clasicista, Blanco Torres foi merecente do Día das Letras Galegas en 1999.

O meu avó, Mario Blanco Torres, foi tamén home de insaciável apetito cultural, do que dá testemuño a súa biblioteca (que eu herdei indirectamente por meu pai), composta de máis de tres mil volumes.

Outro irmán maior, Germán Blanco Torres, seguiu a inclinación orixinal do pai e fíxose sacerdote, gañando o curato da freguesía de San Miguel de Lores, distrito de Meaño, no corazón das xéorxicas terras do Salnés. Contra tal vez 1928, papá marcha canda o cura e alí bota algúns anos, mesmo asistindo á escola parroquial. Supoño que detrás disto andou tanto que o bo crego gozaría da compañía do rapaz como o indisimulado afecto que Mario sentiu sempre polo seu tío Germán. De feito, teño para min que aqueles anos de infancia e primeira mocidade canda o presbítero deixaron para sempre nas emocións e aínda na conciencia relixiosa de meu pai unha pegada fondísima pois foi home de fondas conviccións relixiosas, non un beato nin sequera un practicante excesivamente regular, mais unha persoa dun catolicismo sincero.

Botando o tempo atrás, este é un asunto curioso, que vén demostrar a complexidade e a riqueza de matices da sociedade española, que, malfadadamente, o fascismo rasou en 1936 a sangue e lume. Pensemos na relación dos tres irmáns Blanco Torres máis próximos á familia (pois os outros dous varóns, Segismundo e Nuño, emigraron moi novos a Cuba e alí fixeron a súa vida): por unha parte, o poeta, político e contundente xornalista e opinador republicano e galeguista Roberto; por outra, o meu avó, politicamente adscrito á Izquierda Republicana de Casares Quiroga e membro activo da tertulia política que animaba o libreiro desta vila, don Manuel Otero Abelleira, propietario da libraría-papelaría *La Artística*, a quen eu lembro moi ben; e, no outro vértice deste fraternal triángulo, o crego Germán. No contexto sociopolítico dos anos da República, nos que, malia as esaxeracións e manipulacións posteriores do réxime, era innegable o clima do máis virulento anticlericalismo, as relacións entre os dous afoutos republicanos e o seu irmán crego de certo que deberon ter puntos de fricción. Con todo, papá lembraba que entre eles existía o máis fraternal e intenso amor e respecto. Cando asasinaron a Roberto, quen levou a nova a seu irmán, o abade de

Lores, foi papá. Chegou cas do cura na madrugada do 4 de outubro e antes do rapaz abrir a boca, o crego preguntoulle: «Quen foi, teu pai ou teu tío?».

A meu avó, Mario Blanco Torres, ademais do tremendo golpe que supuxo o asasinato do seu irmán, esperábano días de moita amargura, pois pola súa coñecida filiación política republicana foi sometido non a un senón a dous expedientes de depuración. Da relación entre o avó Mario e o seu, daquela, superior o xuíz de primeira instancia e instrucción da Estrada Fermín Bouza Brey, el mesmo tamén sometido a depuración e separación do servizo, dá cumplida conta Xesús Palomou no seu artigo «Fermín Bouza Brey, o xuíz da Estrada»¹.

Un día do verán de 1936 chegou meu tío Mundo, o irmán maior dos Blanco Fuentes, a xantar e non quería tirar a pucha da cabeza. Invitado contundentemente polo avó a facelo, retirou a boina amosando que un grupo de falanxistas o raparan ao cero, co conseguinte desgusto familiar. Mundo, ao igual que unha moza moi querida de papá, Sara, Sarita Caramés, tamén rapada ao cero, formaban nas ringleiras das Mocidades do PG e fixeran campaña a prol do estatuto de autonomía de Galicia, que fora habría unhas semanas plebiscitado (o 28 de xuño) por inmensa maioría.

Foron aqueles tempos terribles, nos que o horror cotián era permanente, con noticias diárias de torturas, tundas brutais, humillacións, fusilamentos e *paseos*, máxime en vilas tan pequenas onde todos se coñecían. Eu dei ao prelo na nosa miscelánea uns papeis mecanografiados de papá titulados *El 18 de julio en La Estrada* que renden conta minuciosa daqueles días de tanto medo e sufrimento².

En 1937, Mario Blanco Fuentes, que conta dezanove anos, é mobilizado, incorporándose inicialmente á Agrupación de Sanidade Militar na Coruña para pasar logo ao Gabinete Fotográfico do Corpo de Exército de Galicia, onde, como moi ben vai expoñer nestas xornadas Juan Andrés Fernández Castro no seu relatorio «As fotos de Mario Blanco na Guerra Civil Española», vai facer acopio dun extraordinario fondo documental fotográfico da contenda.

¹ En *Fermín Bouza Brey, xuíz e galeguista*, Deputación de Ourense, 2011.

² Juan L. Blanco Valdés: «A Estrada, 18 de xullo de 1936. Dous testemuños», *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, vol. 6 (2003).

Finalizada a guerra, en virtude dunha disposición ministerial do goberno de Franco, tras un lixeiro curso de habilitación, os bachareis superiores podían incorporarse ao maxisterio co título de mestre nacional. Isto era lóxico, pois a represión que o fascismo exercera tras o golpe no colectivo dos mestres foi dunha virulencia especial, de xeito que, laminado literalmente o corpo docente do nivel infantil, existía una perentoria necesidade de mestres. Mario Blanco era bacharel superior, estudos que cursara nos anos da República no «Colexio Libre Adoptado Inmaculada Concepción» desta vila. Con vinte e poucos anos, e sen moita perspectiva de futuro unha vez reincorporado á vida civil na Estrada, acóllese a esta posibilidade e, tras o consabido exame de habilitación, obtén o título de mestre nacional.

Marcha, entón, á escola parroquial de San Pedro de Orazo, acompañado das súas irmás Felisa e Carmiña e alí ata, creo, 1942 exerce a docencia. Alí en Orazo, está a casa forte dos Ulloa –tan emparentados con liñaxes locais como os Araújo e outros como os Otero ou os Valenzuela–, que acollerón a papá con grande afecto. Eu lembro ter visitado a casa dos Ulloa en Orazo con papá, de neno, e ter saudado a unha señora moi fina que debía ser D^a Carmen Vázquez Ulloa, nai do presbítero Vicente Cerdeiriña Vázquez-Ulloa (1944), que foi párroco de San Paio da Estrada, e actualmente é arcipreste de Lérez. Hai, por certo, un moi documentado artigo de Carlos Viscasillas sobre os Ulloa de San Pedro de Orazo na nosa miscelánea³.

Alí en Orazo tamén trabou Blanco Fuentes fonda e entrañable amizade cun home polo que profesou sempre indisimulado afecto e que acabou sendo concelleiro con el na etapa de alcalde. Ramón Brea era un home lanzal, elegante, franco e simpático, de quen eu mesmo, e seguro que meus irmáns, gardan moi grata lembranza.

Tras Orazo, Mario marcha de mestre á escola de Baloira, o edificio da cal aínda está en pé na beira da estrada a Santiago. Ía e viña todos os días en bicicleta e cobraba 333,33, é dicir, 333 pesetas con trinta e tres céntimos. Estamos nos comezos da década dos 40, os anos durísimos da primeira posguerra, algo mitigados en Galicia por

³ Carlos Viscasillas: «Los Ulloa de San Pedro de Orazo», *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, vol. 16 (2013).

non ter sido fronte de guerra e estar o tecido socioeconómico máis ou menos estruturado, podendo tirarse sempre dos recursos naturais do campo e/ou da mar.

O 7 de decembro de 1942 chegan á Estrada dende a súa Plasencia natal (na provincia de Cáceres) Luis Valdés Martín e Juana Mota García, pais dos catro irmáns Valdés Mota: María Luisa, Carmen, Concepción e Luis. Luis Valdés Martín era músico, fora director de varias bandas nas provincias de Cáceres e Salamanca, e na Estrada dirixe a Banda Municipal.

Tamén en 1942, Mario, un mozo inquedo a quen probablemente lle sabía a pouco o seu oficio de mestre, decide iniciar os estudos de Dereito na universidade compostelá, licenciándose en 1948.

Os Valdés Mota residen inicialmente na fonda de Ferrín, xusto enfronte da casa familiar dos Blanco Fuentes, na rúa Principal da Estrada. Os irmáns maiores dos Blanco Fuentes, Segismundo e Mario (que sempre estiveron especialmente unidos) non deberon tardar moito en fixarse nas irmás Valdés Mota, elegantes mozas de fermosura meridional e apenas vinte anos, que rematan por sucumbir ao galanteo e, tras varios anos de noivado, aceptan palabra de casamento.

Coa súa flamante licenciatura de Dereito, Mario traballa durante un ano e medio ou dous anos, entre 1949 e 50, como pasante no bufete coruñés de Sebastián Martínez-Risco Macías, eximio galeguista, curmán de Vicente Risco, e presidente da Real Academia Galega entre 1960-77, baixo os auspicios do cal foi instituído en 1963 o Día das Letras Galegas. No bufete de Martínez-Risco trabou amizade con outros coñecidos galeguistas do interior, como Marino Dónega, coetáneo case matemático de Mario Blanco (Dónega naceu no 16 e finouse en 2001), quen foi secretario da RAG, e o tamén avogado, escritor e xornalista Xosé Luís Franco Grande.

Os meses de pasante con Martínez-Risco –*don Bastián* como era coñecido en confianza– non fixeron máis ca apuntalar con barrena máis fonda o compromiso galeguista de Blanco Fuentes, un compromiso galeguista que tiña un alicerce familiar profundo, xermolado nas inquedanzas culturais e republicanas do seu avó Pedro e transmitido logo con determinación ao seu pai e, principalmente, ao tío

Roberto, o brillo público do cal, como celebrado poeta, influínte xornalista e político meritócrata (foi gobernador civil de Palencia), debeu encher de admiración o corazón do seu sobriño, que, malia todo, houbo de encaixar como puido as terribles consecuencias familiares do alzamento de 1936. Neste punto, está, ao meu modo de ver, unha das facianas más interesantes de Mario, non na súa dimensión persoal senón no que esta, por así dicir, forzada «hibridación emocional» ten de paradigmático na súa xeración, unha xeración que viviu os mellores anos da súa mocidade durante o clima dunha república que, probablemente sen ter suficientemente en conta o terreo que pisaba, chegou a desenvolver políticas sociais, culturais e económicas moi avanzadas que conduciron á extrema polarización dunha sociedade, en moitos respectos, de estruturas case decimonónicas. A secularización do ensino, a reforma agraria, a lei de divorcio, os estatutos de autonomía das nacionalidades históricas... eran medidas absolutamente necesarias para a modernización dun país ancorado no antigo réxime pero resultaron exasperantes para poderes fácticos –nomeadamente a Igrexa, o exército e unha dereita rupestre e carpetovetónica– empeñados en seguir deixando o país ancorado no antigo réxime. Co cataclismo do 36 estes mozos houberon de recompoñer filas e enfrentarse a unha realidade brutal, na que a propia supervivencia podía ser a prioridade. No caso de Mario Blanco, a mobilización forzosa en 1937 cólleo co sangue do seu tío Roberto aínda fresco e o expediente de depuración de seu pai aberto. Intúo que, mesmo para un mozo de vinte anos, con esa bendita irreflexivididade dos poucos anos, non debeu ser doadoo asimilar forzas emocionais tan contrarias.

Sexa como for, o virus do galeguismo estaba inoculado e actuaría para sempre, malia sometido a un permanente estado de vixilancia e sospeita. Baixo unha ditadura que liquidou ata os últimos vestixios do galeguismo, manter viva a chama da defensa dunha cultura e unha lingua converteuse nun exercicio de equilibrios inestables, cando non de diplomacias florentinas: é o que pasou a chamarse o *galeguismo interior*, do cal, creo eu, Mario Blanco –subscritor, por exemplo, da Editorial Galaxia dende a súa fundación– é paradigmático exemplo.

Unha anécdota, a este respecto, pode resultar ben ilustrativa do que digo. No seu despacho de avogado, tiña papá dous obxectos autenticamente simbólicos da súa ideoloxía galeguista: unha estatuilla polícroma de Castelao e un exemplar de *Sempre en Galiza*, creo que a segunda edición da editorial As Burgas, de Bos Aires, 1961, un libro este cuxa única posesión podía resultar moi comprometida. Pois ben, Mario Blanco exhibía ou agochaba estes símbolos nos andeis do seu despacho segundo fose a calidade do visitante. Se este era *adicto*, Castelao e o seu libro desaparecíán, non fose o demo. Se ao visitante, en troques, meu pai lle supoñía unha identificación ideolóxica co galeguismo interior, a soa exposición dos dous símbolos era interpretada como toda unha confidencial declaración de intencións.

Mencionei hai un anaco o despacho de avogado de meu pai. En efecto, licenciado en Dereito, como dixen no 48, en setembro de 1950 abre o seu bufete na casa familiar da calle principal, nesa altura xa, como non!, rúa Calvo Sotelo. Digo isto con exactitude pois o *Faro de Vigo*, de 9 de setembro dese ano 1950, cando Mario está a nove días do seu trinta e tres aniversario, dá a nova, baixo o titular: *La Estrada. Nuevo abogado*, o xornal desexa *por su capacidad profesional y sus condiciones personales muchos éxitos en su profesión*.

En xeral o exercicio da avogacía nunca foi para meu pai unha fonte segura e sistemática de ingresos, entre outras cousas porque, como moitos dos seus clientes poderían testemuñar e na miña casa familiar era público e notorio, papá cobraba ou non cobraba os seus honorarios, non en función dunhas tarifas ríxidas e un procedemento de cobro máis ou menos rigoroso, senón (o cal non deixá de resultar pintoresco), en función do poder adquisitivo do cliente ou, mesmo, da urxencia deste en pagar ou non. Dotado dun desapego notable ao culto ao diñeiro e dun carácter doce e desinteresado, Mario afastábase radicalmente da imaxe do avogado de *pueblo*, instalado na práctica de facer depender directamente o seu beneficio do enredo e prolongación dos casos que fose quen de provocar, aproveitando para iso a candidez, boa fe ou ignorancia dos seus clientes, máxime se procedían do medio rural. Lembro que, cando era posible, o seu escenario xudicial predilecto eran os actos de conciliación, que ca-

saban moi ben coa súa personalidade suave, íntegra e, precisamente, conciliadora.

Entre 1950 e 1955 desenvólvese para Mario Blanco un lustro agridoce. Unha de cal, no 52 falece seu pai, o meu avó Mario Blanco Torres, de quen xa levamos falado. E outra de area, en abril de 1955 Mario Blanco Fuentes casa con Carmen Valdés Mota, tras varios anos de noivado e gardado o correspondente loito.

Chegamos ao ano 1959. Ao verán de 1959. Durante a guerra –creo lembrar terlle oído que na fronte de Aragón– papá trabou sólida amizade con outro soldado galego, de Pontevedra, Rafael Fernández Martínez, que era fillo dun profesor da Escola Normal da capital do Lérez. Meritócrata do réxime tras a guerra, Rafael, tamén avogado, é nomeado gobernador civil de Pontevedra en 1956 e serán ata 1961, en que é designado titular do governo civil de Tarragona. Polo revolto da situación na corporación da Estrada nesa altura, con tensións entre diversos persoeiros da política local de entón, Rafael pensa en poñer orde encomendando a vara municipal a unha persoa coñecida, da súa quinta, áinda nova e dinámica (Mario ten 42 anos), con afinidades profesionais e en quen, ao cabo, debía ter confianza. Reúnense no balneario de Cuntis en xullo de 1959 e Mario pon unha condición para aceptar: non verse obrigado baixo ningún concepto nin en ningunha ocasión, en cumprimento do seu cargo público, a vestir o uniforme branco e a camisa azul de Falanxe. Ignoro como debeu sentar este pedimento a quen, pola súa condición de gobernador civil, era ademais xefe provincial do Movemento, pero supono ou intúo, por unha banda, que Rafael coñecía, claro, os antecedentes familiares do alcalde *in pectore*, e, por outra, que unha vella amizade, cocida no duro barro da fronte de guerra, proporcionaba esas marxes de confianza. Sexa como for, Rafael aceptou, Mario Blanco toma posesión o 4 de agosto de 1959, foi alcalde ata 1970 e morreu sen ter vestido xamais a *guaiabera* falanxista e a camisa azul.

Non me corresponde a min facer unha análise nin un balance da súa xestión á fronte da alcaldía, primeiro porque a miña condición impoñería serias restricións á imparcialidade pero, principalmente, porque a iso vaise dedicar o relatorio que segue, de María Jesusa Fernández Bascuas.

O 17 de maio de 1970, a menos dun ano do seu cesamento como alcalde celébrase na Estrada (eu tiña nove anos e lembro aínda con nidieza fragmentos daquela xornada) o Día das Letras Galegas, adicado ao señor de Vilancosta, na freguesía ulla de Berres, D. Marcial Valladares Núñez, que, como ben sabido é, pasa, entre outras feituras e méritos, por ser o autor da primeira novela das nosas letras, *Maxina, ou a filla espúrea*. A idea de adicar o día das nosas letras ó autor de Berres viña xa de atrás, cando menos de seis anos antes. No extenso fondo documental de meu pai, consérvanse tres cartas sobre o asunto. Unha é a do mestre natural de Taboirós residenciado en Oviedo D. Manuel Bergueiro López, escritor e correspondente da RAG –á figura do cal consagrou Olimpio Arca unha detallada monografía⁴–, quen o día 30 de maio de 1966 lle escribe ó alcalde da Estrada: «Los miembros de la Real Academia Gallega acordaron en la última sesión designar dos o tres académicos para que investiguen a qué escritor galleguista ha de dedicársele el próximo año el Día das Letras Galegas. Por este motivo, escribí a algunos amigos que integran dicha Entidad, indicándole el nombre de Marcial Valladares, el cual ha hecho, como tú sabes, una gran labor dentro de la Literatura gallega [...] Creo que todos los actos que se celebrasen no solamente redundarían en beneficio de la cultura gallega y de exaltar la figura del ilustre autor de la primera novela en nuestra lengua vernácula, sino que también serviría para poner muy alto el nombre de La Estrada».

É mester, polo tanto, atribuírlle ó Sr. Bergueiro López, o mérito de reclamar por primeira vez o galardón do Día das Letras para Valladares. A contestación do alcalde a Bergueiro, manifestándolle a súa total conformidade, é do 3 de xuño, data na que tamén lle escribe a don Bastián, Presidente da Real Academia Galega, Sebastián Martínez-Risco y Macías, de quen xa falamos abondo, entre outros, nos seguintes termos: «[...] reunir axiña o concello estradense para tomar o acordo de pedir que sexa honrada co próximo Día das Letras galegas do ano que vén, a esgrevia figura de don Marcial Valladares, dino por moitos conceutos de tal honra. Agora prégolle

⁴ *Olimpio Arca Caldas: Xente na memoria. Manuel Bergueiro López, A Estrada: Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela, 1998.*

que vostede tome tamén intrés e me diga o que nós temos que facer pra conseguilo. Se é ben que tomemos ese acordo no Concello, ou si teño que recomendar a algúm académico que nos axude. Cando menos coido que han de ver moi ben a ideia Fraguas, don Fermín Bouza, Carro, Filgueira, pois coñecen ben a Estrada e saben bastante da vida do moi ilustre fillo de Vilancosta». A proposta non caeu en saco roto, áinda que habería de aprazarse catro anos⁵.

Nos actos festivos daquel luminoso día da primavera de 1970, como é ben sabido, colocouse na alameda un monólito en lembranza do día de da figura de don Marcial e, congregada toda a corporación municipal e plenario da Real Academia Galega, tendeuse sobre o monólito a bandeira galega e entoouse o himno do país, tras o panexírico pronunciado polo patriarca Otero Pedrayo, no que fixo gala da súa contundente oratoria e das dúas proverbiais dotes retóricas. É moi emotiva a carta que, dous días despois dos actos das Letras na Estrada, o patriarca don Ramón dirixe ao alcalde. Dille: «Vai nista carta meu persoal agradezemento a tantas probas de amizade. Enxamais, penso eu, pode ser acollida millor unha sociedade literaria como a Academia galega. Para min foi a xornada máis leda e fermosa da miña vellez».

Mario Blanco cesou o 27 de febreiro de 1971. Nunha carpeta do seu fondo documental hai un cartafol rotulado *Alcaldía*, cunha folla separadora de documentos que rexistra o acontecemento con minuciosa exactitude, unha minuciosidade moi, moi propia de papá. Di: «El cese. El 27 de febrero de 1971 a las 13 horas. Fun Alcalde da Estrada 11 anos, 5 meses e 27 días».

Mario reincorporouse ao seu bufete de avogado, que tiña abandonado había case doce anos, e ao exercicio da docencia, como mestre nacional, na escola de nenos do Campo da Feira, xa desaparecida e que moitos de vós seguro que lembrades.

Nos anos seguintes, papá dedicouse, entre outras afeccións e actividades, a deixar por escrito nunha venerable máquina de escribir Olympia moitos recordos e memorias do vivido, que foron a en-

5 Todo o asunto referénciase no meu artigo «Lembranza de Marcial Valladares Núñez no centenario da súa morte», *Revista Galega do Ensino*, 39, 2003. Cfr.tamén Juan Andrés Fernández Castro, «Breve contribución á biografía do señor de Vilancosta D. Marcial Valladares Núñez», *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, vol. 6 (2003).

grosar o seu xa avultado fondo documental. Eu dei ao prelo algúns deses papeis (como os seus reveladores recordos do 18 de xullo do 36, aos que xa me referín), o epistolario cruzado con Otero Pedrayo ou os papeis dun cartafol especialmente emotivo dedicado na súa integridade ao señor Manuel, como papá lle chamaba, o noso Ken Keirades, Manuel García Barros, de Callobre, por quen Mario sentía un enorme afecto, que, me consta, era mutuo.

Mario viviu con ilusión e entusiasmo, pero tamén con aquel punto de escepticismo que tiña en todo, a época da Transición. Ficou, como todo o país, estarrecido co *tejerazo* do 23-F e o medo fíxolle recuperar a sintaxe terrible do 36 pregando aos seus fillos, literalmente, «non vos signifiquedes». Admirou, e moito, a Adolfo Suárez e logo a Felipe González, co PSOE do cal creo que chegou a sentir unha forte identificación.

Na recta final da súa intensa vida, a papá lle quedaba aínda unha alegría, que, me figuro, foi a máis grande da súa ancianidade polo que tiña de restitución pública dun inxusto esquecemento: por decisión da RAG, en 1999 se lle ía adicar o Día das Letras Galegas a Roberto Blanco Torres.

Pouco despois, en abril de 2000, o Grupo Voz, editor do xornal *La Voz de Galicia*, concedeulle a distinción Voz do Ano da Cultura, precisamente polo seu, calado durante tantos anos pero permanentemente, mantemento da memoria do seu tío Roberto. O acto de entrega dos galardóns foi no Recreo Cultural pero papá xa estaba ben malíño e non pudo asistir. Falecería pouco despois, o 21 de outubro dese ano 2000.

Coa evocación de Roberto, o querido tío Roberto, quero poñer punto final a esta evocación.

Non son amigo de balances e, como editor, sinto aversión polos capítulos de conclusións, que adoitan levar algunas obras. Nesta tarde eu dixen o que sentía e o que sinto e deixo as conclusións e os balances para quen quixer facelos. Na faceta pública, Mario Blanco Fuentes foi un produto case paradigmático do seu tempo e as súas circunstancias. Modesto, xeneroso, ponderado, sensato e amigo dos seus amigos, nunca lle pediu moito á vida, pois a ambición foi para el un sentimento descoñecido. No persoal e familiar, foi o mellor

pai que meus irmáns e eu puidemos ter imaxinado e o mellor esposo que Carmen Valdés puido ter imaxinado. Na miña idade madura, sinto que a débeda que contraín con el é cada vez maior. Pero de novo estou correndo o risco de poñerme sentimental. Prefiro deixalo aquí.



Mario Blanco Fuentes, alcalde (1959-1971)

Chus Fernández Bascuas
chusbascuas@gmail.com

Mario Blanco Fuentes toma posesión do cargo o 1 de agosto de 1959, coa parafernalia propia do momento; ao remate do acto, entre outras cousas di (a versión galega é miña):

Sería agradable que neste momento puidera falar dun proxecto de obras municipais, se ben non pudo efectualo dada a situación económica e que o seu fin primordial era sanear a facenda municipal e seguidamente acometer as obras de interés.

Naquel intre ó Concello non lle fiaban nin un lapis, e grazas ao seu traballo, recuperou o crédito para a institución municipal. E ademais arrastraba unha débeda acumulada desde había anos; para ilustrar isto vemos no Libro de Actas de Pleno como en decembro do ano 1959 elaboran o orzamento para 1960 que acada a cifra de 4.015.776 pts, cun déficit moi considerable (sobre 800.000 pts), esa é a realidade económica que lle tocou vivir que se unía a unha carencia endémica de servizos e medios.

Mario era mestre e quizás a súa actividade profesional por diferentes parroquias do rural fixoo ser coñecedor de que había que traballar para levar as infraestructuras escolares ás parroquias e á Vila. Ata ese momento as clases impartíanse en casas alugadas que non reunían condicións para este fin ó que se engadía a dificultade dos mestres para atopar un lugar onde vivir para acceder ao seu posto de traballo.

Neste período houbo unha forte aposta por mellorar os servizos educativos, iníciase un periodo de construcción de centros escolares e casas de mestres anexas nas parroquias, aproveitando as masas comúns nos lugares que xa se concentraran e contando con cesións dos veciños noutras, a grande habilidade negociadora de Mario coas altas esferas de Madrid, fixo que a Estrada se poboara deste servizo

básico. Na vila, primeiro foi a xestión municipal do colexio Libre adoptado Inmaculada Concepción e despois a construción do Instituto que a pesar de certos atrancos e falta de financiamento solventou coa súa particular diplomacia, conseguindo un crédito do Banco de Crédito que foi asinar a Madrid xunto co tesoureiro D. Manuel López Rodríguez, párroco D. Mazaira e algúns acompañantes máis.

Os problemas no acabaron aí, sacada a licitación, esta quedou deserta, ao final conseguiron atopar construtor e o resultado foi que nel se formaron moitos estradense e mozos da contorna.

No eido da cultura, Mario Blanco tamén traballou para ter unha biblioteca pública ben dotada, a actual leva o seu nome.

A gran infraestrutura desa época ou a más mediata foi sen ningunha dúbida o campo de deportes da Baiuca. Tanto os veciños como a prensa seguiron con grande interese todo o proceso que foi longo e custoso. Foi unha obra que supuxo a colaboración público-privada sen ningunha fricción, aos donativos dos particulares, entidades, sumábanse as axudas que o alcalde xestionaba e o pouco que podía aportar o Concello dos seus fondos propios, concibiuense como campo multidisciplinar; ao remate usouse para campo de fútbol, pista de atletismo e pouco máis. Sobre todo o proceso, o noso homenaxeado publicou un artigo nesta mesma miscelánea (*Achegamento á historia do campo de fútbol da Estrada e do “Deportivo Estradense”*. núm. 5 (2002), pp. 35-64).

No apartado de obras e servizos, as cousas tamén cambiaron moi-to, nos anos 60 decidiuse poñer contadores de auga nas casas e nos comercios, antes todo era estimativo, electrificouse o rural, entraron en servizo os primeiros locutorios de telefonía nas parroquias (Codeseda) e iniciáronse moitas concentracións parcelarias, que supuxeron un cambio cualitativo na vida da xente do noso rural.

O Concello asumía directa ou indirectamente moitos servizos básicos para os veciños, os médicos municipais, a beneficencia, a prevención de pragas e a recollida de lixo, adquiríndose en 1967 unha leira en Matalobos para depositalo, e que perdurou ata a creación do punto limpo. Noutros casos as prestacións personais axudaban a que o orzamento municipal chegara para más cousas, pois o arranxo

e apertura de camiños e outras infraestruturas realizábanse mediante un sistema mixto entre a administración e os veciños.

Ampliouuse e mellorouse a traída de augas, a rede de sumidoiros, as beirarrúas, nunha Estrada na que seguía habendo animais nas traseras das casas e dereito de paso de gando.

Nesa mesma etapa, anos 60, executáronse proxectos que só a implicación dos estradenses permitiron que se culminaran, poñamos como exemplo o campo de fútbol da Baiuca,

No ano 1967 numéransen as rúas, empezando pola praza de Galicia (naquel intre praza do Xeneralísimo), numerando as casas da dereita con números pares e as da esquerda con números impares, e aplícase ás seguinte rúas: Gradín, Baiuca Travesía do Muíño... e así ata 32; ándase na construción do edificio de telégrafos.

Mario era quen de involucrar aos veciños nos proxectos, de aproveitar as axudas que podía acadar do Estado, de facer máis con menos, nada lle era alleo, as tradicións, a cultura, o deporte.

Dicíanme algunhas persoas que conviviron con el nesa etapa que unha das súas principais virtudes era a de saber escutar, a tolerancia e o amor á Estrada. Sen dúbida culminou algunha obra e puxo os cementos de moitas outras.

Coa perspectiva que dá o tempo, botando unha ollada a este período podemos valorar os enormes cambios que afectaron a fisonomía, sociedade e economía do municipio.

O día 27 de febreiro de 1971, despois de case once anos exercendo de alcalde, Mario recibiu o cesamento, parece que precipitado pola súa “inadequación ás pautas marcadas”, marchou sen decir nada, non houbo declaracóns, asumiou que a súa etapa rematara, coa mesma naturalidade que levou todo o seu mandato.

Mario Blanco Fuentes entregounos aos estradenses realidades, progreso e sobre todo o seu tempo, por todo iso e por ter sido un alcalde de todos en tempos difíciles merece a gratitudde deste pobo.



Mario Blanco Fuentes, xurista

Xesús Palmou Lorenzo
xesuspalmou@gmail.com

É para min unha grande honra abordar a figura de Mario Blanco Fuentes no eido do dereito. Un amigo, un compañeiro, un xurista, pero sobre todo, un estradense exemplar. Un estradense que serviu á sociedade dende o campo da política, da pedagogía, (como mestre nacional), e da avogacía; en todos os casos con exemplar dedicación e honestidade.

A vocación xurídica veulle a Mario por herdanza. Seu pai, Mario Blanco Torres, foi secretario do xulgado de A Estrada, razón pola que traslada a súa residencia familiar dende Cuntis a esta vila. Aquí, Mario coñece e entaboa amizade co xuíz, intelectual e galeguista Fermín Bouza Brey, compañeiro do seu tío Roberto Blanco Torres no Seminario de Estudios Galegos. Esta amizade verase fortalecida ó longo do tempo, cun amplio reflexo na súa relación espistolar que se alongará ata o pasamento de Fermín no ano 1973.

Fai o bacharelato, nos cursos 1933/1937, con sobresaíntes e matrículas en, praticamente, todas as materias. Rematada a guerra, fai o curso de adaptación de bachareles a mestres de ensinanza primaria na Escuela Normal de Magisterio Primario de Pontevedra, curso 1939-1940, comenzando aí a súa andaina como mestre en diversas escolas do noso concello.

Porén, como logo se demostrará ó longo da súa vida, o mundo do dereito e da xustiza, exerce unha especial atracción sobre Mario. En 1945, despois de dous anos de prácticas no despacho do procurador estradense Manuel Villar, examínase e obten o título de Procurador dos Tribunais. Sendo Procurador en prácticas e mestre nacional na vila de A Estrada, en 1942 comeza os estudos de Dereito na Universidade de Santiago, carreira que remata no ano 1948.

Pero a inquedanza intelectual de Mario lévao a compatibilizar os estudos de Dereito con cursos de Lectorado de Portugués e Historia da Literatura na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, participando ademais nun curso de verán na Universidade de Coimbra, nos meses de xullo e agosto de 1947, tras obter unha beca do Instituto Portugués da Alta Cultura. Na concesión da beca polo Goberno Portugués, dise textualmente:

Concesión dunha bolsa global de 2500 escudos a título de premio polo seu bon aproveitamento como alumno de lectorado de portugués na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago.

Neste curso entaboa amizade con outros participantes daquel país. Cun deles chamado Matos Simões, que logo sería avogado coma el, manterá unha longa relación epistolar, na que pon de manifesto as súas coitas e incidencias no exercicio da avogacía. Desta relación, quero destacar a misiva que Matos Simões lle envía o 17 de setembro de 1947, despois do curso de Coimbra, en resposta a outra de Mario.

Di así:

Moito pracer me deu recibir a túa interesantísima carta. Interesantísima por ver nela espallarse un corazón español irmán do noso. Non en vano, naceu na Galiza, a terra onde os homes senten dunha maneira idéntica a que nos sentimos. Xa alguén afirmou que o triángulo da saudade ten un vértice afirmado na terra lusitana, outro vértice asentase na Galiza –e isto constitúe a base do triángulo– e o terceiro e último vértice está do outro lado do atlántico, no Brasil.

E a este trío da saudade hai que engadir calquera outra parcela do mundo onde estea un galego ou un portugués, pois onde iles estean ha de vivir ou tomar corpo tan peculiar sentimento.

Amigo Mario, foi precisamente a túa carta a que me suxeriu este comentario. Ela veu a confirmar mellor a impresión que persoalmente tiñas deixado entre nos. Un rastro de simpatía.

En canto a participantes doutras nacións, pasaron por aquí ceremoniosos e indiferentes. Friamente sería un termo exacto.

Como podemos ver, un xeito moi portugués de descubrir e definir un sentimento moi galego, a morriña, pero tamén a cordialidade de Mario. A morriña que, a xulgar por esta misiva, tiña experimentado e expresado Mario, tras a súa estancia no pais veciño, aquel curso de verán.



Foto de orla de Mario Blanco como licenciado en Dereito.

Pero volvamos ó mundo do dereito, á faceta xurídica e xudicial de Mario Blanco. Rematada a carreira, co título de licenciado pola Universidade de Santiago en 1948, e cunha vasta cultura en todos os campos do saber, comezará axiña a súa andaina pola práctica do dereito como avogado. No ano 1949, intégrase como pasante no despacho coruñés do prestixioso avogado, intelectual e galeguista, Sebastián Martínez-Risco, que anos despois sería presidente da Real Academia Galega. Desta relación profesional, nacerá unha amizade con permanencia no tempo.

O día 14 de novembro de 1953, coléxiase como avogado no Colexio Provincial de Pontevedra e como tal exercerá xa sempre na vila de A Estrada. A partires de aquí, o mundo do dereito e da xustiza impregna toda a actividade de Mario Blanco nos distintos campos, con especial reflexo no ámbito persoal e público. Home conciliador ante todo, o respecto á legalidade, ás normas de convivencia, e en definitiva, o seu sentido da xustiza, serán unha constante en toda a súa vida. Como avogado, promovendo a aplicación do dereito e a realización da xustiza, e no ámbito persoal e da vida pública, con escrupuloso respecto ás normas de convivencia e ó interese xeral.

Pero ademais, Mario como estudoso e coñecedor da filosofía do dereito tena moi presente no seu actuar. Entre *o ser* e *o deber ser*, no seu facer público e privado, sempre o tivo claro. O *deber ser* impregna a súa conduta. Está presente na súa actuación como xurista, avogado e servidor público. Os valores de ben, de xustiza e liberdade, inherentes ó home, están presentes, incluso no ambiente político que lle tocou vivir, no que, moitas veces, *o ser* estaba máis presente, tiña máis imperatividade, que *o deber ser*. Neste senso, quero recordar como, cando lle propoñen ser alcalde da Estrada, condiciona a súa aceptación a non ostentar a representación e xefatura local do Movimento Nacional, caso único na España da época.

Recordo unha conversa con Manolo Paz, técnico do Goberno Civil de Pontevedra e vicesecretario naquel momento, na que me dixo:

Cando Mario condicionou a aceptación do cargo de Alcalde a non vestir o uniforme do Movimento Nacional, pensei que, ademais de non ser alcalde, lle traería consecuencias; pero a imaxe e a coherencia de Mario era ben coñecida

polo Gobernador Civil, que quixo contar, para a Alcaldía da Estrada, cun home íntegro antes que cun home do Movemento.

Quero resaltar tamén a carta que con ocasión deste nomeamento lle envía o xuíz Don Fermín Bouza Brey o día 5 de agosto de 1959, por canto define con claridade a personalidade de Mario. Dille:

Hoxe en que me veñen a lembranza todos aqueles dos teus que se foron para sempre, grandes espíritos eles, chámote Marito como entón. Si eles vivisen verían no teu nomeamento de Alcalde o triunfo do ben sobre a ruindade, da honradez sobre a rapiña, do espírito sobre da materia. Despois de dar a volta a roda sobre das inmundicias, a agulla parouse no que trunfa sempre. A bondade, a lealdade, o traballo de boa lei. Deus che dea tino e sorte, que desexo de acertar e principios de bonhomía telos desde que nacices.

Posteriormente, o seu cese na alcaldía ten, sen dúbida, moito que ver cunha actuación o día das Letras Galegas de 1970. Un acto no que Mario antepón o que consideraba o seu deber coa cultura galega, co pobo da Estrada e o seu propio sentimento, á imaxe do réxime.

Eu coñecín a Mario máis tarde. Coñecino en 1978, tras a miña chegada A Estrada como inspector do entón Corpo Superior de Policía. Ambos tiñamos en común a formación xurídica e o termos estudiado a carreira por libre, compatibilizando o estudo coa actividade profesional; circunstancias estas que ocuparon máis dunha das nosas frecuentes conversas mentres, en moitos casos, tomabamos un café. Nunha das conversas, na que eu facía referencia á miña infancia e primeira xuventude no Bar Turista da rúa Nova de Santiago, propiedade dos meus pais, Mario díxome, non sen certa sorpresa: “Pero entón eu coñezo os teus pais. Teño estado moitas veces no bar”, pronunciando sen ningunha dubida, o nome de ambos, José e Asunción.

Naquelhas conversas, non faltan tampouco os temas de actualidade nin a política, nacendo así unha corrente de simpatía e amizade que permanecería no tempo ata o seu pasamento.

No ano 1980, fágolle partícipes, a el e a outro grande amigo, Paco Rubio, dunha idea que rolda pola miña cabeza: pedir a excedencia na Policía e dedicarme a avogacía. Ambos me animan con entusiasmo e Mario ofrécmeme a súa colaboración como profesional

con ampla experiencia e, ademais, os seus formularios do avogado. Uns meses máis tarde, eu xuraba como avogado ante o presidente da Audiencia Provincial de Pontevedra e Mario Blanco Fuentes era o meu padriño de toga. Dende entón, a nosa relación de amizade será tamén unha relación de compañeiros de profesión, propia entre padriño de toga e affillado.

Ao día seguinte, o meu primeiro día como avogado, Mario preséntase no meu despacho, na Praza da Farola, e faime entrega dun folio, mentres me dicía: “Leo con calma e teno presente mentres sexas avogado, axudarache”. O escrito en cuestión, que conservo e cuxa copia pasei ó meu fillo Carlos, tamén avogado, contén os mandamentos ou decálogo do avogado, obra do prestixioso avogado uruguayo Eduardo Juan Conture, que Mario tivo sempre no seu despacho, e nunca deixou de aplicar no seu bo facer profesional. A partires de aquí, Mario convértese, para min, nun referente ético no exercicio profesional. Un referente que máis tarde se ampliará tamén á miña tarefa de servidor público, de xestor público; un campo, o do servizo público, que tamén compartimos, áinda que en distintos tempos.

Mario ten sempre presente aquel refrán que di: “vale máis un mal arranxo que un bo preito”. En todas as súas actuacións, o interese do cliente e a realización da xustiza, están por enriba de todo.

En 1968 foille concedida a Cruz de Alfonso X El Sabio, como recoñecemento ó seu labor de toda unha vida dedicada á ensinanza, ó mundo da xustiza e ó servizo público, con exemplar dedicación. A partir de aí recibe centos de felicitacións de autoridades e personalidades de todos os eidos: avogados e procuradores, catedráticos da Facultade de Dereito, xuíces e maxistrados de toda Galicia. E tamén de homes da cultura e do galeguismo: Valentín Paz Andrade, Antón Fraguas, Filgueira Valverde, Sebastián Martínez Risco, Otero Pedraio e Iglesias Corral, entre outros. Con este motivo, o sábado día 25 de maio do mesmo ano, recibe unha grande homenaxe pública na Sala Gradín de A Estrada. Ao remate diste acto, o Arcipreste de Tabeirós, Don Constantino Neira, dá lectura a unha poesía que el escribe para a ocasión, que di así:

Ao bo amigo Don Mario Blanco Fuentes, avogado e alcalde presidente do concello de A Estrada, co gallo do seu ingreso na Orde de Alfonso X El Sabio.

Fidel adiantado da cultura i arte.

Cabaleiro esgrevio do ideal perfeito.

De Sancho levas o goberno reuto.

Do Quixote o esforzo en superarte.

Nada hai no mundo que che aparte.

Si pensas conquerir algún proxeuto,

Sirveche Clavileño pro efecto

Si Rocinante non pode axudarte.

Desfixeches entortos, rompiches lanzas;

Espallar ciencia i ensino tes por lei.

Xa non coides de achar outras gabanzas.

Pois o entrar no Orde D'o Sabio Rei,

Pon cume douro as túas loitas i andanzas,

Podendo berrar moi alto: Eu cheguei".

Así era Mario Blanco Fuentes.



O fondo fotográfico Mario Blanco Fuentes da Guerra Civil Española

Juan Andrés Fernández Castro
juanandresfc@yahoo.es

A Mario Blanco Fuentes (Cuntis 1917-A Estrada 2000) coma tantos outros españois da súa quinta sorprendeuno a sublevación franquista en plena idade militar de modo que con 20 anos apenas cumplidos foi incorporado ao *Cuerpo de Ejército de Galicia* e destinado inmediatamente ao seu Estado Maior. Esta unidade militar, mandada polo xeneral Antonio Aranda, entra en combate na fronte de Asturias no 1937 onde o noso Mario oe por vez primeira o zunido dos obuses fendendo o aire e as descargas de fusilería da batalla de Oviedo, un dos primeiros episodios daquela Guerra Civil que constituiu a particular contribución española á barbarie europea do século XX. Foi daquela cando o coronel xefe do Estado Maior, Fermín Gutiérrez de Soto, incorpora ao seu Gabinete Fotográfico a Mario Blanco xunto con José Longueira, Ángel Llanos, Jaime Pacheco, Faustino López e José Lombradía, aos que ocasionalmente se unía o tenente Wenzel, enxeñeiro suízo que por aquel tempo traballaba en España na instalación da rede telefónica automática. Os fotógrafos do CEG avanzan coas tropas rexistrando incansablemente coas súas cámaras os desprazamentos das unidades e os seus movementos tácticos; a fronte inimiga e o fragor da batalla, os destrozos dos bombardeos, a ruína dos outrora soberbios edificios e as rúas desertas das cidades. No Fondo Fotográfico de Mario Blanco podemos encontrar excelentes imaxes fotográficas, documentos únicos, inéditos os máis deles, aínda que cómpre recoñecer que a calidade media da maioria das imaxes acusa as condicións adversas en que foron tomadas, moitas delas no fragor do combate ou en pleno bombardeo da aviaciόn inimiga. Sen esquencer as deficientes condicións do proceso de revelado, efectuado ás veces baixo temperaturas extremas e en improvisados e non sempre limpos laboratorios de campaña.



Mario Blanco en 1937.

Cómpre recoñecer a Mario Blanco o extraordinario acerto de documentar escrupulosamente cada fotografía, constatando no seu reverso valiosísima información que nos permite contextualizar exactamente, tantos anos despois, aquelas imaxes un tanto esvaídas xa polo tempo. O soporte físico do fondo está constituido por 916 fotografías en branco e negro que na actualidade poden consultarse, xunto cos seus correspondentes textos plasmados polo autor no seu reverso, na páxina web do museo Manuel Reimóndez Portela da Estrada baixo o epígrafe *Memoria gráfica da Guerra Civil Española*.



A Estrada. Miscelánea histórica e cultural. 1998-2016. Índice de autores e títulos publicados (números 1-19)

María Carbia Vilar
mariacarbiavilar@hotmail.com

Resumo. Neste índice recóllese todos os títulos publicados nos números 1 ao 19 da *Miscelánea* seguindo unha orde alfabética de autores. Nos artigos firmados por máis dun autor a entrada repítese encabezada por cada un deles.

Estes estudos, resultado do rescate de lembranzas e vivencias, así como da investigación en diferentes campos (etnografía, historia, xeografía, artes...), achégannos ao coñecemento da Estrada, rural e urbana, das súas xentes e historias, desde múltiples perspectivas.

Abstract. This index includes all the titles published in numbers 1 to 19 of *Miscelánea*, in alphabetical order by authors. In the articles signed by more than one author, the entry is repeated and headed by each of them.

As a result of memories and experiences and the research in different fields (ethnography, history, geography, arts...), these studies bring us closer to A Estrada city council, to its people and stories from different points of view.

ALENDE CASTRO, Silvia. *Manuel Reimóndez Portela, unha home-naxe á Estrada*. Núm. 19 (2016), pp. 23-54.

— e PENAS REY, Lorena. *A figura do cronista oficial. Estudo de caso: José Docampo, corresponsal honorífico de Faro de Vigo en A Estrada*. Núm. 18 (2015), pp. 267-286.

ALLEGUE, Pilar. 2002, *ano de Frei Martín Sarmiento. Semblanza de Fr. Martín Sarmiento*. Núm. 5 (2002), pp. 247-250.

ALONSO MONTERO, Xesús. *A propósito dunha páxina inédita de Waldo Álvarez Insua, que pasou de entusiasta panexirista da poesía dae Curros Enríquez a crítico moi severo dunha boa parte dos seus poemas*. Núm. 8 (2005), pp. 7-20.

— *Seis cartas (tres inéditas) de Virxinia Pereira Renda (de Castelao) á familia de Ramón Otero Pedrayo (1948-1957)*. Núm. 15 (2012), pp. 127-150.

ALONSO-GIRÁLDEZ, José Miguel. *Xosé Neira Vilas, a gran memoria de Galicia*. Núm. 19 (2016), pp. 9-17.

- ÁLVAREZ ADRIANO, Ainhoa e LAGO SOMOZA, Vanesa. *Unha aproximación ás obras custodiadas no Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela.* Núm. 17 (2014), pp. 19-28.
- ARAÚJO, Noni. *A Estrada, pobo de acollida. Na lembranza das meninas austríacas refuxiadas no 1948.* Núm. 10 (2007), pp. 315-316.
- ARCA CALDAS, Olimpio. *Hórreos na Galicia.* Núm. 1 (1998), pp. 51-80.
- *As dúas mulleres de Castelao.* Núm. 2 (1999), pp. 9-47.
- *A Estrada, terra saudable. O sanatorio “Nuestra Señora del Carmen”.* Núm. 3 (2000), pp. 193-225.
- *Márgara. Apuntes biográficos dunha muller estradense.* Núm. 4 (2001), pp. 181-209.
- *Don Nicolás Mato Varela. Párroco de San Paio da Estrada e San Lourenzo de Ouzande.* Núm. 5 (2002), pp. 175-198.
- *Antonio Álvarez Insua. Defensor dunha Cuba española.* Núm. 6 (2003), pp. 245-261.
- *O doutor D. Manuel Reimóndez Portela, conferenciante. Xornadas Manuel Reimóndez Portela: Un médico na aldea 20 anos despois.* Núm. 15 (2012), pp. 311-314.
- ARCA CAMBA, Ana Esmeralda e ARCA CAMBA, Olimpio P. *Olimpio Arca, unha vida para o ensino.* Núm. 18 (2015), pp. 9-47.
- ARCA CAMBA, Olimpio P. e ARCA CAMBA, Ana Esmeralda. *Olimpio Arca, unha vida para o ensino.* Núm. 18 (2015), pp. 9-47.
- ARIAS, Tono e BLANCO VALDÉS, Juan Luis. *A silente quietude da pedra.* Núm. 14 (2011), pp. 83-89.
- AZURMENDI IGLESIAS, Francisco. *Capelas e santuarios do Concello da Estrada.* Núm. 6 (2003), pp. 5-25.
- e LUEIRO, Xosé. *Na outra banda do río, nun solpor azul de tarde.* Núm. 5 (2002), pp. 65-71.

- BALIÑAS FERNÁNDEZ, Carlos. *A paisaxe da Estrada*. Xornadas Manuel Reimóndez Portela: Un médico na aldea 20 anos despois. Núm. 15 (2012), pp. 315-318.
- BANDÍN ROSENDE, Pablo. *Excavación arqueológica del túmulo megalítico de Xestas (A Estrada-Pontevedra)*. Núm. 7 (2004), pp. 335-345.
- BARREIRO MOLANO, Olalla. *Proxecto de reforma de dúas pontes sobre o río Ulla: Sarandón e Pontevedra*. Núm. 12 (2009), pp. 195-201.
- A primeira guerra carlista nas terras de Taboada. *Accións militares e represalias na vila da Estrada (1835-1836)*. Núm. 16 (2013), pp. 215-237.
- e FERNÁNDEZ SANMARTÍN, Alba e FARÍAS, Ruy. *Sobrevivir ao desamparo e a morte. Entrevista a Constantino Fernández Prado*. Núm. 14 (2011), pp. 21-34.
- BARREIROS, Paloma, TABOADA, Juan e NEIRA, Henrique. *Meteoroloxía e clima nas coplas e refráns da Ulla*. Núm. 12 (2009), pp. 265-293.
- BARROS DEL VALLE, Manuel. *Sociedad Hijos del ayuntamiento de La Estrada: 100 años en Cuba*. Núm. 18 (2015), pp. 151-168.
- BÉRTOLO BALLESTEROS, José Manuel. *Pazo da Mota*. Núm. 15 (2012), pp. 283-305.
- A presenza dos Gambino no concello de A Estrada. Núm. 16 (2013), pp. 149-173.
- Os “Reimóndez Figueroa” de Castrotrío (Oca). Núm. 17 (2014), pp. 97-141.
- Pedro de Arén, arquitecto de Terra de Montes (c. 1635-1699), e a súa descendencia. Núm. 19 (2016), pp. 159-203.
- e FERRO PEGO, Luis Manuel. *Un conde de Pallares en Santa Mariña de Ribeira, A Estrada*. Núm. 12 (2009), pp. 295-314.
- e FERRO PEGO, Luis Manuel. *La «Casa de Barcia» en San Miguel de Cora (A Estrada)*. Núm. 13 (2010), pp. 119-138.
- BLANCO FUENTES, Mario. *Unha parte da historia da Biblioteca Pública Municipal de A Estrada*. Núm. 1 (1998), pp. 123-149.

- Achegamento á historia do campo de fútbol da Estrada e do “Deportivo Estradense”. Núm. 5 (2002), pp. 35-64.
- e FERNÁNDEZ CASTRO, Juan Andrés. *A translato dos restos do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez ó cemiterio de Codeseda - A Estrada*. Núm. 4 (2001), pp. 109-139.
- BLANCO VALDÉS, Juan Luis. *Mario Blanco Fuentes (1917-2000). Unha fotobiografía*. Núm. 4 (2001), pp. 23-51.
- A Estrada, 18 de xullo de 1936. *Dous testemuños*. Núm. 6 (2003), pp. 105-124.
- *Dos papeis de Manuel García Barros. En lembranza (e homenaxe) dunha amizade*. Núm. 9 (2006), pp. 25-49.
- A Estrada en panexírico. *Cincuenta anos de evocacións na prensa periódica (1949-1999)*. Núm. 11 (2008), pp. 197-207.
- *Do mar ao laboratorio. Laudatio de Manuel Sanmartín Durán*. Núm. 12 (2009), pp. 373-381.
- <http://miscelanea.aestruada.com>. *O encontro dixital coa cultura estradense*. Núm. 14 (2011), pp. 261-262.
- A Estrada. *Miscelánea Histórica e Cultural en Google Books*. Núm. 15 (2012), pp. 335-336.
- e ARIAS, Tono. *A silente quietude da pedra*. Núm. 14 (2011), pp. 83-89.
- e GARCÍA BLANCO, María José. *Manuel García Barros (1913-1969). No centenario dun docente estradense exemplar*. Núm. 16 (2013), pp. 317-332.
- BLANCO VALDÉS, Roberto L. *Dieciséis años de Parlamento de Galicia. (Balance de su producción legislativa)*. Núm. 1 (1998), pp. 169-173.
- BREA, Mercedes. *Os trobadores de Taboirós*. Núm. 2 (1999), pp. 151-155.
- e NOGUEIRA PEREIRA, M^a Xesús. *As Memorias de familia de Marcial Valladares*. Núm. 9 (2006), pp. 7-23.
- BREA FERNÁNDEZ, Carlota. *Publicidade na prensa local nos inicios do século XX. Os diarios El estradense e El emigrado*. Núm. 19 (2016), pp. 255-260.

- CABADA CASTRO, Gerardo. *Cartas dun emigrante estradense*. Núm. 7 (2004), pp. 57-79.
- CABADA CASTRO, Manuel. *Fondos bibliográficos da biblioteca do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1936)*. Núm. 3 (2000), pp. 237-308.
- *Unha compartida teima galeguista ata o final: Díaz Baliño, Casal e Cabada Vázquez*. Núm. 10 (2007), pp. 87-109.
- Novos escritos de Xosé Manuel Cabada Vázquez. Núm. 11 (2008), pp. 139-156.
- *Arturo Rivas Castro (1898-1974), un sobranceiro físico e químico de Sabucedo* (A Estrada). Núm. 14 (2011), pp. 7-20.
- *Arturo Rivas Castro, un físico de Sabucedo cortexado e controlado polos intereses bélicos e económicos dos primeiros dirixentes franquistas*. Núm. 15 (2012), pp. 151-177.
- *Misións populares xesúíticas no concello da Estrada (Pontevedra)*. Núm. 17 (2014), pp. 29-58.
- *Fragmentarios recuerdos autobiográficos para más allá de la Canda y Padornelo*. Núm. 17 (2014), pp. 149-181.
- A primeira comunicación viaria (1928) da parroquia estradense de Sabucedo. Núm. 19 (2016), pp. 55-69.
- e VICENTE MONTEAGUDO, Roi. *Minidicionario ou glosario da Rapa das bestas de Sabucedo. Un vademécum*. Núm. 18 (2015), pp. 135-149.
- CABEZA QUILES, Fernando. *Sobre o nome da Estrada*. Núm. 4 (2001), pp. 11-22.
- *Sobre o topónimo Brea*. Núm. 5 (2002), pp. 123-132.
- *En torno ó topónimo Toedo*. Núm. 6 (2003), pp. 155-161.
- O topónimo Baloira. Núm. 7 (2004), pp. 149-153.
- *Algúns topónimos da parroquia de Guimarei*. Núm. 8 (2005), pp. 21-29.
- *Algúns topónimos das parroquias da Estrada, Matalobos, Ouzande e Toedo*. Núm. 9 (2006), pp. 115-133.
- *Algúns topónimos das parroquias de Sabucedo, Liripio, Codeseda e Souto*. Núm. 10 (2007), pp. 147-156.

- *Olives, un topónimo singular.* Núm. 13 (2010), pp. 171-178.
- *As pegadas xacobeas do concello da Estrada (I).* Núm. 14 (2011), pp. 199-223.
- *As pegadas xacobeas do concello da Estrada (e II).* Núm. 15 (2012), pp. 261-281.
- *Meavía, A Estrada e outros topónimos viarios xacobeos de Taboas-Terra de Montes.* Núm. 16 (2013), pp. 107-126.
- CALO RAMOS, Nuria, LADRA FERNÁNDEZ, Xosé Lois e PEREIRAS MAGARIÑOS, Beatriz. *Estudo de materiais procedentes do Castro de Viladafonso (Olives, A Estrada, Pontevedra).* Núm. 3 (2000), pp. 9-33.
- CANOSA, María. *Serea de pedra e sal.* Núm. 14 (2011), pp. 235-238.
- CARBALLEDA SUÁREZ, Lucía. *Virxilio Viéitez Bértolo (1930-2008).* Núm. 12 (2009), pp. 133-141.
- CARBALLO ARCEO, L. Xúlio. *A agricultura en Castrovite (Orazo, A Estrada) durante a Idade do Ferro.* Núm. 1 (1998), pp. 9-25.
- CARBIA VILAR, María. *O Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”.* A institución e a exposición permanente. Núm. 7 (2004), pp. 29-56.
- CARLÍN PORTO, Isabel. *Un edificio estradense recuperado para uso cultural: el Museo Manuel Reimóndez Portela.* Núm. 5 (2002), pp. 115-121.
- *Un proyecto irrealizado de 1891. La fuente de Neptuno para la villa de A Estrada.* Núm. 6 (2003), pp. 47-55.
- CASTAÑO GARCÍA, Xosé Manuel. *A Estrada na obra gráfica de Castelao.* Núm. 1 (1998), pp. 81-115.
- *O ferrocarril de Pontevedra a Monforte.* Núm. 3 (2000), pp. 127-163.
- CASTIÑEIRA RODRÍGUEZ, Manuel. *Novas matinacións encol do topónimo A Estrada.* Núm. 5 (2002), pp. 5-18.
- *Don Xoán Manuel Fontenla García, último párroco de Ouzande.* Núm. 6 (2003), pp. 263-298.
- *A Tradición e as tradicións na freguesía de Ouzande (A Estrada-Pontevedra) nos séculos XVII, XVIII e XIX.* Núm. 7 (2004), pp. 391-448.

- *Aproximación ás expresións de fe relixiosa e prácticas de piedade dos fregueses de San Paio de Figueiroa e da Estrada nos últimos catro séculos*. Núm. 8 (2005), pp. 31-63.
- CASTRO GONZÁLEZ, Mª Milagros. *La emigración en ocho parroquias de A Estrada*. Núm. 7 (2004), pp. 155-166.
- *A Estrada, el urbanismo de una villa marcada por la emigración*. Núm. 13 (2010), pp. 257-269.
- CAXIDE DIÉGUEZ, Luis-Manuel. *Os derradeiros arrieiros de Tabeiros-Terra de Montes*. Núm. 11 (2008), pp. 13-65.
